

Concepción Arenal
Escolma de escritos

Consello
da Cultura
Galega



Ponencia de Dereito Galego

Edita

Consello da Cultura Galega

I.S.B.N.: 84-87172-90-3

Depósito Legal: VG/584-1994

CONCEPCIÓN ARENAL

ESCOLMA DE ESCRITOS

Selección e limiar de M^á José Lacalzada de Mateo
Presentación de Xosé Antonio García Caridad



CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Ponencia de Dereito Galego

PRESENTACIÓN

O Consello da Cultura Galega no seu afán de contribuír á celebración do Centenario do pasamento de Concepción Arenal, o pasado ano, quixo materializar nalgún modo esa efeméride e por iso, ademais dun ciclo de conferencias sobre esta figura galega, de destacados xuristas, que aínda hoxe concita as maiores loanzas por ser pioneira no apaixonante terreo do penitenciario, creando unha verdadeira doutrina ó fío dos seus pensamentos, sen seguir ningunha escola, daquela acordou publicar este libro no que se recollen, de forma fragmentaria, as súas principais ideas nos múltiples campos do saber que ela cultivou co talante, sinalado pola súa grande estudiosa M^a José Lacalzada de Mateo, dos filósofos filántropos da nosa cultura occidental, que sentaron a base do actual Estado Social de Dereito.

Por estar na crenza de que a algúns vailles facilita-la comprensión de moitas das teses de Concepción Arenal aquí reflectidas, quero aproveitar este prólogo para facer unha visión panorámica, a modo de flash fotográfico, da Galicia que lle tocou vivir á nosa pensadora, desde a triple perspectiva do xurídico, político e sociolóxico.

Ó nacer Concepción Arenal en Ferrol o 31 de xaneiro de 1820 e falecer en Vigo o 4 de febreiro de 1893, é claro que vive e actúa, de maneira intensísima e comprometida, na época histórica en que España loita por transformarse, dun Estado arcaico no social e dunha Monarquía absoluta no político, nun Estado moderno, democrático e de soberanía nacional ou popular. Como diría Stefan Zweig, é un período tan estelar a historia do século XIX español, que me atrevo a dicir que non se poden coñecer moitos dos problemas sociais e políticos, que hoxe nos afectan, se non se ten unha clara visión do ocorrido nese século, cos seus balbucidos e componendas, coas súas frustracións e avances, aínda que, desgraciadamente, estes últimos, moitas veces, só se conseguiron tras unha tenaz loita.

¿Como era Galicia ó nacer Concepción Arenal?

Demograficamente, por aquel entón, era un país con poboación densa e moi dispersa, cun desequilibrio entre recursos e poboación, que explica a invertebrada corrente migratoria cara a centros urbanos ou América. É o destino lóxico dunha poboación na que, como di Ramón Villares, os señores da terra, os señores dos pazos, os mosteiros e os campesiños, son os polos da estrutura social.

A poboación urbana superaba en pouco o 5% da poboación xeral, mentres que o resto era netamente rural e agrupado en 3.425 parroquias, cunhas terras que, na súa meirande parte, eran ou de señorío monástico ou episcopal ou de señorío secular.

O profesor Pegerto Saavedra puxo de manifesto que as rendas verdadeiramente importantes eran as forais, que roldaban o 75% das totais e delas a Igrexa percibía preto dos dous tercios das forais e do imposto feudal dos décimos, o que facía que aínda que a nobreza titulada fose quen máis poboación tiña baixo a súa xurisdicción, non fose a maior perceptora do excedente agrario.

A nobreza, tanto laica como eclesial, e os fidalgos (aforadores de terras a aqueles e que eles, pola súa vez, subaforaban ós campesiños con rendas moi superiores ás que eles pagaban) foi a que construíu pazos, igrexas, capelas, pagou estudos ós segundoxénitos e viviu relativamente ben, pero non investiu na terra da que extraía as súas rendas, senón que seguiu cos métodos antigos e, de aí que Galicia non se unise á revolución agraria que se iniciara en Europa a mediados do século XVIII.

A base fundamental daquela sociedade era o campesiñado, que formaba o 80% da poboación. Cargados cos foros, traballando extensións de terra cada vez máis pequenas, como consecuencia dos repartimentos hereditarios e pagando unha ampla serie de impostos, é lóxico que a súa existencia non fose grata. Os nosos poetas fanse eco desa situación e, como di Celso Emilio Ferreiro, mentres Rosalía o fai con cadencias líricas de tremor, Curros é un berro ó interpretar as tristezas do labrego, acumuladas durante séculos. O seu poema «O Maio» reflicte magnificamente esa postura.

Á parte destes grupos, hai outros non vinculados á terra, os pescadores, agrupados en Confrarías, entre os que, a partir de 1750, se encontran os cataláns emigrados a estas terras, traendo métodos que cambian a tradicional forma de pesca e técnica da salgadura.

Industrialmente, Galicia, nesa época, contaba cuns artesáns que se dedicaban a elaborar curtidos, traballa-lo ferro e facer tecidos, tanto de la coma de

liño, sobre todo na zona rural, onde se realizaba o traballo no domicilio da «fiadeira» e se convertía en tecidos polas «teceláns», sendo as mulleres as que principalmente facían estes traballos, e a súa produción comercializábase en feiras e mercados na mesma zona rural.

No terreo do xurídico, interéсанos destacar, por ser transcendente no social, que é en vida de Concepción Arenal cando se vai realiza-la supresión do antigo sistema dos señoríos xurisdiccionais, imperante ata entón en Galicia desde había moitos séculos, para non deixar subsistente máis que a xurisdicción real.

¿Que eran estas xurisdiccións e coutos particulares? As Leis de Partidas de Alfonso X o Sabio, dicían no título dedicado ó señorío e vasalaxe, que «señor es llamado propiamente, aquel que ha mandamiento o poderío sobre aquellos que viven en su tierra». Desde o punto de vista xurídico e social, era unha institución xenuinamente española, análoga ó feudalismo. Eran circunscricións perfectamente definidas territorialmente, nas que o señor exercía un certo poder e era tal a súa proliferación, que só eran de reguengo o 8% dos estados de señorío en que se dividía o Reino de Galicia. ¿Por que esta situación se mantiña cando xa en toda Europa o pensamento ilustrado preconizaba a súa reforma? Pois porque esa situación era o reflexo dunha vella racionalidade, en canto traducía a paulatina patrimonialización do poder en mans de diversos señores, o que supoñía esferas políticas autonómicas difíciles de desterrar.

Iso explica que se ben desde o inicio das sesións das Cortes de Cádiz, por medio dun Decreto do 6 de agosto de 1811, se suprimiran eses señoríos xurisdiccionais, ó vincular ese Decreto a este campo organizativo a propiedade da terra dos señoríos, a cuestión envelenouse aínda máis e, aínda que ó abolirse o réxime constitucional, co regreso de Fernando VII, por Real Cédula do 15 de setembro de 1814, mandouse reintegrar ós señores na percepción de tódalas rendas que antes gozaban, a supresión dos señoríos mantívose, cousa que tamén fixeron as Leis do 3 de maio de 1825, dictada en período constitucional, e a do 15 de agosto de 1825, que novamente aboliu ese réxime, ata que, por fin, reinando Isabel II, pola Lei do 26 de agosto de 1837, se resolveu a cuestión de forma definitiva.

O feito xa consignado de que as rendas forais en Galicia, na época de Concepción Arenal, roldase o 75% das totais, lévame a poñer de manifesto que o foro, que xa desde o século XVI viña sendo polémico, polo continuo intento dos señores de recupera-la terra para entregala en novo foro con maior renda, adquire verdadeiro carácter de loita social, cando no século XIX penetran en España os aires europeos que, ó facer predomina-lo liberalismo económico, impoñen o principio de que hai que libera-la terra das trabas feudais, para que

sexan un valor comerciable desbloqueado. Pero esta dinámica desamortizadora só se pode facer en Galicia sobre determinados bens e dereitos. E, por iso, os foros seguiron un camiño diferente. Xosé Ramón Barreiro dálle a este fenómeno unha explicación aceptable, é que o foro lle daba ó campesiñado unha certa autonomía para exercer sobre a terra uns dereitos moi próximos á propiedade, polo que aquí non se producira, coma noutras rexións de España, a proletarización do campo, é dicir, que o foro actuara como factor de seguridade económica e social.

Non obstante, é a ruptura do antigo réxime señorial de Galicia a que suscita, ó mesmo tempo, a crise desta institución foral.

Este novo e combativo ambiente, iniciado xa nas Cortes de Cádiz, non queda só en palabras, e cando se instaura en España o Estado Liberal danse as primeiras gadoupadas ós foros, comezando polos eclesiásticos. A lexislación desamortizadora iníciase coa Lei do 5 de marzo de 1836. A partir de aquí, a polémica sobre o foro acelérase, xa que vai ocorrer un suceso que catapulte ese tema do ámbito xurídico á palestra pública e é que, durante os anos 1852 e 1853, unha gran fame arrasa Galicia con caracteres apocalípticos. A noticia commove á opinión pública española, o que fai que sexa a prensa nacional a que ataquen e poñan en dúbida a estrutura económica e social de Galicia.

Os intelectuais galegos tampouco se subtraen ó tema. Colmeiro, tan próximo a Concepción Arenal, toma parte activa na polémica, a que se intenta resolver cunha concordia no Congreso que, para o efecto, convoca a Sociedade de Amigos do País de Santiago, do 25 ó 26 de xullo de 1864, pero que non se puido conseguir polo enfrontamento entre a postura redencionista, encabezada por Montero Ríos e a inmovilista, liderada por Linares Rivas. Pero unha cousa quedara clara e era que o tema se politizara, pasando a formar parte dos programas dos partidos políticos.

Para rematar, unha moi breve referencia á situación xurídico-penal nesta época; pois, por ser este o principal campo de actuación do noso personaxe e o que a fixo merecedora de respecto e admiración mundial, grande tivo que se-lo impacto que lle tivo que produci-lo vertixinoso cambio dos diversos Códigos Penais que ela veu nacer, cada un co matiz ideolóxico do Goberno que o promulgaba. E é lóxico que así fose, pois Concepción Arenal vive o momento da maior transformación que sofre España no político, e hoxe é feito perfectamente asumido que o factor sociopolítico é un dos que máis inflúen na configuración do sistema punitivo dun país.

Ningunha parcela do ordenamento xurídico é máis sensible ás variacións políticas que a penal, xa que nas leis desta orde incide, de forma máis

enérxica ca nas outras, o recoñecemento de liberdades e o exercicio dos dereitos cidadáns. Estes principios era lóxico que actuasen con maior evidencia no século XIX español, pois nel pasouse do arcaico Dereito Penal contido no *Fuero Juzgo e Partidas*, co seu aterrador panorama de pena de morte por un simple furto e pena de azoutas e despezamento, dos condenados a ela, ó noso primeiro *Código Penal* moderno, o de 1822, obra do trienio liberal durante o reinado de Fernando VII, inspirado nos principios da Constitución de Cádiz de 1812, ó que lle seguiu, despois doutro período de regresión ás Partidas a causa do réxime instaurado polos Cen Mil Fillos de San Luís, o *Código* de 1848 que, aínda que obra dun Goberno moderado, presionado polas tormentas revolucionarias europeas, as míticas revolucións de 1848, limitábase a consolidar as tímidas conquistas liberais, que volven ser proscritas, en parte, pola reforma de 1850, unha vez que remata o período liberal.

A situación era frustrante, continuo tecer e destecer, que só cesa cando triunfa a revolución de 1868 e se promulga o *Código Penal* de 1870 que, a pesar de nacer como provisional, rexeu preto de sesenta anos. Reflexo da Constitución de 1869, entre outras reformas, eliminou a especial protección penal que ata entón tivera a Relixión Católica e, por iso, a apostasía deixou de ser delito, e a blasfemia degradouse a unha simple falta.

No penitenciario, campo propio e de acción de Concepción Arenal, a transformación foi incomensurable. A nosa pensadora nace cando a impulsos da Revolución Francesa de 1789, desaparecían as prisións medievais, que perpetuaban, a través da lexislación alfonsina do século XIII, o concepto romano de que a prisión non está constituída para castigarlos culpables, senón só para gardalos reos ata que fosen xulgados. A nova filosofía substituíu as penas alicitivas pola privación dun dereito tan apreciado na mesma medida por todos, como é a liberdade; o que posibilitaba medi-la contía da pena a impoñer, pola facilidade de medir en anos, meses e días, a duración do encarceramento.

Froito desta nova mentalidade, a Real Orde do 30 de outubro de 1803, suprimira o presidio naval, ó dispoñer que ninguén podía ser condenado a galeiras, «por hallarse éstas en estado de servir». Outra Real Orde do 26 de abril de 1826, mandou que, no sucesivo, «no se destine, ni reciban en los arsenales, nuevos presidiarios, por el atraso que sufre la Marina en el percibo de sus haberes».

Extinguidos os presidios naval e de arsenal, xorde o presidio de organización militar, que subsistiu desde a Ordenanza Xeral dos Presidios do Reino, do 14 de abril de 1834, ata o ano 1903, en que comeza o chamado réxime progresivo, que xa practicara Concepción Arenal en Galicia, cando exercía na Coruña o cargo de Visitadora de Prisións, desde outubro de 1836 a novembro

de 1865, e o cargo de Inspectora de Casas de Corrección de Mulleres, desde 1868 a 1875.

Como vemos, Concepción Arenal toma parte moi activa no período no que en España se instaure o sistema presidial e xorde a chamada arquitectura penitenciaria, no que se aprecian claramente tres fases: a primeira, a da Lei do 16 de xullo de 1849, que segue o sistema de cualificación dos penados, segundo criterios de natureza da condena e idade dos reos, co traballo nos obradoiros e coa regra do silencio absoluto; a segunda, a da Lei de Bases do 11-12 de outubro de 1869, que declarou que o mellor sistema penitenciario para o noso país era o sistema mixto, ou sexa, o de separación e illamento dos penados durante as horas da noite e traballo en común durante o día; e o terceiro, que non chegou a rexer, foi o Proxecto de 1888, que se declarou partidario da arquitectura celular.

O que opinaba Concepción Arenal sobre moitas destas cuestións encontrarédelo neste libro, que, dado o seu carácter fragmentario, espero que vos axude a comprender mellor este prólogo.

Só me resta engadir que Concepción Arenal, por odia-lo delicto e compadece-lo delincuente, hai xa máis dun século, valentemente, rebatera a terrible lenda que pon Dante á porta do inferno na *Divina Comedia*: perdede toda esperanza os que entrades, para clamar ó mundo, tanxendo as súas sensibles fibras en sentimento humanitario, «non hai home caído tan baixo que non se poida levantar, ningún tan culpable a quen, se de veras se arrepite e se emenda, non digan Deus e os homes: Eu perdóote».

XOSÉ ANTONIO GARCIA CARIDAD
Coordinador da Ponencia de Dereito Galego

LIMLAR

Unha figura enigmática.

Concepción Arenal naceu en Ferrol o 31 de xaneiro de 1820, e morreu en Vigo na madrugada do 4 de febreiro de 1895. Era a primeira filla do matrimonio de don Ángel del Arenal y de la Cuesta e de dona Concepción Ponte y Tenreiro. D. Ángel del Arenal era un militar liberal constitucional que iniciara con éxito unha carreira que quedou coutada despois de que Fernando VII recuperase o trono español en 1814. D. Ángel del Arenal non alcanzou o seu ascenso a tenente coronel ata 1820, tralo pronunciamento de Riego. Ocupou cargos políticos en Galicia, durante o trienio liberal; pero, a partir de 1825 volveu sufrir persecucións e morreu en Pontedeume en 1829. A infancia da súa filla Concha, debeu quedar marcada por aquelas vicisitudes e non é estraño que desde entón quedase gravado no seu carácter o interese por respecta-la dignidade da persoa, por esclarece-las verdades, por facer triunfa-la xustiza. A súa infancia transcorreu en Galicia, así como os seus derradeiros anos, e tamén en plena madurez botou longas tempadas na Coruña apoiando a obra da Condesa de Espoz y Mina.

¿Prende en Concepción Arenal a paisaxe galega?, ¿os seus costumes?, ¿a súa xente? A sensibilidade e o respecto á dignidade das persoas foron dous caracteres moi pronunciados nela. Así que, neste sentido, ben podemos asegurar que soubo respecta-la cultura galega. Pero, as miras de Concepción Arenal non estiveron nunca postas en tendencias nacionalistas e ademais procurou a reforma intelectual e moral das persoas en función do novo paradigma que quedara aberto coa Ilustración. Como ilustrada liberal e reformista amosouse crítica con algunhas tradicións e comportamentos que non se axustasen á razón e á sensibilidade. Respectaba o pouso cultural, algúns valores tradicionais pero imprimíalles dinamismo.

Temos que ser xustos: ela non só viviu na súa terra natal, senón que tamén participou coa mesma intensidade da atmosfera cántabra, asturiana e madrileña. Ademais seguiu moi atentamente os movementos sociais e científicos que se producían noutras partes do mundo civilizado. Algo hai, ó meu

entender, moi representativo da mentalidade galega que estivo sempre presente en Concepción Arenal e é a reflexión unida á prudencia: esa capacidade para observar unha mesma cousa desde diferentes puntos de vista, para sopesalos distintos aspectos antes de se pronunciar nunha dirección determinada.

¿Fixo Concepción Arenal algo pola cultura galega? Non exactamente, pero involucrouse moi a fondo na sublime empresa de construír humanidade sen distinción de razas, sexos, linguas ou relixións. É, neste sentido, Concepción Arenal un personaxe universal, unha bandeira do humanismo, e ben satisfeitos se poden sentir disto na terra onde recibiu as súas primeiras impresións.

¿Quen foi Concepción Arenal? O nome de Concepción Arenal é por todos coñecido, pero saber cales foron as súas achegas, calibra-la dimensión das mesmas foi unha cuestión esvaecida na memoria histórica. Ó longo dos cen anos que nos separan da data da súa morte, a figura, o recordo, o escintileo de Concepción Arenal veu sufrindo unha serie de reinterpretacións que escureceron moitas das características da súa penetrante personalidade ou confundiron algunhas das finalidades con que se mobilizou no seu propio tempo histórico. Algo tivo que ver nisto a súa condición de muller, pero máis aínda o manter sempre a súa voz crítica e a vontade de espertar un xorne de persoa sensible, humanitaria, xusta e racional.

¿Un pensador solitario?... Efectivamente, é esta unha das falsas imaxes que rodearon a súa memoria histórica. Unha cousa é a independencia de criterio, outra diferente ter estudiado en soidade. Unha revisión detallada da súa vida, as súas propostas e as súas relacións humanas, revelan a unha Concepción Arenal moi ben relacionada entre a elite dos intelectuais, os políticos e os reformadores relixiosos e sociais do seu tempo. Mantivo así interesantes relacións persoais cos que vivían dentro do país e correspondencia epistolar e intercambio de traballos cos de alén das nosas fronteiras. As persoas máis significativas na vida de Concepción Arenal foron, ó meu entender: D. Ángel del Arenal y de la Cuesta, D. Manuel de la Cuesta, Fernando García Carrasco, Salustiano de Olózaga, Jesús de Monasterio, Juana de Vega condesa de Espoz y Mina, Lucas Tornos e a súa muller Pilar, Fernando de Castro, Francisco Giner de los Ríos e Gumersindo de Azcárate. Tamén mantivo niveis altos de amizade con Fermín Caballero, Pedro Armengol, Santiago Masarnau, Frederic Fliedner, José de Olózaga. Tocante ás súas relacións no estranxeiro hai que citar a Wines, Tarde, Theodore Stanton, Joséphine Butler, Isabelle de Bogelot e Caroline de Barrau.

¿Católica ortodoxa e conservadora?... Pois, precisamente, as devanditas relacións abren o campo ideolóxico de Concepción Arenal en direccións moi diversas que confesionalmente contemplan tres Igrexas: católica, protestante

e anglicana, amais dos católicos liberais. E politicamente tamén as súas amizades —refírome ás profundas, a aquelas persoas coas que levou a cabo accións significativas— distribuíronse por un variado espectro: moderados, progresistas, liberais, conservadores, republicanos e reformistas. Non foi tanto a ideoloxía política coma o xorne humano intelixente, tolerante e fraternal o denominador común dos amigos con quen Concepción Arenal conseguiu as súas mellores harmonías.

¿Unha paciente dama da caridade?... Esta foi outra das falsas imaxes coas que algúns creron protexe-la memoria de Concepción Arenal. Foi esta en realidade unha das múltiples facetas —que non a única— desenvolvidas polo noso personaxe; pero non da maneira afervoadada e pouco consciente do medio que algúns e algunhas imaxinaron cando transcorreron varios anos despois da súa morte. A mobilización da sociedade civil para asuntos de beneficencia que intentou Concepción Arenal contaba con poucos e illados precedentes en España. Era unha postura que tiña o seu modelo na Europa liberal. Por outro lado o sentido sincero de comprende-la problemática material e moral do socorrido, así como o compromiso a lle dar unha solución sen falsos consolos era daquela, e aínda o segue sendo agora, bastante progresista así como o seu respecto á conciencia relixiosa, a tolerancia e apertura ó diálogo ecuménico deberían cualificarse como revolucionarios dentro da súa época.

¿A muller apartada da vida política?... Considerábase como algo natural, eloxiable nos medios integristas e desculpable nos feministas, dada a situación que tiñan as mulleres no tempo de Concepción Arenal. E tamén resultou ser un fallo da memoria histórica, en combinación con algúns dos seus admiradores afervoados doutras épocas para os que tería sentido pexorativo semellante ousadía. Se por política entendémo-los pactos secretos, o xogo das aparencias e as dobres moralidades, o beneficio privado aínda que haxa que pasar pola agresión ó progreso do conxunto..., en efecto, Concepción Arenal estivo ben afastada desta maneira de facer política. Pero se por política entendémo-la arte de conducir ás sociedades cara ó seu ben-estar e a posibilitar unha distribución máis equitativa da riqueza, Concepción Arenal non tivo reparo ningún en traspasar este limiar.

As súas intervencións no plano político desenvolvéronse ó xeito dos restantes reformistas europeos. Preparou estudos sobre a situación das prisións, as mulleres e en xeral as capas populares. Intentou formar á opinión pública a fin de crear un clima para obter reformas nas leis. Asumiu por dúas veces un posto na Administración de prisións en conxunturas favorables ós seus amigos progresistas, con desafío total ós atrancos que lle imponía á súa condición feminina. Preparou proxectos de lei para a reforma de Beneficencia e Prisións.

¿Un gran corazón?... Por suposto que si, pero unido en harmonioso equilibrio a unha non menor intelixencia. ¿Por que concibir dicotomías onde deberían existir harmonías? Amor e Psique, par da antigüidade clásica, non son forzas excluíntes senón complementarias. Concepción Arenal tiña moi presente que Ciencia e Caridade estaban chamadas a resolver-los problemas sociais no novo estadio que apuntaba na evolución das sociedades. Entreabríase, para ela, o momento en que a caridade pasaría de «ser consolo» a «ser remedio». Por iso dedicou varios anos da súa vida a soste *La Voz de la Caridad*, revista humanitaria de caridade ilustrada e non de fervor e paixón.

Non espere o lector un lixeiro pasatempo do libro que ten nas súas mans. Concepción Arenal non é unha escritora no sentido artístico do termo. Máis cás formas preocúpalle os conceptos. Tampouco as súas obras resultan de doada lectura debido ás profundidades en que se mete e ás matizacións que imprime a calquera cuestión. ¿Como debemos definila? Concepción Arenal está no arranque das ciencias humanas e sociais contemporáneas: antropóloga, socióloga, reformadora moral, reformadora social, reformadora relixiosa e reformadora das leis, son cualificativos ben axeitados. Persoalmente fuxo doutros que trala grandilocuencia quedan baleiros de contido, como «ilustre pensadora» ou «eximia escritora».

O eixe directriz da obra de Concepción Arenal é a reforma moral. O termo adoita inducir a equívocos. Concepción Arenal foi unha moralista que entendía por moral «o coñecemento e a práctica do deber, realizado polo puro amor ó ben». Participaba dunha corrente Ilustrada liberal na que se lle supón ó ser humano unha tendencia natural para o ben, que sería insuficiente de non ir unida ó coñecemento. «A vontade pode ser firme, para o ben, —diciá Concepción Arenal— como para o mal; a conciencia *quere* o ben, pero non o *sabe*; ¡cantos males non se realizan con ela tranquila! De modo que non abonda con aquel espontáneo interior impulso que nos inclina á virtude, ó deber, á perfección, se non temos idea clara do que é a perfección, o deber e a virtude». O sentido moral natural e activo de Concepción Arenal era universal. «A moralidade dunha persoa —diciá— depende de que coñeza máis o seu deber e o practique mellor...».

Ó falarmos de reforma moral estamos aludindo a unha transformación na mentalidade, o comportamento, os costumes en sentido humanista e civil do termo. Tratábase de reconciliar á persoa coas leis da Natureza e a Razón e darlle un papel activo no seu perfeccionamento. A moral natural e universal de Concepción Arenal estaba ademais influída polo sentimento relixioso. Pero ela nunca confundiu moral e relixión e aquí radica unha das razóns polas que non foi recoñecida nos medios neocatólicos, mentres viviu.

Unha cuestión fundamental para centra-lo pensamento e as achegas de Concepción Arenal é ver como se posicionou respecto á Revolución Liberal, xa que foi este fenómeno o que vertebrou o século XIX español e esquivalo ou responder interesadamente foi unha das principais fontes de terxiversación e manipulación do seu pensamento. Concepción Arenal tivo especial interese polo triunfo da Revolución Liberal fronte ó despotismo e ó absolutismo dos tempos anteriores. Unha das súas preocupacións fundamentais foi que se establecesen as institucións políticas do liberalismo, evitando que entre o estrato civil e o político se dese unha separación. As canles que podían servir para evita-la descoordenación entrámbolos dous, fonte segura de dominación, eran as asociacións libres humanitarias xurdidas desde a sociedade civil. As alianzas da Razón e a Fraternidade estaban chamadas a couta-la cobiza dos poderosos e así mina-lo terreo ó despotismo e á escravitude.

Unha vida tramada nun contexto histórico.

Afirmamos que Concepción Arenal non foi un pensador solitario. A súa evolución ideolóxica arrinca das súas experiencias persoais e está inseparablemente circunscrita á traxectoria que seguiu en España á implantación do liberalismo. Tamén se espellan nela os pasos do reformismo europeo.

Entre 1839 e 1857 queda ben documentada unha primeira etapa de Concepción Arenal plenamente ilustrada. Confía na Razón e na Experiencia como fontes de coñecemento. Cre na permeabilidade social e son os seus medios o traballo e o talento. A diferenza cos socialistas utópicos da súa época radica en que ela non ve posible chegar a unha sociedade de iguais, pero si a emerxencia dunhas xerarquías naturais que possibiliten unha distribución máis equitativa da riqueza. Se antes non aconteceu así, Concepción Arenal atribúeo ós atrancos do despotismo e do escurantismo impostos no Antigo Réxime, pero unha vez que se están a destruí-los privilexios, pola liberdade de empresa e a chegada de novas clases mellor preparadas á vida política, todo parece cousa de deixar facer.

Concepción Arenal discorría nestes anos desde as experiencias que lle proporcionaba a súa extracción social. Pertencía a unha burguesía culta con patrimonio familiar e títulos nobiliarios que —no seu caso— promovía a tráda do liberalismo. O mundo das clases inferiores está en segundo termo á hora de escribir. O mesmo acontece coa relixiosidade. As *Fábulas morales*, publicadas en 1851 e reeditadas tres anos despois, son un bo expoñente das conviccións destes anos. Ela asistía ás conferencias dos ateneos e participaba nos parladoiros do café *El Iris*. A finais de xullo de 1855 iniciouse no xornalismo,

colaborando en *La Iberia*, o xornal progresista que dirixía Calvo Asensio. É a súa etapa de mocidade, confiada no progreso, ilustrada liberal e progresista.

A morte en 1857 de Fernando García Carrasco, o marido de Concepción Arenal, supoñerá unha profunda crise moral e de valores. Abandonará Madrid onde tiña establecida a súa residencia, para vivir, ata 1860, en afastados recunchos de Asturias e da montaña cántabra. A dolorosa experiencia da natureza humana atormentada e impotente lévaa a entende-la relixión como respecto ó misterio e resignación ante as dores inevitables. É agora tamén cando confraterniza coas clases populares, ás que alentará e, asemade, nas que atopará alento.

Unha amizade significativa nestes anos foi Jesús de Monasterio que viña de estudar música en Bruxelas. El estivera relacionado en París cos círculos de Frederic Ozanam. Concepción Arenal debeu ver nas Conferencias de San Vicente de Paúl, a posibilidade de orienta-lo sentimento católico cara á vertente evanxélica, apartándoo da resistencia política. *El visitador del pobre* tiña como principal obxectivo revela-la dimensión humana dos pobres, que os restantes libros de espiritualidade non contemplaban. Esta etapa é dunha profunda crise persoal, que resolverá volvendo á vida pública a partir de 1860.

O seu pasaporte de reincorporación ás súas actividades sociais foi a obra *La beneficencia, la filantropía, la caridad*, premiada pola Academia de Ciencias Morales y Políticas en 1860. Concepción Arenal vía apunta-la idea de caridade desde as diferentes linguaxes da humanidade: «O filósofo ve na caridade un elemento de ben-estar, o político un elemento de orde, o artista un tipo de beleza, o crente a sublime expresión da vontade de Deus. É coma a aurora, cada vivente saúdaa na súa linguaxe, pero non hai ningún que a deixe de saudar». A memoria de Concepción Arenal marcaba as directrices teóricas para unha beneficencia liberal na que se coordinasen o individuo e o Estado. «A caridade oficial fai o ben sen amor» —expoñía Concepción Arenal—, ó tempo que «a caridade privada fai o ben sen criterio». E por iso: «Ó dar á beneficencia a organización conveniente, a razón debe estar representada polo Estado, o sentimento polas asociacións filantrópicas, o instinto pola caridade individual: velaquí os tres elementos que combinados deben produci-la harmonía».

Esta nova etapa transcorrerá xunto a Salustiano de Olózaga e á condesa de Espoz y Mina. Ámbolos dous tiñan interesantes contactos nacionais e internacionais. Precisamente moitas das súas experiencias durante estes anos terán lugar en Galicia, xa que botará tempadas en Madrid e mais na Coruña, onde tiña fixada a súa residencia a condesa de Mina. Os seus salóns eran punto de reunión de intelectuais, políticos e militares liberais. Concepción Arenal formou parte daqueles faladoiros e colaborou coa condesa na traducción e difu-

sión de libros franceses. Estaban ben relacionadas nos círculos que mantiñan *Les Annales de la Charité*.

Concepción Arenal, neste tempo, estaba en plenitude de facultades. Cando chegou á Coruña para coñecer á condesa de Mina encontrou unha loita política xurdida polo protagonismo sobre os establecementos de beneficencia. A condesa de Mina, que levaba anos promovendo toda unha rede de beneficencia moderna, recibía moitas ameazas desde distintas posicións. Concepción Arenal chegou a tempo de participar no *Album de la Caridad* (1861), froito dun certame literario con fins benéficos. A poesía que alí publicou Concepción Arenal foi un acto de audacia, un misto no medio da polvoreira que existía na vida local. O argumento de «El proyectista», que así titulou a súa poesía, resultaría moi molesto para uns e moi intelixente para outros. O cadro comezaba cun descoñecido que chega á Corte cun proxecto para «dar vida a la nación» ... «dar al erario riqueza». O rei antes de tomar unha decisión chama ós seus asesores:

— «Uno es rico heredero de un mayorazgo de aldea que tuvo la gran idea de haber nacido el primero».

— «Otro recién opulento que a ser noble ya comienza porque tuvo en desvergüenza lo que le faltó en talento».

— «Era el tercer personaje sanguijuela del estado, perenne (vulgo, empleado) vehículo de su traje».

Así deixou descritos ó cacique local, ó novo rico e ó funcionario público. Tres tipos universais. Ningún dos tres tiña poder pola súa propia valía personal, senón polo azar ou polo privilexio herdado, cousa que, da forma en que o presentaba, resultaba un tanto insultante. Cada un dos tres xulgaba o proxecto desde a súa propia óptica parcial e conforme ós seus impulsos. Os tres darán visións curtas, egocéntricas... mesquiñas.

— «¡Es por Dios famoso hallazgo! que ha de hacer este ciruelo. No sabe quien fue su abuelo, dijo altivo el mayorazgo».

— «Yo que es pobre certifico, añadió el capitalista, y mucho del genio dista quien no sabe hacerse rico».

— «Y yo, exclamó el perillán don Dieguito, corroboro, ¿En la cabeza un tesoro y tan raído el gabán?»

Os así empoleirados eran restos dun limiar en esferas instintivas que resultaban ser atrancos no camiño do progreso. Contra todos eles Concepción Arenal alzou o perfil do «Home de Estado» que tiña a moralidade e o coñecemento necesarios para ser xusto:

«Os creí jueces mejores
De oírlos dijo indignado

El ilustre hombre de Estado;
Pues qué, no sabéis señores
Que al juzgar un personaje
La justicia y el talento
Olvidan su nacimiento
Y su fortuna y su traje».

Concepción Arenal participou moi activamente nun aspecto importante da reforma política: introducir na estrutura do Estado un espazo para a beneficencia. Cumpria para iso concienciar á opinión e mobilizar á sociedade civil. A Igrexa debía participar estendendo a fraternidade e afastándose da loita política, o que supoñía ceder parte do seu tradicional protagonismo. Asemade, cumpria soergue-lo nivel intelectual e moral do pobo. As prisións eran un punto de partida. Por esta razón escribiu as *Cartas a los delincuentes*, co obxecto de explica-lo código penal en función da lei natural. Facíao na prisión, lamentando que non se fixese antes nas escolas e nas parroquias. Implicouse na reforma da institución penitenciaria, en crear asociacións con sentido humanitario e chegou a ocupar cargos na administración de prisións entre 1863 e 1865, nunha conxuntura favorable a Salustiano de Olózaga e máis tarde desde novembro de 1868 ata 1873.

Os anos comprendidos entre o destronamento de Isabel II a finais do 1868 e a Restauración de Afonso XII a finais do 1874, foron moi intensos na vida de Concepción Arenal tanto a nivel emocional coma polos acontecementos políticos do país. Sufriu duros golpes na orde afectiva. Pasou xunto ó seu fillo máis vello, Fernando, a enfermidade e morte da súa primeira muller. E tamén a morte arrincou do seu lado a Fernando de Castro, co que acadara niveis de comprensión moi profundos, á condesa de Espoz y Mina e a Salustiano de Olózaga. Non todo foron perdas, porque daquela coñeceu a Gumersindo de Azcárate e máis a Francisco Giner de los Ríos, que, malia seren vinte anos máis novos ca ela, non tardaron en enche-lo círculo das súas amizades máis íntimas.

A virxinal confianza na fraternidade, o traballo e o talento dos anos anteriores foi cedendo ante a evidencia de como se imponen na sociedade o egoísmo, o privilexio e a perfidia. Non por iso deu ningún xiro ó seu pensamento. Seguía crendo que os primeiros son os valores fundamentais para o progreso das sociedades. Valores que están gravados na Natureza e que por iso irán triunfando conforme a sociedade se afaste dos estadios primitivos de barbarie e paixón. Así pois, comprendeu que a andaina era vagarosa pero que ía polo bo camiño. A esperanza é, xa que logo, a nova virtude que descubriu nesta etapa.

Os acontecementos políticos foron un catalizador para o pensamento de Concepción Arenal. Tralo pronunciamento do exército de Alcolea abriuse un período de interinidade. A España liberal deixou pasar polo goberno a progresistas, unionistas, republicanos... e a España antiliberal carlista alzouse en armas. O trono español, daquela vacante, sería ocupado por Amadeo I e despois proclamaríase a República. Apareceron tamén outras propostas de Estado, coma os intentos de cantonalismo e as mobilizacións obreiras alentadas pola Internacional.

O estoupido da guerra civil entre liberais e carlistas conmocionaría profundamente a Concepción Arenal, pola proximidade do escenario bélico e porque Ramón, o seu fillo máis novo, principiara xa a súa carreira militar formando parte do exército liberal.

O tránsito do despotismo ó liberalismo era bastante máis complicado do que parecía. Á altura de 1871 perigaba a revolución liberal tanto desde o extremo lexitimista, coma desde o obreirista da Internacional. Concepción Arenal seguía convencida das posibilidades do Estado e a economía liberal, fronte ó absolutismo e fronte ós presupostos socialistas ou colectivistas. A instrucción, as asociacións, os sindicatos e as cooperativas con espírito liberal e moderno eran os medios nos que ela cría. E por esta razón en 1871 escribiu as *Cartas a un obrero* e *Cartas a un señor*, anque estas últimas non foi quen de as publicar ata 1880. Non pretendía defende-la orde burguesa senón mediar na contenda, intentando que prosperase a vía do liberalismo reformista. Ela mesma traballou activamente para establecer en España este tipo de institucións. Foi ben significativo daqueles movementos a súa participación para introducir en España a Cruz Vermella, o apoio á «Asociación para la Enseñanza de la Mujer», ou a súa presenza na «Junta para la Reforma Penitenciaria» con Gumersindo de Azcárate e Francisco Giner de los Ríos, durante a República.

A Restauración de Afonso XII abriu un novo período no establecemento do liberalismo en España, a partir de 1875. Concepción Arenal, que mantiña a mesma actitude persoal e conviccións políticas dos anos anteriores, non chegou tampouco a acomodarse no sistema dominante. Reveladora, no que di á súa postura, foi a carta que dirixiu a Pedro Armengol en outubro de 1877 ... «Do illamento no que vivimos algunhas persoas non quero falar por non me queixar; é cousa dura, moi dura, este abandono moral e intelectual. Se vostede, cousa probable, me sobrevive, se dedica vostede algunhas palabras á miña memoria, ben poderá vostede dicir que non sentín o desvío dos gobernos nin o descoñecemento da multitude, cousas ámbalas dúas inevitables: o máis terrible é o baleiro que me fixeron moitas persoas intelixentes que parecía que debían auxiliarme. ¡Parece que intelixencia obriga!»

Concepción Arenal tiña pouca cabida na estrutura político-económica dominante. Era unha intelectual crítica. Pero as súas propostas non eran utópicas nin as defendía ela soa. Así continuou fiel a expresa-las verdades como as entendía. Durante estes anos vivirá preferentemente proxectada noutro tempo, a España do futuro, e noutro espacio, o internacional.

Na Europa liberal existían humanistas filántropos e científicos que participaban en política social. Evidenciaban á opinión as carencias e os medios para remedia-las necesidades dos sectores marxinais. O seu labor chegaba mesmo a conseguir reformas políticas e lexislativas. Concepción Arenal, membro da Societé Generale des Prisons francesa desde a súa fundación en 1877, foi tomando parte nos temas que preocupaban ós restantes reformadores europeos. Os *Estudios penitenciarios*, unha das súas obras ben recoñecidas alén das nosas fronteiras, foron publicados ese mesmo ano. Os seus respectivos informes ós congresos penitenciarios de Estocolmo (1878), Roma (1885), San Petersburgo (1890), Amberes (1892) ían destinados a unha plataforma de debate científico internacional. Tamén tiña boas relacións nos círculos do feminismo norteamericano de Elisabeth Cady Stanton. O seu fillo, Theodore Stanton, pediulle un informe sobre a situación da muller española para o seu compendio *The woman question in Europe*, publicado en 1884.

Adoita haber certo escrúpulo en sinala-los fracasos dos personaxes a quen concedemos importancia. Mal se axeita á verdade obxectiva a maneira triunfalista de facer historia, pois a realidade componse de luces e sombras. Persoalmente creo que un bo camiño para clarexala achegas de Concepción Arenal é reparar nas súas obras frustradas. Unha das máis salientables foi o intento de promover en España unha «Asociación protectora del trabajo de la mujer». Non sería esta unha asociación illada porque tiña mentes de que formara parte da «Federación Abolicionista Continental» constituída en 1875. A promotora fora Joséphine Butler, casada cun pastor da Igrexa anglicana. Ela fundou unha Asociación en Inglaterra en 1869 co obxecto de aboli-la regulamentación da prostitución por parte do Estado, proponendo a cambio a instrucción, moralización e revalorización do traballo das mulleres de clases inferiores. A Federación estendeuse por Europa suscitando numerosos esforzos reformistas. A convocatoria anual dun Congreso polos diferentes países foi un importante nexo de unión e compromiso entre os federados.

Á altura de 1880 Concepción Arenal explicaba a Joséphine Butler nunha sentida carta, que non podía participar no Congreso convocado ese ano en Génes pola Federación. En todo caso podería representar á España do porvir, pero naquel momento os partidarios da reforma parecían obreiros colocando os ali-

cerces debaixo do mar. Sen embargo, ela ben se sentía en comunión con todos aqueles compatriotas da «Grande patrie».

Con todo, Concepción Arenal seguía pensando para a realidade española. O Estado liberal amosaba as súas debilidades. A proclamada liberdade de concorrencia non contribuía na práctica a estende-la riqueza senón a reforza-la liberdade do país máis forte. Asegurar a tódolos cidadáns os medios indispensables de instrucción e traballo para valerse de seu era un deber da sociedade, e xa que non se conseguía apelando só a liberdade dos cidadáns, o Estado como representante dunha parte de soberanía delegada debía favorecelo. Moitos cualificaron de socialismo este paso do Estado liberal ó intervencionista.

Concepción Arenal, fiel á dinámica dos seus principios ilustrados, traballou arreo naqueles anos para conseguí-la devandita transición. As persoas coas que mellor se identificaba nesta empresa foron Francisco Giner de los Ríos e mais Gumersindo de Azcárate. A «Comisión de Reformas Sociales» que presidira Azcárate constitúe un bo testemuño destas actividades reformadoras. Seguía a mesma tendencia reformista dos liberais que pretendían chegar, mediante a liberdade, á igualdade. *La instrucción del pueblo* foi un bo expoñente destas conviccións. A *Memoria sobre la igualdad* e *El pauperismo* foron libros coidados e densos que recollían anos de profundas observacións e reflexións, e nos que, como era habitual nela, espellábase o seu coñecemento das realidades exteriores

Ó comeza-la década dos 90 a vida de Concepción Arenal entraba na súa recta final. Daquela cambiara a súa residencia de Xixón a Pontevedra, a onde acababa de ser trasladado Fernando, o seu fillo máis vello. Ó ano seguinte conseguiu Fernando ocupa-la vacante de Enxeñeiro do Porto de Vigo, para o que pediu axuda a Giner de los Ríos. Esta sería a derradeira residencia de Concepción Arenal. Ela seguía preocupada por tódalas cuestións ás que prestaba atención. Así participou no Congreso Pedagóxico Hispano-Portugués de 1892 con dous traballos, un sobre a instrucción do obreiro, outro sobre a educación da muller. Tamén escribiu *El delito colectivo* pensado para o Congreso de Antropoloxía Criminal de Bruxelas. Era unha chamada á esperanza e ó entendemento entre as clases sociais.

Concepción Arenal, que seguía preocupada pola consolidación das vías necesarias para a reforma social, saíu a pública polémica desde *La España moderna* contra ás declaracións de Castelar no círculo «La Unión Mercantil» de Bilbao. O antigo liberal progresista, a quen Concepción Arenal vía con bos ollos á altura da Revolución de 1868, acabou por se posicionar no liberalismo individualista e conservador. Ela rebateulle varios sofismas en nome da liber-

dade e manifestou a súa filiación política. Estaba entre os que «non queremos *despotismo arriba e servidume abaixo*, non somos nin individualistas, nin socialistas, somos sociabilistas, quer dicir persoas que desexan unha sociedade que pola súa humanidade e a súa xustiza se forme de individuos *sociables*, que non a acusen nin a odien con razón, e non dos que foron cualificados de *salvaxes da civilización*, salvaxismo que unhas veces se disfraza de orde e outras de liberdade».

Seguía ben comunicada na «Grande patrie». *El visitador del preso* publicouse antes en Francia ca en España. Monsieur de Bogelot fixo a traducción ó francés. Isabelle de Bogelot, a súa dona, era daquela directora de *L'Œuvre des Libérés de Saint Lazare*. Tratábase dunha asociación para a visita e reinserción social das mulleres da prisión de Saint Lazare de París. L'Œuvre correu cos gastos da edición e Concepción Arenal cedeu os dereitos de autor no seu beneficio.

Concepción Arenal mantivo a súa actividade ata o final. Segundo explicaba Santiago García Arenal a Jesús de Monasterio: «Mi buena madre murió como había vivido, pensando hasta el último momento en los demás; preocupándola mucho más que su mortal dolencia, la ligera indisposición de un nieto que estaba malo al mismo tiempo». E engadía: «Sintiendo mucho que se le acabase la vida sin poder terminar con la revisión y corrección de sus obras, que había empezado hace poco, y dándonos a todos ejemplo de fortaleza, resignación y paciencia».

Durante a noite do 3 ó 4 de febreiro de 1895 en Vigo, a súa existencia pasou a outra dimensión deixando detrás dela un legado de humanismo.

Os criterios seguidos para esta escolma.

Nos últimos anos fixéronse varias e interesantes seleccións de textos que contribuíron a manter viva a memoria de Concepción Arenal¹. Esta vez trátase de preparar un ideario representativo do seu espírito, intencións e obra para ser traducida por primeira vez á lingua galega. Constitúe toda unha homenaxe entrañable, agora, ós cen anos do seu pasamento.

Un ideario resulta ser sempre unha imaxe impresionista. Pode acontecer-lo mesmo que acontece coa pintura. Se os trazos están dados por un artista suxiren a atmosfera e as harmonías; se non, tal vez lixen a atención en aspectos pouco relevantes ou trastornen o equilibrio interno da realidade. É inevitable que un libro destas características pase pola peneira de quen fai a escolma. É para min unha responsabilidade co presente non defraudala confianza que se depositou no meu criterio, e un compromiso romántico co personaxe

non manipula-lo seu pensamento. Ámbalas cousas están na base dun elemental rigor científico.

Despois de levar convivindo oito anos co pensamento de Concepción Arenal en particular e máis en xeral coas ideoloxías principais que constituían os horizontes mentais do século XIX español, sei moi ben que intentar achegarse a Concepción Arenal sen coñece-lo contexto histórico en que viviu, para o que escribiu e no que actuou, pode perder ó lector nun labirinto ó lle facer concibir ideas parciais. Eu non quixera que sucedese o primeiro nin o segundo, ata onde estea na miña man evitalo. Pois vexo en Concepción Arenal a un deses filósofos filántropos que lograron penetrar nas leis da Natureza e da Razón, polo que as súas propostas teñen un sentido universal.

Así pois, é a miña obriga facer públicos os criterios seguidos na presente selección:

Pretendín dar unha imaxe global que, sen ser prolixa, suxira as liñas fundamentais do pensamento de Concepción Arenal. Por outra parte interesoume subliñar tamén as constantes universais das que quizais sexa aínda posible dicir moito no momento presente. Quer dicir, quixera favorecer que se inicie un diálogo con Concepción Arenal non de xeito parcial, interesado ou tendencioso, senón descubriendo a altura e profundidade do seu campo de intereses. Para isto atendín ás dúas dimensións sobre as que creo que xira a obra de Concepción Arenal: a persoa humana e as interaccións dentro da sociedade.

Os presupostos antropolóxicos de Concepción Arenal parten do ser humano integral e perfectible. A caridade foi a súa faceta máis difundida. Polo tanto non era necesario, ó meu ver, incidir nela. Sobre todo porque, nun pasado recente, circularon versións que pasadas por sensibilidades pouco ilustradas, velaron a súa imaxe cunha auréola branda e sensibleira que en absoluto se axeita ó sentido profundo e humanitario que Concepción Arenal lle imprimira, intentando recupera-la pureza do termo.

Quizais algúns lectores botarán de menos retratos psicolóxicos e escenas costumistas das que se poderían poñer cumpridos exemplos acudindo sobre todo ós artigos publicados en *La Voz de la Caridad*, ou a libros como *El visitador del pobre*. Pero abstivenme porque penso que esas imaxes deben ser entendidas dentro do contexto cultural para o que as escribiu, e tomadas literalmente hoxe en día poden algunhas resultar trasnoitadas ou contribuír a alimentar certa versión de Concepción Arenal que é parcial e, vista á luz da reflexión crítica global da súa obra, hoxe non se sostén. Aviso ó lector que queira recrearse neste tipo de escritos que terá poucos nesta selección, pero xa sabe onde os pode atopar. O ideario presente debíase resolver nun número limitado de páxinas e optei, nesta ocasión, por amosar en equilibrio as diferentes cla-

ves que ela contemplou na educación humana: a razón, a fortaleza, a virtude, a paixón e o sentimento.

Por outra parte, Concepción Arenal tiña moi ben clarificados os diferentes papeis que o individuo pode desempeñar en sociedade. Era precisamente este un dos caracteres propios da mentalidade do pluralismo liberal que ela tiña. Por esta razón quedarán distribuídos os capítulos atendendo ós diversos ámbitos que preocuparon a Concepción Arenal: a persoa humana, a relixiosidade, a sociedade civil, a produción, o Estado, as leis, as relacións internacionais. En todos eles a liña directriz é soergue-las relacións humanas desde o estadio da paixón na que se atopan deica o da Razón. Non entendamos por Razón o frío cálculo utilitarista, senón o limiar no que o ser humano colle as rendas da soberanía.

Os temas do ideario que ten o lector nas súas mans están distribuídos ó xeito dunha espiral, en canto existen preocupacións que se van repetindo nas diferentes relacións establecidas dentro do sistema. Quer dicir, a razón, a moralidade, a fraternidade, a xustiza e a harmonía son as claves da antropoloxía de Concepción Arenal e, asemade, resultan tamén fundamentais cando se refire á sociedade civil, á produción, ó funcionamento das institucións políticas e da administración pública, ó papel doutras institucións coma a Igrexa, ou ás relacións internacionais. A nosa selección terminará co sentido do progreso, que resume globalmente o seu pensamento.

Recóllese neste libro unha fonte de suxerencias. Non significa ter encerrada nel a Concepción Arenal. Ela é un personaxe esquivo, alén de calquera escolma. Amante da liberdade, nunca permanece estacionaria. Non fica como Narciso namorada da súa propia imaxe no espello. Sempre en revisión auto-crítica. Resulta unha personalidade complexa capaz de soportar en equilibrio as contradicións máis diversas, entre a Razón e a paixón, entre a dúbida e a certeza, entre a paciencia e a rebeldía, entre a prudencia e a audacia. A súa obra fica aí como esfínxe no deserto agardando a todo aquel que se achegue disposto ó diálogo, a respecta-lo seu enigma, a se deixar invadir pola aspiración ó sublime; xa que, tal como ela di: «Soamente a verdade, a virtude e a beleza teñen horizontes infinitos. Quen, rico ou pobre, non se dirixe a eles, arrástrase polas miserias do mundo moral».

M^a JOSÉ LACALZADA DE MATEO
Universidad de Zaragoza

1. Barbeito y Cerviño, M.: *Concepción Arenal. Breviario humano*, La Coruña, Colegio Provincial de Abogados, 1974 [1^o ed. 1949]. Figuerido Feal, M.: *Concepción Arenal. Antología pedagógica*, Madrid, Escuela Española, 1944. González Guitián, L.: *Obra selecta. Concepción Arenal*, Santiago de Compostela, Universidad, 1983. Rubinos Ramos, A.: *Concepción Arenal. Una auténtica reformadora social*, La Coruña, 1975.

ESCOLMA DE ESCRITOS

I
A PERSOA HUMANA

¿Que é o home?

Sentimento que elevar.
Vontade que rectificar.
Conciencia que ilustrar.
Intelixencia que cultivar.
Corpo que manter.

Non se pode prescindir de ningunha destas cousas nin dar a calquera delas esaxerada importancia, sen descoñece-la humana natureza e altera-los datos que han servir para a resolución de tódolos problemas. Así, pois, a cuestión social, se ten que comprende-las partes esenciais do home e, xa que logo, integrantes da sociedade, deberá ser:

Cuestión relixiosa.
Cuestión moral.
Cuestión científica.
Cuestión económica.

Estas cousas non son idénticas, pero tampouco independentes, nin moito menos hostís, e do seu movemento harmónico resulta a posible perfección, a felicidade. A relixión inflúe na moral; a moral na relixión; a ciencia nas dúas e mais na economía, e esta nas outras tres: as condicións materiais do home poden facilitar, dificultar, e case imposibilitar que se perfeccione nas esferas relixiosa, moral e científica. A pretendida independencia das grandes cuestións, o ter prescindido dunha parte do home ó querer dirixilo, contribuíu moito ó seu extravío (...)

(Cartas a un señor)

O ser humano integral.

Para evitarmos equívocos convirá consignar que consideramos ó home como un vivente fisicamente organizado no esencial, como o están os homes de hoxe: intelectualmente, capaz de distingui-lo ben do mal; e moralmente, con

poder de elixir e realizar un ou outro. O que non teña estas condicións poderá ser home para o naturalista, pero non o é para o que se ocupa de ciencias morais e políticas (...)

(...) Pero o home non é só un organismo físico, un conxunto de facultades intelectuais, senón tamén un ser moral; ademais de fermoso ou feo, feble ou forte, limitado ou intelixente, pode ser *bo* ou *malo*, e iso depende del, del soamente; non hai aquí fatalidade; todo aquel que fai mal, estando no seu xuízo, é porque o quere facer. En calquera lugar onde existen homes hainos malos e bos, peores e mellores; toda colectividade que ten lembranzas conserva a memoria de bondades exemplares, de virtudes a toda proba, de abnegacións sen límites, ó mesmo tempo que necesita reprimir feitos atentatorios á orde que, de se xeneralizaren, farían imposible a sociedade. O excepcionalmente bo e mailo excepcionalmente malo, o que se reverencia con amor e o que se persegue con odio, o xusto e o delincuente, son os extremos da desigualdade moral, que nos seus intermedios varían ó infinito. Pero se as diferencias físicas e intelectuais se reciben, as morais créanse: a súa orixe está na liberdade do home, na súa vontade recta ou torcida.

Son tres os elementos (físico, intelectual e moral) que entran na desigualdade; dos dous primeiros non se dispón, do derradeiro si, e con el pode reaccionar de tal modo sobre os outros que se volve preponderante en vez de estar supeditado. ¿Quen non coñece persoas que por falta de moralidade estragaron un físico forte, e outras delicadas que se fortalecieron coa constancia nun bo réxime que non é posible non sendo ós que teñen boa conducta? (...)

(La igualdad social y política)

A moralidade potencia ou destrúe as capacidades.

Aínda que non tan grande coma a robustez, a beleza é unha grande vantaxe que está moi desigualmente distribuída. ¿Pero pódese conserva-la beleza que se *recibe* sen a moralidade de que se dispón? ¿Canto tempo dura a beleza do home crapuloso, da muller leviá, do malvado, que non tarda en amosar no seu rostro contraído os seus sinistros pensamentos? Pouco dura, efémera é, e eles non tardan en ser inferiores, aínda esteticamente considerados, ós que teñen a fermosura da alma. O efecto útil da beleza para o que a ten, é a impresión que produce. ¿E quen non sabe que esta impresión depende moitas veces menos dos dotes físicos recibidos ca dos morais consecuencia da vontade? ¿Quen non coñece persoas que non son fermosas, ou mesmo feas, pero que, non obstante, agradan, son simpáticas, porque a dozura do carácter, a bondade do corazón, a paz do espírito, a rectitude da conciencia, revélanse no rostro, atractivo

non polas súas formas, nin pola cor, senón por ser un reflexo da beleza da alma? *Son feos porque queren*, dicía un con grande asombro dos que non comprendían tanta verdade hai nesta frase; variándoa un pouco, dicindo: —son *desagradables* porque queren— pódese soste-la súa exactitude, porque o que ten vontade de ser bo, éo, e séndoo, non haberá no seu aspecto exterior nada repulsi-vo e, polo contrario, terá sempre algo que agrada e atrae.

Doutras desvantaxes físicas triunfa tamén a vontade fortalecendo co exercicio órganos débiles e utilizando coa perseverancia aptitudes que sen ela serían inútiles.

Na orde intelectual aparece aínda moito maior o poder da vontade; e, malia non ser absolutamente certo, como se dixo, *que o xenio é a paciencia*, quer dicir, a perseverancia, quer dicir, a vontade, sen ela moi firme non hai xenio. Ninguén nace xenio. Pódense recibir ó nacer facultades superiores; pero de non as cultivar, atrofían, sucumben, en xerme, por falta dunha vontade firme e recta (...)

(*La igualdad social y política*)

A forza moral.

En xeral, os homes grandes son homes morais, e moitos que puideron ser eminentes, quedan en medianías por falta de moralidade. Non só o vicio debilita as facultades; non só o amor propio esaxerado, a vaidade, a cobiza, tódalas formas do egoísmo limitan o horizonte, dan puntos de vista mesquiños, impiden elevarse ás grandes alturas desde onde soamente se descobre a verdade, senón que sen amor por ela, sen pulos nobres, grandes, que destrúan os miserables movementos do eu mesquiño, é difícil a inspiración sostida que constitúe os grandes homes (...)

(...) Pero, deixando ó xenio, que é a excepción rara, e vindo ó talento e á intelixencia que, sen chegar a el, ten maior ou menor o común dos homes, ¿quen non ve como inflúe no seu desenvolvemento e aproveitamento a vontade de a cultivar e o modo de a dirixir? Non é preciso estender moito a vista; arredor e ben á beira pódense observar aptitudes inútiles ou que pola súa culpa volveu contra si o mesmo que as tiña, e facultades comúns, e aínda limitadas, que empregou grandemente o traballo e maila perseverancia. Se o xenio é *poder e querer*, a intelixencia do común dos homes é principalmente *querer*, e as desigualdades neles enxergadas son, polo xeral, consecuencia da vontade torcida ou recta, débil ou forte, que foxe do traballo ou persevera nel, que dá o tónico da boa conciencia ou o debilitante deleterio da perversión (...)

(*La igualdad social y política*)

Físico, moral e intelectual.

(...) O home componse de elementos físicos, morais e intelectuais.

Os intelectuais e os físicos recíbeos ó nacer cunha desigualdade que non está da súa man evitar.

Os morais son obra súa; pode ser bo ou malo, mellor ou peor, conforme el queira; na esfera moral a desigualdade é obra súa, e nela non se degrada sen culpa, nin se eleva sen mérito.

Pero na unidade harmónica que constitúe a persoa humana, os elementos intelectual e físico reciben poderosas influencias do moral (...)

(La igualdad social y política)

Intelixencia e corazón.

(...) Que o sentido inflúe no pensado, e o que pensamos no que sentimos, cousa é que non pode negar ningún que analice as súas determinacións. Se nos fose absolutamente indiferente ver un home en perigo de morte, e se a todos lles pasase o mesmo respecto ós demais, ¿abondaría o poder da razón para nos persuadir de que era un deber a molestia, o traballo e mesmo o sacrificio para valer ó que estaba en perigo? Os racionios, ¿non baterían contra o brutal *tanto me ten* do egoísmo, de tódolos egoísmos, que facían da conciencia pública unha montaña de xeo? ¿Que idea se formaría do mal cando non entrase nela o dano que se deplora, a dor que se compadece? ¿Non está permitido dubidar de que a intelixencia chegase, ela soa, a discerni-lo mal do ben se o home non sentise absolutamente nada os padecementos da fame e o impresionasen tanto os laios da dor coma a expresión pracenteira da dita? ¿Que medios tería o entendemento só para persuadir á humanidade insensible de que o sacrificio e maila abnegación non eran unha parvada e unha tolería? ¿A que se aplicarían as formas da razón? ¿Non lles faltaría materia? ¿Non permanecerían nunha inmovilidade abstracta, ou axitaríanse no baleiro? ¿Non procurarían en van un punto de apoio para a panca que intentase move-lo mundo moral? Pero non existiría mundo moral, nin humanidade, que non se concibe sen sentimento nin sen intelixencia. Esas mutilacións imposibles non se deben ter en conta non sendo para as condenar co espírito do sistema que as imaxina (...)

(El pauperismo)

A caridade será algún día a xustiza.

(...) *A caridade é un deber.* Isto xa non é soamente un precepto relixioso, é unha verdade filosófica, un axioma moral, unha irresistible tendencia da sociedade que empeza. Con motivo dun grave mal que remediar, ou dun gran ben que facer, convocade homes de tódalas clases e opinións, un demócrata e un absolutista, un millonario e un artesán, un ateo e un crente; a forma dos seus razoamentos variará moito, os medios que propoñan para acadalo fin proposto serán tamén diferentes, pero todo o que digan todos partirá desta verdade e volverá a ela. A CARIDADE É UN DEBER.

A indiferencia para os males dos nosos semellantes, non revela soamente dureza no corazón, senón estravio da intelixencia; ó home cruel non lle falta soamente sensibilidade e espírito relixioso, senón razón. A tendencia ó ben encárnase cada día máis no home civilizado, pasa do corazón á cabeza, e estamos tocando a época na que as leis do mundo Cristián derivarán deste principio. A CARIDADE É A XUSTIZA.

O filósofo ve na caridade un elemento de ben-estar, o político un elemento de orde, o artista un tipo de beleza, o crente a sublime expresión da vontade de Deus. É coma a aurora: cada ser vivo saúdaa na súa linguaxe, pero non hai ningún que a deixe de saudar (...)

(La beneficencia, la filantropía, la caridad)

Confraternizar.

Tomando ó home como é, con intelixencia e sentimentos que mutuamente se influen, a desigualdade esaxerada que amorna os afectos das clases terá que influir nas súas ideas, e a forma de pensar e de sentir, nos costumes, as leis e a organización social. A menos semellanzas corresponderán menos simpatías, menos disposicións benévolas, menos lazos espontáneos, e maior necesidade de basea-la orde, non na harmonía, senón no cálculo, o temor e maila forza. Os afectos diminúen ou suprimen moitas rozaduras e evitan moitas explosións. Claro está que, de se amaren verdadeiramente tódolos homes, sen leis realizaríase o ben de todos e desaparecería da sociedade toda inxustiza: é un ideal ó que non é probable chegar; pero non é un soño, porque se pode realizar, e dalgún xeito vaise realizando, e porque en se achegar a el está a perfección e prosperidade dos pobos (...)

(El pauperismo)

As virtudes están en relación coas posibilidades.

O pobre, loitando sempre coa fame, coa intemperie, cos axentes físicos, a penas comprende máis triunfos cós que se alcanzan sobre a materia, nin máis praceres cós materiais.

O pobre nace, medra, vive e morre, nunha tarefa rigorosa; por graos vaise afacendo a ela: de pequeno déixano chorar, e péganlle ó medrar, e de non se endurece-lo seu corpo e maila súa alma, sucumbiría.

O pobre, nos seus momentos de lecer e nos seus días de descanso, nin en si, nin no que o rodea, atopa disposición para os gozos do espírito, e procura os dos sentidos, únicos ó alcance da súa intelixencia e do seu peto (...)

(...) O pobre é, pois, unha organización que se sostén con dificultade; unha intelixencia que non se cultiva; unha conciencia que non se ilustra nin se afirma; unha sensibilidade que se atorda: aínda en tales circunstancias sente a inspiración divina, e é libre, responsable, moral; pero pretender que nos máis dos casos a súa virtude sexa *positiva*, é descoñecer absolutamente ó home e á sociedade na que vive.

O pobre que *non* abandona ós seus pais, nin ós seus fillos; que *non* maltrata á súa muller; que *non* se embriaga; que *non* rouba; que *non* é trampón; que *non* magoa nin mata nin se rebela contra as leis, é un home honrado. Pretender que teña unha grande iniciativa para o ben; que *positivamente* faga polos seus pais, polos seus fillos, pola súa muller, pola sociedade, todo o que cumpriría para a felicidade e perfección de todos, é querer un imposible, e negarse á evidencia. Eu creo que toda criatura racional pode facer *positivamente* algún ben, pero creo ó mesmo tempo que, dado o estado moral, intelectual e económico da gran maioría dos pobres, só por excepción se pode esperar que fagan outra cousa que absterse do mal (...)

(...) O rico, a persoa regularmente acomodada, *non ten* mérito na maior parte das accións que constitúen a virtude do pobre, porque virtude supón combate, sacrificio, esforzo, vencer algunha dificultade que o sexa ou que o foi, antes que a persoa chegue ó grao de perfección en que toda acción boa é natural.

O rico non quita *o pan da boca* para llelo dar ós seus fillos; o seu mérito non está en *crialos*, senón en *educalos*; non en *evitar* que morran de necesidade, senón en *facer* que vivan dignamente. Se a súa educación non é completa, ten dabondo para comprende-las súas avantaxes, e coa instrucción acontécelle o mesmo; se non sempre facilidade, ten sempre posibilidade moral e material de educar ós seus fillos.

Nin a fame, nin o frío, nin a abxección, nin a ignorancia, nin a compañía dos criminais, o empurran ó roubo. Nin tentación nin mérito ten en non ser ladrón. O seu mérito non está en respecta-la facenda do outro, senón en da-lo

que poida da súa, para contribuír a que a dor diminúa e a perfección aumente (...)

(...) Dixen e repito, tratando do pobre, que *en xeral* é pasivo, porque realmente non concibo ningunha situación, por desventurada que sexa, en que o home, algunha vez e para algunha cousa, non poida ser activo; pero necesítase tal esforzo de virtude para que o sexa o pobre e converta en feito a posibilidade, que non hai que calcular partindo dun heroísmo que non é esixible (...)

(*Cartas a un señor*)

Daquela, as obrigas dos ricos son máis cás dos pobres.

Tocante ós señores non é preciso engadir que, aínda sendo activos os seus deberes, de ningún xeito se poden eximir dos pasivos; o primeiro deber de todo home é *non facer mal*, este é *absoluto*; despois entra o de *facer ben*, que é *relativo* e proporcional á situación de cada un.

Ben lonxe, pois, de admitir eu o *Cuarto Estado*, soamente comprendo *dous estados sociais*: o daqueles que teñen uns deberes sociais xeralmente *negativos*, e o dos que ademais teñen deberes *positivos*. Unha vez feito este deslinde, poderá haber erro no que lle vou dicir, pero non haberá confusión, e temos unha probabilidade máis de nos entendermos.

(*Cartas a un señor*)

A educación do home...

(...) Se a educación non debe prescindir da intelixencia, non se dirixe exclusivamente a ela, senón a tódalas facultades que constitúen o home moral e social, ós impulsos perturbadores para coutalos, ós harmónicos para fortificalos, á conciencia para o cumprimento do deber, á dignidade para reclama-lo dereito, á bondade para que non se apure contra os desventurados. A educación procura forma-lo carácter, facer do *suxeito* unha *persoa*, con cualidades *esenciais xerais*, das que, de ser como debe, non poderá prescindir *nunca* e precisará sempre (...)

(*Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*)

... e da muller.

(...) Se a educación é un medio de perfeccionar moral e socialmente ó educando, se contribúe a que cumpra mellor o seu deber, teña máis dignidade

e sexa máis benévolo; se procura fortalecer cualidades esenciais, xerais sempre, aplicables calquera que sexa a condición e circunstancias da persoa que forma e dignifica; e se a muller ten deberes que cumprir, dereitos que reclamar, benevolencia que exercer, parécenos que entre a súa educación e a do home non debe haber *diferencias* (...)

(*Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*)

Instruír e forma-lo carácter.

(...) Pensamos polo tanto:

— Que a educación debe se-la mesma para o home e para a muller;
— Que é máis urxente aínda tocante á muller, porque sendo para ela a personalidade máis necesaria, está máis combatida polas leis e polos costumes;
— Que a falta de personalidade é un atranco para a súa instrucción e, adquirida, para que a utilice.

— Que, por máis que se ilustre, se non se educa, se non ten gravidade e dignidade, se non é un carácter, unha persoa, aínda os que saiban moito menos ca ela, procurarán e mesmo lograrán facela pasar por unha resabida.

— Que só hai un medio de que as mulleres sexan respectadas, e é que sexan respectables: cousa que, de non teren carácter, non se acadará só coa intrucción. Hai momentos e países en que a cuestión, como adoitan selo as sociais, é circular: non se respecta á muller porque non é respectable, e non é respectable porque non é respectada. Cando isto acontece, é difícil, pero non imposible, que a muller se blinde, por dicilo así, cunha sólida personalidade; pero de conseguilo, ten que dar por ben empregado o traballo que lle custou, e saberá canto vale ter en si *algo* que non estea á mercé de *ninguén*.

Como na nosa opinión non debe heber diferencias esenciais entre a educación do home e da muller, as relacións na esfera educadora teñen que ser necesariamente harmónicas (...)

(*Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*)

A muller é unha persoa.

(...) É un erro grave, e dos máis prexudiciais, inculcar á muller que a súa misión única é a de esposa e nai; equivale a lle dicir que non pode ser nada de seu, e aniquilar nela o seu *eu* moral e intelectual, preparándoa con absurdos deprimentes á gran loita da vida, loita que non suprimen, antes a fan máis terrible, os mesmos que a privan de forzas para sostela; calquera repararía en que

os que menos consideran ás mulleres, son os que máis se opoñen a que sexan postas en condicións de ser persoas; e é natural.

O primeiro que necesita a muller é afirma-la súa personalidade, independente do seu estado, e persuadirse de que, solteira, casada ou viúva, ten deberes que cumprir, dereitos que reclamar, dignidade que non depende de ninguén, un traballo que realizar, e idea de que é unha cousa seria, grave, a vida, e que se a toma como un xogo, ela será indefectiblemente xoguete. Dádeme unha muller que teña estas condicións, e dareivos unha boa esposa e unha boa nai, que non o será sen elas. Canta falta lle han facer, e ós seus fillos, de quedar viúva. E, se permanece solteira, pode ser moi útil, moito, á sociedade, moi necesitada de persoas que contribúan á conservación da especie. A falta de personalidade na muller esteriliza grandes cualidades de milleiros de solteiras ou viúvas; e non é pouco o dano que da súa falta de acción benéfica resulta (...)

(*Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*)

A muller non é un medio.

No fondo do pensamento de moitos homes, dos máis deles, hai un fermento de egoísmo e pouco aprecio da muller, que tende a considerala non un *fin*, senón un *medio*, e incluso entre aqueles que desexan que se instrúa, é raro que nin en extensión nin en intensidade queiran que saiba máis do que, ó seu ver, precisa para gobernar ben a casa (...)

(...) Aínda os que [non] consideran á muller só unha femia, e a teñen por un ser racional, e queren para a súa intelixencia algunha cultura, adoitan proporse por principal, se non por único obxecto, o *preparala para que sexa boa nai*. ¿E a que se deberá que se instrúa ós mozos para que sexan avogados, médicos e arquitectos, e non para que *sexan bos pais*? Pois a verdade, non nos parecece que sexa cousa máis doada ser bo pai ca boa nai, e mesmo pensámo-lo contrario, porque se ben a muller ten que se ocupar máis dos fillos cando son pequenos, tamén o sentimento e o instinto son nela máis poderosos e danlle alento e pulos para se enfrontar moitas veces a traballos e sacrificios para os que o home precisa máis auxilio da idea do deber e, xa que logo, máis coñecemento del, e preparación reflexiva. Pero sen insistirmos na maior dificultade, ninguén poderá negar que hai que vencer moitas para ser bo pai, e parece estraño que non se trate de superalas cando se fala (en teoría) da educación, como acontece ó falar da que debe recibila muller. Isto proba con que lentitude se pasa de practicalo erro, non só a realiza-la razón, senón a querela, e como aínda elevando á muller da categoría de femia, se lle deixa case todo o peso da prole na esfera íntima, peso superior ás súas forzas, material, moral e inteltec-

tualmente minguadas polo mal réxime ó que se somete a súa vida física e a do espírito (...)

(*La mujer de su casa*)

Cando sexan persoas máis perfectas serán mellores nais.

Agora, hai pouco, un grupo non moi numeroso pero moi escolleito, fai unha revolución no mundo intelectual, propoñéndose, ó instruír e, asemade, educar ós nenos e mais ós mozos, ante todo preparamos para que primeiro sexan *persoas*, e despois enxeñeiros ou naturalistas. Pois isto que se inicia na educación dos homes cómpre facelo coa das mulleres, procurando que cultiven as súas elevadas facultades, que purifiquen os seus sentimentos, que enfren no que poidan ter de desordenados os seus instintos, que fortifiquen e ennobrecen o seu carácter, e daquela, cando sexan *persoas máis perfectas*, serán *mellores nais*, porque a perfección da nai, o mesmo cá do pai, non pode consistir na aplicación *parcial* de certos elementos humanos, senón na *total* de canto constitúe a muller e mailo home, como ser intelixente e afectivo. O home fai canto pode por empequenecer, por degradar á muller, e despois quere que, como nai, se eleve e sexa grande, que é como privar a unha persoa do sustento necesario, e pretender que erga enormes pesos. E xa que pola compaixón demos no físico, repararemos en que fisicamente é tamén a muller da súa casa moi inferior ó que debía ser, e cría ás súas fillas para que perpetúen e acrecenten esa inferioridade. Como indicabamos máis arriba, observouse a decadencia da raza nos dous extremos, o dos que se embrutece e o dos que exercitan con exceso as súas facultades mentais, atribuíndo a este exceso a debilidade dos últimos. Sen negármola perniciosa influencia do esaxerado traballo intelectual, chamáremo-la atención sobre a decisiva influencia da femia na conservación e mellora das especies, e como a nosa se ha de resentir en certas clases de educación e réxime de vida das mulleres.

La mujer casada, la pata quebrada;

di un refrán castelán que resume dunha maneira brutal, pero moi expresiva, que o ideal da nai de familia é que viva en reclusión (...)

(*La mujer de su casa*)

Existen os criminais.

Ben sei que hai entre vós criaturas xordas ó deber, á compaixón, á gratitude, ó arrepentimento; que respiran con pracer as emanacións do vicio e do crime; que recrean o seu corazón con lembranzas sanguíneas e con esperanzas

impías; que aldraxan o ben; que adoran o mal; que non comprenden nada que non sexa cruel ou infame; que desprezan todo o que é respectable; que están no cárcere coma bestas na gaiola; que renegan das leis de Deus e dos homes; que escoitan a linguaxe da xustiza e da razón coma o barullo dun idioma que non comprenden; que, corrompidos en todo o seu ser, non teñen nin un punto nin un pequeno espacio que non reba fedor e podremia, e onde teña cabida un pensamento honrado; que se mantén de perversidades e de crimes, e que a súa alma é coma o estómago deses animais inmundos que comen excrementos. Ben sei que entre vós hai desas desventuradas criaturas que non merecen chamarse homes; sei que son incorrixibles e que serán xordos á miña voz; ben sei que só Deus, por un milagre da súa omnipotencia, é quen de os salvar, e que os homes deben aparta-la vista deles coma dun cadáver inzado de vermes ó que non se permite dar sepultura (...)

(Cartas a los delincuentes)

Apelando á persoa humana do delincente.

¿Pero sodes todos así? ¡Ouh! non; mil veces non. O número dos monstros é moi escaso, e hai poucos entre vós que non teñan alá na súa alma un bo sentimento, ignorado quizais, porque está abafado polas malas inclinacións, polos malos costumes, polos malos exemplos, coma unha boa semente que non pode agromar porque a terra está inzada de herbas malas. Eu non son dos que cren que un home condenado a presidio xa non é home; que non merece en nada a consideración que debemos ós nosos semellantes, nin pode ser tratado coma un ser racional. Eu non son dos que cren que nunha prisión non se comprende ningunha idea de xustiza, nin ecoa ningún sentimento honrado, nin gratitude, ningún beneficio: non. Eu considéroos homes, criaturas susceptibles de pensar e de sentir, meus irmáns, fillos de Deus, formados á súa imaxe e semellanza, e nos que o sinal da culpa non puido borrar por completo a súa nobre orixe. Eu sei que nunha prisión, aínda na máis corrompida, hai almas que non se cerran á luz da razón e da xustiza, corazóns que amolecen coa voz que lles fala dos afectos, dos deberes, e acórdalle-las cousas santas que algunha vez respectaron, e os obxectos queridos que estiveron ó seu lado. Ben sei que un gran número de vós comprenderá o que digo, sentirá o que sinto (...)

(Cartas a los delincuentes)

Para realiza-lo ben cómpre coñecelo.

Non pode realiza-lo ben aquel que o descoñece, e é se cadra máis raro do que se pensa, coñecéndoo perfectamente, apartarse del por completo. Pero o ben moral non se aprende como unha ciencia abstracta estudiando un libro nin escoitando a un home; a práctica é aquí inseparable da teoría, entendendo por teoría non unha regra que de memoria se repite, senón o verdadeiro coñecemento. As grandes, as fondas verdades do ben, parécenlle ó malo un misterio ou un absurdo; non se revelan non sendo ós iniciados na práctica da virtude, de tal xeito que o home probo e recto que non sabe ler nin escribir, pode dar leccións de moralidade ó sabio pervertido, e alcanza e sabe na ciencia do ben infinitamente máis có douto.

É raro, moi raro, que o delincente non sexa ignorante en moral. A súa ignorancia adoita ser en parte efecto da falta de coñecemento teórico do ben e, en parte, consecuencia de non o ter practicado, xa que hai verdades que non se poden coñecer perfectamente se non se senten, nin sentirse moito non sendo a medida que se practican. Para as grandes excursións polo mundo moral, hai que facer ó mesmo tempo a viaxe e mailo camiño, que son as boas obras: sen elas non se vai moi lonxe no coñecemento da fermosa rexión que se pretende explorar.

O delincente, por regra xeral, é ignorante de todo, e aínda cando por excepción pareza instruído, adoita ignorar moitas cousas esenciais, como ser moral e de conciencia (...)

(Estudios penitenciarios)

As mulleres criminais.

(...) Dise e repítese que, cando unha muller chega a ser criminal, é peor có home; non é certo, porque ningunha muller supera en maldade ós grandes malvados, e é moi rara a que chega a onde chegan moitos deles. O que hai é que no xuízo inflúe a impresión, e como é peor a que produce unha muller ca un home sanguinario, apreciámo-lo grao de maldade polo horror que inspira. Hai nas prisións mulleres que cometeron grandes crimes, pero, en xeral, a muller infrinxe moito menos as leis, non tan gravemente coma o home, e reincide con menor frecuencia.

Os costumes, as leis, a forma de vida, a natureza mesma, concentran na familia a vida da muller e, xa que logo, onde vive peca ou merece; as súas virtudes son domésticas, e con frecuencia os seus grandes crimes tamén; esta circunstancia pode contribuír a que aparezan máis graves sen que o sexan en realidade. Por unha muller que mata ó seu marido, hai moitas que o marido asa-

sina; así, pois, a muller criminal poderá ser repulsiva, pero non é peor có home, e ó vulgármola non debemos engadi-la circunstancia do sexo á, xa en por si desavantaxosa, monstruosidade do crime (...)

(El visitador del preso)

A influencia da relixión na muller que delinuiu.

Tratándose de delitos graves, e en igualdade de condicións, a muller reincide menos có home; e se nela o delito é máis preternatural, a emenda parece que non ha ser tan dificultosa e non o sería, polo común, de se empregaren os medios adecuados.

Un destes medios, ¿quen o ignora?, é a relixión, que ten na muller moita máis influencia ca no home, aínda que non se debe esaxera-lo seu poder, porque relixiosa era cando delinuiu e, sen deixar de selo, pode volver a delinquir. A relixión pode ter raíces profundas, tan profundas que cheguen ó máis fondo da alma, e ser impotente para vence-la mala intención; as máis das pecadoras, mesmo das grandes pecadoras, non son impías, alomenos con impiedade persistente, e nin deixan de medrar, nin deixan de pecar.

Cómpre telo presente para non alberga-la ilusión de que unha deliciente está rexenerada porque confesa a súa culpa, porque chora, porque se encomenda a Deus, porque asiste decote ás prácticas relixiosas e é devota afervorada; a súa emenda non é segura, malia ser sincero o seu arrepentimento.

A muller é máis relixiosa, máis dócil, máis sufrida, máis sensible, máis impresionable, máis tímida e máis susceptible de ser influída pola opinión ou por outra enerxía maior ca súa; así é en xeral, sen que por iso deixe de haber casos en que o home a supere nunha ou en moitas destas cualidades.

Consideramos un erro a división espiritual esencial dos sexos; pero a maior enerxía de certos elementos pode establecer preponderancias que se deberán apreciar como alentos ou como atrancos.

A relixión non debe dexenerar en fanatismo supersticioso, carraxento, falseador da moral que, por amor de Deus, odia ós que o invocan doutro xeito; amor que inspira odio non é verdadeiro, nin os grandes pecados se borran con palabras, nin as virtudes se supren con cerimoniais.

A resignación, tan necesaria, tan sublime, non debe dar en apatía, incapaz de reacción contra o sufrimento para procura-lo posible remedio.

A docilidade non ha ser cego servilismo, senón razoable obediencia.

A sensibilidade ha procura-lo equilibrio coa razón, co traballo, con distraccións adecuadas, para non se volver movemento perturbador ou acceso patolóxico.

A timidez non ha ser aquela covardía que, ó haber algunha resistencia, fai persoas ridículas ou impotentes para o ben.

A impresionabilidade non se ha converter en veleidosa inconstancia que, coma un catavento, dá voltas co pulo do acontecemento próspero ou adverso, do consello bo ou malo.

O debido respecto á opinión xusta ha ser freo que coute, non sogueira que esgane. Cando facilita a culpa, dificulta a emenda ou non cre nela, o arrependido ten dereito a despreza-la opinión, a acusala e, ata onde cheguen as súas forzas, a combatela (...)

(El visitador del preso)

Cando a harmonía do ser humano se rompe.

O ben é unha harmonía, o mal unha discordancia. O home, conxunto de facultades, é bo mentres non destrúe o equilibrio que debe haber entre elas; mentres o instinto da propia conservación, traspasando os seus razoables límites, non destrúe a vida doutro; mentres o desexo de posuír non se converte en ataque á propiedade allea; mentres o necesario descanso non se volve inercia; mentres o amor, que é abnegación, non se desnaturaliza ata se facer egoísmo; mentres a necesidade de independencia non se torna en afán de dominación; mentres o desexo de inspirar simpatía non se perverte e procura aplauso; mentres a circunspección non é medo, a economía avareza, a dignidade fachenda, o saber soberbia, a actividade movemento febril, e, en fin, mentres a vontade e a intelixencia non aturan preponderancias que poidan ser absorcións e poderes sen freo que se transformen en tiranías.

Cando estas harmonías naturais se perturban, cando a perturbación é grande e se prolonga, chégase á subversión máis espantosa; a de mira-lo mal coma ben, o ben coma mal. O delincuente procúrao, prepárao, ¡cousa horrible! ata chegar a amalo, compracéndose na iniquidade que premedita, no ouro que rouba, na malleira que manca á súa vítima. É un trastorno de tódalas ideas, de tódolos sentimentos, unha caste de loucura voluntaria, unha embriaguez onde o home bebe adrede o agre beberaxe co que empezoña a súa alma.

Sempre o delincuente procura o seu ben no mal; sempre rompe un equilibrio e perturba a harmonía.

O home é un ser esencialmente activo, e en todo mal que se fai hai un uso torcido da actividade que non nos puido ser dada máis ca como elemento de ben. O delincuente abusou da intelixencia, da confianza que inspirou, do amor

que lle tiñan, sempre da liberdade, sendo activo non para crear, senón para destruír; non para defender, senón para ataca-las leis da xustiza.

Resulta que anque non sexamos quen de formar xuízo exacto dun delincente determinado sen o estudiamos particularmente, algunhas ideas podemos ter que nos facilitarán o seu estudio, ideas xerais, e que nos poñerán no camiño do acerto, xa polas verdades que afirman, xa polos erros dos que nos afastan. As que podemos chamar compoñentes do delicto en xeral, entran en diversas doses, forman combinacións infinitas; pero non nos parece menos importante saber que existen alí onde hai unha grave infracción da moral, xa se trate de xulgala, xa de penala, xa de corrixir ó infractor (...)

(Estudios penitenciarios)

Cómpre ilustra-la conciencia do delincente.

Os que non tiveron ocasión de estudar ós criminais, non son quen de imaxina-la especie de caos moral que en moitos fai as veces de conciencia; a idea estraña que teñen dos seus dereitos, dos seus deberes, da xustiza; os erros que por verdades reciben, e como só ven na lei e na pena un poder inimigo máis forte ca eles e que, polo tanto, os suxeita e oprime. Instruíndo ós nenos deberíase evitar que os homes chegasen a este estado; pero nos males da alma, coma nos do corpo, valórase máis a terapéutica cá hixiene, dáselle máis importancia á receita que pretende curar unha enfermidade có precepto que a tería evitado e, ó noso ver, menos difícil é que se lea a explicación do Código Penal nos cárceres e nos presidios ca nas escolas: por iso non escribimos estas cartas para os nenos.

¿E nas prisións han ter algunha utilidade? ¿Os homes e as mulleres que nelas se encerran queren escoitar, poden comprende-lo que lles dicimos e, caso de que nos escoiten e nos comprendan, poderán ou quixerán corrixirse ou emendarse? Sobre isto hai diferentes opinións. A nosa é que os criminais son persoas e non cousas. Que os criminais escoitan a quen lles fala inspirado polo desexo do seu ben. Que os criminais comprenden a quen lles explica con caridade. Que os criminais, salvando algunhas excepcións, non son monstros fóra de tódalas leis morais ós que é imposible aplicar ningunha regra, senón doentes da alma, nos que, coma os do corpo, salvando o órgano ou órganos enfermos, os demais funcionan con regularidade e conforme as leis establecidas por Deus para tódolos seres. O que non é capaz de verter sangue, comprende toda a criminalidade do homicida; o que matou, se non é dado a roubar, rexeita indignado o título de ladrón, aprecia perfectamente a fealdade deste delicto; e así os demais. As regras da moral son aplicables nunha prisión, coma as da hixiene

nun hospital; e polas mesmas razóns, o criminal, salvando algúns casos raros, non está fóra da humanidade: cremos, polo tanto, que se lle pode falar coma a un home. Cremos que hai algúns criminais que se poden corrixir, e moitos que se poden modificar, chegando, se non a ser bos, alomenos a non facer mal. Cremos que os criminais, en xeral, sofren a pena imposta por unha lei, da que descoñecen letra, espírito e moralidade. Cremos que a primeira condición para que o castigo moralice é o convencemento, por parte do que sofre, de que é xusto; e porque cremos todo isto, escribimos estas cartas. Sabemos do desprezo co que as recibirán moitos *prácticos*, e prevémo-la indiferencia do público, que desgraciadamente non se preocupa en España por estas cuestións; pero ó saíren ó mundo os fillos do noso entendemento, coma os das nosas entrañas, débemlles dicir: —«Adeus, meu filliño; fai por ser bo, anque non chegues a rico».

(*Cartas a los delinquentes*)

Cómpre ilustrar tódalas conciencias.

O labrego ou o artesán que ás veces viaxa en ferrocarril, e ás veces ten voto para elixir deputados e concelleiros, que se cadra le e escribe malamente, e se cadra le papeis que mellor sería que non lese; o labrego e o artesán, anque trata na estación e no colexio electoral cos señores e cos doutos, e anque escoitou afirma-la igualdade e nega-la relixión, e anque non sexa xa coutado nin respectuoso, senón ousado e irreverente, ó preguntarlle sobre as cousas graves que importa máis saber, ¿el non é tan ignorante coma o servo que apegado á terra recibía respectuosamente a orde do señor e a beizón do Bispo? Se non acata o preceuto relixioso, non é porque *pensa* e *sabe* os motivos da súa rebeldía e das súas negacións, senón porque vive nun tempo en que a falta de instrucción está en perfecta harmonía coa falta de fe.

Dixose que pouca ciencia aparta de Deus e que moita achega a el, mirando sen dúbida a sociedade por arriba; pero véndoa por abaixo compréndese que para afastarse de Deus non se precisa ciencia pouca nin moita; abundan ignorancia e paixóns cando o desprezo polas cousas santas se volveu contaxioso.

¿Como se chegou aquí? Non é deste lugar investigalo, senón consignar que aquí estamos, que temos masas ignorantes e descritas que non recibiron a fe da autoridade e ás que hai que elevar á idea de Deus pola razón. Os incrédulos, absolutamente ignorantes coma os semidoutos, necesitan aprender, aprender moito. O mestre hoxe, se cumpre ben, exerce funcións sacerdotais; o sacerdocio, se ha cumpri-la súa misión, ten que ser un corpo docente, e o

Salvador dille hoxe ó noso entendemento e á nosa conciencia como dicía ós seus discípulos: *Ide e aprendede ás nacións.*

O apostolado de hoxe non se pode exercer magnetizando ás masas para convertelas; é preciso convencer ós individuos. Remataron ou están a rematalos tempos da fe cega; hai que substituí-la venda que lles tapa os ollos por instrumentos de moito poder, para que as súas olladas penetren na eternidade e no infinito. Este medio, dirase, é difícil, vagaroso, penoso; non diremos que sexa doado, pero, ó noso ver, é o único; e cando para unha viaxe necesaria non se ve máis ca un camiño, sexa longo ou curto, forza é marchar por el.

Cómpre aprender ós de abaixo, ós do medio e ós de arriba: cómpre aprender moito ós homes todos, para que sexan morais, relixiosos, e tan perfectos e felices como é posible dentro da natureza humana (...)

(La instrucción del pueblo)

Instrucción e educación moral do penado.

A instrucción moral do penado debe ser extensa, e pode ser sólida, sempre que sexa graduada e se acompañe de exemplos e exercicios: hai máis facilidade da que se cre para comprende-las verdades morais, só que a intelixencias pouco cultas, conciencias perturbadas, vontades débiles ou reviradas, cómpre presentárllelas con orde e medida. O penado esquece ou prescinde máis ou menos dos preceptos da moral, que ignora en gran parte, e cómpre ensinárllos, facéndolle comprender que a xustiza penetra, debe penetrar, en tódalas accións da vida que, na súa meirande parte, el considera indiferentes, cando a penas o é ningunha. Deste erro veu tal vez o seu extravío: non se vixiou a si mesmo, nin se contou nunha longa serie de determinacións, que ó seu parecer non precisaban máis regra có seu gusto e material posibilidade; cada unha en por si non tiña capital importancia, pero todas xuntas aliciaron aquela que o levou ó crime. Se as tivera ben clasificadas, se enxergara o mal que había en moitas delas, pode que fose resistindo unha a unha estas pequenas tentacións, e adquirise así a forza e maila confianza que dá o hábito da loita e da victoria, no canto de se atopar co costume de ceder e a frouxidade de non resistir. Quen por erro ou por desleixo vai cometendo faltas pequenas, achanza o camiño ás grandes; tódalas fendas da conciencia anchean, e o que non vence os apetitos será vencido polas paixóns.

O penado debe ver un mundo moral en gran parte novo para el, un mundo onde hai deberes e dereitos, faltas e méritos, desacordos e harmonías, belezas e deformidades, premios e expiacións, que el non sospeita. É xeral a ignorancia (e a súa débese supoñer maior) do coñecemento do xusto, e daquelas cou-

sas que en conciencia se poden facer ou non; hai moito que lle aprender, pero esta ensinanza non pode consistir unicamente en leccións teóricas illadas, nunha colección de regras expostas con método e claridade; a instrucción e a educación moral van de tal xeito unidas, compenétranse de tal xeito, que o ben obrar conduce a ben comprender, como o coñecemento é esencial para a boa obra.

(*Estudios penitenciarios*)

A educación debe ser integral.

Que o home mellora a medida que se ilustra, vese pola historia e explícase pola razón.

Sexa cal sexa a idea que se teña da orixe, fin e natureza do home, é evidente que ten facultades, necesidades, inclinacións diversas que, equilibradas, producen unha harmonía, e desordenadas, un trastorno. Toda necesidade ou inclinación pode transformarse en apetito cego ou paixón asoballadora, se a razón non a combate e somete. A razón non só xulga e cualifica de malo o que non é bo, senón que fornece os medios para combatalo mal. Posto que a actividade do home non é ilimitada; posto que non o é tampouco o seu poder de sentir, de querer, de gozar, de sufrir e mesmo de se extraviar, pode neutralizala enerxía excesiva dunhas facultades co uso doutras, porque aquela actividade que se distrae en cada unha, non pode actuar nas demais. Así vese que hai ocupacións que, distraendo, diminúen o sufrimento producido por unha idea que mortifica, é dicir, actividades que, máis ou menos, apártanse dunha forma de acción, dirixíndose a outra: vese que unha persoa que emprende e se dedica a moitas cousas, xeralmente non fai ben ningunha, porque unha actividade espallada, digámolo así, é insuficiente en cada un dos puntos onde se aplica; vese que as persoas que atinadamente cultivan diferentes facultades teñen moitos recursos en si, quer dicir, unha actividade ben aproveitada, que dá medios variados de mante-la harmonía interior, e medios exteriores para a vida material; vese que periga a razón, e adoita sucumbir, no que ten *unha idea fixa*, quer dicir, a actividade toda concentrada nun punto e producindo un desequilibrio que non tarda en ser un trastorno completo. Todo isto, que é evidente para o observador menos atento, convéncenos de que baixo a unidade superior do *eu* hai facultades diversas que mutuamente se inflúen dependendo, do seu exercicio desordenado ou harmónico, o vicio ou a virtude. Son coma outros tantos resortes que cómpre ter preparados, porque non hai ningún que sobre, e ben usado non sexa útil, e suprimido non cause dano. Educar ó home non é muti-

lalo, senón, polo contrario, procura-lo desenvolvemento daquelas facultades que o levan ó ben, e couta-las que o alician ó mal (...).

(*Estudios penitenciarios*)

O penado debe recibir unha educación integral e activa.

(...) O que soamente exercita os seus instintos máis groseiros e non ten máis ca ocupacións e praceres materiais, debilita as facultades do espírito e embrutece. Diríase que as aptitudes do home, coma unha balanza, non poden subir dun lado sen baixar do outro.

Por último, nos delitos, consecuencia de perversión na vontade, hai tamén desorde mental, preponderancia dalgunha paixón ou apetito sobre a xustiza que a razón define e sostén: de xeito que o delinciente é un home que non ten as súas facultades en harmonía, e no que prevaleceron os impulsos egoístas, groseiros, baixos; ¿que facer para corrixilo? Se non se modifica fondamente, se na esencia queda como cando caeu, volverá caer, e se non cae será por medo; estará intimidado, non corrixido. ¿Que facer para modificalo?

Non vemos outro medio máis ca espertar, exercitándoas, as súas altas facultades aletargadas, para que á vez sirvan de guía e de contrapeso ós seus groseiros instintos; saca-la súa actividade, de onde prexudica, a onde é útil; cultivar, en fin, a súa intelixencia, para que a razón, que sempre eleva e ilumina, o alume e o saque do escuro abismo no que caeu. Repárese ben no que indicamos, de que, ó cultiva-la intelixencia, dáse unha *guía* e un *contrapeso*. En efecto: o home que aprende, non só sabe a xustiza mellor e os medios para realizala, senón que, ó exercita-las facultades que precisou para aprender, levou a elas unha parte da súa actividade que ditosamente ha de faltar ós seus groseiros instintos, porque o home non pode estar todo en tódalas partes.

Para modificar verdadeiramente ó penado, cómpre, pois, cultiva-la súa intelixencia, instruílo, instruílo moito, instruílo canto se poida. Segundo o tempo da súa condena, poderá ser maior ou menor a súa instrucción, pero que sempre sexa tan completa como fose posible.

Moral, debe aprender, practicándoa e vendo a súa práctica, pero tamén coñecendo a súa teoría.

Relixión, debe aprender, e despois que penetre no seu entendemento, algo influirá na súa vontade, algo dirá ó seu corazón. O coñecemento do dereito é da maior importancia.

A música, que tanto conviría no primeiro ensino, quixeramos que formase parte do das prisións.

A música ten a inmensa vantaxe de ser agradable a todo o mundo, e de non facer mal a ninguén (...)

(Estudios penitenciarios)

A música como elemento educador na prisión.

(...) A música é unha voz que ecoa en tódalas almas, e parece tamén un eco de tódalas voces. Sabe tódalas linguas, coñece tódolos suxeitos, penetra no íntimo e fálalle ó heroe do seu deber, ó mártir da súa abnegación, ó entusiasta da súa idea, ó venturoso da súa alegría, ó triste da súa dor. E a todos lles fala de tal xeito, que a ningún deixa de soerguer sobre o natural nivel do seu espírito e, como se a súa harmonía fose reflexo e iniciación doutras superiores harmonías, fortifica e enternece, fai deitar bágoas e dá consolo. Inapreciable vantaxe é a seguridade de chegar a tódolos penados, por un medio que lles poderá facer máis ou menos ben, pero que non lle fará mal a ningún. Falades de relixión, de moral, de artes, de ciencias, de instrucción primaria ou industrial: moitos escoitarán con indiferencia ou non escoitarán; tocade un instrumento, e se se escoita en todo o cárcere, podedes estar certos de que tódolos reclusos escoitarán atentos. Sen dúbida impresionará a cada un dun xeito distinto, mais pódese asegurar que a ninguén fará mal e que a un número maior ou menor fará ben. O efecto da música é conmover, elevar, amolecer, cousas todas das que está moi necesitado o delincente, que adoita ser duro, baixo e pouco sensible; e este efecto conséguese, non só sen esforzo, senón recibindo unha impresión grata: xa é un triunfo producila en certos homes por algún medio que non sexa un gozo brutal.

Os cánticos relixiosos impresionan, mesmo ós non crentes; é difícil escoitalos sen conmoverse nunha prisión, e a voz da música leva o culto aínda ós que non queren asistir a el, como unha mensaxeira celeste que penetra doce e harmoniosa no corazón do que a rexeita.

Os himnos da patria, os cantos aínda máis fermosos da humanidade, son propios para soergue-lo corazón do penado a sentimentos de cidadán e de home, ata aquel momento descoñecidos para el. A música abre paso á letra, dálle calor, vida, e faina de natureza máis vaporosa e sutil, capaz de penetrar en corazóns impenetrables á palabra soa. Porque agrada, só se viu nela a parte pres calor, vida, e faina de natureza máis vaporosa e sutil, capaz de penetrar en corazóns impenetrables á palabra soa. Porque agrada, só se viu nela a parte agra-

dable, prescindindo da útil; e, cultivándoa para o entretemento, é descoída como medio de educación.

A música, como un poderoso elemento educador no cárcere, podería tamén ser para algún penado, que tivese especiais disposicións, un medio de vivir honradamente ó saír.

Hai que lle aprender ós penados, con raras excepción, a lectura, a escritura, a aritmética, e o debuxo a todos aqueles que o poidan empregar nos seus oficios.

Xeografía, deben aprender todos; e ós de condenas bastante longas para adquirir maior instrucción, débeseles aprender elementos de física, de química, de historia natural e principalmente de astronomía. O abade Hervás di que tódolos seus estudos teolóxicos non lle deron tan alta idea de Deus, coma o estudo da astronomía. *Leme a Arago*, dicía unha persoa moi triste, non tan aflixida que non quixese procurar conforto, nin tan crente que non precisase fortalecer a súa fe. As demostracións metafísicas da existencia de Deus son para poucos; unha páxina de astronomía é unha demostración da divindade ó alcance de todos.

O estudio das ciencias naturais, á parte da súa incuestionable utilidade, ten moito atractivo, porque á vez que é unha cousa material, está chea de poesía, é real e maravillosa. Alí aparecen fondos misterios, pero tamén grandes verdades e sublimes harmonías, que recrean o espírito e anchean os límites da intelixencia. Os que consideren imposible que homes rudos comprendan e se interesen por esta clase de coñecementos, non saben o que se pode ensinar cando se ensina ben, o que se pode aprender cando se está illado e aflixido, e o que interesan as cousas máis insignificantes ó recluso solitario. Os elementos de historia natural ofrecen á súa vista un mundo inmenso, do que non tiña idea; e cando o seu corpo está reducido a un recinto estreito, atopa consolo en ceibalá súa alma por aqueles espazos inconmensurables e verdades maravillosas (...)

(Estudios penitenciarios)

O rapaz da rúa.

(...) ¿Que non acontecerá ós fillos dos pobres no reducido, sucio, tal vez húmido e escuro acubillo onde están sós, ó coidado dun irmán que os descoída e maltrata, ou dalgunha persoa maior que non pode enredar con eles? Acontece que corren á rúa sempre que poden, que a procuran con verdadeira paixón, fuxindo da súa casa ou fuxindo da escola.

E na rúa, ¿que atopan baixo o punto de vista educador e aínda do hixiénico? O sol que os torra, a auga que os molla, o frío que os denegre, a intem-

perie que non arrostran sen dano, mal alimentados, mal calzados, mal vestidos, como acostuman esta-los fillos, non xa das cidades, senón das vilas, de calquera poboación un pouco agrupada, malsá pola falta de policía e de racionais regras para construír conforme as da hixiene.

Pero, en fin, non é o frío ou o calor, a auga ou o aire, nada puro, o peor que atopan os *rapaces da rúa* nela, non; o máis daniño son as tentacións, os contrastes, as malas palabras, os malos exemplos e as excitacións de todo xénero que os empurran ó mal. Famentos, ven manxares delicados e lambetadas que devoran cos ollos a través do cristal; descalzos e encoiros, ven botas primorosas, e vestidos luxosos, e teas ricas e peles; como nada do que ven é para eles, inclínanse a crer que tampouco o serán as regras de ben obrar, de equidade e de honor, que sen dúbida para o seu uso exclusivo establecen os que visten e calzan, e beben e comen todas aquelas cousas que eles só poden envexar. Sobre a trama desta preparación vaise tecendo a vida do rapaz na rúa, que falta á escola, que xoga á baralla, que xura e fala mal, que fuma sen gusto e blasfema sen impiedade por facer de home, que insulta e apedrea, que é instrumento de malvados e aprende a selo no garito, na taberna, na casa infame e no cárcere, onde entra por leve falta e sae capaz de cometer grave delicto.

Esta é a educación da rúa, onde vago, mendigo, ou rateiro, déixaselle ó neno pillar, xa só, xa agrupado ou asociado; así corren centos e milleiros por rúas e prazas, sen que ninguén remedie a súa desventura, sosteña a súa debilidadade, nin o atalle no seu desventurado camiño. Regras para o ornato público, para a estética ben ou mal enxergada e para a policía en certos centros; que a fachada da casa estea deste modo e o balcón de tal outro; que non se guinde un canoto de berza á rúa, pero que se boten milleiros de nenos ó arroio, onde só por excepción rara e abraiante poden deixar de corromperse, a isto chámasele policía e orde, e mesmo xustiza. ¿Onde está o espírito dunha sociedade que parece non coidar (cando coida) máis ca das cousas materiais? Espírito terá sen dúbida, pero aletargado, escurecido polas tebras da ignorancia, e enleado pola nube que forman as emanacións dos seus vicios.

(*El pauperismo*)

Coñecemento e vontade.

(...) É preciso *saber* sempre o que cómpre facer e querelo facer, para cumprila obriga; coñece-lo obxecto da acción e o camiño para chegar a el, de modo que o *coñecer* ben é preliminar indispensable do *ben obrar*. Analicémo-lo máis fácil, coma o máis difícil, dos nosos deberes, e veremos que, á vontade de cumprilo, vai unido un acto do entendemento que, aínda que sexa ou pareza simul-

táneo coa conciencia, non é idéntico a ela: non realizamos como boa unha cousa, non sendo porque a *xulgamos* tal; á reprobación do malo precede tamén un xuízo, aínda que non sexa reflexivo e teña máis semellanza coa inspiración ca co razoamento. Pero a *inspiración*, cátese ben, está en harmonía coas disposicións intelectuais e morais do suxeito inspirado.

A vontade pode ser firme para o ben coma para o mal; a conciencia *quere* o ben, pero non o *sabe*; ¡cantos males non se realizan con ela tranquila! De modo que non abonda aquel espontáneo interior impulso que nos inclina á virtude, ó deber, á perfección, se non temos idea clara do que é a perfección, o deber e a virtude. Esta necesidade do coñecemento, para obrar rectamente, descobre a súa importancia e dálle un carácter obrigatorio, porque non somos irresponsables do mal que fixemos sen *o sabermos*, tendo os medios de *sabérmolo*. Erro xeral e desditadísimo é a idea de que os deberes só se relacionan coa vontade: que abonda ela para cumprilos, e que o entendemento serve para ser avogado, médico ou enxeñeiro, mais non para ser home honrado: como se non fose necesario aprende-lo deber. Certo que hai persoas que *saben* e non *queren* cumpri-los seus deberes; pero outras moitas, as máis delas, ignóranos, ou teñen deles un coñecemento vago ou limitado, non determinando ben o por que, o como e o cando unha acción é mala ou boa (...)

(*Estudios penitenciarios*)

A dor aquilata a sensibilidade.

A dor é unha caverna da que descoñecemos as súas profundidades, porque é raro que cando nos asomamos a ela non nos faga recua-la pena, o terror e mailo egoísmo. É raro que nin das dores do corpo nin das da alma teñamos idea exacta mentres somos simples espectadores mentres a man da desgracia non nos obriga a tomar parte activa no terrible drama, ignoramos del moito, porque tratándose de infortunios, *saber é sufrir* ou ter sufrido (...)

(...) É moi raro que o home adiviñe e compadeza ben sen ter padecido moito; a adiviñación é o xenio, tan raro no mundo moral coma no da ciencia ou da arte. ¿Saberemos como se sofre das dores da alma, cando nin sequera imaxinámo-lo que poden mortifica-las privacións materiais? Se non miramos ós miserables con indiferencia; se sentímo-los seus males e procurámo-la súa consolación, facemos mentalmente a lista das mortificacións a que os condena a súa triste sorte: pensamos en que teñen fame, en que teñen frío, en que carecen de cama e de aire salubre que respirar no reducido acubillo no que están amo-

reados; pensamos nalgunhas outras cousas, e parécenos que fixemos con toda exactitude o inventario das privacións do desvalido (...)

(Artículos sobre beneficencia y prisiones)

Sen luz.

Unha noite de inverno temos que ir ver un pobre, o noso favorecido; urxe que saiba o que lle temos que dicir: chegamos con dificultade á súa mísera vivenda, e encontrámonos con que el e a súa numerosa familia carecen de luz. Imos dicir: ¿como é que están vostedes ás escuras? Mais a primeira silaba expira nos nosos beizos; a realidade acaba de nos facer unha das súas terribles revelacións: a luz, aínda que pouco, custa algúns cartos. ¿Como os vai gastar na luz quen non pode mercar pan? Naquela casa hai dúas, tres, dez vivendas ás escuras tamén; outras teñen luz; os seus donos son sen dúbida menos infelices; non se nos ocorrera este medio de gradua-la última miseria.

Cando nos inunda a luz reflectida polos espellos, ou graduámo-la da lámpada brillante con pantallas máis ou menos diáfanas, non pensamos que hai centos, milleiros de criaturas á nosa beira que deixan de ver cando escurece o día, que teñen no inverno catorce horas de noite, e que atopan nas tebras o lúgubre compañeiro das súas dores (...)

(...) Na escuridade, as dores dilátanse coma as meniñas dos ollos; medran e acédanse e multiplícanse unhas por outras, cando do mundo exterior non lles vén ningunha distracción, cando a falta de luz parece amparalas de santas e consoladoras influencias, e facilita os estragos do desprezo, da carraxe, da desesperación, coma os atentados dos criminais (...)

(...) ¡Quen sabe de que maneira as dores acres poden facer xermola-la semente dos malos exemplos, diminuí-lo horror ó crime, alenta-la risa de feroz desdén ante a idea de aturar como castigo no futuro unha condición pouco ou nada máis dura cá presente! ¡Quen sabe a perversión que pode sufrilo ser mortal cando unha e outra noite os ollos están privados de luz e de sono, e como a escuridade da estancia se comunicará á conciencia, e as razóns que atopará para descoñecer tódolos deberes sociais o que tan poucos bens recibe da sociedade!

¡Que a imaxe desas criaturas amoreadas en reducidas e insalubres vivendas, aflixíndose e depravándose ás escuras, se espelle naquela fermosa parte do noso corazón onde se comprenden e se senten as dores dos nosos irmáns! ¡Que pensemos en sacar ó miserable da escuridade durante as longas noites de invernia! ¡Que utilicémo-las veladas para instruílo e consolalo! ¡Que no canto de deixarmos que se acugulen as súas xenreiras e os seus erros, esvaezámo-

los cada noite escorrentándoos coa verdade e a conmiseración! ¡Que co lume da caridade comuniquemos luz ós seus ollos e á súa alma, calor ó seu corazón, respecto ás cousas santas e resignación para as súas dores, vendo que todos son compadecidos e algúns son consolados!

Se co amor non penetramos na morada do miserable, tal vez co odio penetre el na nosa, e cando preguntemos: *¿Quen é ese home que nos acomete na escuridade?*, hanos responder: *O neno que deixáchedes depravar nas tebras.*
(*Artículos sobre beneficencia y prisiones*)

A ignorancia base da guerra.

(...) Os males, coma as ideas, teñen relación uns con outros; pero co fin de mellor estudialos, poderían clasificarse e formar grupos que, sen illalos completamente, permitisen coñecer mellor a súa índole e as súas causas. ¿Cales son, por exemplo, as dese grupo de males gravísimos, de dores acervas, que se chama *guerra*? Din que a cobiza, as paixóns, os fanatismos: certo; pero a raíz e a base e mailo apoio de todo isto é a *ignorancia*. A guerra provócana e aléntana, e dirixena, e explótana os ambiciosos e os calculadores; pero ¿quen a *fai*? Os ignorantes, aqueles que ningún interese teñen en facela, os que non han tirar dela nin honra nin proveito, os que padecen e morren nela, coma instrumentos, coma cousas, tendo ¡ai! de persoas a facultade de sufrir e de facer chorar ós que os aman.

Para aqueles espíritos que non se poden familiarizar co mal por velo moitas veces, sendo imposible que se afagan a el; para os que conservan íntegras as nocións de xustiza e puros os sentimentos de respecto e de amor, a guerra é un espectáculo tan extraordinario, leva en si tal morea de erros e de absurdos, que por perversos que se considere ós homes, non se concibe que a poidan facer *sabendo o que fan*. Canto máis se observa e se estudia, maior é a estranxeza de que seres racionais repitan tantos e tan dolorosos actos de desatino, ata que analizando se chega ó principal elemento constitutivo desa horrible loucura: *o soldado*. Estudando ó soldado no campamento e no cuartel, na instrucción e no aloxamento, en marcha ou no hospital, san e ferido, durante a enfermidade e á hora da súa morte, compréndese a guerra con tódalas súas iniquidades. A causa da guerra non é este ministro nin aquel rei, nin tal emperador, nin esoutro cura; está na *ignorancia do soldado*, na irracionalidade de millóns de homes que padecen e matan e morren sen saberen por que nin para que, recibindo a inxustiza como a chuvia cando non hai onde gorecerse, e cun espírito tan sen actividade, tan esencialmente pasivo, que non reacciona nin contra o absurdo, nin contra a equidade, nin contra a dor (...)

(*Cartas a un señor*)

Sentido racional da Moral.

Moi señor meu: Dixemos xa que a cuestión social é cuestión moral, e digo *dixemos*, porque Vde. é ilustrado de sobra para non estar de acordo con isto de contado. Podemos defini-la moral dicindo que *é o coñecemento e a práctica do deber, realizado polo puro amor ó ben.*

A moralidade máis perfecta dunha persoa depende de que coñeza máis o seu deber e o practique mellor. Entre a moralidade do que comprende ben e practica desinteresadamente tódolos seus deberes, e a do que os descoñece ou esmaga todos ou non cumpre algún non sendo por cálculo, hai a escala inmensa que ten nos seus extremos a virtude sublime e o cálculo miserable ou o crime horrendo (...)

(*Cartas a un señor*)

Virtude e miseria.

O necesario moral é o *cumprimento do deber na súa plenitude.*

O necesario intelectual é o *coñecemento do deber e mais do dereito, e dos medios de cumprilo primeiro e esixilo cumprimento do segundo.*

A situación do miserable, moralmente falando, é tan grave que non xa el, senón o filósofo moralista que o observa, dubida moitas veces se faltou ós seus deberes: porque en situacións que os fan tan difíciles que só se poden cumprir con esforzo heroico, ¿como esixilo seu cumprimento? E cando non se pode esixir en *absoluto*; cando non hai unha regra *fixa, invariable*; cando o censor máis severo ten que facer salvidades e concesións, ¿a onde chegarán estas? ¿Que criterio haberá para determinalas? E se o que esixe o deber vacila ó sinalar límites, ¿cales marcará o que ha de cumprilo? Non é preciso reflexionar moito sobre estas preguntas para comprender que envolven un grave problema para a conciencia e poden significar un abismo para a virtude.

Non hai dúbida de que certos deberes positivos do miserable dependen dos graos da súa miseria. Se non ten pan, non pode manter ós seus fillos, nin cubrirlle-los corpos espidos de carecer de vestido, nin ensinarlles se non sabe nada, nin darlles exemplo de palabra e accións honestas, el, que aprendeu a falar entre blasfemias e obscenidades e medrou na impudencia *inevitable*, que se *contrae*, coma as escrófulas, nesas habitacións onde viven e dormen amoreados nenos e vellos, homes e mulleres (...)

(*El pauperismo*)

Deberes e dereitos.

Deplórase, e con motivo, que haxa masas que non teñan a plenitude dos dereitos; pero hai outra cousa moito máis deplorable, e é que haxa milleiros de homes que, *sen ser malos nin estar tolos, non teñan a plenitude dos seus deberes*. Isto é tan doloroso, tan grave, que os que non o ven, ou o miran sen temor nin dor, están ben lonxe de mira-las cousas en razón e en conciencia.

A falta de dereitos, se non se gradúa moito, pode deixar íntegra a parte esencial do home; pode quedar aínda nel bastante coñecemento e enerxía para protestar, para reclama-lo que se lle usurpa; pode reaccionar exterior, ou alomenos interiormente, e salvar, se non o seu dereito, alomenos a súa conciencia e maila súa dignidade. A tiranía que se coñece e se aborrece, e contra a que se fai canto é posible facer, pode oprimir, pero non humilla, e da xeración que a aborrece nace infaliblemente outra que a derruba. Pero ¿que vai ser do home se, en lugar de se ver *privado* de dereitos, vese *exento* de deberes? (...)

(*El pauperismo*)

Atonía moral.

De tódalas miserias, e Deus sabe cantas se ven e se senten, ningunha aflixe tanto á persoa de corazón e conciencia coma a involuntaria miseria moral, coma estas existencias incompletas, ás veces fanadas, reducidas a tan poucos deberes que, coma pulmóns en gran parte descoidados, a penas poden respirar na atmosfera da moralidade.

Quen supoña que os deberes serán *máis* doados de cumprir cando sexan *menos*, está nun grave erro. Toda mutilación perturba, toda perturbación enfraquece, e a miseria moral é por esencia enervante. O home que non pode desprega-la súa natural actividade, que ve pechado para el este e aquel e aqueloutro camiño, ¿non é de temer que, no canto de ir polos poucos e dificultosos que lle quedan, se deteña abatido ou se tire desesperado por algún precipicio? Para o espírito, coma para o corpo, o que couta a acción menoscaba a enerxía. A medida que a imposibilidade de os cumprir diminúe o número dos seus deberes, vai enfraquecendo o home moral, e o seu decoro e a súa forza descende coa súa responsabilidade. Cando a penas ten máis ca deberes negativos, exposto está a non cumprir nin sequera os legais; e ó infrinxilos, as circunstancias atenuantes que o xuíz recto atopa na súa situación constitúen outras tantas probas do seu envilecemento.

Quen non *puido* valer á súa nai nin evitar que vivise na miseria e morrese no hospital, mal se prepara para facer polos seus irmáns todo o que pode e polos seus fillos todo o que debe; e cando se ve verdadeiramente impotente para atendelos, perde a autoridade de pai, e con ela o amor que inspira, e mesmo o

que sente; porque é ben sabido que o cariño verdadeiro máis se alimenta do que dá ca do que recibe.

Quen non pode guiar, nin valer, nin alentar ós que o necesitan; quen a penas ten cos seus máis ca relacións fisiolóxicas; quen, sendo novo, non ten aspiracións, nin, de vello, lembranzas que o eleven; quen non sabe o que é agradecer e respectar, nin inspirar gratitude e respecto, à criatura así moralmente mutilada na familia, ¿que pode ser na sociedade? En semellante atonía moral, ¿terá azos para salvar tódalas dificultades que se opoñen á mellora da súa situación económica? ¿Onde vai atopalo miserable enérxica vontade contra as múltiples resistencias que se lle apoñen para saír da miseria? ¿Terá recursos na súa intelixencia e a razón levará luz e vida a esa escuridade fríxida dun espírito inactivo, dunha moralidade fanada? (...)

(*El pauperismo*)

Miseria intelectual acompañada de miseria moral.

Non hai que acubillar esta esperanza, nin queda este medio de salvación cando a miseria moral vai acompañada da intelectual, que adoita estar máis graduada, porque a idea do ben e do mal fórmase máis facilmente e pérdese con máis dificultade cá do verdadeiro e o erróneo, sendo providencial que o *debido* se comprenda máis doadamente có *certo*. A conciencia, o sentimento, o exemplo, a opinión, a sanción legal, danlle ó miserable idea de deber, anque non sexa máis ca negativo; pero ¿onde atopará a idea de verdade? Unha boa acción, aínda a comprende; pero un bo razoamento pode ser para el tan inintelixible coma as palabras dunha lingua estraña que non aprendeu. O sabio non dá exemplo, senón lección; quen non a aprende, pasa ó lado del coma un cego que toca unha luz. As academias, os museos, as tribunas, as cátedras, os libros, tantos medios como hai de adquirir e difundir coñecementos, todo é inútil para o que está mergullado na miseria do entendemento. Nin a arte nin a ciencia teñen voces para chegar a el; ignora as leis do mundo físico, coma as do mundo económico, e sabe tan pouco das que rexen o seu propio ser, coma daquelas que determinan a marcha dos astros. A natureza activa do home empeora aínda máis a situación do miserable intelectual, porque, ó non lle permitir estar en completa inacción, o resultado dos seus movementos é o paso da ignorancia ó erro. O seu entendemento non pode permanecer tan aletargado coma o do salvaxe; a civilización tende a espertar coas súas innumerables voces, que soan confusas e abouxadoras, nunca con acordes harmoniosos, o seu espírito mal preparado para recibilas (...)

(*El pauperismo*)

O ocio deprava.

(...) Non existen xa as falanxes de ociosos que hai cincuenta anos se ocupaban só en consumi-las súas rendas. É hoxe cousa ben rara que o home máis adiñeirado permita que os seus fillos estean completamente ociosos e non os faga traballar estudando algunha cousa. Empeza a ser mal visto e pouco apreciado o rico que non segue ningunha carreira ou doutro modo se ilustra, é dicir, que non fai nada. Este cambio na opinión e nos costumes vimos como se producía en poucos anos, e tamén como desaparecía ó diminuí-lo desprezo con que se miraban certas ocupacións. O número dos ociosos decrece rapidamente: é unha verdade consoladora; pero non se pode intentar que desaparezan nun momento, xa porque as sociedades non cambian os seus costumes como as decoracións dos teatros, xa porque é difícil que a santa lei do traballo non teña ningún infractor.

Vago, ante a lei moral, é todo o que, podendo, non traballa. Eu pregunto ós ricos: ¿Non hai máis vagos cós ociosos *sen modo de vivir coñecido*? Eu pregunto ós pobres: ¿Non hai máis vagos cós señores que non traballan? ¿Non infrinxen a lei moral tanto o ocioso adiñeirado coma o mendigo que, podendo traballar, anda a pedir? A inmoralidade da folganza non é exclusiva de ningunha clase; todas teñen no seu seo individuos que as honran pouco, consumindo sen producir, e o lacazán que vai en coche é máis visible, pero non sempre é máis culpable, có que implora a caridade pública.

A opinión debe retira-lo seu aprecio a todo aquel que, grande ou pequeno, rico ou pobre, non traballe, e as leis deben persegui-la ociosidade indirectamente, que é como poden perseguila por regra xeral, alomenos polo de agora (...)

(*Cartas a un obrero*)

Distingui-la vontade de Deus da perversidade humana.

(...) A dor vén de Deus coma unha lección, e coma unha proba; pero a dor sen resignación e sen consolación, sen utilidade para a perfección do que a sofre e do que a alivia, é obra da perversidade humana. Un mal sen ningunha mestura de ben non vén nunca de Deus, afirma-lo contrario é unha necidade ou unha blasfemia, e todo o que non vén de Deus, quer dicir, que non está na natureza das cousas, pódese variar e variase. Cada día parece máis absurdo, e máis débil, ese fatalismo egoísta que proclama como inevitables as dores para non pasa-lo traballo de evitalas (...)

(*La beneficencia, la filantropía, la caridad*)

A relixión mal comprendida.

(...) Son as fillas as que adoitan aproveita-lo ensino da relixión; pero os varóns, desque deixan de ser nenos e empezan a respirar nunha atmosfera de impiedade e escepticismo, contáminanse con el e, lonxe de preservalos do terrible andazo a autoridade e consello do pai, este, co seu exemplo, contribúe a que miren con desprezo todo sentimento relixioso, considerado, o mesmo có coidado doméstico, propio só da muller. A muller aflíxese da impiedade do marido e dos fillos; os fillos e o marido rin das crenzas da esposa e da nai, e este desprezo pasa en maior ou menor cantidade, pero pasa sempre, á persoa. Non habendo harmonía nas ideas, non a hai nas accións; as consciencias sepáranse, os espíritos enfróntanse, e a razón sen piedade e a piedade sen razón, acrecentan os seus mutuos agravios e conducen a faltas graves e a fondas dores. O fogar doméstico, repito, é o primeiro santuario; o corazón que alí non sentiu a Deus, non adoita ter eco para as voces que se erguen no templo (...)

(Cartas a un obrero)

A familia, primeira escola de moralidade.

(...) Moral é o home que comprende o que é xusto e quere realizalo; pero resulta que sen certa cantidade de amor, nin se comprende a xustiza, nin se ten vontade de facela. Se se observan os pobos e os homes, repararase en que os que non aman son duros, crueis e, xa que logo, inxustos. Cando non se ve ó home coma un irmán, estase moi preto de velo coma un inimigo, co que a xustiza humana non é obrigatoria. ¿Desde cando os inimigos declarados, os que están en guerra, teñen dereitos mutuos? Desque se aman durante a paz. O ben que os homes se fan, o respecto que se inspiran, a xustiza á que se cren obrigados, a súa moralidade, pódese medir polo amor que se teñen. A familia, fonte de amor e de sacrificio, éo, polo tanto, de moralidade. O neno tributará un día ós fillos o amor que recibiu dos pais, e imporase privacións e sacrificios coma aqueles que por el se impuxeron os autores dos seus días. A lei de amor escríbese en van se non se pón en acción. Sendo amado e amando, apréndese a amar; sentindo, edúcase a sensibilidade; vendo a abnegación e recollendo os seus froitos, apréndese a vence-lo egoísmo, e o deber entra nos hábitos da vida, infiltra-se nela e cúmprese, sen reparar nel, coma cando se respira. As familias onde os deberes se esquecen, onde non hai moralidade, son aquelas nas cales os individuos non se aman: non se cometen faltas cos que inspiran cariño, ou, unha vez cometidas, repáranse de contado.

Se o crime tivese xenealoxía coma a nobreza (e tiña máis conta buscarlla), veríase que eses homes duros e perversos, inmorais en alto grao, veñen

de xeracións que se suceden sen teren na familia sentimento de amor e espírito de sacrificio.

E cando falta ese foco de amor e de abnegación que se chama familia, ¿cal será a escola e o apoio da moralidade? Os millóns de nenos educados polo Estado, sen pais que os amen, sen pais ós que amar e respectar, ¿como educarán o seu corazón, que non se pode educar non sendo polo sentimento?

O que crea que o deber e maila virtude apréndense como a física e as matemáticas lendo un libro ou escoitando ó profesor, equivocada idea ten do espírito humano e das condicións que necesita para acadala virtude e o deber. A educación científica pode ser colectiva; a educación moral ten que descender ó individuo, ou non é educación; o neno sen familia que forma parte da enorme masa de alumnos que o Estado educa, ¿de quen recibirá esas leccións que se dan en forma de cariño? ¿Como penetrará na súa alma o sentimento que a ningún inspira e o espírito de abnegación que ninguén por el ten? Suprimida a familia, os homes amaríanse menos, serían máis egoístas e duros, e co seu egoísmo e a súa dureza medraría a súa inmoralidade; isto é evidente para todo o que entenda algo de moral, por pouco que sexa.

Tratando da familia, non é posible deixar de facer mención do que se chamou o *amor libre*, co que se pretende substituíla. ¿Que é o amor libre? Para uns, o desenfreo absoluto dos costumes, a prostitución xeneralizada, o comunismo aplicado ás relacións dos sexos. Segundo outros, isto é unha calumnias ou unha mala intelixencia; o amor libre como eles o entenden, como se debe entender, é unha especie de matrimonio que dura todo o tempo que os conraintes teñen vontade de permaneceren unidos; *mutuo consentimento*, esta é a lei, a única lei que debe rexer sobre a materia (...)

(*Cartas a un obrero*)

O pobre ten tamén sensibilidade.

O descenso da temperatura, que para nós significa aumento de roupa, é para o pobre aumento de mágoas, que soben a medida que baixa o termómetro; a súa temperatura *mínima* é o sufrimento *máximo* para milleiros de criaturas. Non pensamos nelas; no presuposto de inverno entran as peles, o veludo, cando menos a lá e o algodón do mesto entreforro; entra a alfombra e o *portier*, o combustible para a cheminea, a manta e o edredón para a cama, etc., etc.. E para os pobres, ¿non haberá ningunha partida? ¿Vainas dictar todas o noso egoísmo e ningunha a nosa bondade? ¡Tan presente todo o que pode contribuír ó noso ben, tan esquecidos os males do que sofre na miseria! ¡Tanta disposición para evita-las molestias propias, tanta indiferencia ó considerármolas

mágoas alleas! Pero non as consideramos, e velaí o mal. Non somos tan perversos que, reflexionando, comprendendo todo o que padece o pobre por falta de abrigo, tendo presente a súa situación, non porcurásemos aliviala; pero o noso pensamento está lonxe da súa desventura; vivimos atordados, sen examinarmos a conciencia os nosos deberes, nin os nosos merecementos, nin as nosas faltas; non analizámo-las nosas accións o bastante para ver canta dureza hai no esquecemento das penas que podemos consolar, e canta culpa en xulgarmos que os bens de fortuna non nos impoñen outro deber que atendermos con eles ás esixencias do noso egoísmo. Crémonos *formais* porque non temos débedas cos nosos provedores e facemos con exactitude o traballo da nosa profesión ou oficio, cando no fondo somos ben *lixeiros*, xa que recibímo-lo código dos nosos deberes dunha *rutina corrompida*, no canto de llo pedirmos á nosa pura e ilustrada conciencia; e débedas temos e acredores polo valor de todas aquelas boas intencións que, podendo, non fixemos. Témonos por *bos* porque as nosas accións non son das penadas polas leis escritas, sen reflexionarmos no que a lei moral esixe para non nos condenar, e qué minguada idea ten de si o que se figura que cumpriu coma quen é porque non pode ser condenado a presidio (...)

(*Artículos sobre beneficencia y prisiones*)

Os pobres móllanse cando chove.

Como xa lle dixen a vostede, Sr. D. N..., podería multiplica-los exemplos de persoas boas en alto grao que, por non ter educadas as súas facultades afectivas e suficientemente exercitados os seus principios de fraternidade, non se decatan das graves faltas que cometen. Se ningún xinete que coñeza as regras da equitación só de memoria, pode gobernar un cabalo ou manterse firme enriba del, ¿por que imos crer que hai un home verdadeiramente humano, se non ten máis ca sentimentos bos e principios humanitarios, sen aquel exercicio que fai obrar espontaneamente, como se con madurez se reflexionara?

Non é cousa dun día, nin dun ano, nin de moitos, facer que se *cultive* a compaixón, como se cultivan as ciencias e as artes; pero vostede podería indicar unha boa dirección, e mesmo achazar algúns metros nese camiño que seguirá a humanidade, se, como espero e desexo, non andará sempre descañada.

Os pobres móllanse moito cando chove; e aínda que adoitamos dicir que *esa xentiña* se afai a todo, non é certo. Os pobres chegan ó costume, que se chama segunda natureza, coma os soldados á brecha, deixando no camiño moitos camaradas. Non vémo-los que caen e declarámo-los invulnerables, o cal

é moito máis doado que proporcionarlles armaduras. A fraternidade non pasa dos beizos, e, se penetra un pouco no entendemento, rara vez chega ó corazón e se converte en accións conformes a ela.

Se estudiásemo-la vida íntima dos homes, ¡quen podería adiviña-las súas opinións polos seus feitos! ¡Duro labor! ¡Primeiro aprender a pensar recto; despois, aprender a practicalo que se pensa! E é o peor do caso que a humanidade só pode eleva-las súas teorías a medida que mellora as súas prácticas, que fai a un tempo a viaxe e o camiño, e que precisa barrenar moitas rochas e acugular moitos abismos antes de chegar a esas alturas desde onde se pode ver se a dirección vai errada (...)

(Artículos sobre beneficencia y prisiones)

Os visitantes dos pobres.

Se cando visitamos ó pobre non levamos un espírito de humildade razoada e sentida, o noso orgullo notarase sen que nós nos decatemos. Non debemos te-los aires dun gran señor que se permite baixar da súa esfera, nin do xusto que tolera os defectos do peccador, senón dun irmán que, acomodado pola Providencia en situación máis avantaxosa e apesarado porque o seu irmán non a poida compartir, quere valelo e alentalo.

Entremos dentro de nós mesmos antes de entrarmos na casa do pobre, e preguntémonos: ¿Que somos? ¿Que fixemos para merecérmo-la nosa posición, a nosa riqueza, os nosos honores? ¿Que fixemos para evitármo-las desgracias ou os extravíos que deploramos noutros? ¿Que nobre emprego demos á nosa intelixencia, á nosa riqueza, ó noso poder? ¿En que grandes loitas triunfou a nosa virtude? ¿Que grandes sacrificios fixemos por aqueles ós que acusamos? ¿Que sublimes exemplos demos ós que intentamos corrixir? ¿Que mérito temos por non caer en faltas que nin sequera nos poden tentar? Se tal nos preguntamos no silencio das nosas acougadas paixóns, se respondemos na sinceridade da nosa conciencia, ¿quen entre nós ousará ergue-la man para arrebola-la pedra do seu desprezo e da súa carraxe contra os míseros, que se Deus os colocou tan abaixo foi só para que nós os ergueramos? ¿Quen tan inchado de felicidade, que crea merela?

Tódalas circunstancias que ó noso ver nos elevan sobre o pobre son puramente accidentais. A nosa fortuna constitúe o noso mérito, e só de raro en raro podemos reclamar outro máis có uso que fagamos dos seus dons. ¿E quen de nós ousará reclamálo? ¿Quen hai tan cego que ouse dicir a Deus ou ós homes: «Eu fixen todo o ben que podía facer, eu evitei todo o mal que estaba de min

evitar»? ¿Quen hai que non sexa xustizable dalgunhas destas dúas grandes faltas: encher uns ollos de bágoas ou non as enxugar?

¡Cantas causas atenuantes para as faltas do pobre! ¡Cantas agravantes para as nosas!

Desde nenos aprendemos a coñecer, a temer e a amar a Deus. As nosas facultades edúcanse, os nosos bos instintos reciben expansión sendo coutados os malos. Temos nocións exactas do xusto e do inxusto; ós nosos ollos aparece o vicio en toda a súa fealdade, a virtude en toda a súa beleza. Daquela, se todo tende a nos elevar ¿como é que descendemos tanto? ¿Como, entrando nos combates con tantos elementos de victoria, sucumbimos tantas veces? Perante o tribunal da divina xustiza, a nosa causa terá máis difícil defensa cá *desa xentíña* obxecto da nosa caridade, moitas veces desdeñosa. Pensamos que a prosperidade se transforma facilmente en cego orgullo; que, moi dispostos para esculcar se somos merecentes da nosa mala sorte, recibímo-la boa como se nos fose debida. Para entrarmos na casa do pobre con humildade de corazón e de intelixencia, investiguemos se no seu lugar nos comportaríamos mellor ca el e, en vista das súas faltas, dos seus vicios, se cadra dos seus crimes, preguntémonos: ¿Se nós fósemo-los que debiamos ser, os pobres serían o que son?

(*El visitador del pobre*)

Unha das cualidades que debe te-lo visitador do pobre.

As cualidades necesarias para visitar con proveito ó pobre, resúmense todas nesta docísima verba: *caridade*; mais, a caridade como a define San Paulo, a que non se ensoberbia, non é ambiciosa, non é cobizosa, non procura proveito, non rebenta coa ira, non é malpensada, non goza na iniquidade senón na verdade; a que é paciente e benigna, a que todo o atura, todo o cre, todo o espera, todo o soporta; a caridade que endexamais fenece.

Velaquí o divino ideal da caridade que realizaron os grandes santos, o modelo de perfección que debemos ter sempre á vista, para nos achegarmos a el no posible.

Hai pobres dos que temos moito que aprender, que nos dan exemplo das difíciles virtudes; outros precisan leccións, precisan auxilio, para non perderen o bo camiño, ou socorro para volveren a el. Velaquí os medios para gañármolo seu corazón

Dozura.— O visitador do pobre ha ter unha inesgotable dozura; a súa misión é toda de paz e de amor; a violencia non o conducirá nunca a resultados avantaxosos. Poderá intimidar ós que quere corrixir, poderaos obrigar a que teñan a aparencia das virtudes e alentelos conforme as súas miras; mais a

emenda verdadeira só se acada mediante a persuasión. Para que o pobre nos crea, cómpre que se convenza de que o amamos, cómpre que nos ame: el, máis ca ningún outro, antes que ás razóns atende a quen as di.

O noso grande argumento, o que debe servir de base a tódalas nosas exhortacións, é o convencemento íntimo que teña o pobre de que todo o que lle dicimos está alentado polo vehemente desexo do seu ben espiritual e temporal: todo está perdido se ve o noso amor propio ou as nosas paixóns a través da nosa débil caridade. Anque teñamos que ser severos co pobre, porque así o esixa a xustiza, a dureza que poida haber no fondo da nosa resolución non debe chegar nunca á forma (...)

(El visitador del pobre)

O respecto á conciencia do preso.

(...) O mesmo que o visitador fatalista non establecerá na prisión cátedra de escepticismo, o crente non será misioneiro; aquel lugar non é o axeitado para a propaganda relixiosa; e é máis doado que haxa alí hipócritas ca conversos. Sen nomea-la relixión, o visitador observará con moito coidado todo o tocante a ela, e por esta observación perseverante e cautelosa saberá se o recluso é radicalmente irrelixioso ou se, no fondo, conserva os elementos da relixión, dalgunha relixión. No primeiro caso debe renunciar á súa conversión; a predicación sería non só inútil, senón prexudicial, porque rebaixaría ó visitador no concepto do preso; os que non cren pagan en desprezo a xenreira que contra eles adoitan te-los crentes; mutua e moi xeral inxustiza. O recluso, espírito *forte*, cualificará de crédulo ó crente; considerarase neste asunto moi superior a el, e cómpre que en ningún concepto se atribúa ningún xénero de superioridade.

Cando a irrelixión non ten fondas raizames, sen gran dificultade, con xeito e paciencia, vanse levantando as capas que agochan o fondo relixioso; unha lembranza, unha esperanza, un exemplo; a nai que viviu ou morreu rogando a Deus que, entre os salaios que interrompen a oración que lle aprendera de neno, mire polo seu fillo preso, sexa o seu valedor para a emenda; a irmá piadosa que o levou no colo e aprendeuno a andar; a esposa que non sabe responder cando os seus fillos preguntan polo pai e, fincándoos de xeonllos, apréndelles a pedir ó Noso Señor que llelo devolva pronto; o amigo que permaneceu forte na fe e no respecto á lei; o compañeiro que morreu arrepentido e resignado e coa esperanza doutra vida mellor; todas estas cousas, ou algunhas delas, poden acorda-lo sentimento relixioso adurmiñado no fondo da alma do preso. Ás veces unha

alegría inesperada dispoño a lle dar grazias a Deus ou, aflixido, a pregar por culpa dunha aguda dor (...)

(*El visitador del pobre*)

A un señor.

Moi señor meu: Este traballo, que leva en primeiro termo o título de *Cuestión social*, ben podería te-lo de *Cuestión moral*, e é o que lle tería dado, sen o temor de que o nome dese unha idea equivocada da cousa. Se en tódolos países a cuestión social é cuestión moral en gran parte, no noso moito máis, porque a inmoralidade ten proporcións que en poucos acada, e porque se os señores se moralizasen, resolveríase, ó meu ver, o problema social respecto ós pobres. Os máis deles son, entre nós e habendo quen os leve, resignados, submisos e dispostos a se deixar guiar polo bo camiño (...)

(*Cartas a un señor*)

A xustiza ben entendida.

(...) A índole da xustiza é moi diversa: como aquel heroe da fábula que esgotaba as súas forzas na loita e recuperábaas tocando a terra, a xustiza precisa tocar moi a miúdo no íntimo do noso ser moral. A xustiza, aínda que se espalle e difunda e se comunique e se irradie sobre a sociedade, infundíndolle calor e vida, non tardaría en sufrir alteracións fundamentais se non se repregara por intervalos no fondo da nosa alma. Para ser caritativo hai que saír moito fóra de si; para ser xusto hai que entrar moito en si mesmo; porque a primeira, a indispensable condición para vulgar ben ós outros, é non vulgarse mal a si propio. A medida que aplicamos ós demais, alóngase e acúrtase, defórmase na nosa man, e necesitamos continuamente rectificala, mergullándoa nas profundidades da nosa conciencia.

Aínda que sexa de paso, advertiremos que isto non quere dicir que haxa entre a *caridade* e a *xustiza* ningún xénero de oposición e antagonismo; pola contra, son dúas cores dun mesmo raio de luz, que non se descompon a non ser que pase a través do noso ser imperfecto (...)

(*Artículos sobre beneficencia y prisiones*)

Caridade e xustiza.

En Deus concibimos que a xustiza é caridade e a caridade xustiza; nos homes, conforme son mellores e procuran achegarse á perfección do Pai Celestial,

sepáranse menos a caridade e maila xustiza; e mesmo as sociedades, conforme progresan, teñen por xustas legalmente e son esixibles pola lei cousas que en tempos máis rigorosos pertencían ó ámbito interno, á esfera moral e á xurisdicción da conciencia. Así, pois, temos: Ideal de perfección, Deus, a caridade, quer dicir, o amor e a xustiza, confundidas.

Perfección maior ou menor no home, medida pola diverxencia que nel teñen a caridade e maila xustiza. Conforme o home é máis virtuoso, que tanto quer dicir máis perfecto, pón máis atrancos ó seu egoísmo, que é dar azos á súa caridade; considérase con menos razón para recibir servicios sen prestalos; mira como deberes actos que os menos avanzados no camiño do ben teñen por de pura gracia, e, en fin, tende a confundir máis e máis a esfera da caridade e da xustiza: esta indicación, malia ser breve, abondará para probar que é unha mesma a súa esencia, que a perfección consiste en non separalas, e que se parecen opostas é porque o erro e as paixóns baixas arrédanas, chegando mesmo a blasfemar que pode haber entre elas hostilidade.

Pero en tanto que a caridade e a xustiza non se confunden, mentres non son unha mesma cousa, é de lei moral que a primeira necesite derramarse en expansión simpática, e a segunda concentrarse a miúdo en análise reflexiva. Como xa dixemos, a primeira, a imprescindible condición para sermos xustos cos demais, é sérmolo con nós mesmos; sabérmo-lo que lles debemos e o que nos deben, o cal non se pode conseguir sen axustar contas con nós mesmos. Non as axusta a caridade, non as necesita, porque non obra por cálculo, nin se inqueda porque a algún lle falte ou a ela lle sobre; pero a xustiza, non infinita coma a de Deus, senón limitada coma a dos homes, é máis mesquiña conforme eles son máis ruins; a xustiza, como mercadoría de gran prezo pesada en rústica balanza, precisa continuas rectificacións e correccións de cálculo para non dar en erro de consideración e en grave perda (...)

(Artículos sobre beneficencia y prisiones)

A liberdade nas prisións.

A esta vontade, que libremente resolve no interior, hai que lle deixar en todo canto sexa posible manifestacións exteriores, porque se o penado non é máis ca un autómeta movido polos resortes da disciplina; se bate sempre contra imposibilidades materiais; se o método que se lle aplica ten por obxecto domeña-la súa vontade, non dirixila nin exercitala, ou este obxecto non se

acada, ou se debilita o elemento que se debía fortalecer é porque o home é tanto máis perfecto, canto as súas volicións son máis enérxicas e máis rectas.

O que botou anos entre as paredes dunha cela na imposibilidade absoluta de realizar ningún propósito bo nin malo, ¿como, o día en que se vexa libre, resistirá á tentación coa súa vontade enfraquecida, nin se compracerá no ben que non practicou libremente e fixo, polo tanto, como un labor mecánico? O espírito do home, libre por esencia, non pode ser escravizado sen o desnaturar, sen o depravar; e anque o do penado, en certo modo enfermo, precise un réxime especial, non preternatural, débenselle deixar tódalas manifestacións libres compatibles coa coartación da liberdade que o abuso dela fixo necesaria. Do mesmo xeito que no cativerio material non se lle prohibe o movemento do corpo, procurando incluso que o exercite para non enfermarse, cómpre deixarlle ó seu espírito unha esfera de acción suficiente para que, inactivo, non se asemelle a eses paxaros que, esnefrándose contra as reixas da gaiola que non poden romper, caen ensanguentados e exánimes (...)

(Estudios penitenciarios)

Mergullándose no inconsciente.

(...) Se todo o que esencialmente constitúe o Eu dorme ou soña á vez, ¿por que esas discordancias dos soños e esa mestura de razón e de absurdo, de ilusión e de realidade, como se unha parte do espírito durmido deixase á que vivía en desequilibrio, e faltando harmonía e regulador, resultasen todos eses movementos desacordes? (...)

(...) Se o Eu é persistente no que esencialmente o constitúe, ¿é responsable do que pensa, quere e fai en soños? ¿Non, ou si? ¿Por que si e por que non?

Velaquí algunhas das moitas dúbidas que se ofrecen sobre os soños, máis doados de presentar ca de resolver. Nin vontade nin forza temos para intenta-la súa resolución, e só as expoñemos porque, anque indirecta e remotamente, algo contribúe a vencer un obstáculo o que fai algo para que se coñeza en todo o seu poder (...)

(...) Un dos soños que máis nos chamaron a atención, e non dubidamos da súa certeza nin exactitude porque o soñou unha amiga nosa, persoa moi verídica e ilustrada, e a quen enviamos unha lembranza e o desexo de que atope alivio na súa longa doenza; este soño, dicimos, consistiu en que, a que soñaba, imaxinaba que se convertira en *peseta*. No peto do chaleco dun cabaleiro foi ó teatro, e sendo (o mesmo que estando esperta) moi afeccionada ás representacións dramáticas, porfiaba en saír do peto para ve-la comedia, cousa que non

foi quen de conseguir. Ó remata-la comedia, caeu do peto do seu portador á escaleira, onde tremeu co medo de que a esmagaran.

Aquí admiran principalmente dúas cousas: o trastorno tan completo de ideas para concibir e transforma-la existencia nun pouco de metal labrado, e o persistente do Eu, a través de transformación tan estraña, que debía aniquilalo, conservando os seus gustos, como o proba o desexo de ve-la festa e o instinto de conservación, ou alomenos o de fuxir da dor, xa que *temía ser esmagada*. Repetimos que a psicoloxía podía ensinar moito neste fenómeno dos soños e, de estudialos ben, aprender moito (...)

(Artículos sobre beneficencia y prisiones)

Outro soño.

Outra señora soñou hai tempo que se miraba ó espello, aviada para o último baile ó que asistira, chea de encaixes, de riquísimos tecidos de seda, de perlas, de pedras preciosas, compracéndose na súa fermosura e elegancia. Botou así un tempo, alegre e satisfeita, ata que detrás da súa imaxe escoitou unha voz que dicía palabras e viu unha man que sinalaba cousas que non lembraba, pero que debían se-las xustas para lle producir unha triste impresión porque, ó acordar, estaba como apesurada polas cousas que en soños vira e escoitara. ¿Cales serían?

Alguén que a escoitaba quixo interpretar aquel soño; afirmou que o interpretaría ben, e que aquela voz que pronunciara as palabras que ela non lembraba, dixera:

«¡Muller! O increíble valor deses encaixes supón un traballo inmenso e mal-sán e son obra de mans primorosas e debilitadas por ese sedentario labor, que ten condicións malas para a saúde; peores son aínda as da fabricación do dourado marco e soportes do espello no que te miras, xa que o seu azougue non se tirou da mina sen que enfermara o obreiro. Esas sedas que te cobren cos seus ricos brocados e abraiantes cores, a causa dos fortes dereitos que pagan nas alfándegas, introducidas de contrabando, custaron unha loita na que foi vencido o contrabandista, que hoxe está preso. Esas perlas, pescadas no fondo do mar, valen a saúde e acurtan a vida do pescador, que por calquera incidente a perde. Eses brillantes aliciaron a cobiza do débil, ó que volveron delincuente; a vaidade da muller honesta, que por eles foi leviá, empeñando a honra do home que por compralos prevaricou. De poder contala, a súa historia horrorizaría polo

seu brillo e comparárase ás bágoas de alegría choradas por algún espírito do inferno ó contemplar satisfeito as almas que condenara».

«Ti, muller lixeira e insensata, loces satisfeita traxes, gornicións e xoias, dando pábulo ó que debías sufocar, valor ó que non o debía ter, e exemplo de como se goza, sen remorsos, de bens que non se poden acadar non sendo á forza de moitos males. ¿Para que se enfrontou á lei o contrabandista, enfermaron o que manexa o *albaialde*, o que extrae o azougue, o que pesca as perlas? ¿Para que serven esas pedras sendo tentación perenne de mans cobizosas e consciencias pouco firmes? Para que ti alimentes un miserable amor propio; para que, no canto de adornares a túa alma, atavíe-lo teu corpo, establecendo, en lugar do culto da virtude, a idolatría da riqueza; para que acrescente-la febre do luxo, as rivalidades desenfreadas, as aberracións deformes, e todo ese movemento vertixinoso en que cegamente se arrastran e se atropelan as cousas santas; para converter unha criatura que podía ser boa, elevada, intelixente, nunha caste de manequín que ten corda para se mover de seu, saír do escaparate e percorrer salóns co rabo a rastro e abaneando o redondeado arremedo de cabeza...»

«¡Escoita! Os graos de perversión non se marcan pola moita perversidade dos malos, senón pola pouca bondade dos bos. ¿Onde está a virtude dun pobo cando ti mesma te tes, e te teñen, por virtuosa? Pensas que non hai máis orxías cás da lama e a luxuria; entras sen reparo nas da vaidade; na túa man está a copa que se enche e se baleira sen acougo, imbando grolo a grolo o que podía se-la felicidade de vinte familias desventuradas, sen que a túa sede hidrópica se apague. Con rasos e veludos, e encaixes e plumas, e ouro e pedrería, ergueches un muro impenetrable ós laios da miseria que causas (...)

(Artículos sobre beneficencia y prisiones)

A resignación.

A resignación non é fatalismo nin quietismo; a resignación é paciencia, que economiza forza; calma, que deixa ve-los medios para remedia-lo mal ou minoralo; dignidade, que se somete por convencemento.

Na resignación pode e debe haber actividade, perseverancia, firmeza para procurar remedio ou consolación ás dores; pode e debe haber todo o que lle falta á desesperación que se atoa e se axita en convulsións que, despois da violencia, levan á doca. Unha muller comparou a dor cun vestido con espiñas no forro. Se os movementos daquel a quen cingue son suaves, pódeo levar sen gran

dano, e mesmo quitalo a modiño; se son violentos, espíñase, ensanguéntase, sofre dun xeito cruel. Non se pode dicir nada máis exacto.

¿Viches algunha vez enfermos que se resignan e enfermos desesperados? Daquela enxergaría-la especie de afastamento e de horror que causa aquel que desespera, e canto interese, mágoa e respecto inspira o que se resigna. Para o que nada cre, a desesperación é lóxica mentres haxa dor. E el ¿por que para quen a ve, crente ou non, a desesperación é noxenta mentres a resignación é simpática? Isto hache facer cavilar..

A resignación é unha necesidade para os individuos e para os pobos; qué-roche dicir como é que a entendo eu. É, ó meu ver e de seres crente, como desexo, a *conformidade* coa vontade de Deus; ou, de non creres, coa forza das cousas; é *nos males a conformidade que exclúe a violencia e deixa serenidade e forza para lles procurar remedio ou consolación.*

Se cadra figúrate, ó chegares aquí, que falo dos teus males *de memoria*. Aínda séndome desagradable de vez falarche de min, pódoche asegurar de certo, para que non me recuses por incompetente, que sei por experiencia o que che digo; que sei o difícil que é a resignación nalgúns casos, e o necesaria que é en todos (...)

(*Cartas a un obrero*)

A caridade ten que pasar de consolación a remedio.

A caridade é a xustiza no amor, e o amor na xustiza; pero en toda a súa pureza e elevación inspira a moi poucos e de tal xeito que, sen outro valer, sexa remedio de grandes males, que non han atopar sen ela nin con ela soa. Se cómpre que a razón, o dereito e o deber teñan unha parte esencial en tódalas reformas que han dar por resultado a mellora da situación dos pobres e a diminución do número de miserables, non é menos certo que a todos ou ós máis deles debe concorrer-la caridade; quer dicir, aquela cooperación voluntaria e desinteresada que fai un don calquera en beneficio alleo; este don poderá ser tan pequeno coma unha moeda de cobre, tan grande coma o risco ou o sacrificio da vida, pero terán en común a espontaneidade e o desinterese: unha suma, e grande, destes impulsos espontáneos e desinteresados que se revelan por obras, é necesaria para todo verdadeiro progreso, que consiste en diminuí-las maldades e as dores.

Con todo, a caridade que en certa medida é cooperadora necesaria en toda grande obra social, que no fondo ten sempre a mesma divina esencia, na forma pode variar, e precisao, segundo as circunstancias daqueles ós que se congrúa. En épocas de grandes maldades, de grandes tiranías, de opresións abafantes

en que o dereito aparece case sempre esmagado pola forza, os homes, sen esperanzas de triunfar sobre a desgracia, acéptana como base do organismo social; a *resignación* é a primeira das virtudes, e a consolación a única forma da caridade. A desventura aparece omnipotente, imposible evitar que faga deitar infinitas bágoas; todo o que poden face-las mans piadosas é enxugar algunhas.

Sabemos que a dor non se pode suprimir, que a resignación é necesaria; pero recoñecendo esta verdade, que non deixa de ser elemental porque algúns a neguen, tamén é ben certo que o imperio da dor débese coutar no posible e que a resignación non debe ocupa-lo lugar da esperanza. Que o home sufra resignado tódolos males inevitables, pero que procure reduci-lo seu número, e que a caridade, que non era máis ca *consolación*, tome en canto sexa posible a forma de *remedio*. Esta é a transformación que cómpre, iniciada en parte, e que debemos apurar.

(*El pauperismo*)

A caridade enxuga as bágoas e esfórzase para que non se vertan tantas.

(...) Este é o carácter propio da caridade de hoxe; que non prescinda de enxuga-las bágoas, pero que se esforce para que non se vertan tantas; que sosteña hospitais, pero que procure que sexan poucos os que precisen ir a eles; que visite ós presos, pero que eduque e moralice para que sexan poucos os que infrinxan as leis; que mire pola muller pecadora, pero que auxilie á que está pura para que non caia no pecado. A caridade de ontes era a da resignación; a de hoxe é a da esperanza.

O home caritativo de hoxe ten unha misión máis elevada, porque non debe mirar ó obxecto dos seus beneficios como un ser pasivo que hai que consolar, senón tamén como un ser activo que hai que modificar; non abonda humildemente baixar onda el, é preciso soerguelo; non abonda con lle da-lo nome de irmán polo amor de Deus, cómpre fraternizar con el polo amor do home; estes dous amores son toda a lei.

Se aplicáramos á consolación e ó remedio dos males sociais a linguaxe da ciencia que se ocupa dos males físicos, diríamos que, se a caridade doutros tempos era esencialmente *patolóxica*, a dos nosos debe ser principalmente *hixiénica*.

Á compaixón polo ser que padece hai que uni-lo respecto á dignidade humana e, xa que logo, preferi-lo socorro a domicilio; dála deste xeito sempre que sexa posible, no canto de patrocinar aglomeracións onde os *individuos* se converten en *números*; onde se xunta cos que non se pode unir e onde, coa per-

sonalidade, se perde o decoro. Abofé que neste eido, anque menos ca en calquera outro, pódense introducir rápidas e radicais reformas; que non se salta do pasado ó porvir sen atravesalo presente; pero, alomenos, que se empece a comprender e a practicar na medida do posible (...)

(*El pauperismo*)

Deus, o gran descoñecido.

(...) Digoche Xoán, e digoche verdade, que, ó escribir estas liñas, escórreganme as bágoas que tornan a luz dos meus ollos pero non a do meu entendemento, chegando mesmo a trabuca-las cousas, de xeito que vexo medra-lo pauperismo ó tempo que aumenta a prosperidade das nacións. O tal feito poderá ser certo, se cadra, nun momento da historia, nun país determinado e por circunstancias especiais, pero de ningún modo é un feito xeral, e menos aínda unha lei económica.

Aflixámonos, si, aflixámonos profundamente, porque as desventuras da humanidade son grandes, pero non desesperemos na crenza de que son cada vez meirandes, porque daquela, ¿quen terá azos para traballar en combatelas? Baixo a man de Deus, e inspirado por El, mellora o home a súa sorte sobre a terra; pero as paixóns e os erros opoñen seguido atrancos á súa marcha, e por iso é o progreso tan vagaroso.

Baixo a man de Deus, digoche, e ti, se cadra, has replicar: ¡sempre Deus! Sempre, meu amigo. Non é por de máis que unha muller o invoque, o implore e o sinta, cando unha das intelixencias máis poderosas, e un dos espíritos máis rebeldes, Proudhon, dicía: «Estudiando no silencio do meu corazón, e ben lonxe de calquera consideración humana, o misterio das revolucións sociais, Deus, o gran descoñecido, veu ser para min unha hipótese, quero dicir, *un instrumento necesario de dialéctica*».

(*Cartas a un obrero*)

A relixión non consiste en fórmulas exteriores.

(...) Coido, cabaleiro, que Vde. comprenderá toda a importancia da relixión e, teña pouca ou moita para Vde., non terá a lixeireza de prescindir da que ten para os demais. A relixión enléanos por tódalas partes ó xeito da atmosfera na que vivimos e, o mesmo cás máquinas máis poderosas e apropiadas non conseguen o baleiro completo, a impiedade máis ousada endexamais será quen de extingui-lo sentimento relixioso que de tódalas mutilacións abrolla, como gromo inmortal de árbore eterna. O mesmo que o pulmón respira o aire que

o rodea, a alma alenta na idea de Deus; por ela compréndese, elévase e fortifícase; ela é luz nas tebras, norte na tempestade, forza no desalento, consolo na dor; ela, en fin, permite penetrar algo do terrible misterio da nosa existencia. O home non se pode explicar sen Deus, contradicción desgarradora ou divina harmonía.

Non tratamos de teoloxía, non imos discutir dogmas nin afondar misterios, e sexa cal sexa o modo de pensar e sentir respecto dun e doutros, convirá Vde. en que os homes que viven en sociedade, máis ou menos, mellor ou peor comprendida, teñen relixión, sendo esta, en consecuencia, un elemento social.

Por desgracia, este elemento non é entre nós o que debería ser; a relixión, por regra xeral, non se comprende nin se practica ben en España, onde é grande o número de persoas irrelixiosas.

A relixión non consiste en fórmulas exteriores, en prácticas case mecánicas, en palabras das que se ignora ou se esquece o sentido, en preceptos que verbalmente se respectan, pero que practicamente se quebrantan. A relixión é unha cousa íntima, que arrinca do máis fondo do noso corazón e do máis elevado da nosa intelixencia, que ten manifestacións exteriores como sinais do que no interior existe, non para supri-lo; palabras para comunicar cos outros homes que elevan a alma a Deus, a fin de se fortificar nesta comunión, e tamén para procurala. A relixión non é o precepto que se invoca cando convén, senón o que se practica sempre; é a aspiración a se perfeccionar, é a xustiza, é o amor, é a unión íntima do espírito con Deus, que o eleva e o sostén na desgracia e na prosperidade.

O home non é relixioso como é militar ou empregado, nin pode fecha-la súa conciencia como fecha a súa banca. Hai quen vai á igrexa, reza unha oración, e di: *Cumprín os meus deberes relixiosos*.

Despois ocúpase na súa profesión, no seu oficio, ou en nada. Fóra do templo, ou concluída a pregaría doméstica, a relixión non intervén no seu traballo nin nos seus leceres. ¿Por que? Porque non é verdadeira. A verdadeira relixión acompaña ó home a tódalas partes, coma a súa intelixencia e a súa conciencia; penetra toda a súa vida e inflúe en tódolos seus actos. *Os seus deberes relixiosos*, non os cumpre pola mañá, pola tarde ou pola noite, senón todo o día, a tódalas horas, en toda ocasión, porque toda obra do home debe ser un *acto relixioso*, en canto debe estar conforme coa lei de Deus. Hai relixión no traballo que se realiza, no deber que se cumpre, na ofensa que se perdoa, no erro que se rectifica, na debilidade que se conforta, na dor que se consola; e hai impiedade en todo vicio, en toda inxustiza, en todo rancor, en toda vinganza, en todo mal que se fai ou que se desexa. A relixión non consiste só en *confesar* artigos de fe, e

practicar cerimonia do culto, infrinxindo a lei de Deus. Ó home relixioso non lle chega con ir ó templo, é necesario que leve o altar no seu corazón, e que alí, no íntimo, *no escondido*, ofreza as súas obras a Deus, como unha homenaxe, non como unha profanación ou un insulto. Cando chega a noite, e examina na súa conciencia como empregou o día, se non evitou *todo* o mal que na súa man estaba evitar, se non fixo *todo* o ben que puido facer, non pode dicir con verdade *que cumpriu os seus deberes relixiosos*.

Amádevos uns ós outros, sede perfectos coma o voso Pai Celestial. Este é o mandato do Divino Mestre. ¿Como o obedecemos en España? ¿Cumprímo-la lei de amor aborrecéndonos chegando mesmo a recorrer seguido á violencia, a empuña-las armas, e en continua e abominable matanza manchar con sangue as mans fraticidas e a alma co máis horrendo pecado? Se a relixión dixese *aborrecédevos*, podíámonos chamar ¡ai! un pobo moi relixioso; pero como di *amádevos*, ¿non parecemos un pobo impío?

¿Cumprimos mellor coa lei de *perfección* ca coa lei de *amor*? Sendo unha mesma, non se pode axustar á unha quen infrinxe a outra, e a nosa imperfección vén testemuña-la nosa impiedade.

(*Cartas a un señor*)

Profanadores de templos.

(...) Se do xentío que presentan como proba de relixiosidade se separan os que non son verdadeiramente relixiosos, os que non levan ó *De profundis*, ó *Te Deum* ou á procesión a ociosidade, o compromiso, a rutina, o desexo de oír música ou ver tropa, de se distraer ou divertir, ¿cantos quedarían na igrexa, na rúa ou nos balcóns da carreira? E non falo das autoridades, dos empregados e da tropa que van por razón de oficio ou por obediencia. ¿Non ten visto Vde. ós que asisten ás primeiras catedrais nos días máis solemnes, e a procesións de tanta sona coma as de Sevilla e Valencia, escandalizarse da falta de compostura e de respecto mesmo dos que debían dar exemplo, e lamenta-las irreverencias, as verdadeiras impiedades que se ven, unhas veces debalde, outras a vinte reais o asiento? ¿Non ten escoitado Vde. lamentarse ás persoas piadosas de verdade do que se ve e se escoita nos templos, xusto nos días en que a Igrexa conmemora misterios e sucesos capaces de impoñer, xa non digo ós que teñen fe, senón mesmo ós incrédulos?

Anatemízase a profanación dun templo consumada tumultuosamente por unha turba impía: non creo que sinta ninguén máis indignación nin máis pena da que semellante atentado me inspira; pero ¿non a preparan as profanacións da hipocresía, as do escándalo, os que oran cos beizos e blasfeman na súa conciencia, os sucesores dos mercadores do templo, os que acoden como quen vai

a unha festa a ver pasar ó Noso Señor atado á columna ou cravado na cruz, sen que a representación do martirio erga o seu corazón conmovido cara ó Divino Mártir? (...)

(Cartas a un señor)

Os pobres non son tan irrelixiosos como pensan os ricos.

E en materia de relixión, ¿que clase ten dereito para lanzar a outra a primeira pedra? Se nos señores hai nalgúns casos, poucos, maior intelixencia, ¡que inspiración sublime non ten ás veces a fe do pobre, e de que probas tan terribles non triunfa! Os que a viron brillar nas tribulacións do miserable, sobre o leito de enfermidade ou de morte que rodea a penuria, que isola o abandono, comprenden que tal grao de virtude, difícil, por non dicir imposible de se manifestar noutra clase, ennobrece aquela que a practica, e pode servir de contrapeso a impiedades en que hai máis grosería ca maldade verdadeira. Tratándose de relixión, adoitan se-los pobres un pouco mellores, e os ricos bastante peores, do que parecen. (...)

(Cartas a un señor)

Deus e os nosos semellantes.

Prescindiremos dos hipócritas: ténos tanto a fe coma a liberdade, o amor de Deus coma o amor ó pobo; xa se sabe que, onde queira que aparece un sentimento grande, hai miserables que o finxen para explota-lo respecto que inspira.

Non se poden estudia-los elementos do progreso social sen deplora-lo divorcio, ou máis ben a actitude hostil entre os que invocan a Deus e os que proclaman a liberdade. As consecuencias desta falta de harmonía son moitas e transcendentais; nós prescindiremos de tódalas que directamente non se refiren ó noso asunto.

Hai excepcións, e máis, segundo os países; pero naqueles nos que domina o catolicismo a regra é que o que coida ó pobre no hospital, o que o visita no cárcere, o que o socorre na súa miserable vivenda, é un home relixioso cunha influencia na sociedade nociva para o enfermo, o preso e o miserable que favorece: a súa caridade ánimaos e confórtaos; as súas opinións aflíxenos e desalentanos, porque cunha man contribúe ás miserias que procura socorrer coa outra.

Existen dúas clases de persoas benéficas. As que aman pouco ó home e fan o ben só por amor de Deus, desviándose do espírito do cristianismo, e as

verdadeiramente cristiás que teñen por un só precepto o resume da Lei: *Amar a Deus e ós nosos semellantes (...)*

(*El pauperismo*)

Relixión e humanidade.

Son, por desgracia, moitos os que practican un cristianismo fanado; que separan de feito o amor de Deus do amor do home; que, escravizados espiritualmente, tenden a se aliar cos tiranos na orde material, a se consolar da mordaza que levan coas cadeas que forxan; que volven sempre polos fortes contra os débiles; que desprezan ós que favorecen; que non miran ós que socorren como un *obxecto* de compaixón, senón como un *medio* de gañar para cun Deus, máis semellante ó que tronaba no Sinaí ordenando o exterminio dos idólatras, có que morreu na cruz por amor a tódolos homes. Non coñecemos a esta clase de persoas, poderá creerse que as calumniamos; pero abondará observalas de cerca para convencernos de que lles facemos xustiza; que ese amor que din ter a Deus, separado do dos seus semellantes, non é tal amor, xa que seca o corazón en vez de o converter nun manancial de consolación, e fano intolerante cos pecadores en vez de predispoñer ó perdón. E isto vese, non só nos homes, senón mesmo en moitas mulleres que son benéficas sen caridade, de entendérmo-la caridade como a entendía San Paulo.

Outra clase, a de verdadeiros cristiáns, dos que non separan o amor de Deus do dos seus semellantes e ven no pobre a imaxe de Xesus Cristo, e compadéceno ó lle dar conforto, e chámalo irmán co corazón e non cos beizos, non pode ser comparada coa anterior cando socorre ó necesitado e consola ó aflixido, pero únese moitas veces a ela para influír na esfera política e na económica, levada pola comunión relixiosa a unha comunidade de ideas que contradín os sentimentos e as accións e prexudican coa súa influencia social ós mesmos que coa súa caridade benefician.

Entre os que carecen de relixión hainos que carecen tamén de humanidade, e outros que a teñen. Os primeiros son un elemento en alto grao antisocial, porque nin idea do deber, nin sentimento de compaixón, nin ningún impulso xeneroso os move a mellora-las institucións sociais, nin a consola-las dores que da súa imperfección resultan. A súa moral consiste en non incorrer en falta ou delicto penado polo Código; o seu decoro, en andar limpos, e se poden elegantes; o seu orgullo, en vaidades máis ou menos puerís; o seu honor, en que non lles diga ninguén o que todos pensan e eles saben que é certo; a súa cari-

dade en dar de cada cando en cando algunha esmola por compromiso e para que se saiba (...)

(*El pauperismo*)

Deus e liberdade.

(...) ¿Homes relixiosos, instruídos e humanos farían da inxustiza na terra o camiño do ceo, ou asunto de mofa a crenza doutra vida, consoladora para quen nesta sofre dores, ó que parece, inmerecidos?

Pasadas xa as reaccións contra accións que cumpriría combater con enerxía apaixonada; extinguido ou acougado o fanatismo da razón que se opuxo ó da fe, os homes reflexivos, malia non creren en Deus, non poden descoñece-lo feito de que outros cren, e as súas consecuencias, nin suprimir esta cantidade nos factores sociais sen erraren na conta. Eles, e parécenos que tódolos que imparcialmente xulguen, comprenderán o inmenso dano que resulta de que os homes relixiosos sexan, por regra xeral en moitos países, reaccionarios; de que non signifique o mesmo ser *amigos dos pobres* ca *amigos do pobo*; de que haxa un nefando consorcio entre a escravitude e maila fe, e de que se diga: *ou liberdade ou Deus*, no canto de exlamar: *Deus e liberdade*.

É unha gran desventura que se hostilicen forzas que se debían auxiliar para combater-la miseria material e mental das masas; e se das colectividades se descende ós individuos, comprenderase con tanta razón dixo Montesquieu que a relixión que trata do ceo contribúe á felicidade do home sobre a terra. E dicimos relixión e non superstición; dicimos aquela crenza que contribúe a que os homes se amen entre si e se perfeccionen, e non a que os encirra ó odio ou pón atrancos á súa perfección (...)

(*El pauperismo*)

A luz vencerá ás tebras.

Dixose: *non hai salvación fóra da Igrexa*. Nós dicimos: *non hai salvación fóra da ciencia*, do coñecemento necesario en tódolos homes para que a sociedade sexa organismo harmónico, e non amoreamento baixo a presión dun poder calquera. E non o dicimos nós, amigos do progreso; dino ou pénsano, ou inconscientemente obran como se o pensasen, mesmo os retrógrados. Os que queren dominar por medio da relixión, ¿que fan hoxe? ¿Predican? Non tal: ensinan. ¿Dan guerra por defende-lo dogma? Non, senón por se faceren co ensino. Ensinemos, pois; ensinémola verdade; espárexámola sobre a fronte do pobo como un bálsamo rexenerador; que a reciba ergueita, pura, e o pobo será redi-

mido por ela. O erro só pode vir na escuridade; de saír dela, pérdese; de prende-la luz, suicídase. Que sexan os nosos adversarios os que lle aprendan ó pobo a ler, pero escribamos nós os libros de lectura.

O día en que non haxa miseria mental poderá haber pobres, pero non haberá pauperismo.

(El pauperismo)



II

A SOCIEDADE, UN ORGANISMO

Os elementos sociais procuran un novo equilibrio.

Os elementos sociais están en estado de mestura, máis ca de combinación: tódalas clases teñen queixas contra as outras, cando non rancores; parece que ningunha cumpre co seu deber, e nin sequera están de acordo ó defínilo.

A división máis fonda é a que existe entre pobres e ricos; a necesidade material achégaos, e a disposición do ánimo afástaos. O amo deplora a necesidade de ter servidores, o criado a de servir. O industrial enumera as esixencias absurdas e os vicios dos obreiros; estes dinse explotados polo capitalista dunha maneira inicua. O señor da terra alporízase porque lle paga mal o colono que, á súa vez, acúsao de lle esixir unha renda excesiva. O soldado anda a rosmar contra a tiranía do seu xefe, o oficial berra contra o espírito de indisciplina da tropa. Os pobres e os ricos, cando non se revolven iracundos, míranse de esguello, vense polo lado dos seus defectos, son maliciosos, desconfiados, suspicaces, inxustos, en fin, mutuamente, e así marchan superpostos baixo a presión da necesidade pero sen que haxa combinación harmónica, imposible mentres exista tan profundo desacordo no estado dos ánimos. O ideal non é harmoniza-las clases, senón suprimilas; falar de paz e de amor parece hipocresía ou ilusión, e aconsellar paciencia, insulto.

Dentro dunha mesma clase hai desacordos entre as dúas metades que a forman. Como o pobre perdeu o respecto ó señor, a muller empezou a perderlle o respecto ó home; faláronlle de igualdade e de privilexio, de tiranía e de emancipación, de abxección e de dignidade; dixéronlle que as leis son inxustas, os homes opresores e que ela é merecedora de máis venturosa sorte e debe aspirar a se zafar do xugo. Que esta voz sexa do Señor ou da serpe, ela escoitouna. O lexislador escóitaa tamén algunha vez; hai contradicións entre as leis tocantes á muller, entre as leis e os costumes e as ideas, de todo o cal nacen antagonismos no fogar doméstico que acrecentan os da praza pública, e conflitos

que adquiren grandes proporcións, que teñen a súa ignorada orixe no desleixamento da disciplina do fogar, que non se substitúe coa harmonía.

Quer nuns, quer noutros, o temor inspira desalentos e apronta violencias e, tanto os famentos coma os que teñen fartura, escoitan os malos consellos da fame.

(*La instrucción del pueblo*)

A sociedade é un organismo.

(...) Non formándose idea exacta dos fins da sociedade, non se pode ter tampouco dos medios que para conseguilos se deben empregar: considérase como unha *aglomeración* o que é un *organismo*, e partindo deste falso suposto, as consecuencias non poden ser verdadeiras. Así vese que aquela proporción aritmética, mecánica, por así dicir, que se mira como base para establece-la contribución, non existe, nin xa que logo, a pretendida xustiza na que se apoía. Pouco observou os fenómenos sociais o que non viu que as vantaxes da sociedade medran coa riqueza, en proporción moito maior cá aritmética. O que ten unha utilidade de 1.000 reás e paga 100, é un pobre; o que ten unha utilidade de 40.000 e paga 4.000, é un señor, unha persoa ben acomodada. Para o primeiro, unha gran parte das vantaxes que ofrece a sociedade son inútiles, doutras tira proveito só moi indirectamente.

Hai alimentos dabondo; aliméntase mal.

Hai medios rápidos de comunicación; non usa o telégrafo, de raro en raro o correo, nin pode viaxar.

Hai institutos, universidades, academias, bibliotecas; non pode adquirir ciencia.

Hai teatros e outras diversións; non pode concorrer a elas.

Hai varios camiños por onde dirixi-la actividade; el non é quen de saír do seu, trazado fatalmente pola pobreza.

Hai crédito; el non o ten, nin o pode ter.

Hai medios para previr certas enfermidades; non están ó seu alcance, e contráeas.

Hai consideración, poder, gloria; el vivirá no desprezo e na escuridade.

Todas estas vantaxes sociais, e outras que non o son para quen contribúe con 100 reás, están ó alcance do que paga 4.000. Reflexionemos un pouco sobre isto; reparemos ben en como a medida que se sobe na escala da riqueza, vanse *sumando*, por non dicir *multiplicando*, as vantaxes que ofrece a sociedade; como se van encontrando, aínda sen as catar, por tódalas partes, e se recollen en diminución de dores e penalidades, en aumento de praceres e de medios

de prolonga-la existencia do corpo e dilata-la do espírito. Canto menos se ten, é menor a proporción entre o que se paga pecuniariamente á sociedade e o que por tódolos conceptos se recibe dela (...)

(*Cartas a un señor*)

Medio social axeitado.

(...) Nunha sociedade onde todos fosen bos e ilustrados, quer dicir, xustos; onde ninguén pedise, nin negase, nin conservase cousa que non lle fose debida; onde non houberse máis sufrimentos cós inherentes á natureza humana, recoñecidos como inevitables unanimemente, nesta sociedade existiría a harmonía máis perfecta e non serían posibles rebeldías de ningún xénero. Para os males que teñen remedio, a xustiza e o amor; para os irremediabes, a resignación e, sempre, a paz.

A medida que unha sociedade se afaste deste ideal, que teña máis individuos que neguen o xusto ou queiran o imposible, hanse multiplica-las protestas e as rebeldías, non sendo que os oprimidos pola inxustiza carezan de intelixencia ou de enerxía tanto que non comprendan o seu dereito ou non teñan azos para reclamalo, ou os descontentos sen razón sexan ben poucos e estean enfreados pola boa conciencia e o bo sentido xeral.

A sociedade máis perfecta ideal, é aquela na que as rebeldías non teñen *posibilidade* de ser.

A sociedade que se achega á perfección, é aquela en que as rebeldías non teñen *razón* de ser.

A sociedade menos perfecta é aquela en que, habendo grandes, poderosos, xustos motivos para protestar, non hai protestas.

A inxustiza, considerada como xustiza ou como necesidade: velaquí a maior das miserias humanas en que, durante máis ou menos tempo, estiveron mergullados tódolos pobos, e aínda hoxe o están aqueles nos que hai castes, clases privilexiadas, escravitude, despotismo, en paz, con silencio, que é o das tumbas onde está sepultada a intelixencia e a conciencia humana.

En toda sociedade onde hai rebeldes é porque hai *oprimidos* ou *equivocados*. Por moito que se escriba, na bandeira dunha rebelión seguida por grandes multitudes, o pensador le *Xustiza* ou *Erro*, e a miúdo as dúas cousas; e se pode haber esaxeración en que se dixera que *os pobos non teñen máis criminais cós que queren ter*, parécenos que non a hai en afirmar que *as sociedades fan os seus rebeldes*, e que, nos delictos colectivos, o elemento social prepondera en termos que o individual entra de cando en vez por moi pouco se se prescinde, como se debe, para aprecia-las rebeldías na súa esencia e na súa orixe,

dos que toman parte nelas por cálculo ou para dar corda ós seus malos instintos (...)

(*El delito colectivo*)

As inundacións.

Tódoslos nosos lectores saberán os estragos causados polas augas na primeira metade de decembro.

Os xornais din: aquí afundíronse dúas casas, alá doce, acolá vinte ou corenta; tal lugar quedou incomunicado por falta-las pontes; nesta comarca estragáronse as colleitas; en tal outra os campos están cubertos de pedras, limpos de terra vexetal, que os volverá ermos para moito tempo; a enxurrada arrastrou madeiras, gando, e, o que é peor, cadáveres humanos...

¡Que mágoa! ¡Que suma de miserias, de dores, de infortunios, amosan semellantes estragos! Sabelos, compadecelos, procurar remedialos, parecía que debían ser tres cousas case simultáneas; pero non é así. Pasan días, e nin en *La Gaceta* nin nos demais xornais vemos que se abran suscripcións para que todos, grandes e pequenos, acorran conforme ás súas forzas a consolar a tantos desconsolados. Nos asolagamentos do Mediodía de Francia, reuníronse millóns para reparar no posible tantas perdas; nós... ¿quen sabe? tal vez cumpramos aínda o noso deber; pero mala cousa é que tardemos tanto.

De vermos desde lugar seguro, resgardado da intemperie e próximo a unha comarca asulagada, nenos, vellos, mulleres, homes, familias enteiras, sen acubillo, sen pan, mirando como a arroiada socavaba a súa casopiña, levando o reducido enxoval e o único vestido; de vermos todo isto ó abeiro da nosa casa cómoda e segura, ¿non a abriríamos ós desconsolados, fuxitivos, e o noso corazón á piedade, e daríamoslles pousada unha noite, comida un día, e acubillo ós que choraban sen el no mes de decembro...?

Isto, que parece imposible non facer, é o que abondaría que fixesen os que poden, cadaquén na medida dos seus medios, para confortar a tantos aflixidos e valer a tantos necesitados. Se así non se fai; se ollamos impasibles a tantos como padecen; se nas orxías de Noiteboa e nas esmorgas de Pascua non hai unha lembranza para tantas dores, nin unha esmola para tantas necesidades; se o brutal *comamos e bebamos, que mañá xa veremos* é o resume dos nosos artigos de fe, en mala hora nacemos, en mala hora non morremos na idade na inocencia, en mala hora somos donos de medios que non empregamos en bos fins; daquela as inundacións serán un desastre horrible para os lugares asula-

gados, e a indiferencia con que as miramos un pecado e unha vergoña para o resto de España.

Escribimos hoxe, coma moitas veces, para descargo da nosa conciencia, que nos acusaría de calarmos diante de tanta desventura. Ben sabemos que a nosa voz non atopará máis ca débiles ecos, que só poderemos recoller unha pequena esmola; pero non será por iso menos bendita. Ó dármollela ós nosos irmáns aflixidos dirémoslles: —É ben pouco, pero crédenos, non fomos quen de vos traer máis.— E hannos crer, porque o escaso don irá acompañado de abondosas bágoas.

(*Artículos sobre beneficencia y prisiones*)

O luxo non beneficia a ninguén.

(...) Xa vimos na primeira parte deste escrito como se desmoralizan as clases cando se afastan unhas doutras, e é escusado advertir que o illamento é tanto maior canto máis grande é a desigualdade. Ás desordes que unha desigualdade esaxerada, depravando os sentimentos, introduce no mundo moral, hai que engadi-las que levan ó mundo económico o luxo e a miseria.

Non pode entrar no plan da nosa obra estendernos en consideracións sobre os males que detrás de si levan a miseria e o luxo, males dos que, por outra parte, falaron delongadamente célebres autores, tanto sagrados coma profanos; pero cómpre que lembremos unha verdade que, por máis sinxela e trivial que pareza, descoñécese e négase por persoas ilustradas noutras materias, a saber: *o luxo dos ricos é sempre prexudicial ós pobres*.

O luxo, din os seus partidarios, é útil, sostén a industria e mailo comercio. Suprimide os espellos de Venecia, os encaixes de Bruxelas, as porcelanas de Sèvres, as alfombras de rizo, os dourados teitos, as brillantes carruaxes, as xoias de labor exquisito; ¿que vai ser de tantos milleiros de familias que gañan o pan facendo esas prodixiosas superfluidades? Xa vedes: o luxo dá de comer a innumerables familias, que sen el quedarían na rúa; o luxo é útil, ¿por que declamar contra el? Non somos declamadores, nin sequera queremos dirixir-nos ó corazón presentando o horrible e inmoral contraste que ofrecen esas primorosas obras que, para contenta-los vaidosos caprichos da opulencia, saen de mans da miseria; queremos namais facer notar que, cando no medio dunha familia famenta e encoira vemos un obxecto que ten como valor principal o ímprobo traballo dos seus individuos, un obxecto brillante, preciosísimo, dunha perfección fabulosa, cruel contraste con todo o que o rodea, luz sinistra nun cadro sombrizo, insultador de dores, incirrador de iras, lembranza constante de praceres e de gozos dos que o pobre é malpocado instrumento, se a indignación

e a mágoa se elevan na nosa alma, non é un afecto inmotivado; e cavilando sobre aquela escena, non dicimos coma en presenza doutras tamén tristes: *Está na orde das cousas*, senón: *Está na insensatez dos homes* (...)

(...) Vexamos que nos di a Economía Política das vantaxes que o luxo ten para os pobres que traballan en satisfácelos seus caprichos. A humanidade é unha gran familia; os seus individuos dedícanse: uns a labrala terra, outros a trocalos seus produtos, outros a fabricar vestidos, etc., etc. Reparemos nun grupo calquera, por exemplo, o que está encargado de facer camisas. Uns fían e tecen teas ordinarias, outros medianas, outros finas, finísimas outros. Aquí cosen camisas de munición, alá con máis esmero; noutra parte bórdanse, adornándoas con caprichos primorosos. Ollade un día e outro, e unha e outra noite, aquelas pobres mulleres perdendo a vista e a paciencia, facendo coa agulla labores como, sacando fíos que a penas se ven, pegando encaixes. Ollade aquel home que leva unha camisa que supón tres, catro, seis meses de traballo; ollade aqueles outros que non teñen camisa. O tempo que se gasta en fiar e tecer e bordar aquela tea finísima que ha cubrir a un, fai falta para preparala máis basta que debía cubrir ós outros: a sociedade, coma a familia mal gobernada que só ten o preciso, cando malgasta unha parte do seu haber en superfluidades, carece despois das cousas necesarias. O valor dun obxecto calquera non é, por regra xeral, máis cá representación do traballo que custou. ¿Cantas casas modestas se poden facer co traballo ou co capital, que tanto ten, que precisa un pazo? E como o capital da sociedade, dividido polo número de individuos que a compoñen, a penas abonda para cubri-las súas primeiras necesidades, na balanza da economía social quitades ó necesario todo o que engadides ó superfluo. Daquela ¿que farían os que viven das industrias que fornecen o luxo? Dedicarse ás que teñen por obxecto cubri-la necesidade (...)

(La igualdad social y política)

¿Débese favorecer-lo luxo facendo caridade?

Canto á dúbida de vostede de se entrar ou non nesa sociedade de señoras que se comprometen a gastar só vestidos de seda para que haxa moito consumo e non falte traballo ós obreiros de Lyon, non dubido en responder negativamente, e en lle asegurar que é unha forma de aumentalo dano ó que se busca remedio. Imaxine vostede un encoro que contén unha corrente impetuosa e unha inundación o día que rompa, día que ha chegar, sendo insuficiente a súa

resistencia. O traballo, a industria, o comercio teñen tamén as súas leis, aínda que se descoñezan, e as súas correntes, que se encoran, pero non se esgotan.

Aínda esta comparación non dá idea do absurda que é a de conxurar unha crise industrial acrecendo o poder das causas que a produciron, e de remedia-los males que produce o luxo aumentándoo. Porque o verdadeiro autor da forzosa folga de Lyon, e doutras moitas, é o luxo, a moda, os caprichos e variacións sen conto e a veleidade increíble de millóns de consumidores, que, diante do figurino, rexeitan un produto, arruinando ós que o producían, ou demándano con empeño, enriquecendo ó produtor (...)

(...) Repare vostede, señora, en que só de raro en raro hai crises nas industrias que fornecen necesidades verdadeiras, ou que alomenos son útiles, no racional sentido da palabra. A causa é doada de ver. O necesario ou o útil para a comida, o vestido e enxoval da casa, mércase mentres se pode. Cando as cousas van mal e hai que recorta-los gastos, vanse suprimindo os innecesarios, os de luxo, e as oscilacións económicas producen as industriais (...)

(...) O meu ver é, pois, que lonxe de comprometerse a non gastar máis ca vestidos de seda, economice vostede os que teña, e non merque outros, inculcando ás súas fillas, se as ten, ás súas amigas, a idea de que o luxo desenfreado das mulleres contribúe a que carezan de traballo e teñan fame os obreiros. Que envíe vostede como esmola ós de Lyon o que gastaría en vestidos de seda e, se forma parte dunha sociedade caritativa para socorrelos, se esforce en procurar que os máis dispostos polos seus poucos anos ou a súa actitude a variar de oficio, deixen o que fornece os caprichos do luxo e se dediquen a producir obxectos de verdadeira utilidade. Aumenta-lo consumo destes, diminuí-lo das cousas innecesarias ou pouco útiles, tal é o obxecto que se debería propor esa sociedade caritativa se quere favorecer ós obreiros de Lyon, e co seu bo exemplo ós de todo o mundo (...)

(Artículos sobre beneficencia y prisiones)

Da prudencia na esmola.

Como ninguén recea dos seus bos sentimentos, son máis difíciles de evita-los males que deles poden vir. É unha cousa tan santa e tan dóce dar esmola, que unha vez descuberta a verdadeira necesidade, podemos segui-los impulsos do noso corazón sen ningunha caste de traba: tal parece de primeiras, pero non o é realmente.

En primeiro lugar, hai pobres antipáticos e outros cos que simpatizamos; o noso corazón lévanos a favorecer a estes máis cós outros, e a razón e a xustiza deben ordenárno-lo contrario. O pobre que nos causa certo noxo, adoita

inspirárllelo tamén ós outros, quer dicir, ten unha desgracia máis que debemos compensar ata onde estea de nós, facendo inclinar no seu favor a balanza dos nosos beneficios. Facer ben a quen nos inspira simpatía, é un gozo: a virtude consiste en favorecer a quen non nola inspira.

Amais, a esmola ha de estar en harmonía coa situación do que a recibe; senón, podemos mortificar moito con ela ou espertar ideas que deberían ficar durmidas. O primeiro é ben raro. As persoas caritativas teñen moita delicadeza no seu corazón para dar esas esmolas que humillan; para lle levar a unha familia, que gozou de comodidades e deu na indixencia, unha peza de roupa basta, que tornaría vermello o seu rostro e lle magoaría a alma, amosándolle toda a extensión da súa desgracia, daquel abismo que a caridade e a esperanza deben agochar ós seus ollos. Cando non se pode dar, sen grosería, unha moeda a quen a necesita, déixase sobre unha mesa ou nas mans dun neno, etc., etc.

Con todo, non abonda coa delicadeza; cómpre tamén ter prudencia. Se a un convalecente desganado lle levámo-lo manxar máis saboroso, debemos ter coidado de que nin pola súa calidade nin polo seu prezo estea lonxe do que el pode e está afeito a usar. Cando estea restablecido, comerá de todo, certo; pero ben poderá ser que lembre aquel alimento, aquela bebida delicada, que el non sabía nin que existise e que lle revelou a nosa imprudente bondade; ben poderá ser que caia na tentación de saborear outra vez aqueles manxares, aguilloado pola súa lembranza; o pobre estrágase no momento en que deixa de ser sobrio. Daquela, teñamos luxo de amor e tolerancia con el; pero no que di a lle proporcionar gozos que non estean en harmonía coa súa situación, sexamos moi circunspectos porque as necesidades créanse con moita facilidade, pero fornécense moi dificilmente.

A mesma consideración debemos ter cos nenos. Cumprirá moitas veces que lles levemos lambetadas e xoguetes, pero que sexan dos que eles coñecen e tiveron algunha vez e poden volver a ter: doutro xeito, por riba de establecer dolorosos contrastes, descubriríámoslles gozos e refinamentos dun mundo que deben ignorar ou esquecer, senón han ser ben desgraciados. Cando a esmola consiste en roupa, o erro é aínda máis doado, e pode ser máis fatal. Reunímo-los nosos vestidos usados e os dos nosos amigos e amigas, e comprámonos examinándoos, vendo o moito que avultan, reparando no vistosos que son aínda: imos poñer ós nosos pobriños ben bonitos, e distribuímos mentalmente as probas do noso pequeno vestiario. A nosa vontade é boa, Deus recíbea; mais, no que di á nosa prudencia, poderá deixar moito que desexar. É probable que conveña vender ou cambiar, ou alomenos reformar, aquelas pezas de roupa que pensamos dar tal e como están. Nalgúns casos podemos facelo, cando se trata de familias que foron acomodadas e conservan necesidades e

hábitos dunha posición mellor; pero cando non media esta circunstancia, certa clase de obxectos, por riba ser de pouca utilidade, porque a súa delicadeza non está en harmonía co xénero de vida e costumes dos que han de usalos, poden levar a unha familia pobre dolorosos contrastes e perigosas aspiracións. A vaidade penetra insensiblemente por tódolos poros da nosa alma, reviste tódalas formas, axéitase a tódalas circunstancias e acubíllase indistintamente no pazo e na bufarda. Un vestido dado imprudentemente a unha nena, pode achanzárlle-lo camiño ós extravíos dunha moza. Unha criatura que se confundía moderadamente coas da súa clase, pode querer distinguirse delas por unha dádiva imprudente, que fai que se sinta máis fermosa. A vaidade, ó espertar, bota fondas raizames; e só Deus sabe a paz e as virtudes que a ela se inmolan. No que nos toca, coidémonos de non aliciala imprudentemente, sobre todo entre as nenas e as mozas, que poden ter nela un gran perigo para a súa virtude.

(El visitador el pobre)

A caridade na guerra.

A nosa man treme ó tracezar estas liñas, e bágoas tristes esvaran dos nosos ollos. Os compatriotas, os que son dúas veces irmáns, corren ás armas, e eses campos, inzados de flores e verdura pola man de Deus, van ser ensanguentados pola ira dos homes. Sonou o berro máis terrible que poida saír de gorxa humana; sonou o berro de ¡guerra!; e que dure o combate días, semanas, ou meses, habrá sangue e dó e desolación. Ó prevela, ó sentila, non facemos cálculos nin inculpacións; non tracexa estas liñas nin o pensador que medita, nin o xuíz severo que acusa, senón a muller que chora, e desconsolada exclama: ¡Valede ós feridos!

¡Voluntarios da caridade! acudide ó seu chamamento; que a súa dóce voz se deixe oír entre as roucas voces da ira, e que o bálsamo do seu amor caia sobre as feridas abertas polo odio. Que á dor dos desastres non teñamos que engadilo horror e a vergoña de ver dureza e crueldade.

Afastade deses campos que se chaman do honor a infamia de asañarse cos vencidos e de non tendela man ó que xace no chan. Enarborade a vosa bandeira branca coa cruz vermella, simbolo de paz, de sacrificio e de piedade. Lembra de despois do combate o fermoso lema da nosa asociación: OS INIMIGOS MENTRES ESTÁN FERIDOS SON IRMÁNS. Irmáns, ¡ah!, eran irmáns; unidos estaban onte por dobres lazos, os da humanidade e os da patria, eses que hoxe rompen todos ó principiar esta loita, dúas veces fraticida.

¡Acudamos tódolos que sabemos compadecer; a humanidade chámanos; chámalo-lo honor verdadeiro; chámalo-la patria dorida para estiñármolo san-

gue que deitan as súas moitas feridas! ¡Que ninguén desoia o seu xemido; que a súa voz prenda en amor santo mesmo nos corazóns menos afervoados, como esperta o estrondo da artillería os ecos durmidos das montañas! (...)

(*Artículos sobre beneficencia y prisiones*)

¡Pobriños feridos!

Hai tempo que por varios conductos soubemos que a sanidade militar deixaba moito que desexar, e que non se valía ós feridos nin tan rápido nin tan ben como teñen dereito a ser socorridos. Ó saber hai poucos días que en Logroño había arredor de trescentos, *La Voz de la Caridad*, dos fondos que aínda ten para este obxecto, enviou á presidencia da Asociación da Cruz Vermella daquela capital mil reás e o ofrecemento dalgún obxecto necesario que alí non houbera. Esta présa para leva-lo noso humilde óbolo indicaba o temor de que as cousas non andivesen como debían. Temor de sobra confirmado coa nova de que en Logroño só quedarán *cen* feridos, os máis graves; o resto conducírase a Tudela e Zaragoza.

¡Quer dicir, que nunha capital de provincia onde hai un bo hospital, unha comisión da Cruz Vermella e unha veciñanza caritativa e ben disposta para auxiliar toda medida humanitaria, non se puideron toma-las convenientes para acoller trescentos feridos!

¡Quer dicir, que despois de trae-los feridos durante unha xornada en carros do país, sobre palla se é que a había, ata chegar a Logroño, nin sequera alí aqueles torturados corpos atoparon unha cama e o repouso que precisaban!

¡Quer dicir, que se prepara unha batalla con moitos días de anticipación, e non se preocupan de como valer mellor e o máis rápido posible ás pobres vítimas que caen nela!

¡Quer dicir, que se toman do estranxeiro as armas mortíferas, e non os medios de acudir de contado a remediar no posible os males que causan...!

Nós non entendemos nada de estratexia, pero coidamos entender un pouco de humanidade e de xustiza, e parécenos que a ela faltan os gobernos e os xenerais que procuran os últimos adiantos nos medios para ferir mentres quedan no *último atraso* nos de curar e valer ós feridos. Coidamos que é unha inhumanidade e unha vergoña que o Estado non teña unha soa ambulancia *à altura* do canón Krupp e do fusil Remington. Coidamos que a opinión é tamén culpable de non facer escoita-la súa voz e poñer ó lado das horribles necesidades da guerra a santa necesidade de diminuí-lo número das súas vítimas.

No momento en que escribimos non sabemos que precisarán os pobres feridos do Norte; aínda que non falte polo de agora, despois ou máis tarde fal-

tará de todo. Non ousamos pedir máis ca trapos (que xa non temos) e fias. ¿Para que pedirmos máis? Abrir unha suscripción sería inútil. Nos prolongados males da nosa patria querida, acontece coma nas delongadas doenzas: *todo o mundo cansa*. Só os que matan e feren non cansan de ferir e matar. Que as nosas suscritoras se apiaden dos miseros que caen. Diante dun home ferido, ¿que menos se lle pode pedir a unha muller ca un trapo, unha venda e unha bágoa?

(*Artículos sobre beneficencia y prisiones*)

Defensa da Cruz Vermella.

Ó leren as devanditas palabras, dirán os nosos lectores: ¡Defensa da Cruz Vermella! ¡O que! ¿Hai quen a ataca? Por triste que sexa e por inverosímil que pareza, houbo unha persoa tan desgraciada que escribiu unha serie de artigos para ataca-la institución que máis honra o noso século, pola cal cremos que Deus halle perdoar moitas culpas e a posteridade absolverao de moitas faltas, aquela que foi a primeira en poñer en práctica as palabras divinas do Sermón da Montaña. A divisa da Cruz Vermella é: «Os inimigos feridos son irmáns»; divisa que non é un adorno ou unha bandeira hipócrita, senón o resume do espírito da asociación, conforme coma ningunha co espírito do Evanxeo. A Cruz Vermella abre unha era nova nas relacións internacionais dos pobos; é o apóstolo máis elocuente da paz que un día (non queremos renunciar a esta esperanza) reinará entre eles, e revela un gran progreso moral, preparando outros meirandes. O gran ben material que fixo, que fai e que fará, con ser inmenso, é moi pouca cousa comparado ó que realiza, afirmando con accións, que os homes, fillos todos do Pai Celestial, son irmáns. Cada ferido que se recolle é un alto exemplo que se dá; cada ferida que se cura cerra outra nas entrañas da mísera humanidade, esgazadas polos homes que se aborrecen; cada ofensa que se perdoa atrae unha bendición daquel que dixo: «Amade ós vosos inimigos».

É verdadeiramente abraiante que se puidese descoñece-lo espírito dunha institución tan santa; pero é o certo que foi así, para que se verifique que ningunha cousa verdadeiramente grande se establece sen contradiccións neste val de lágrimas. Soubemos que nun xornal titulado *El Consultor de los Párrocos*, escrito por un sacerdote, ó que facémo-la caridade de lle cala-lo nome, aparecían artigos contra a Asociación que leva a «caridade á guerra», quer dicir, onde fai máis falla e é máis difícil que chegue. Iamos pedi-los desafortunados papeis, para lles poñe-lo oportuno correctivo en canto de nós dependese, pero suspendémolo ó saber que a asemblea española da Cruz Vermella, xustamente ofendida, encomendara a súa defensa a D. Antonio Balbín y Unquera, que conrrespondeu a tan honroso encargo publicando un opúsculo no que, con gran

copia de argumentos e de datos, confunde ó desventurado articulista, e se non o reduce ó silencio, será porque se pode falar sen razón. Que unha persoa do talento e a erudición do Sr. Balbín y Unquera defenda ben unha boa causa, cousa é que nos parece doada; o que non o é tanto é garda-la mesura que gardou, cun espírito de moderación na defensa que contrasta co que determinou o ataque. Por isto damos moi especialmente a noraboa ó Sr. Balbín que, inspirado no sentimento de amor ós demais, que é a alma da asociación que leva á guerra a caridade, a levou el á polémica, o cal é se cadra máis meritorio dadas as circunstancias da que sostén.

Ben está que a Cruz Vermella opoña a súa razón ó erro dos que atacan, pero debe sobre todo encomenda-la súa defensa ós feitos. En fronte das tres guerras que nos esgazan, aumente o seu celo na medida que medran as deventuras; propáguese, únase, multiplíquese; que non caia un ferido en ningún campo de batalla sen que acuda a erguelo a súa caritativa man; que o moribundo a vexa consolando a súa agonía e facéndolle crer naquel Deus que inspira tan sublime amor entre os homes; que coa súa caridade, coa caridade de San Paulo, que *non cansa nin move á ira*, convenza ós seus inimigos de inxuria e calumnia, non diante dos tribunais de xustiza, senón diante da conciencia dos homes xustos que digan: *Boa debe se-la árbore que dá tales froitos, e cego quen a quixo abater.*

(*Artículos sobre beneficencia y prisiones*)

Odio e caridade.

¿Que persoa con corazón non o sente destrozado vendo por tódalas partes correr sangue, e máis sangue, e sempre sangue, deitada por irmáns que loitan na escuridade da ignorancia, ou cegados pola paixón os ollos do entendemento? Non sendo algúns centos de bandidos, ¿quen gaña vendo ergueita a violencia en lei, e convertida a patria nunha morea de ensanguentadas ruínas? Pero no medio do infernal estrondo dos combates é inútil ergue-la voz para anatemizalos: nin os ollos ven nin os oídos oen; hai que adiar para mellores días, se os chegamos a ver, a predicación da paz, e nesta hora terrible non se pode facer máis que valer ás vítimas da guerra.

Se o odio non cansa de deitar sangue, a caridade non cansa tampouco de a estiñar (...)

(*Artículos sobre beneficencia y prisiones*)

As nais ás que a guerra rouba os fillos.

Sáimos de Madrid sen novidade, quer dicir, con atraso, porque o novo, o inusitado, o case fabuloso, é a exactitude. Fixémo-lo que se entende por unha viaxe feliz, que así se chaman aquelas nas que non se sofre nin susto, nin golpe, nin rexistro de peto: á parte desta felicidade, que poderíamos cualificar de material, non tivemos outra; e como se a Providencia quixera gradua-la dor para que mellor a soportáramos, puxo no noso camiño un triste prólogo do tristísimo drama.

Ó chegarmos a Pozáldez, vimos un grupo numeroso de mulleres e mozos, nenos máis ben. Non había que preguntar quen eran nin que facían alí. O corazón adocido adiviñaba as nais que ían da-lo último adeus ós seus fillos, arrincados pola guerra do fogar paterno, tan novos que se podía dicir do seo maternal. Cando un país precisa converter en soldados tan tenras criaturas, a súa axitación, máis ca ós movementos da forza, parécese ás convulsións da enfermidade. Sinto non ser pintor, gran pintor, para consagra-lo meu xenio a pintar tódalas dores que consigo leva a guerra e facela tan odiosa e tan odiada como merece. De ningún xeito cumpriría mellor a arte a súa misión elevada que xeneralizando e facendo penetrar nos ánimos o horror ós combates sanguíentos. Naquelas mulleres, que ían dici-lo adeus ós fillos das súas entrañas, nos seus salaios, nos seus acenos, nas súas bágoas, na súa imposibilidade de chorar, na súa axitación, no seu abatemento, na súa dor paciente ou desesperada, estaba a guerra, toda a guerra, tódalas fatigas da marcha, todo o sangue do campo de batalla, tódalas torturas do convoi dos feridos, tódalas angustias do hospital. Canto podían sufrir-los seus fillos pasara, sen dúbida, polo corazón das nais e espellábase nos seus rostros. Eu vin neles como resumidos os desastres da loita homicida. Aquelas diferentes fases dunha pena mesma facíana máis aguzada e máis perceptible, amosábana nos seus detalles máis minuciosos e no seu conxunto máis terrible. Por esta atracción que ten o grande, a miña alma quería unirse a todas aquelas almas e como empaparse en todas aquelas dores, sen perden nin un ¡ai! nin unha bagulla, nin un berro estarrecedor. Endexamais hei esquecer aquel cadro; sempre lembrarei aquelas mulleres, no momento de parti-lo tren, estendendo os brazos como se quixesen detelo, nin á que dixo: *no le vuelvo a ver más* nin á que, levando ó corazón entrámbalas mans, non era quen de chorar... e nin a ningunha delas.

De ter eu voto decisivo nalgunha academia ou de ser rico protector das artes, ofrecería un premio ó cadro que mellor representase *As nais de Pozáldez*. O xenio estaba alí non en idealizar, senón en copia-la realidade. Non había que pinta-la dor embelecida e contorneada, nin matronas de formas correctas, pel rosada e elegantes vestiduras, non; as nais de Pozáldez eran negras, espelu-

xadas, farrapentas, horribles para os ollos que como un espello reproducen impasibles as imaxes; pero, transfiguradas pola dor, tiñan esa beleza sublime que despreza formas e cores porque sae da alma e chega a ela.

Era, sen dúbida, o día sinalado na provincia para a entrega dos mozos da reserva: en moitas estacións repetíronse escenas coma as de Pozáldez, pero non tiveron gonzos para seguir presenciándoas; escondínome no fondo do coche, botei a cortina, chorei cos que choraban, e comprendín mellor ca nunca, a horrible significación desta frase, que con tanta indiferencia se le nos xornais: *Han ingresado en caja ciento, mil, veinte mil mozos de la reserva (...)*

(Artículos sobre beneficencia y prisiones)

Contra calumnia, resignación.

Excma. Sra. Duquesa de Medinaceli.

Miranda de Ebro, 2 de xuño de 1874.

Moí señora miña e de toda a miña consideración: A propósito do que tírios e troianos din da Cruz Vermella, lembro a declaración dun doutor anglo-americano, de que non continuaba a polémica co seu adversario porque dicía este máis disparates nunha hora dos que el podería rebater nun ano. Ó ve-las calumnias, as interpretacións malévolas, as reticencias e o falar e o calar malicioso, poderíamos facer unha declaración análoga á do doutor inglés se non necesitásemos para auxiliar ós nosos pobres feridos a cooperación dos que nola negarán extraviados pola calumnia, e se poidésemos dar ó triunfo da verdade eses prazos que é posible conceder cando se discuten principios.

Eu procurei e procurarei restablece-la verdade dos feitos, pero sen me face-la ilusión de conseguilo: quixera que vostede e as demais consocias visen e aceptasen a situación tal como é: cómpre que nos resignemos a que se descoñeza a nosa recta intención, a que se interpreten mal as nosas palabras, a que se calen ou se neguen as nosas obras, a que a calumnia nos deoste e a que o erro e maíla malicia vaía publicando o noso descrédito. Unha vez aceptado o difícil papel de calumniadas, deixando ós nosos calumniadores o seu, fácil e infeliz, teremos maior tranquilidade de ánimo, dedicando ó socorro dos feridos o esforzo que podería distraerse nunha loita inútil. O facer ben así é moí difícil, ¡pero é tan fermoso! Cando os feridos ou os enfermos reciben eficaz auxilio, eles non saben que aquela cama limpa, aquela alimentación sa, aquelas curas esmeradas que restablecen de contado a súa saúde e tal vez lle salvan a vida, significan unha loita longa, difícil, perseverante; non saben qué de inxustizas foi preciso arrostrar ou desprezar para poder facer aquela boa obra; non saben

as amarguras que custou cada consolo que lles chega; pero Deus sábeo e sábémolo nós (...)

(*Artículos sobre beneficencia y prisiones*)

Face-lo ben polo ben mesmo.

(...) Por último, hai unha cousa que indemniza cumpridamente de todas as molestias e penalidades que se poidan sufrir: este ben é palpable, evidente. Cando se escribe, ¿quien sabe para que e para quen? Se cadra non se le, se cadra non se entende, se cadra compréndese mal; aínda que nada disto aconteza, tardará meses, anos ou séculos en ser un feito aquela idea que emitimos, e, o que é aínda peor, pode ser errónea; respondemos da nosa boa vontade, mais ¿quien está seguro do acerto? Pero ó achegarse a esa masa de dores que se chama hospital, coa vontade de consolar ós enfermos, esta vontade é un feito, Deus parece que a premia con algo semellante á omnipotencia; dicimos: o consolo sexa, e o consolalos é. O coidado para da-las medicinas, a limpeza, a alimentación substanciosa, a dozura, substitúen ó desleixo, ó abandono, ó desaseo, á aspereza, e as consecuencias materiais e morais son inmediatas e visibles. ¡Que satisfacción ver todo aquel ben, que non se faría sen nós, e procurar facer de nai para os que na súa dor a chaman! Ben claro se ve a exactitude con que se dixo: *Consolade e seredes consolados*.

Insisto sobre isto, porque un establecemento benéfico en xeral, e un hospital en particular, abandonado a persoas mercenarias, é unha desgracia para os que a el se acollen, no canto de ser un gran ben; e as almas caritativas retráense porque se esaxeran as penalidades e descoñécense as satisfaccións que pode haber nesta práctica da caridade.

Tal vez pense algún que esaxero, ou replique burlonamente que, ó meu dicir, a ventura atópase valendo ós enfermos. Ben sei que, caso de se encontrar nalgures, non será, de certo, nun hospital; non invito, para que acudan a el, ós venturosos da terra; pero estes son tan poucos en número, que ben se pode prescindir del como de cantidade infinitamente pequena. Aquí, de certo, non se poden atopar alegrías; pero os que se despediron delas tácita ou expresamente, que son moitos, ¿non poderían vir na procura de satisfaccións? Aínda se poden ter moitas na vida cando se renunciou á felicidade.

Os que porfían en ser felices sen condicións para conseguilo, aseméllanse ós que queren parecer sempre homes novos e porfían nunha loita imposible contra os estragos do tempo. Ademais da vellez, teñen o traballo de pre-

tender ocultala, a pena de non o conseguir e a irrisión de telo intentado: en vez de anciáns venerables, son vellos ridículos (...)

(Artículos sobre beneficencia y prisiones)

Pagando tributo á morte.

Volvo ó hospital. ¡Que horrible é a guerra considerada desde el! ¡Que de dores e inxustizas e de maldades e de absurdos, que non se imaxinaran, se perciben desde este punto de vista! Xa se empezou, e cómpre continuar desmascarando este monstro que se disfrazaba con fasquía humana e mesmo honrada; cómpre facer penetra-la luz nesas cavernas onde inmola milleiros de vítimas a favor da escuridade da ignorancia e do silencio da conciencia; porque soamente os ignorantes e os perversos poden lanzarse ás loitas homicidas e encomendar á forza as solucións do dereito.

Xa pagamos tributo á morte: faleceu Hilario Fuentes, home novo que non tiña a natureza de ferro que se precisa para resisti-la vida dos campamentos con mal vestido e mal alimento; é unha das moitas vítimas da guerra, que non figurará como tal porque non morreu no campo de batalla, nin a resultas das feridas. Coidado esmeradamente, recibiu os auxilios da ciencia, o conforto da relixión, e sobre a súa tumba non faltaron nin as oracións dun sacerdote, nin as bágoas dunha muller: triste consolo para a súa pobre nai, pero non lle podemos enviar outro.

Aquí dise tódolos días que ó seguinte hase da-la gran batalla, e estamos no perpetuo desacougo e no temor de vermos chega-las numerosas vítimas. Calquera que sexan os plans do Xeneral en xefe, comprendo que se modificaran polo temporal. Continúan as nubes, os tronos e os lóstregos; antonte pereceu un mozo de dezasete anos: van dous en poucos días. Parece que, ó velos preparativos da loita homicida e os combatentes, xordos á voz da humanidade que lles manda depoñe-las armas, e próximos a se esnaquizaren, a Providencia ten un terrible mensaxeiro, irritado e destructor coma eles, e para despartilos envía a tempestade. A pesar da súa insistencia, aquí nunca vista, seica pasará. Asollaranse os campos, baixarán as augas, as avoltas volverán ser cristalinas, sairá o sol, e os homes non retrocederán das vías da impiedade, non escoitarán ningún aviso do ceo, e ensanguentarán a terra, lanzándose como feras á adiante da loita. O tempo non pasa para a reflexión e para o arrepentimento, senón para amarear máis medios de facer dano, máis elementos de destrucción. ¡Queira Deus que non se empreguen, alomenos en tan grande escala como se teme!

(Artículos sobre beneficencia y prisiones)

¿Relixiosidade ou impiedade?

A primeira idea que me vén ás mentes é que os estudos morais feitos neste hospital non serían do exército nin do soldado soamente, senón do pobo español, porque os máis dos que por aquí pasan son quintos, ou militares que levan pouco tempo de servicio, quer dicir, mozos que non tiveron tempo de adquirir-las ideas e os hábitos, as virtudes nin os vicios da milicia, e co xorne da xente dos campos e das cidades.

No hospital, coma en tódalas partes, a primeira cuestión é a relixiosa: sen outra vida alén da morte, esta é ben miserable, ben desventurada e ben incomprendible. Aquí vin sufrir a gran número de soldados, e morrer a algúns; as horas do sufrimento e da morte son solemnes, reveladoras do interior ó exterior e de fóra a dentro; quer dicir, que o home adoita ter maior aptitude para recibir altas inspiracións de arriba, e máis espontaneidade para manifesta-lo que no íntimo da súa alma pensa e sente. Pois ben, se me preguntan vostedes se os homes que aquí sufriron ou morreron son relixiosos ou impíos, respondereilles que, ó meu ver, non son nin unha cousa nin outra; nada do que vexo neles me revela nin relixión, nin impiedade: a explicación non é doada; o feito para min, evidente. ¿Mais, como ver un feito de tal transcendencia e non intentar ningunha explicación? Eu doume a seguinte, non como boa, senón a mellor que atopei. A impiedade é unha cousa excepcional e artificial, quer dicir, que se necesita que o individuo teña unha predisposición particular e estea en circunstancias desventuradas, con dores que aguilloen o seu espírito e ideas erradas que o extravién. Nada ten de estraño que entre os centos de homes que aquí vin non haxa ningún que estea neste caso: non se deben equivocar coa impiedade as blasfemias que eu chamaría *mecánicas*, e que, mesturadas con obscenidades, son un hábito noxento contraído por imitación, máis ca ofensa consciente ós altos obxectos que escarnecen.

A relixión da xente ignorante non é máis ca fe; a fe sinxela está conmovida por onde queira; a dos soldados é morna; e como a súa razón pouco cultivada non a afortala, como o seu espírito non se eleva, como non penetra nas profundidades da eternidade nin nos misterios da Xustiza divina, non teñen conviccións relixiosas íntimas, firmes, e levan o escapulario que lle deu a súa nai, e reciben o Viático case mecanicamente, como blasfeman. Ocúpanse moito das dores físicas; algo, ás veces bastante, dos pais que deixan desconsolados na terra; moi pouco ou nada do Pai Celestial que en breve os recibirá no seu seo. Espíritos pouco elevados, atordoados toda a vida na materia, ¿como se sobrepoñerán a ela na hora suprema, cando o corpo, sufrindo cruelmente, paraliza as altas aspiracións da alma? Estes homes morren, por regra xeral, moi materialmente, como viviron, sen a derradeira e sublime pregaría do home relixio-

so, e sen a blasfemia do impío. As crenzas instítivas desaparecen; as razoadas non existen aínda; e nesta transición terrible, que non procuramos abreviar coa calor que debiamos, as chagas sociais fanse gangrenosas, e así vese por tódalas partes botar man do cauterio.

(*Artículos sobre beneficencia y prisiones*)

¿Resignación ou fatalismo?

Unha cousa que me asombra é ver como sofren os soldados en silencio, e cando, por excepción rara, se queixan, é o ¡ai! material da dor física, e de ningún xeito o laio dunha alma que pide contas da súa desgracia á causa dela. Un mozo vive alegre e robusto no seo da súa familia; a lei chámalo ó servicio militar; hai guerra, entra en campaña, sofre grandes penalidades, come mal, abafa, móllase, aterece, dorme na lama, enferma, féreno, morre. ¿Por que? Non o sabe; el non entende a política nin as formas de goberno; tanto lle ten unha coma outra. E este home que padece e sucumbe non se queixa nin do Goberno, nin da República que o arrincou do seu tranquilo fogar, nin de Carlos VII que armou o brazo que o feriu, nin de ninguén: a ningún deles fai responsable dos seus males; recíbeos como a chuvia ou o pedrazo, como se fosen consecuencia de leis fatais. ¿É resignación cristiá? ¿É estoicismo pagán? ¿É fatalismo musulmán? ¿É unha mestura das tres cousas? Non sei.

A primeira vista consola ver este modo de sufrir; pero analizándoo, dá mágoa. Estes homes que sofren tanto, que sucumben ou quedan inutilizados, que van *contentos* cando os declaran tales cunha cruz pensionada con dez reais ó mes, ou sen pensión ningunha, non son excepcións; son un pobo que ten unha maneira de ser, e onde é posible a indefinida prolongación de grandes infortunios, porque está dotado dunha inesgotable paciencia. Eu amo a resignación, aquela santa conformidade coa vontade de Deus, fronte ós males que non teñen remedio; pero esta conformidade cos infortunios que son obra dos homes, este salvoconducto que se dá ás iniquidades, tolerando pacientes as súas consecuencias; esta tácita declaración que se fai de *irremediables* a tódolos males, é camiño de non poñer remedio a ningún, e aflíxeme fundamente ver tantas ofensas sen queixa ningunha. ¿É raza? ¿Herdamos dos árabes a cega submisión á fatalidade? Tal vez, aínda que eu máis ben creo que é ignorancia, falta de elevación de espírito e de coñecemento do dereito e dos principios de xustiza. Somos un pobo enfermo; eu non quero que se desespere e que berre, nin aínda que se queixe, pero si que saiba onde lle doe, que o diga, e que non respire a dor, filla da iniquidade, coma o aire, sen se decatar (...)

(*Artículos sobre beneficencia y prisiones*)

O pobo mellor é o máis instruído.

(...) Nótese que, para calcula-la ilustración dun pobo, non hai que medir soamente a ciencia que posúe, porque esta pode estar concentrada nuns poucos doutos, do mesmo xeito que para coñece-lo seu ben-estar non abonda con sabe-la súa riqueza, que tal vez monopoliza unha opulenta aristocracia. A ilustración do pobo, aquela que inflúe avantaxosamente na súa moralidade, é a que está xeneralizada, é o nivel intelectual das multitudes: porque, doutro modo, a ciencia duns poucos pódese converter en instrumento de tiranía e, xa que logo, de depravación: a historia ofrece moitas probas desta verdade. Dixemos *en igualdade de tódalas demais circunstancias*, porque compréndese un pobo que teña, comparado con outro, desavantages que neutralicen a súa cultura. A súa terra, o seu clima, a súa posición que o obrigue a manter guerras ou o favoreza contra elas; a súa relixión que o soerga ou o degrade: son elementos poderosos que co mesmo grao de cultura poden producir resultados moi diversos. Cando nada disto acontece, cando hai igualdade ou equivalencia nos compoñentes sociais, podemos asegurar, sen temor a sermos desmentidos pola historia, *que o pobo mellor é o máis instruído*.

Sendo o pobo máis instruído aquel onde as multitudes acadan maior grao de instrucción, e o pobo mellor aquel no que a maioría é máis moral, resulta que é correlativa a moralidade e a instrucción nos individuos, xa que o é nas colectividades que deles se forman. As excepcións que disto puídesen presentarse non invalidarían a regra, e moitas que tal vez se teñan por tales non o serán, xa porque a instrucción verdadeira é moi rara e non a teñen moitos homes ilustrados nalgunha ciencia, pero non na moral, xa porque do home instruído no medio dunha plebe ignorante resulta un desnivel e unha tentación, na que el cae moitas veces, e un perigo do que ela se zafa con dificultade.

(Estudios penitenciarios)

O pobre vicioso.

O pobre vicioso non adoita ser traballador; a ociosidade e o vicio únense para formar unha cadea que o retén na máis miserenta das escravitudes. O traballo, ese anxo da garda do home, inspira unha especie de horror a quen se afixo a non traballar. O mendigo sofre a nueza e a fame, arrostra a intemperie e o desprezo: ofrecédelle mantenza, vestido, teito, consideración, a cambio de traballo, e rexeitarao.

Este atractivo da vagancia na miseria é para nós incomprendible: admítamolo coma un feito ben probado, para non imaxinarmos que fixemos todo o

que podíamos facer cando proporcionamos traballo ó pobre que non está afeito a traballar.

Para o vicioso lacazán, a volta ó traballo é a virtude; ¡e cantos atrancos ten que vencer neste penoso camiño! Graduémolos segundo as súas forzas. Non esixamos ó que nunca traballou que traballe durante un día enteiro. Para empezar, contentémonos con tres horas, con dúas, con media, e utilicemos dúas circunstancias: o pracer do descanso e o fastío da ociosidade. Non creamos, sen embargo, que este fastío é para o pobre o mesmo que para nós: as facultades da súa alma son moito menos activas, e cae con facilidade nunha especie de letargo moral, en que ve pasa-las horas case sen se decatar.

O pracer do descanso é grande para todos, e debemos procurar que o saboree o noso pobre vago. Tamén teremos que facer todo o que sexa de nós para que o seu traballo estea ben retribuído, mesmo por riba do seu valor: a esmola máis útil é a que contribúe a volver honrado a un home vicioso.

De ser posible, busquemos para o noso pobre o traballo que lle sexa menos penoso: alentémolo, vixiémolo; non sexamos duras cando falte, manifestémoslle a nosa gratitude cando cumpra, e fagamos que vexa canto gaña para con Deus, a quen non ofende; para cos homes, ós que non inspira desprezo; para a súa situación material, que é moito mellor. Non lle digamos que pode traballar co mesmo esforzo ca outro, xa que ten os seus membros sans: recoñezámo-la dificultade de rompe-lo mal hábito, e que ó principio precisa moita boa vontade, moita forza e moita perseverancia, facéndolle notar, asemade, que o seu mérito medra en proporción, que é maior o obstáculo que ten que superar, e que este obstáculo non pode ser superior ás súas forzas, porque o deber non é nunca imposible.

(El visitador del pobre)

Como corrixir ó impío farfallán e hipócrita.

Cando queiramos corrixir ó impío farfallán, non comecemos polo seu falar: é o último que corrixirá, tardando máis tempo en parecer bo que en selo realmente. De podelo arrincar da casa, do barrio onde vivía, teríase dado un gran paso, porque xa non se avergoñará de parecer bo diante de xente descoñecida, que non sabe que tiña vaidade en parecer malo, nin precisa pasar por arrependido, cousa que lle dá moito noxo, porque é débil e van. Estas cualidades, que poden ser un grande atranco, poderíanse converter tamén nunha axuda;

porque o van necesita aprobación, e cando está entre boa xente, procura facendo ben, como a procura facendo mal cando está entre malvados.

Así, aplicándolle tódalas regras xerais que deixamos establecidas, débemonos fixar ademais na grande importancia do teatro no que estea colocado; porque no papel que represente influirá moitísimo o auditorio, e sería moi conveniente que procurando un aplauso atopase unha aldraxe.

Mais, esta aldraxe halle vir do mundo, non de nós, que non debemos nunca mortifica-lo seu amor propio; nisto teremos grandísimo coidado, porque nos perdoaría calquera ofensa non sendo a feita á súa vaidade. Por ningunha das nosas palabras daremos a entender, ó se corrixir, que este cambio é obra nosa, senón súa, e evitaremos facer alusións a el de non ser preciso.

Xa dixemos que o impío farfallán parece peor do que é: así, estudiarémo-las súas accións, procurando sorprende-los seus sentimentos, única maneira de nos facermos idea, quer da gravidade do mal, quer dos progresos que puido facer cara ó ben. Ó mellor protesta contra a nosa solicitude e afirma que nunca se vai emendar: non fagamos caso das súas protestas nin das súas afirmacións. O home que asegura que non hai nel nada bo, coma aquel que porfía en que non hai nada malo, mente ou engana.

O impío hipócrita é máis difícil de corrixir, e cómpre ter moito coidado de non confundilo co tímido, para o que teremos presente que *o hipócrita esaxera sempre a virtude oposta ó vicio que quere ocultar*. O tímido agocha simplemente que non foi á misa; o hipócrita di que escoitou dúas ou tres, e dá datos, que ninguén lle pide, do sacerdote, do templo, etc., etc. A hipocresía, sobre todo entre a xente pobre, denúnciase polas súas esaxeracións, e non se precisa moita práctica nin un grande espírito de observación para descubri-la.

(*El visitador del pobre*)

Algunhas dificultades de comunicación entre o preso e o visitador.

O receo e a desconfianza son na prisión moitísimo máis frecuente ca no mundo: aquel que engana está disposto a crer que o enganarán, e ademais o penado ten predisposición a considerar como inimigos a tólosos que non son compañeiros de culpa ou de infortunio; a confundir no seu ánimo rancoroso ó soldado que o prende, ó xuíz que o condena, ó empregado que o custodia e á persoa caritativa que o visita.

¿Que se propón aquel home que o visita sen se-lo seu parente, nin o seu amigo, sen estar obrigado a visitalo e sen que lle paguen a visita? Non o entende; o incomprendible faise facilmente sospeitoso, e sospeita: non atina co cálculo interesado que pode facer aquel señor; pero algún fará, porque todo é máis

verosímil ca unha abnegación da que non se pode formar idea. El recíbeo por isto, por aquilo ou polo outro; pero ¡crer que só por lle facer ben o visita! Non é tan parvo, e á súa mentida compaixón oporá outras mentiras.

Este receo e esta incredulidade do preso respecto á piadosa benevolencia do visitador, teñen tamén os seus graos: ás veces non existen, pero hai que contar con eles porque poden ser un atranco.

Outro é, e moi grave, a inxustiza de que foi vítima o penado, inxustiza real ou imaxinada por el. No último caso será posible rectificalo erro e calma-la indignación que produciu; pero o grave é cando non hai erro, cando houbo realmente inxustiza, caso frecuente, porque hai moitas leis inxustas e moitos xuíces que, polo modo de as aplicar, non atenúan o mal senón que o aumentan. Se o penado non é relixioso, se no nome de Deus non se lle pide que tolere resignado a inxustiza, considerando que el tamén foi inxusto, haberá moita dificultade para acouga-lo seu ánimo só con argumentos, que todos virán sendo variantes de que a razón aconsella someterse á necesidade, que a desesperación non calma, aumenta os males, ós que é posible atopar algún lenitivo coa paciencia, etcétera, etc. En todo caso, cando na clase ou nos graos da pena hai inxustiza, o visitador non tratará de disimulara ou desculpala, senón que, pola contra, débea recoñecer francamente, deplorala, indignarse contra ela, única maneira de non aparecer cunha especie de complicidade moral que lle enaxenaría o afecto do preso.

Ó lado destas dificultades hai tamén avantaxes xerais e individuais; para tirar proveito destas cómpre estudar ó individuo, a súa situación actual, as circunstancias da súa vida anterior.

(El visitador del preso)

Predispoñer á confianza.

Das avantaxes xerais, a primeira é consecuencia de que o visitador está alí chamado polo preso, ou alomenos co seu beneplácito, quer dicir, que representa un acto libre da súa vontade, daquela vontade que, en vez de rectificar, suprimese polo común nas súas manifestacións. Esta idea clara ou confusa, este sentimento máis ou menos vago, corrobórase e afortálase co proceder do visitador cheo de consideración e miramentos como non tería máis nin tantos cun gran señor, miramentos non calculados nin cerimoniais, senón espontáneos e sinceros; os que inspira a toda alma xenerosa e compasiva un ser desventurado, débil e oprimido ó mellor con xustiza; pero, anque así sexa, que non é sempre, por ser

merecida a desgracia non deixa de ser desgracia, e a caridade non precisa absolver para compadecer.

Estamos certos de non esaxera-lo avantaxoso que é para o visitador o ser admitido libremente e conducirse cortesmente co preso; o home armado que o prendeu, o carcereiro que o encerrou, o fiscal que o acusou, o xuíz que o condenou, o empregado que o custodía na prisión, todos o trataron con severidade, se cadra con desprezo ou con dureza; a primeira persoa que lle fala con agrimo, que o considera, que dá sinais de compaixón, acaso é o visitador, que o busca e procura consolalo naquela mansión do desconsolo e da afronta, de onde foxen os que se dicían amigos, os parentes se cadra máis achegados (...)

(...) Para o preso que non perdeu as cualidades esenciais do home, todo isto penetra, e ás veces moi fondo; sen dúbida (malia acontecer nalgúns casos) non arrinca instantaneamente a máscara á hipocresía, nin esvaece as sospeitas suspicaces, pero predispón á confianza, e co tempo poderá inspirala. Ó verse considerado coma home, o preso predispónse a ser máis humano, e a benevolencia pode espertar bos sentimentos que parecían mortos cando soamente estaban durmidos.

(El visitador del preso)

Masas encadeadas á miseria cultural.

(...) Pódense citar excepcións; anque sexan numerosas, non invalidarán a regra, nin deixará de ser verdade que, tomados en masa os fillos dos miserables e das persoas instruídas, estes, terán maior disposicións para aprende-lo que se lles ensine. O feito é grave, a verdade triste; pero con negala (e moitos negarana) o mal non se cura: antes prolóngase, porque non se lle aplican remedios axeitados. As grandes masas chégan a degradarse polo embrutecemento herdado dos seus numerosos devanceiros que, ó non cultivaren as facultades intelectuais, legan á posteridade menos aptitude científica. Isto constitúe para gran número de individuos unha inferioridade conxénita, e débese comprender así para non ignorar toda a extensión e a dificultade do problema que cómpre resolver. Porque os fillos do pobo non comprendan nin tan ben nin con tanta rapidez *agora*, non é unha proba de que non comprenderán *nunca*, senón do atentado impío de tempos que chaman «bos» os que non os xulgan ben: eles legáronno-las masas embrutecidas; eles negaron ás multitudes o don da ciencia; eles negáronlle-lo alimento do espírito; eles quixeron apagar na fronte do pobo a luz divina, degradar, destruír, de ser posible, a obra de Deus: pecado máis grave ca tódolos que comete este século, que chaman impío, calumniándoo. A empresa é dificultosa, pero non superior ás forzas das nacións cultas,

que a levarán a cabo, educando ó pobo e elevando a súa aptitude natural para ser educado. Pero as razas consérvanse, melloran ou dexeneran, especialmente (segundo moitos naturalistas) *polas femias*; e a especie humana, deixando sen cultura á muller, diminúe constantemente a aptitude natural científica dos fillos. Por unha parte, cátedras, escolas, academias, liceos, tribunas, museos, libros, todo o que pode contribuír ó cultivo da intelixencia; por outra, rebaixala, diminuí-la herdanza da aptitude científica, ¿non é desfacer cunha man o labor que se fai coa outra?

Pero todo isto é en beneficio dos nenos, dos rapaces, dos mozos. ¿E os adultos? E esta xeración que fai tantos sacrificios para instruír ás vindeiras, ¿non fará nada de seu? Si. Hai que dar ó *ensino* dos adultos maior extensión e outros métodos, e varia-lo concepto que hoxe se ten da *escola*.

(*El pauperismo*)

Ignorancia na base da explotación.

Sería case interminable a enumeración de todas aquelas cousas que non se poden facer mal sen prexuízo das masas, e concluirei preguntando: A *masa* dos gobernados, ¿está interesada en que os gobernantes esquezan o ben público para coidar do seu ben persoal ou satisface-lo seu amor propio?

Todo o mal que se fai en tódolos ramos, en tódalos eidos, é en prexuízo da inmensa maioría dos asociados. E téñase en conta que non falo do mal tomado en sentido moi amplo, e que pode dar lugar á dúbida de se é inevitable, non tal; senón do que *se fai* faltando, non só á lei moral, senón á *lei escrita*. Aínda que esta non chega a onde debe, non é tal como sería de desexar que fose; con que se cumprise, realizárase un ben inmenso na sociedade. E ¿por que a lei é mellor có pobo que rexe? E ¿por que non se cumpre, cando a gran maioría está interesada en facela cumprir? ¡Por que! Porque as maiorías teñen o horrible e degradante nome de *masas*, e merecéno. Porque as multitudes son ignorantes, non discorren, non saben, non racionan, e déixanse esmagar, explotar, extraviar, sen medio entre a abxección e a violencia. Porque non teñen idea de como está constituída a sociedade; de como o debe estar; cal é a causa das súas desventuras, e cales se poden remediar e cales son irremediáveis. Porque ignora a lei escrita, a lei natural, tódalas leis e tódalas regras e o que constitúe a sociedade humana, e os seus medios, e o seu obxecto, e, en fin, canto pasa no mundo intelectual. Por iso hai leis inxustas, e non se cumpren as que son conforme a

xustiza; por iso as garantías pouco ou nada garanten, e son inútiles as declaracións de dereitos, que se esnefran contra o feito da ignorancia xeral.

É un absurdo, unha desventura e un perigo grande, inmediato, constante, unha agrupación social tan falta de harmonía como o está a nosa. Millóns de homes completamente ignorantes, e uns poucos que saben algo ou que saben moito e que, por regra xeral, non teñen crenzas relixiosas, nin principios morais ben fixos; que queren poder e riqueza, que a procuran con desenfreo; que non temen a opinión débil ou extraviada; que saben a impotencia da lei, e que, incapaces de nada nobre e elevado, os gozos que non lle poden dar unha conciencia pura e un espírito elevado, demándanlles os sentidos e á vaidade. Desde o secretario de concello do lugar máis miserable, que é o seu cacique que o *manexa*, ata o xeneral en xefe dun exército, que o *manda*; desde o avogado (...)

(*Cartas a un señor*)

Tiranía interior e tiranía exterior.

Figurádevos que hai unha poboación moi escasa de auga que precisa ir buscala a gran distancia, e preténdese traer un manancial que nace lonxe. O primeiro que cómpre facer é ver se o manancial existe, e de existir, se pola súa localización e a natureza dos terreos que ten que atravesar é *posible* traelo ata aquí. O segundo, ver se os gastos que ocasione a obra son un sacrificio superior ás vantaxes que se van obter e, de convir, convercer á veciñanza porque, malia ser cousa boa, eles téñena por mala e non haberá quen de levalos a poñer nela o seu traballo e mailos seus cartos. Por último, cómpre que haxa quen saiba facela, porque toda a boa vontade e tódolos medios serán inútiles de non haber quen os saiba empregar con intelixencia. Pois agora figurádevos que, no canto de confirmaren a posibilidade da obra e a súa utilidade, e de persuadiren ós outros, algúns veciños impacientes empezan a pedradas e a paos no concello: ¿el virá así antes a auga? quede quen quede por riba, as dificultades para trae-la auga serán as mesmas ca antes do combate, e á parte haberá discordia entre os que se debían axudar, haberá xenreira por un proxecto que deu lugar a desastres, amais da natural tendencia a rexeitar todo o que se nos quere impor á forza. Pois o mesmo, absolutamente o mesmo ca coa fonte dun lugar, acontece coas reformas dunha nación. As que son posibles e están na opinión, fanse de seu e de contado; as que non son factibles ou non se teñen por tales e que a opinión rexeita, non se realizarán con sublevarse ni andar a tiros. Nin as baionetas nin a artillería teñen ningún poder contra a opinión, sexa ou non razoable;

quen a ilustra, quen a encarreira cara ó ben é reformador; quen coa forza quere torcela, só é un revoltoso.

Lembrádeo, meus irmáns, cando vos pidan que vos alcedes a favor de certas reformas. De estaren na opinión, as reformas faranse sen vos alzardes; e de non estaren, serán tan imposibles despois de vos alzardes coma denantes. Viuse máis dunha vez como a rebelión triunfante paraba e abraiaba ó se dectar de que, despois de vence-los únicos atrancos que ó seu ver se lle opuñan, xa non podía facer máis, deplorando na impotencia do seu triunfo os sacrificios feitos e o sangue derramado.

Prescindindo doutros países e doutras épocas, na España de agora non hai tiranos; as queixas teñen medios legais de se facer oír, e as opinións de se manifestar. A tiranía dos homes, a única que se pode combater coa forza, non existe; a tiranía das cousas, que é a que nos asoballa, a que vén do erro, da ignorancia e da inmoralidade, non se vence co ferro e a metralla. Vós, os que ledes ás agachadas papeis ou libros que vos inspiran a idea de mellora-la vosa sorte sen mellora-la conducta, de impordes á orde das cousas existente a responsabilidade das vosas faltas, e de facerdes triunfar unha xustiza imaxinaria desprezando o dereito positivo, crédeme, enganádesvos ou engánanos. Eu exhórtovos á paz co acougo da razón, non co da indiferencia; eu levo no meu corazón as desventuras do pobre na súa miseria, as do preso no seu cárcere, e dóenme de tal modo, que aínda que a guerra é horrible, pediríalle o remedio de tantos males, e diríalle: veña a tempestade dos teus estragos e das túas iniquidades para que reine despois a calma da xustiza; e se non llo digo, e se vos conxuro á paz, é porque sei que detrás de cada combate hai unha nova desventura.

¿Queredes facer unha guerra implacable á tiranía? ¿Queredes derruba-los alicerces nos que se asenta? Procurade ilustrarvos, procurade comprender ben os vosos deberes, procurade poñelos en práctica. Ilustración e virtude: velai as armas das que a tiranía non se pode defender. Cada idea sa, cada boa acción, decláralle unha guerra á morte. O pobo ilustrado e virtuoso non precisa revoltas para que nel sexan imposibles os tiranos.

(Cartas a los delincuentes)

A muller da súa casa corresponde a un ideal erróneo.

No medio das dúbidas, incertezas e confusión, tan frecuentes en todo o tocante á muller, o máis constante, definido e xeneralizado que se observa

entre nós, é a idea de considerarmos como tipo de perfección feminina á que é *boa muller da súa casa*.

Na bondade da muller, coma en tódalas bondades, hai graos; repararemos no superior, onde está a muller de ben e de bo goberno, habelenciosa e intelixente cando ten que cubri-la mesa coa maior variedade e regalo axustándose ós medios dos que dispón, cando ten que tirar lucimento, sen moito custo, de vestidos e enxoval; que non se entrega ó luxo excesivo nin a diversións custosas ou que a distraian dos seus deberes; esposa e nai amante, e, en fin, *que só pensa na súa casa, no seu home e nos seus fillos*: esta frase é o resume das súas perfeccións (...)

(...) Non quixeramos que nos avantaxase ninguén, e cremos que ninguén nos avantaxa, en recoñecer, apreciar e enxalzar todo isto; pero se semellante modo de ser podía se-lo *ideal* da perfección no castelo feudal, de ningún xeito o será na casa do cidadán duha moderna poboación, que é ou ten a pretensión de ser libre, e que precisa liberdade.

Cando a sociedade estaba organizada para a guerra; cando era onnipotente o imperio da forza bruta, compréndese que a muller non tivese ningunha misión social, que se limitase á doméstica, que o fogar fose o seu mundo e que non pasase a ponte levadiza non sendo para troca-las reixas da fortaleza polas do convento. Pero cando os pobos se organizan para a paz; cando empezan a comprender que precisan vivir do traballo e da xustiza; cando as facilidades e as tentacións do crime e do vicio establecen unha corrente de inmoralidade que a lei non pode encarrear e precisa un dique de virtude e abnegación que só poden opoñe-los elevados afectos da bondade ilustrada; cando as crenzas relixiosas enfraquecen e tenden a se converter en sentimentos; cando os pobos non agardan nin poden agarda-la saúde non sendo de si mesmos, do uso racional e harmónico de tódalas súas forzas (de todas), materiais, intelectuais e afectivas; cando se demostra que ningunha forza se perde no mundo da materia, e non ha tardar en se ver que o mesmo acontece coas do espírito, e que aquelas que non teñen influencias harmónicas hanas ter perturbadoras; cando a penas se pode descoñecer que a muller purifica ou corrompe a atmosfera que a cingue e, por máis que se faga, o círculo desa atmosfera anchea cada día; en tales circunstancias ¿quen asegurará con coñecemento do asunto, que a muller da súa casa non é un anacronismo, nin que contribúe, como podía e como debía, ó progreso da humanidade? A súa existencia é un ben inapreciable, de comparármola coa das mulleres desordenadas e leviás e coa dos homes inmoraes, pero é un mal de considerármolo que podía ser, e cómpre que sexa, todo pobo que avance rápida e regularmente cara á xustiza. Non descoñecemos-lo que vale e o que serve ese núcleo forte e san de sentimentos puros

e virtudes inquebrantables, sen o cal a penas se comprende a existencia desta sociedade onde hai tanto corrompido e movedizo; pero tampouco se nos oculta qué altos dotes se esterilizan ou se volven atrancos para os bens que debían facilitar. Na nosa época axitada cremos que, sen moita impropiedade, poderíase comparar esta muller excelente a un aparello que, no medio do mar tempestuoso, permitise que a nave flotase pero sen deixala mover. Abofé que esta regra, aínda admitíndoa como tal, ha ter excepcións, que nós recoñecemos, sentindo que non sexan máis numerosas (...)

(La mujer de su casa)

A muller da súa casa é un elemento antisocial.

(...) Non teña présa o lector en dicir que nos valemos de palabras contradictorias e frases estrañas para persuadirnos á conta da exactitude; precíbase pouca observación para convencerse de que a mesma persoa que na casa se afana polos seus fillos, polo seu marido, polos seus pais, non fai nada fóra dela; cre que as necesidades sociais non son cousa súa, e a súa misión redúcese ás da familia. Así llo dixeron de nena, de moza e de muller; así llo repiten, mesmo os que avogan por que se instrúa, por que se eleve, por que teña máis dereitos. É ben raro que para favorece-la súa causa aleguen outras razóns á parte da necesidade ou a conveniencia de que se ilustre, para poder ser verdadeira compañeira do home e educadora dos seus fillos; razóns seguramente de moito peso, pero que non estenden a súa esfera de acción directa alén do fogar doméstico, nin lle fan comprender que a súa influencia debe ir máis alá. Daquela, ¿como vai ter virtudes das que nin sequera puido formarse unha idea? Carece delas sen culpa, por ser caso de ignorancia invencible.

As cuestións sociais, nin as entende, nin adoita sabelas, e tanto lle dan; e cando o mal é tan grave que non se lle pode agochar, chegan os laios ós seus ouvidos antes có coñecemento da doenza que os produce, e propende a mirala como resultado inevitable do encadeamento das cousas, ou como falta das persoas; é o sismo, ou a culpa; a fatalidade á que cómpre someterse, ou o delito que se debe castigar; todo sen prexuízo de compadece-las dores na medida da súa sensibilidade. Pero esta compaixón, sen ser unha farsa, ten algo de teatral; aquela que a sente é simple espectadora, e non é quen de intervir no curso do drama, nin no modo de representalo, nin no desenlace; de xeito que se por excepción asiste ó espectáculo, como moito aplaude ou chora; é todo o que fai e todo o que pode facer.

En tal estado de ánimo, nin o entendemento nin a vontade a impulsan a cooperar eficaz e directamente na obra social, e non só non traballa nela, senón

que, no canto de dar azos, retrae ó seu marido, ós seus fillos, ó seu pai, ós seus irmáns, e contribúe a amortece-lo seu interese polo ben público. A muller da súa casa, que só vive nela e para ela, non entende nin lle interesa nada do que acontece fóra, e ten por imprudencia, absurdo, quixotismo, toleirada, parvada, segundo os casos, o traballo, os desvelos e sacrificios que o pai, o esposo ou o fillo, están dispostos a facer pola obra social. Todo iso non debe ser senón para os seus, para o seu fogar, porque cando alí falte algo non han se-los de fóra os que traían o acougo, os cartos ou a saúde que se perdeu traballando inutilmente e ás parvas por quen non precisa ou non o merece. Se hai alborotadores, que os repriman os soldados; se delinquentes, que os castiguen os xuíces; se ignorantes, que os aprendan os mestres. ¿Para que rompe-la cabeza e ter nela plans de cousas innecesarias ou imposibles? (...)

(*La mujer de su casa*)

As mulleres que non teñen vagar.

(...) A frase *non sei onde meto o tempo*, é coma a fórmula da desorde nesta materia. Non é raro ver unha muller que, dan as doce do día, e non se aviou por non ter vagar; que non se ocupou nalgunha cousa importante, por non ter vagar; que faltou ó que debía ó parente ou á amizade, por non ter vagar, en fin, que non *ten vagar para nada* porque non establece a orde de *ter vagar para todo*. Se coas vintecatiro horas do día establece un presuposto e as distribúise racionalmente no que debe facer, sobraríanlle en vez de lle faltar; e se fíxese cadra-la conta entre o feito e o tempo gastado, admiraríase ó reparar no mal que o goberna, sobre todo de comparalo con alguén que o administre ben.

Amais das mulleres que andan sempre a todo correr para facer ben pouca cousa, hai outras que non se dan ningunha présa, que se erguen tarde, que se enlean deste xeito, desoutro ou daqueloutro, e que viven na folganza máis ou menos disimulada pero sempre evidente para calquera que as observe. Dirase que estas non son mulleres da súa casa; pero, sobre todo, non deixarán de pretender selo e de lograr que moitos crean que o son, e non se poden deslindar na sociedade coma no papel as variedades, nin marca-los matices e graduais diferencias que existen entre a preguiceira e a traballadora; pero, de tódolos xeitos, a muller da súa casa que se axusta ó ideal dos que a consideran como o tipo de perfección, non corresponde ó maior número, e máis ben forma a excepción da regra; de modo que non se pode prescindir das que están dentro

dela, cando se trata de aprecia-la influencia social do sexo e o resultado de que se crean en alto grao virtuosas, malia non teren ningunha virtude social.

A muller da súa casa, a que merece este nome, traballa arreo, se cadra de máis, mesmo con prexuízo para a súa saúde, pero sen bo cálculo nin bo método e ás veces sen dirección acertada nin finalidade razoable, de xeito que emprega moito tempo con pouca utilidade e aínda con dano. Concentrada a súa actividade no fogar doméstico, ten que acomodala ó reducido círculo, e tanto porque teña emprego, como por natural propensión a dar importancia ó que facemos, resulta que ó traballo necesario engádenselle ocupacións puerís, e que a vaidade das pequenas cousas substitúe ó lexítimo orgullo de realizar cousas grandes. No canto de se limitar na casa ó aseo e á comodidade, énchea de mobles, adornos, lilailas, quincallada, que, se non han ser niños de po, son aumento de traballo. Verbo das persoas, o luxo, amais dos males que xa ten en por si, esténdese a detalles e puerilidades que absorben moito tempo, non só sen beneficio, senón con dano dos que engalana, afeitos desde nenos a dar pábulo á vaidade e importancia ás cousas que non a teñen. No canto da limpa sinxeleza que constitúe a elegancia e realza a fermosura, hai unha complicación de enfeites, gornicións, bordados e lazos, que para facelos e conservalos implican moito traballo, e consumen moito tempo no seu uso. Vestir ós nenos e vestírse as señoritas, ¡xa che é boa empresa! Nela métese unha parte do tempo que se debía destinar ó saudable exercicio e a toma-lo aire. E como ó compás das señoras hanse move-las criadas, non tardan menos en se engalantar; de xeito que a esta pregunta: *¿Como é que saen vostedes tan tarde? Xa é hora de volver,* a resposta adoita ser: *¡Xa ve, primeiro avíanse todos!*

Non pode acontecer doutro xeito, estando as cousas como están. Para *simplifica-la* vida da muller hai que *elevala e estendela*, senón é inevitable que perda unha gran parte dela en labores que, por riba de non ser útiles, alician vaidades desde moi cedo, e non poucas veces son tan hostís á hixiene coma á estética (...)

(La mujer de su casa)

O perfeccionamento na monxa de clausura.

¡Perfectos! ¿E que é a perfección? A perfección é soerguer ó máis alto grao posible tódalas nobres facultades, e reducir á impotencia os malos impulsos. Perfección é amar moito e puramente; pensar moito e rectamente; obrar moito e honradamente. E ¿pódese chamar estado perfecto o dunha *criatura que non ama, nin pensa, nin traballa*; que deste xeito se pode definir á monxa? Comprendemos perfección no monxe: non é doado, pero é posible. Pode ser

sabio, pode ser apóstolo, pode ser mártir. Aínda é posible que se consagre á ciencia ou á humanidade, que catequice ó presidiario ou ó salvaxe, que arrostre a morte na epidemia consolando a un moribundo, ou en praias remotas predicando o Evanxeo, e que cumpra unha alta misión de amor e de intelixencia. Pero a muller reclusa, sen estudos, nin instrucción, nin coidados, nin quefa- ceres, nin afectos; sen actividade material, moral nin intelectual, ¿cabe que se perfeccione? Máis aínda, ¿cabe que non se desnaturalice? Hai moito descoñe- cimento do corazón humano e da sabedoría divina, na soberbiosa pretensión de perfecciona-la natureza saíndo dela: dentro da humanidade, quérense facer criaturas que sexan máis ca homes, máis ca mulleres, e o resultado vén sendo formar entes que son menos ca mulleres, menos ca homes. As mutilacións morais deforman o espírito, coma as físicas o corpo, e é ben difícil converter a débiles criaturas en prodixios de perfección, e ben doado facer delas seres extra- vagantes ou monstruosos que se depravan na impotencia dunha virtude impos- ible ou no erro de chamar santo ó que é pecaminoso.

A monxa deixa ós amigos da infancia, ós seus irmáns, ós que debía amar e que a amaban, para fraternizar, *nominalmente*, con persoas estrañas ás que non inspirará nin profesará nunca cordial cariño. Abandona ós seus vellos pais; achacosos, doridos, non os coidará, nin na derradeira enfermidade poderá dár- lle-lo postremeiro adeus, nin pecharlles piadosamente os ollos. Non ten fillos, non coñece o amor de nai, ese amor sen límites nin condicións. Non é amante nin esposa, non saíu de si para vivir noutro, nin fixo ese grande acto de abne- gación que se chama amor verdadeiro, o máis forte antídoto contra tódolos ego- ismos, preparación eficaz para tódalas virtudes. A monxa chámase *Esposa de Xesus Cristo*: ficción media ridícula, media impía, porque ese imposible consor- cio espiritual supón na desposada un mérito superior á humana criatura, só serve para lle dar ideas falsas de virtudes imaxinarias, unha soberbia, mal agochada moitas veces debaixo de fórmulas de enganosa humildade, e un desdén moi pouco caritativo contra as *mulleres do século*, que adoito teñen virtudes que ela non é quen de imitar, nin mesmo de comprender. Non é irmá, nin filla, nin nai, nin esposa; fanado o seu corazón, fáltalle un elemento indispensable do seu per- feccionamento moral.

Ó contrario da Irmá da Caridade, a dos pobres e tantas outras que exer- cen en comunidade as obras de misericordia, non cumpren co precepto de amar ós demais coma a si mesma. A rigorosa clausura afásta do mundo, que alá lonxe se extravía, sen que a súa virtude lle sirva de exemplo; non aprende da igno- rancia, nin a conforta o sufrimento. Aqueles que non tratamos nunca e polos que nunca miramos, acaban séndonos estraños: ás reixas do coro e do locuto- rio corresponden no corazón da monxa febras duras que a fan pouco sensible

ós males daqueles que, con propiedade, non poden chamarse os seus semellantes. Sen instrución, ó mesmo tempo có exercicio dos afectos, fáltalle a ximnasia intelectual; as súas ideas cóutanse cada vez máis no illamento, ou co trato das súas compañeiras, tan degradadas intelectualmente coma ela; a única luz para a súa intelixencia é o seu confesor, o director espiritual, se cadra pouco máis ilustrado ca ela, que condescende moitas veces cos seus místicos extravíos, alenta, sabéndoo ou non, aquelas puerilidades que a empequenecen e acaban de convertela nun ente preternatural que entrega as súas mans a chilindradas inútiles, mentres o seu pensamento enfraquece forxando escrúpulos ridículos.

Para neutralizar esta ociosidade de todo traballo, moral, intelectual e material, ten só a oración. A oración jah! é a aspiración sublime do home a uní-lo seu espírito ó espírito de Deus; é latexo amante, é ¡ai! dorido: ¿pode saír das almas degradadas e dos corazóns insensibles? ¿Onde está a faísca divina, nas fronte onde non alampea o lume sagrado das ideas, nos peitos que non aman, non ollos que non choran? Naquela vida tranquila, monótona, regulada como un mecanismo, onde hai horas marcadas para comer, para durmir, para andar, para se sentar, para falar, para gardar silencio, nesa vida onde non se pensa «alto», nin se sente «fondo», nin se traballa «arreo», a oración saída dunha especie de autómatas ten algo de mecánico, non ocupa dignamente a vida, non neutraliza a falta de actividade, que ten para o espírito emanacións tan malsás coma para o corpo a auga estancada; e nin pode elevarse ás altas rexións da mística, nin se-la pregaria sinxela e breve do home rústico ou da Irmá da Caridade, á que se lle prohibe escoitar dúas misas pola regra daquel home de bendita memoria, que foi un gran santo e un gran filósofo.

A muller no claustro pón o seu nivel moral e intelectual moi por debaixo das persoas do seu sexo, xa ben rebaixado, e é materia disposta para o erro, a superstición e mesmo o delirio (...)

(Juicio crítico de las obras de Feijoo)

Dificultades para mover ás señoras.

Se consideramos á muller da súa casa, non pola influencia que exerce na familia, senón polo que é ela mesma respecto á sociedade, veremos que o seu retraemento deixa un baleiro imposible de encher. As asociacións para combater-la miseria, a ignorancia, a inmoralidade, non poden contar coa súa cooperación; de ser moi compasiva, dá algúns cartos; pero o seu traballo persoal, que é tan indispensable, que non se pode suprir, denégao, porque ela xa ten dábondo qué facer na súa casa; non recoñece que teña ningún deber fóra dela, nin lle

parece mal que o seu home *lle prohiba pertencer a ningunha asociación*, como din moitas que non son tan dóciles respecto a outras prohibicións maritais máis razoables. Dicimos que dá algúns cartos, de ser compasiva; pero necesita selo moito, porque non ten idea da importancia daquelas boas obras, coas que non coopera; as dores que non se ven nin se coñecen, doen pouco. Hai unha maneira deplorable e frecuente de se desculpar de non facer ben, e é censurar ós que o fan. Non é raro que a muller da súa casa censure ás que saen dela para traballar activa e eficazmente nunha obra benéfica; acúsaas de ruar e deixa-los seus asuntos ós alleos, e tense por moi superior a elas, aínda que estea moi por debaixo. De modo que non só retrae ós seus e a si mesma das obras benéficas, senón que contribúe a botar sobre elas o descrédito de ser levadas a cabo por persoas que non teñen toda aquela prudencia e recollemento que cómpre a unha señora. Que se lean novelas indecentes, folletíns noxentos; que se vexan comedias e dramas inmoraes, e mesmo obscenos, nisto parece que non hai mal para unha muller, ou para unha moza; alomemos non se intenta evitalo; pero ¡cantos perigos non se prevén ó entrar nunha casa da veciñanza, onde se poden escoitar algunhas palabras mal soantes, ou en ir ó cárcere onde hai mulleres perversas! Como se o perigo para a virtude estivese en ve-lo vicio pobre e noxento, o delicto castigado, escarnecido e infeliz, e non en mira-lo resplandecente, engalanado, aplaudido, e poderíase dicir honrado e venturoso, como se nas esferas en que se paga, se cobra e se festexa, puidese haber honra, nin mesmo mentida, nin felicidade máis ca aparente.

A virtude dunha muller ou dunha moza fortalécese indo a visitar a unha pobre ou a unha presa, e decae co exemplo e o trato de mulleres que son á vez asunto de xusta severa censura e de secreta cobiza. Peores leccións se reciben na Castellana, no Parque de Madrid ou no Teatro Real, ca na *casa de Tócame Roque* ou no cárcere de mulleres (...)

(*La mujer de su casa*)

¿Que vai ser dos fillos cando a nai poida exercer unha profesión ou oficio lucrativo?

Suponse que tódalas mulleres son nais, que todas poden dedicarse exclusivamente ó coidado dos seus fillos, e que toda a vida da muller necesita estar empregada en cumpri-los deberes materiais, minuciosos, incesantes da maternidade. Partindo de supostos falsos, as consecuencias non poden ser verdadeiras.

Hai un gran número de mulleres que non son nais: delas trataremos no capítulo da *muller solteira*.

A inmensa maioría, composta de mulleres pobres, non pode dedicarse ó coidado asiduo e incesante dos seus fillos pequerrechos, porque necesitan traballar para mantelos. Unhas veces levan consigo ó fillo que aínda mama, exponéndoo á intemperie; outras déixano ó coidado dalgunha anciá, ou déixano só: de haber algunha casa benéfica onde o recollan mentres van ó seu traballo, sería un gran favor para o inocente e descanso para elas. Nos máis dos casos, é gratuita a suposición de que a muller nin está nin pode estar seguido ó coidado dos seus fillos.

Queda reducida a cuestión a saber cal será mellor: que deixe a casa para exercer unha profesión ou oficio lucrativo ou para dedicarse a un traballo material, penoso e mal pagado. Afirmamos, sen vacilar, que a muller máis educada, máis perfecta, máis útil, pode atender máis constantemente ó coidado dos seus fillos porque pode estar máis tempo na casa e ter máis vagar. O seu traballo, moi mal retribuído, serao cada vez menos, porque é mecánico, e como máquina, é inferior ás que perfecciona tódolos días o xenio do home. Para gañar, non digamos algúns reais, senón algúns céntimos, precisa traballar na súa casa, ou fóra, todo o día, e ás veces unha parte da noite. De entrar, polo que sexa, a intelixencia na súa obra, estaría mellor pagada, gañaría máis cartos en menos tempo e podería ocuparse máis dos seus fillos. Para que os atenda, pedimos que, segundo a súa clase teña educación e utilice as facultades que recibiu de Deus. É un estraño modo de observar fixarse nun curto número de mulleres da clase media que se dedican asiduamente ó coidado dos seus fillos e prescindir da inmensa maioría de mulleres pobres que para buscar pan teñen que deixalos ou non atendelos ben.

O fillo precisa sempre da súa nai, aínda que a manteña. ¿Quen o vai amar como ela o ama? Pero o coidado asiduo de tódolos momentos non é preciso non sendo nos primeiros anos da vida. A muller vive sesenta ou setenta anos; segundo a súa fecundidade, ten fillos pequenos, catro, seis, oito, dez ou doce anos. ¿É isto a vida? Aínda que neste período tivese que dedicarse ó coidado exclusivo dos seus fillos e non puidese facer outra cousa, aínda que non estivese ó seu lado nai ou tía anciá que a axudase, ou irmá que lle dese auxilio, antes ou despois deste período, e aínda nel, ¿non ten a muller tempo e necesidade de cultivar as súas facultades para que o seu traballo sexa máis útil e máis lucrativo e para perfeccionarse?

Esta consideración aplícase, tanto coma ás mulleres do pobo, ás das clases elevadas, e aínda máis, porque nelas son as mulleres menos fecundas, e menos o tempo en que a lactancia e curta idade dos nenos esixen coidados incesantes. ¿E son sempre tanto como se di? A ama, a aia, a avoa, a tía ou a irmá ¿non procuran ningún descanso nin deixan ningún tempo que se pode empregar con utilidade maior, segundo o maior grao de perfección ó que se chega

ra? Cando o esposo está enfermo ou abafado de traballo, para axudalo; cando falta, para supri-lo, ¿non podería a muller atopar unhas horas que dedicar a traballos lucrativos, para que os seus fillos non carecesen do necesario e para que a enfermidade ou a morte do pai non fosen a ruína da familia? (...)

(La mujer del porvenir)

A muller educada será mellor nai.

(...) A muller educada será nai, non só máis intelixente e capaz de achar recursos para os seus fillos, senón máis tenra e agarimosa; as infanticidas non son persoas instruídas, nin tampouco as que tratan ós seus fillos con incomprendible dureza. Repetímolo: a muller non sae nin pode saírse da lei eterna, pola cal todo ser que se educa dulcifica o seu carácter, faise máis humano, e cando a muller dilate os horizontes do seu entendemento; cando comprenda as harmonías do mundo moral; cando vexa toda a fealdade do vicio e do crime e toda a fermosura da virtude; cando a súa exaltación se converta en entusiasmo e os seus instintos se eleven a sentimentos; cando a súa razón poida servir-lle de faro nas borrascas da vida e de apoio contra os embates do mundo; cando o exercicio das facultades máis nobres eleve o seu ser, purifique os seus afectos e lle dea maior delicadeza e sensibilidade; cando, en fin, sexa máis boa, ¿non será mellor nai?

De non ser este o noso íntimo convencemento; de termo-la máis leve dúbida de que a muller, ó cultiva-la súa intelixencia, diminúa no máis mínimo o seu cariño maternal, guindaríamos estas páxinas ó lume. ¿Como iamos querer desposuír á humanidade do seu sentimento máis elevador?

En tódolos amores da terra revélase, por algún egoísmo, o miserable barro do que está feito o home: só o amor dunha nai nos pode dar idea do amor do Ceo; só nel hai pureza inmaculada, abnegación que non coñece límites, perdón para tódalas culpas, esquecemento para tódalas faltas, e piedade e mais misericordia sen medida; só el purifica canto toca, fai comprender á alma un mundo de afectos sublimes e póna e relación co Infinito.

Ollade na súa prisión á muller máis desprezable, á prostituta delincuente; védea transfigurada ó lado do seu fillo enfermo, e escoitade as palabras sublimes que non se luxan ó pasar polos seus beizos impuros.

Vede aquel reo en capela; é un monstro: cínico e impenitente, repugna e espanta. ¡A súa nai! Ó vela chegar estremece a sentinela e mesmo o verdugo se conmove. Cando a sacan, a expresión do monstro mudou; aquela alma empedernida conmoveuse, e abaixa a cabeza unxida polas bágoas da que lle deu o ser. Alí onde todo inspiraba noxo e horror, hai algo que fai sentir compaixón e

respecto; aquela atmosfera pestilente purificouse ó pasar por ela o amor desconsolado dunha nai (...)

(*La mujer del porvenir*)

Dor e misterio no fondo de toda cuestión.

(...) Un gran blasfemo, nun momento no que o seu xenio se abría paso a través da súa soberbia e do seu espírito de paradoxo, coma unha raiola a través dunha nube preñada de tempestades, un gran blasfemo dixo que toda cuestión *entrañaba no fondo unha cuestión relixiosa*. Tal é a verdade. Onde queira que vaia o home leva canda el a cuestión relixiosa, que envolve e enlea a súa alma como o aire envolve o seu corpo, saíbaos ou non.

En calquera cuestión social grave, hai dor. De non habela, non haberá discusión; nunca lles preguntamos ós praceres de onde veñen; a orixe e a causas das penas é o que investigamos, para poñerlles remedio. ¿Cal é a causa de que ventiles a cuestión da falta de traballo ou de que estea mal retribuído? O feito de que a carencia de recursos che imponha privacións, *mortificate*, faite *sufrir*. ¿Por que? ¿Para que? Non o sabes. Dor e misterio; é dicir, cuestión relixiosa no fondo da cuestión económica. Se nada cres, o *misterio* convértese en *absurdo*; a dor en *iniquidade*, e no canto da calma digna do home resignado, teralas tempestades da desesperación ou o envilecemento do que se somete cedendo á forza. Se non tes ningunha crenza; se non ves na dor unha proba, un castigo ou un medio de perfección; se, cando non haxa cousa creada sen obxecto, supós que a dor non ten ningún ou só ten o de te mortificar, non podes ter serenidade que se precisa para combatelo. Todo o que te rodea, o teu ser físico, moral ou intelectual, está cheo de misterios e de dores. Se nada cres, ningunha virtude ten obxecto, ningún problema solución; a lóxica lévate a ser un malvado, a non ter máis lei có teu egoísmo nin máis freo cá forza bruta. Ti non es un malvado, non obstante; es, pola contra, un home bo. O Deus que tal vez negues deuche a conciencia, o amor ó ben, a aversión ó mal, e este divino presente non pode ser aniquilado pola túa vontade torcida.

Como me propuxen escribirche sobre economía social, e non sobre crenzas relixiosas, non quixera tocar esta cuestión grave, que non se debe tratar por incidencia; pero vaiamos onde vaiamos, a relixión saénos ó camiño, e se non tes respecto para o misterio e resignación para a dor, entenderémonos, coma che dixeran, con moita máis dificultade (...)

(*Cartas a un obrero*)

O nivel moral dos pobos.

Todo pobo ten nun momento dado un nivel moral sobre o que se elevan os mellores, e por debaixo do cal quedan os máis malos; e sen negármo-lo mérito dos primeiros e a responsabilidade dos segundos, hai que convir en que a altura da gran masa que está no medio inflúe na dos extremos. Cando a corrupción é xeral, a virtude ten maiores atrancos. Ademais, a moralidade dos pobres non se pode arredar da dos ricos; porque, aínda que aparezan moi distantes e se están, hai influencias que abranguen a todos: non é posible encerrar ás clases, nin aínda ós individuos, de modo que se illen da atmosfera moral que os envolve. É cousa ben sabida; e, xa que logo, influíndo a moralidade dos uns na dos outros, é inútil intento a pretensión de moralizar ós pobres se non se moralizan os ricos, máxime cando estes son os que teñen máis medios para se perfeccionar e os únicos que poden influír activa e eficazmente en todo xénero de reformas. E como tamén hai unha gran masa de pobres que á menor oscilación caen na miseria, existen tamén moitas moralidades vacilantes que calquera circunstancia desfavorable dá ó vicio, o que se ve claramente polo que aumenta cando faltan recursos ou cando os hai en exceso, nun ano de fame, ou nun oficio no que os obreiros sen cultura obteñen ganancias relativamente grandes (...)

(El pauperismo)

Pobre Martiño!

Martiño chamábase o malpocado individuo de Orde Pública que morreu cunha honra hai moitos días na rúa do Lobo, cumprindo co seu deber. Non nos incumbe investigar quen nin como o matou, nin se se debeu alí disparar, nin se houbo imprudencia temeraria penada pola lei, nin se hai persoas xustificables ou se se debe sobrese-la causa. Cousas son estas das que entenderá o Xulgado. Sobre unha que non é da súa competencia imos dicir algunhas palabras.

O pobo non adoita mirar ben ós encargados de mante-la orde en Madrid; e sexa a culpa destes, daquel ou de todos, como é o máis probable, cousa que non nos propuxemos pescudar, nin sería doado, é o certo que os individuos desta forza urbana recibiron varios alcumes colectivos, digámolo así, e na actualidade non saen moi mal parados recibindo o alcume de «amarillos». Non é o noso ánimo face-lo seu panexírico, nin probar que son persoas ordenadas tódalas que se encargan de defende-la orde pública; pero sí diremos, por se-la verdade e termos constancia, que Martiño era un home honrado, un home moi bo, que morreu por cumprir co seu deber. Estas verbas, que non podemos escribir cos ollos enxoiados lembrando o seu tráxico final, serán a súa única oración fúnebre,

e o seu nome, escrito no xornal dos pobres, o único esforzo feito para arrincalo do triste esquecemento da fosa común.

Non imos falar dunha persoa: Martiño representa unha clase; non imos implorar para a súa viúva a compaixón das almas caritativas, imos pedir á sociedade o cumprimento dos deberes que parece ignorar ou que non lembra. Cando un home morre por ela, por defendela e servila, se este home é pobre e escuro, identificada a súa persoa, o seu cadáver entérrase, quizais sen pompa, na fosa común, e a súa familia sofre sen auxilio os horrores da miseria. Se mañá aparece un mozo no banco dos acusados; se probado o seu delicto o defensor alega que é orfo, que o seu pai morreu como morreu Martiño, que o neno viviu na miseria e no abandono, sen máis educación ca malos exemplos, e o peor de todos saber como desampara a sociedade ós fillos pobres dos que morren por ela; cando tal diga o avogado, tirando as consecuencias que lóxicamente resultan, ¿en virtude de que lei que non sexa a do máis forte se lle aplicará ó recunha pena? ¿Non está moralmente incapacitada para impoñer deberes a sociedade que non cumpre os seus? Comece ela por encheiros, por dar exemplo ao precepto, e daquela os infractores serán máis raros, máis culpables, e poderán ser castigados en conciencia.

Cando un home morre por presta-lo seu servizo *directo* á sociedade, esta debe honra-la súa memoria e valer á súa familia; darlle a esta suficientes socorros domiciliarios, ou no caso de haber nenos con nai que non poidan ser educados na casa, recollelos nun establecemento especial para eles só, de xeito que non se confundan os orfos que fai o vicio e o crime, cos que deixa a abnegación e a virtude.

Verbo da vítima, debe ser conducida á derradeira moradía con pompa non desa que vale cartos, senón da que indica respecto: o seu nome débese gravar sobre a súa tumba, e esta abrirse arredor dun moimento sinxelo no que se lea:

*A sociedade recoñecida
ós que morren por ela.*

Mentres a sociedade non trate a *tódolos* seus membros coma *fillos*, pode estar ben certa de que haberá *moitos* que non a miren coma *nai*.

(Artículo sobre beneficencia y prisioneros)

A miseria cría miseria.

(...) Cando se ve como trata a miseria ós que nela nacen, quer dicir, a milleiros, a millóns de criaturas; cando se penetra nos albergues onde campasombra como os miserables fillos do pobo poden chegar a homes, e de che-

garen, non ser descoñecedores de toda regra equitativa e rebeldes a toda lei xusta.

A miseria fai ó home dous irreparables males: priva do preciso para cubri-las súas necesidades materiais, e, mortificado sempre por elas, son a súa preocupación constante, o fin da súa actividade e a medida do seu ideal, que non pasa, que non pode pasar de comer, vestir e gozarse. Nesta loita pola existencia, expresada coa terrible frase *gaña-la vida*, o miserable, vencedor ou vencido, perde sempre na contenda as altas aspiracións, imposibles para o que pasa un e outro e outro ano coa única aspiración, non realizada, de satisfacer o seu estómago e cubri-las súas carnes; por carecer do indispensable *material*, o home *materialízase*: non pode ser doutro xeito.

O materializarse é degradarse e *endurecer*, contribuíndo a isto último o hábito de sufrir, que atorda a sensibilidade; o de non se ver compadecido, enfraquece a simpatía; o de non se ver amado, esgota as fontes do amor. O miserable, rodeado dos que o son, só recibe influencias que o degradan e endurecen, e se na súa desventurada condición fose máis elevado e máis sensible, sucumbiría na loita material e moral, morrendo derreado, suicida ou rebelde.

Os que falan con desdén *desa xente* que só se preocupa polas cousas materiais, e que dá máis importancia á saúde da vaca cá do pai ou do fillo; os que mergullados nas cousas do espírito, aseguran con orgullo que non se ocupan de comer nin de vestir, é porque non teñen nin fame nin frío. Se padeceron algunha doenza, e nela ou na convalecencia tiveron fame ou sede, que lles lembren se non estaban como dominados por estas materiais sensacións, pensando seguido *en cousas de comer e de beber*, reparen en que algo parecido lles acontece ós miserables; dean gracias a Deus por non o seren, e non degraden ós homes menos afortunados, nin os xulguen cun desdén inxusto, nin descoñezan que é un efecto inevitable da miseria materializar e endurecer.

(*Estudios penitenciarios*)

Miseria, ignorancia e moralidade.

Outro é sumir ó miserable na ignorancia. ¿Que medios nin que tempo ten para a súa instrucción? ¿Como é posible que comprenda as vantaxes da instrucción? Nace, vive e morre nas tebras intelectuais, coma os seus pais, que non o instruíron, coma os seus fillos, ós que non ha de instruír; é material e moralmente imposible que el teña vontade nin posibilidade de se instruír, e se ningún que respire fóra da súa atmosfera non o saca dela, endexamais sairá.

¿Poderá estar ben alto o nivel moral do home ignorante, materializado e endurecido? Abofé que non, e disposto ó erro e en perigo de se deixar arras-

trar por brutais instintos, estarao tamén de infrinxi-las leis. Daquela, a miseria non soamente é a necesidade do momento que impulsa a facer mal, senón o modificador lento e poderoso de toda a vida, que lle facilita cunha longa preparación.

Vemos, pois, que a miseria, apoderándose por completo do home, non só inflúe no eido económico privándoo de recursos, senón que alcanza á moral afectiva e intelectual, porque tende a secar na súa orixe as fontes da sensibilidade do amor e as do coñecemento, facendo imposible o estudio.

O que se presente na sociedade con tan malas condicións, atopará nel seres que o avantaxan en todo, que posúen máis bens materiais, que saben máis que pensan e senten mellor e que, se a pesar de todo isto caen, ¡cantos medios para se erguer atopan en si mesmos, na familia e nos amigos que procurarán agocha-la falta e remediala para que non prexudique ó mozo que pola lixeirza propia dos poucos anos prevaricou, sen que o tal extravío da súa mocidade sexa un atranco para consideralo entre os homes honrados, e tal sexa ou semelle! Pero cando o miserable cae, ¿quen o ergue? Abáfao todo: a súa primeira falta imprime carácter, e a lei e maila opinión adoitan ser inexorables porque temen del máis do que esperan. A persoa de *boa* clase ten en si moitos recursos para se afastar do camiño do mal, e retroceder se acaso entrou nel (...)

(*Estudios penitenciarios*)

Establecer semellanzas para simpatizar.

Cantas máis diferencias hai entre as criaturas, menos se aman: esmagas un verme, matas un insecto, sen sentires por eles o menor movemento de compaixón; matas un can ou un cabalo, e sentes pena; matar a un home causa remorsos e mágoa. Se puideses formar unha escala graduada da simpatía que che inspiran as criaturas, correspondería exactamente ás semellanzas que contigo teñen desde o verme ata o home.

Esta lei, se non está ben estudiada nin formulada claramente, non hai dúbida que está sentida, porque pasou á linguaxe, e para definirmos ós que nos inspiran respecto, afecto, consideración, dicimos *os nosos semellantes*. A SEMELLANZA: velaquí o gran lazo entre as criaturas, lazo tanto máis estreito canto ela é maior.

Os efectos da lei non se deteñen ó chegar á especie humana. Se amas máis a un animal canto máis se asemella ó home, amas tamén máis ó home canto máis se asemella a ti. O hotentote non che inspira igual simpatía có home da túa raza, e entre os teus concidadáns sentes máis afecto polos da túa clase, polos que están na mesma situación ca ti, en fin, polos que teñen máis semellanza con

tigo. Nos países nos que hai castes, quer dicir, agrupamentos de homes con grandes diferencias permanentes, detéstanse e desprézanse uns ós outros, e pódese dicir que non se comunican non sendo para a *opresión*, o *asoballamento* e a *rebelión*.

Conforme as castes desaparecen, os homes aproxímanse e diminúen as diferencias, atenúase tamén a carraxe dos de abaixo e o desprezo dos de arriba en proporción ás distancias. O señor feudal promulga horribles leis cando se trata do peiteiro e aldraxa a xustiza e a piedade; o seu honor depende do seu comportamento cos seus *pares*; o rabaño vil dos seus vasalos, ¿que ten que ver coa súa honra ou coa súa virtude?

(*Cartas a un obrero*)

Cando a posición fai que a humanidade perda a sensibilidade.

Que Deus te ampare, meu irmán, é unha bendita frase cando quen a pronuncia non pode valer a quen a implora, malia se doer da súa pena; pero adoia ser unha fórmula hipócrita que se aplica cos beizos e se desmente co corazón. Aínda para quen estea ben disposto, é difícil fraternizar de veras con criaturas consideradas esencialmente inferiores. ¿Por que en séculos de fe viva na nai de amor, eran os pequenos tan pouco amados polos grandes? ¿Por que se trataba ó pobre con tanta dureza? Porque era desprezado. Daqueles rabaños de plebe facíanse escravos, servos, vasalos e peiteiros; ningunha lei era común entre eles e os señores, e a dureza coa que os trataban era consecuencia do pouco que os consideraban. Citouse unha carta de Mme. de Sevigné como proba do que estou a dicir. Nela fálalle á súa filla dos repetidos suplicios e execucións capitais de escuros criminais, e faino en tales termos, cunha xovialidade tan horrible, que dan ganas de preguntar se aquela muller tivo corazón algunha vez, ou onde lle endurecera tanto (...)

(...) Esta nai, que non pensaba sequera en que tamén a tiñan aqueles dos que narraba a morte con tan pavera ferocidade, ¿onde endurecería? ¿Onde? Na súa clase. A gran señora pervertera á muller, e o esvaecemento de toda sensibilidade que causa a fortuna e as ideas absurdas de superioridade, xeraran unha moral mostruosa, aniquilando a compaixón e a fraternidade. Ó nacer, medrar e vivir nunha atmosfera de cómodos erros, de inxustizas que gaban o amor propio, ¿quen é capaz de calculalo límite da perversión, quen pode dicir que a resistiría? (...)

(...) Andouse algo, moito, por este camiño; pero ¡canto queda por andar! ¡Que distantes estamos de apreciar debidamente a tódolos homes, para podermos irmandar de veras con eles! ¡Como inflúe a clase de cada un nos sentimentos

trar por brutais instintos, estarao tamén de infrinxi-las leis. Daquela, a miseria non soamente é a necesidade do momento que impulsa a facer mal, senón o modificador lento e poderoso de toda a vida, que lle facilita cunha longa preparación.

Vemos, pois, que a miseria, apoderándose por completo do home, non só inflúe no eido económico privándoo de recursos, senón que alcanza á moral afectiva e intelectual, porque tende a secar na súa orixe as fontes da sensibilidade, do amor e as do coñecemento, facendo imposible o estudio.

O que se presente na sociedade con tan malas condicións, atopará nela seres que o avantaxan en todo, que posúen máis bens materiais, que saben máis, que pensan e senten mellor e que, se a pesar de todo isto caen, ¡cantos medios para se erguer atopan en si mesmos, na familia e nos amigos que procurarán agocha-la falta e remediala para que non prexudique ó mozo que pola lixeiriza propia dos poucos anos prevaricou, sen que o tal extravío da súa mocidade sexa un atranco para consideralo entre os homes honrados, e tal sexa ou semelle! Pero cando o miserable cae, ¿quen o ergue? Abáfao todo: a súa primeira falta imprime carácter, e a lei e maila opinión adoitan ser inexorables porque temen del máis do que esperan. A persoa de *boa* clase ten en si moitos recursos para se afastar do camiño do mal, e retroceder se acaso entrou nel (...)

(*Estudios penitenciarios*)

Establecer semellanzas para simpatizar.

Cantas máis diferencias hai entre as criaturas, menos se aman: esmagas un verme, matas un insecto, sen sentires por eles o menor movemento de compaixón; matas un can ou un cabalo, e sentes pena; matar a un home causa remorsos e mágoa. Se puídeses formar unha escala graduada da simpatía que che inspiran as criaturas, correspondería exactamente ás semellanzas que contigo teñen desde o verme ata o home.

Esta lei, se non está ben estudiada nin formulada claramente, non hai dúbida que está sentida, porque pasou á linguaxe, e para definirmos ós que nos inspiran respecto, afecto, consideración, dicimos *os nosos semellantes*. A SEMELLANZA: velaquí o gran lazo entre as criaturas, lazo tanto máis estreito canto ela é maior.

Os efectos da lei non se deteñen ó chegar á especie humana. Se amas máis a un animal canto máis se asemella ó home, amas tamén máis ó home canto máis se asemella a ti. O hotentote non che inspira igual simpatía có home da túa raza, e entre os teus concidadáns sentes máis afecto polos da túa clase, polos que están na mesma situación ca ti, en fin, polos que teñen máis semellanza con-

tigo. Nos países nos que hai castes, quer dicir, agrupamentos de homes con grandes diferencias permanentes, detéstanse e desprézanse uns ós outros, e pódese dicir que non se comunican non sendo para a *opresión*, o *asoballamento* e a *rebelión*.

Conforme as castes desaparecen, os homes aproxímanse e diminúen as diferencias, atenúase tamén a carraxe dos de abaixo e o desprezo dos de arriba en proporción ás distancias. O señor feudal promulga horribles leis cando se trata do peiteiro e aldraxa a xustiza e a piedade; o seu honor depende do seu comportamento cos seus *pares*; o rabaño vil dos seus vasalos, ¿que ten que ver coa súa honra ou coa súa virtude?

(*Cartas a un obrero*)

Cando a posición fai que a humanidade perda a sensibilidade.

Que Deus te ampare, meu irmán, é unha bendita frase cando quen a pronuncia non pode valer a quen a implora, malia se doer da súa pena; pero adoita ser unha fórmula hipócrita que se aplica cos beizos e se desmente co corazón. Aínda para quen estea ben disposto, é difícil fraternizar de veras con criaturas consideradas esencialmente inferiores. ¿Por que en séculos de fe viva na lei de amor, eran os pequenos tan pouco amados polos grandes? ¿Por que se trataba ó pobre con tanta dureza? Porque era desprezado. Daqueles rabaños de plebe facíanse escravos, servos, vasalos e peiteiros; ningunha lei era común entre eles e os señores, e a dureza coa que os trataban era consecuencia do pouco que os consideraban. Citouse unha carta de Mme. de Sevigné como probado que estou a dicir. Nela fálalle á súa filla dos repetidos suplicios e execucións capitais de escuros criminais, e faino en tales termos, cunha xovialidade tan horrible, que dan ganas de preguntar se aquela muller tivo corazón algunha vez, ou onde lle endurecera tanto (...)

(...) Esta nai, que non pensaba sequera en que tamén a tiñan aqueles dos que narraba a morte con tan pavera ferocidade, ¿onde endurecería? ¿Onde? Na súa clase. A gran señora pervertera á muller, e o esvaecemento de toda sensibilidade que causa a fortuna e as ideas absurdas de superioridade, xeraran unha moral mostruosa, aniquilando a compaixón e a fraternidade. Ó nacer, medrar e vivir nunha atmosfera de cómodos erros, de inxustizas que gaban o amor propio, ¿quen é capaz de calcula-lo límite da perversión, quen pode dicir que a resistiría? (...)

(...) Andouse algo, moito, por este camiño; pero ¡canto queda por andar! ¡Que distantes estamos de apreciar debidamente a tódolos homes, para podermos irmandar de veras con eles! ¡Como inflúe a clase de cada un nos sentimentos

que esperta, na compaixón que inspira! Se se fusila a un soldado, ou se dá garrote a un zapateiro, sen dúbida sentimos mágoa; pero ¿canta máis non inspira ver pasado polas armas a un xeneral, ou nas mans do verdugo a unha persoa de importancia? Que as persoas xustas, boas, sensibles, se interroguen en conciencia, respondan en verdade, e verase se a «clase» da persoa que sofre inflúe na dor que a súa desventura inspira. Haberá excepcións, pero a regra é que aínda as diferencias que se imaxinan e as distancias que se avultan, infúen nas simpatías, en menoscabo da fraternidade.

(*Cartas a un señor*)

As inxustizas non parecen tales ós señores cando os prexudicados son os pobres.

Emprégase ós obreiros en traballos que se saben fatais para a saúde, sen facer nada do moito que se podería facer para sanealos, e cando neles enfermaron e están inútiles, son despedidos sen ningunha indemnización.

Faise moi pouco ou nada para diminuí-lo perigo de certos traballos, e aínda o pouco que se fai, parece ser que é para evita-las perdas que sofre a obra ó mesmo tempo que perece o obreiro: eivado, non recibe auxilio do que o tiña empregado; nin morto, valerá á viúva nin ós fillos de curta idade.

Podíamos facer unha lista longa, ben longa, de inxustizas que non lle parecen tales ós señores, porque son pobres os prexudicados con elas. ¡Son tantos! ¿Como se vai atender a todos? Xa se sabe que só certa clase de persoas ten dereito a certa clase de cousas. Os pobres, é certo que sofren máis, pero tamén senten menos. A viúva dun señor con fillos e sen medios, é horroso; a dun pobre, é distinto. *Esa xentiña* atopa máis recursos: vai ó río ou a servir, vende laranxas ou merca trapos, cose, fai medias, e ademais ten o hospicio e mailo hospital e pode andar a pedir... Pero ¡unha persoa decente!...

(*Cartas a un señor*)

Consecuencias para o home da suposta inferioridade da muller.

Con dicir que a muller é a compañeira do home; que filla, nai, esposa, irmá, marcha con el polo camiño da vida; que xuntos arrostran as súas borrascas e atravesan os seus desertos, parece que se dixo que o home está interesado en que esa criatura que ten que ir con el, da que non pode separarse, sexa todo o forte, todo o perfecta, todo o parecida a el que fose posible, para que o axude máis, para que o comprenda mellor e, en fin, para que a súa compañía en moitos casos non o deixe completamente só. Esta verdade é tan clara, que non debe

ría precisar explicación ningunha; pero como o home parte, para formula-las súas opinións e as súas leis, dos erros opostos, cómpre combatelos polo seu propio ben, que descoñece.

Hai casos en que o home empeza a sentir, xa antes de nacer, as fatais consecuencias da inferioridade da muller.

A coitada nai abandonada polo seu amante ou polo seu marido, ou que, véndoos enfermos, precisa dedicarse a un traballo superior ás súas forzas, non ten pan, sofre amarguras e dores aguzadas, que inflúen na criatura que leva no seo. ¡Quen sabe se a expoñerá no torno dunha inclusa, se a inmolará tal vez! (...)

(...) Cando o adolescente trata de seguir unha carreira, a súa nai é quen mellor o pode guiar, porque é a que mellor o coñece e a que máis o quere. Pero ¿sabe a súa nai a conexión que existe entre certas aptitudes e certas profesións? ¿Coñece ela se as disposicións que enxerga no seu fillo han facer que destaque en tal carreira, se tales deficiencias o fan inútil para tal outra? A nai non ten costume de influír na dirección que seguirá o seu fillo, ou inflúe con pouco acerto. Se tal vez o seu bo instinto fai que adiviñe o que é mellor para el, o seu voto carece de autoridade, e cun as mulleres non entendedes destas cousas, o rapaz guíase polo seu pai, ou segue o consello da súa vaidade ou da súa preguiza, e lembra con tristura o da súa nai cando xa é tarde. Quen o ama e o coñece mellor, non ten competencia para guíalo, e o seu entendemento sofre unha especie de orfandade que tal vez chore toda a súa vida (...)

(...) O rapaz ama, e encontra na súa amada as consecuencias dunha educación absurda. A coquetería na muller ten unha parte natural e inocente; a maior e a peor parte é obra da sociedade. A muller folgada, pueril e frívola, tal vez acolla as propostas de amor, tal vez responda a elas, non porque ame, senón por vaidade e pasatempo. Os afectos do corazón, unha cousa tan seria, tan grave, veñen ser se cadra un medio de distracción para unha persoa desocupada. Hai moitos homes, e adoitan ser aqueles que máis valen, que na mellor época da súa vida, se non en toda ela, son escravos do seu corazón, quer dicir, dunha muller pola que tal vez non é correspondido, porque non hai nela nada grave nin formal, porque a súa vida é unha vaidade de vaidades, e porque sendo o xoguete de tantas cousas, conclúe por tomalo todo a xogo. Imposible parece que os homes non traten de ilustra-la razón e fortifica-la conciencia dunha criatura que pode chegar a se-lo seu tirano, e, non obstante, así acontece.

(La mujer del porvenir)

Muller, obstáculo para o progreso.

A muller, que debía ser unha gran valedora do progreso, convértese ás veces nun grande obstáculo por falta de educación intelectual. Todo erro, toda preocupación, todo fanatismo, toda rutina, han atopar poderoso valedor na súa ignorancia, e ningunha reforma pode prometerse alentos de quen non comprende as súas vantaxes. As mulleres que apoian as reformas fano, as máis delas, por afecto ós homes reformadores ou por instinto, e aquel voto que non se razoa é orixe de esaxeracións e extremos, máis propios para prexudicar que para servi-la causa que patrocinan.

(La mujer del porvenir)

O matrimonio, a única carreira.

Non soamente a prostitución, como xa dixemos, degrada as razas; tamén contribúen a este mal grave os matrimonios precoces. O home, por regra xeral, non casa mentres non conclúa a súa educación industrial, mercantil, artística ou científica; mentres non poida dedicarse a unha profesión ou oficio e mante-la familia da que vai ser xefe. A muller, como non ten *máis carreira* có matrimonio, casa así que se lle presenta a ocasión, e canto antes mellor. Os pais adoitan ter unha impaciencia, que nalgúns podíamos chamar febril, por *colocar* ás súas fillas; moitas casan, máis ca por amor, por temor de se ver no abandono e na pobreza. As consecuencias dos malos matrimonios son fatais para a sociedade, e por moi ben que se leven, unha nena, nin física nin moralmente, debe ser nai. Cando aínda non está completamente formada, os novos seres ós que dá vida son débiles e debilitana. Do matrimonio precoz vén a vellez precoz e a prole raquítica; vén a inexperiencia para criar ós fillos e para educalos; vén a perda dos atractivos físicos e o distanciamento do esposo; veñen o mal goberno da casa e os caprichos infantís, e o arrepentirse a muller dos compromisos irrevocables contraídos pola nena, e o senti-la súa primeira, a súa única paixón, por un home a quen non se pode unir, e veñen tódolos males que á sociedade levan todas estas cousas.

(La mujer del porvenir)

A muller ignorante está lastrada pola caridade.

Do mesmo xeito que é absurdo excluí-lo sentimento da organización social, tamén o é prescindir da razón nas cousas do sentimento. Xa non se nega en teoría que a caridade é competencia da muller; pero vese que na práctica é

un obstáculo a súa ignorancia; que as que *compadecen non saben*; que se separan a caridade e a beneficencia, e que neste ramo hai *empregados*, con gran prexuízo da sociedade e da desgracia. Este mal é grave, moí grave: a beneficencia pública e a caridade privada reséntense da falta de educación intelectual da muller, da súa falta de medios pecuniarios, de iniciativa, desa teimosía firme e razoada, que é a única capaz de vence-los grandes obstáculos, e que non pode existir en quen non ten máis ca boa vontade. Os cárceres de mulleres piden tamén a berros o concurso reunido da caridade e da intelixencia.

(*La mujer del porvenir*)

As corridas de touros, reminiscencias de salvaxismo.

Principiemos por salientar, Sr. D.G.H., porque é salientable, que nas corridas de touros o uso da razón está en proporción inversa á razón mesma; quer dicir, que os brutos son máis razoables cós homes, e que estes van séndoo menos a medida que teñen os medios e o deber de selo máis.

O touro, fermoso animal que de ser manso e útil tornou artificialmente en destructor e bravo, non o é tanto que non queira fuxir ó se ver cercado e que acometa de non ser obrigado. El obra en razón. Venta o perigo, e quere evitalo afastándose. Se o pican, truca; acométeno, deféndese; féreno, procura ferir; tortúrano, e enfurece: non hai nada en todo isto que non sexa natural e equitativo: está no caso de lexítima defensa contra un agresor inxusto e, malia parecer ridículo, é grave que o máis razoable que hai na praza de touros sexa o touro.

Moito menos o son os lidadores. Non hai razón, nin conciencia, nin dignidade, para que arrisque un home a súa vida por cartos e para diversión doutros, que, segundo o seu capricho, o aplauden ou escarnecen: isto é inmoral, absurdo, mesquiño, sendo ademais cruel martirizar a pobres animais que non fan ningún mal. O toureiro está nun erro e comete unha gran falta, pero con circunstancias atenuantes. É un home sen instrución e mal educado, e téntano poderosamente. El, un *quídám*, pobre e escuro, se cadra non ten que comer e anda esfarrapado. Se aprende a poñer ben unha pica, ou unha banderilla, ou a espetar un estoque, conforme a certas regras, convértese nun persoeiro rico, importante, aplaudido. Os grandes procuran o seu trato, convidano á súa mesa e asisten á del; o xentío admírao; traballando un día á semana, ten os outros para saborea-la súa importancia e pasea-la súa folganza. Rico e considerado, leva no peto o reloxo que lle regalou tal alta dama, no dedo o anel de tal magnate. Se está enfermo, é un acontecemento grave; se ferido, non caben na súa casa as xentes de calidade que acoden a ela. ¡Que cambio tan marabilloso na súa exis-

tencia! ¡Que fermoso soño realizado! ¡Que tentación tan fascinadora! ¿Non hai que desculpar ó pillabán ou ó chulo que cae nela?

Despois do touro, o menos irracional que hai na praza é o toureiro.

Os espectadores están na xerarquía da razón en orde inversa da que teñen na sociedade. Os pobres nin pagan, nin se ocupan tanto dos touros coma a xente *distinguida*, que é a que asina na lista cando o toureiro está doente, e a que ten trato con el, a que o agasalla e regala cando está san. O funcionario público que preside e autoriza todo aquel sanguíño desatino, e a quen se insulta e escarnece, ó que lle asubían con razón, porque tendo recibido poderes para contribuir ó ben, úsaos en cooperar poderosamente ó mal da maneira máis eficaz e noxenta. Así, pois, o máis razoable que hai na praza é o touro; o máis absurdo, o presidente.

Confundíndose os efectos de diversas causas en ocasións, e sendo simultánea a súa acción, aínda que non idéntica, o erro do entendemento e a dureza do corazón influéanse mutuamente e entrénzanse de tal xeito na praza de touros, que na mesma medida e inseparables parecen alí o absurdo e o cruel.

A aristocracia e a xente culta pónse á altura da plebe máis vil e ignorante. Os mesmos gustos, a mesma grosería nas formas e na linguaxe, a súa mesma dureza. Se á porta do inferno escribiu o Dante:

Deixade toda esperanza os que entrades,

na praza de touros pódese escribir:

Deixade a humanidade os que aquí entrades.

E déixana. Fóra poderá haber distinción de persoas, e habelas máis ou menos cultas, intelixentes e compasivas; dentro non hai máis ca chusma cruel. ¿Non queren todos que haxa moitos cabalos mortos, moitas tripas pendurando, moita horrible tortura daqueles nobres e útiles animais, servidores do home, que, en pagamento de que o auxiliaron toda a vida, dálles por diversión unha horrible morte? ¿Non chaman todos *bo* ó touro que fai máis dano, mellor cantas máis dores causa e pón en maior perigo a vida dos lidadores? ¿Non deostan todos á autoridade se falta a algunhas das ridículas regras con que pretenden ordenar materialmente aquel caos moral?

(Artículos sobre beneficencia y prisiones)

Sobre a publicidade das execucións.

(...) O lexislador calculou sen dúbida a impresión que a vista do reo e do patíbulo debe producir no criminal pola que lle produce a el, e equivoouse grandemente. O home predispuesto a matar a outro por un cálculo calquera, é duro, cruel, pouco impresionable, ante o espectáculo dunha escena de dor. Ademais,

como xa vimos, o reo procura morrer con firmeza, e ó perverso endurecido que o ve non lle debe parecer un gran mal aquel que se atura tan ben.

A vista do reo e do cadafalso impresiona precisamente en sentido inverso do que debía impresionar para ser útil. Aflixe, arrepiá, trastorna á persoa boa, que non precisa da terrible lección, e vea con indiferencia aquel que a necesita. Cando hai condenados a morte e argola, comparade despois da execución o aspecto dos que sufriron esta derradeira pena e o do sacerdote que asistiu ó moribundo; seguídeo á súa casa, e veredes que non come aquel día, que non dorme aquela noite; observade no seu cárcere ós compañeiros do reo condenados á presenza-la súa morte, e veredes como fuman, xuran, comen e dormen. Porfiade aínda en que *a vista* das execucións ten moita eficacia represiva.

O espectáculo do patíbulo e do reo, non só é inútil para impresionar ós criminais e arredalos do crime, senón que debe producir un efecto completamente oposto. Se o criminal, ou o predisposto a selo, non presenciase a execución da pena de morte, quizais formase dela unha idea máis triste, máis estarecente; ¿quen sabe como podería imaxina-la situación do que vai morrer, as súas dores, as súas magoas, a súa agonía alá na capela solitaria? ¿Quen sabe se aquela morte na escuridade, se aquela derradeira hora sen testemuñas, levaría ó ánimo ese terror que infunde nel o descoñecido, o misterioso?

(El reo, el pueblo y el verdugo)

Vaidade de vaidades.

Unha sociedade que ten pouca elevación de ideas e pouca vida íntima, onde todo vai por debaixo e por fóra, é terreo apropiado para calquera caste de vaidades, que xermolan e fructifican sempre que a moral se relaxa e se perverten os costumes. A *vaidade*, di Benxamín Constant, *colócase onde pode*, e localiza sempre un lugar onde se colocar, en conciencias retorcidas, espíritos superficiais e caracteres rebaixados. O que non ten dentro de si ningunha cousa merecente de respecto, quere ser admirado polas exteriores e substituí-lo brillo da virtude ou da súa ciencia co verniz dos seus mobles e o lustre das súas botas. O que non leva no seu corazón ningún sentimento elevado, ningún afecto profundo, nin sente interiormente voces harmónicas, vive do aparato externo, e apréciao e procúrao, como eses filharmónicos de esquina que paran a escoitar con pracer unha música insoportable para oídos delicados. O que non sabe ser digno é vaidoso e, conforme aumenta a desmoralización, máis ruín alimento ten a vaidade: miserenta escrava dun vil tirano, corrómtese á súa medida, chegando a non ser máis cá fachenda das cousas que se mercan con cartos. Causa

e efecto de inmoralidade, loce o rico traxe mercado co prezo da honra, e ofrecendo outro máis vistoso, tenta á vacilante virtude. Uns poden dar ocasión á vaidade, *porque* faltaron; outros faltan *para* poder competir con eles. No seu altar sacrificanse a honra e maila virtude, o deber e maila dignidade, e queda en cambio a envilecida deusa, e interminables torturas, aldraxes frecuentes, praceres efémeros, porque ten de seu ser ridícula e insaciable. A penas logra un triunfo, a vaidade procura outro; non pode quedar satisfeita porque todo gozo immoral dura pouco, e precisa anova-las impresións fuxidias do que é torto e superficial. A vaidade é ridícula, porque aspira sempre a exercer un poder que non ten, e a súa mentira vese, e a súa impotencia descóbrese, provocando un sorriso de desprezo, no canto da procurada admiración. Como segue sempre a corrente da opinión, de se avolver esta, máchase, e de empezoñar, envelena, devorcando sobre os seus adeptos toda a súa podremia e sucidade (...)

(Cartas a un señor)

A inmoralidade pública.

(...) A inmoralidade xeral, esta miseria da conciencia pública é, coma a miseria material, efecto de moitas causas: só para enumeralas cunha curta explicación cumpriría un libro, e outro máis voluminoso para investigar se habería algún medio de as combater. ¡Cantos resortes gastados, cantos sentimentos durmidos, cantas ideas erradas, cantas apatías esmorecidas, que montaña de xeo formada con auga choca se ergue e atranca o paso á máis afouta e boa vontade! Pero a vontade boa non recúa, e antes e agora e despois e sempre, diante do espectáculo do mal está a aspiración ó ben, a esperanza de realizalo, a protesta que en forma de amoestación e exemplo é o anatema perenne, eterno, de toda maldade (...)

(...) O espírito humano ten moitos resortes, e non hai dúbida que son uns ou outros máis sensibles e fortes, consonte ás épocas. ¿Cales se tocarán na nosa con máis probabilidade de éxito? Este é o estudio previo que cómpre.

O mal moral consiste en deberes que non se cumpren e en dereitos que non se exercitan. Sendo o deber e mailo dereito correlativos e recíprocos, parece que debería ser indiferente proclamar un ou outro; pero na práctica non son os homes tan bos lóxicos, e á medida das súas paixóns ou dos seus erros adoitán mira-los seus dereitos e os seus deberes por prismas diferentes que agrandan uns e diminúen outros. E non soamente os individuos, colectividades nume-

rosas, conforme pertenzan a clases, escolas ou partidos diferentes, salientan máis o dereito có deber.

A un pobo moi moralizado pódesele falar principalmente do deber propio, que leva no seu cumprimento a realización do dereito alleo; pero cando a inmoralidade é grande e a dignidade pouca, débil ou extraviado o sentimento relixioso, e excepcional o do honor, hai que tocar, non os resortes máis nobres, senón os únicos que soan; proceder coma quen di por vía de constrinximento, e dando a uns idea clara do dereito e dos medios de realizalo, obrigar ó cumprimento do deber ós que non o cumpren non sendo obrigados. O mesmo que é xordo á voz dos deberes, pode ser un elemento moralizador exercendo os seus dereitos e impedindo que outro falte ó que é debido; e cando son milleiros e millóns os que este impedimento impoñen, o mal bate contra atrancos insuperables. Xa sabemos que isto non abonda para moralizar a un pobo; que todos precisan certo número de persoas que cumpran o que deben espontaneamente, e outras que fagan máis do obrigatorio; pero unhas e outras vense illadas ou contrariadas no medio da inmoralidade xeral, e terían apoio, un forte apoio, non exercicio xeneralizado e constante do dereito.

(El pauperismo)

¿Incorrixibles ou non corrixidos?

Un home, un mozo, un neno, infrinxen unha lei; a infracción non ten carácter grave nin argúe perversidade; con todo, como medida preventiva, o neno, o mozo ou o home son sometidos a un sufrimento tan duro coma a privación de liberdade, son encerrados entre perversos e, ó cabo dalgún tempo, tal vez de moito, impónselles unha pena que varía na duración, no nome, se cadra na forma, pero que na esencia, respecto ós máis dos pobos, vén se-la mesma e, moralmente considerada, redúcese a desmoralizar ó condenado volvéndoo peor do que era.

Consecuencia da primeira pena: arredar ó condenado da perfección aínda máis do que o arredara a primeira falta. Para empurralo a comete-la segunda, vén a tentación que o impulsou a comete-la anterior; a lembranza de non a resistir; a mala idea confusa ou clara que formou de si mesmo; a que teñen os que lle retiraron o seu aprecio, e as leccións depravadoras que aprendeu no cárcere. Se as circunstancias exteriores non o favorecen moito ou non hai no seu interior unha enerxía infrecuente, volve caer.

Ó segundo delicto, segunda pena depravadora coma a primeira, e inda máis, porque a semente pezoñenta atopa o terreo mellor preparado para xer-

molar; consecuencia da segunda pena: arredar ó condenado da perfección máis aínda do que o estaba ó se extingui-la primeira.

Volve infrinxi-la lei por terceira vez, cuarta, quinta, etc, e cada nova caída máis o predispón a recaer. Vaise afundindo no abismo penal; a lei empúrrao para que baixe máis, e cando descendeu ó nivel marcado por ela, declárao *incorri-xible*. ¿Desde cando ven sendo tal? ¿Desde a primeira vez que faltou? ¿Desde a segunda? Tampouco. A lei non declara incorrixibles non sendo ós que a infrin-xiron moitas veces; é dicir, ós que ela contribuíu a corromper eficaz e directa-mente durante moito tempo. A lei veos no camiño da perdición, axúdaos na súa andaina, sinala as diferentes etapas e, ó chegaren á derradeira, abre a terrible porta que, coma a do inferno, non deixa paso á esperanza. Alí dentro está o inco-rrixible, que máis ca persoa é *cousa* que inspira horror ou desprezo, e maila idea de que o aparten, de que o arreden como un obxecto repulsivo. Con todo, aquel ser que a lei, e canda ela a sociedade, declaran perdido, en descomposi-ción moral tan absoluta que non hai esperanza de poder vivificalo; aquel cadá-ver social, como o encerrado no sartego de Arcadia, pode dicir desde o seu cár-cere ós que gozan de liberdade: *Eu tamén fun home*. E foi tal, e ás veces duran-te trinta ou corenta anos, foi home honrado que traballaba para vivir e vivía para traballar, con dereito ó aire, á luz, ó movemento, ó aprecio dos que non desprezan ós pobres e a que a lei penal non intervisse na súa sorte. Un día tropezou no cami-ño, que era áspero, e caeu. ¿Sabe alguén como foi? Nin el mesmo: despois caeu outra vez, e outra, ata que o declararon incorrixible. Ou se cadra non caeu; o que hai é que *non se deu erguido* do abismo moral onde veu ó mundo, rodeado de toda clase de miserias, abafado por toda clase de fraquezas, e a primeira man rexa que se estendeu cara a el foi a do home armado que, no nome da lei, dixol-le: *Quedas preso*.

As cousas non sempre pasan así, inda que as máis das veces acontecen de forma análoga; os que teñen fortuna e amparo, no caso de que fagan mal e non se corrixan, son incorrixibles morais, viven en liberdade e aprotéitanos para se perverter; enganan a mulleres e a homes, aldraxan e estragan familias, pero sen faltaren á lei; os incorrixibles legais son pobres, groseiros, que non teñen maneira de se disfrazar de persoas honradas, nin arte para burla-la lei. ¿Como é que a lei sabe que non son susceptibles de corrección, cando, en vez facer algo para corrixilos, fixo moito para os depravar? (...)

(Congreso de San Petersburgo)

Os verdadeiros perigosos para a sociedade.

Os perigos sociais non veñen dalgúns centos de culpables que a opinión condena, a lei castiga e a forza pública persegue e reclúe, non; os perigos veñen dos malvados que non infrinxen as leis ou saben como infrinxilas impunemente; dos que cando se apoderan do alleo, teñen do seu lado á forza pública en vez de a teren en fronte; dos que trafican coas ideas e cos principios; dos que mercan conciencia despois de vende-la súa; dos que douran os seus vicios e descoñecen ou rin das virtudes alleas; dos que por cartos ou por gabanza escriben o que non se pode ler sen dano; dos que por apaga-la sede de praceres beben nos encoros de tódalas prostitucións; dos que predican cousas que desesperanzan ou alentan esperanzas imposibles de realizar; dos que se rebelan contra a realidade e chaman xustiza á súa cólera ou á súa comenencia; dos que non se resignan coa pobreza inevitable, ou insultan á miseria que se podía evitar; dos que perderon a resignación da fe sen adquiriren a que é obra da razón; dos que se alporizan cando oen predicar igualdade e consígnala nas leis, e ver nos feitos máis desigualdade da que viran nunca; dos que non comprenden que o progreso material sen moral correspondente fai imposible que as sociedades marchen sen sacudiduras; ...dos que ven un mal en que se ataque a propiedade, e non en que se faga odiosa; dos que piden o imposible e dos que negan o xusto. Cando vemos nos xornais que todo o mundo le a relación de banquetes espléndidos, de festas abraiantes, e lembramos que, ó saír dun cuarto onde a penas había dez metros cúbicos de aire para un matrimonio con fillos, dicía o Dr. Du Mesnil: *Non é virtude, senón heroísmo, o que necesitaría esta xentiña para non contraer nestes tugurios odio á sociedade*; esta frase, que Mr. Picot chama *effrayante*, que non é por certo ningún demagogo; esta frase que se podería repetir en tódolos países, resume máis perigos sociais cá estatística dos reincidentes.

Repetimos, pois, que, na nosa opinión, os reincidentes considerados incorrixibles son un mal grande para a sociedade, pero non un perigo.

(Congreso de San Petersburgo)

A harmonía na sociedade.

(...) Verás, pois, con pouco que observes, que a sociedade componse de harmonías e desacordos; que ten dúas correntes, unha que vai no mesmo sentido e outra que se lle opón, adia, e a cada canto trastorna a súa marcha. En ti mesmo podes observar que nos teus negocios, no teu traballo, nos teus gozos, nas túas desgracias, na túa vida, en fin, hai auxilios e atrancos, que non veñen das cousas, senón dos homes; veste favorecido nos teus movementos, ou con-

trariado neles; na túa andaina atopas compañeiros, ou xente que che sae ó camiño e estorba os teus pasos. Repito que a suma dos que favorecen os teus movementos dá máis cá dos que se opoñen a eles; doutro xeito, nin ti poderías marchar nin tampouco a sociedade, que se compón de individualidades coma tí; pero, xa que non todos reúnen voluntariamente os seus esforzos e os usan ordenadamente para acada-lo mesmo fin, nin poden excluír ós que non lle conveñan, a sociedade non é unha asociación, nin os concidadáns son consocios (...)

(Cartas a un obrero)

A asociación cría intereses harmónicos.

(...) O ideal da sociedade sería que fose asociación; e visto que chegar a el non é posible, debemos traballar para nos aproximar todo o posible, multiplicando as asociacións, de modo que queden fóra delas o menor número posible de cidadáns. A sociedade máis perfecta é aquela na que máis homes libremente se harmonizan para o ben, e harmonicamente marchan; a sociedade máis defectuosa é aquela na que máis homes marchan en diferente sentido, facendo prevalece-la súa individualidade egoísta e indiferente, poñéndose en desacordo cos demais, servindo de obstáculo onde queira, e atopándoos en tódalas partes.

Os resultados da asociación non son só económicos, materiais, como ti crías; as súas principais avantaxes son morais, e producen harmonías do espírito, que non parecían máis ca combinacións do interese.

Tes uha casa de teu; non hai seguros contra incendios; interésache que ardan moitas moitas casas porque, escaseando as habitacións, terá máis valor a túa: e como na maioría dos homes a corrente do interese é moi forte, se non es malo dabondo para lle prenderes lume ós edificios que che fan competencia, non serás tampouco bastante bo para sentir que ardan, cando diso tirarías proveito; e velai a túa moralidade, constantemente socavada polo teu interese, e ti en hostilidade con tódolos propietarios, e desexando o seu mal, que é o teu ben.

Pero vén a asociación; formades unha compañía de seguros mutuos: de arde-la túa casa, todos contribúen a reedificala; de se queima-la do veciño, da-la túa parte para erguela: todos estades interesados no ben de todos, ninguén hai que non sufra do dano de cada un, e daquela, sen heroísmos, sen esforzo, polo propio interese, ninguén desexa nin se alegra do mal dos demais (...)

(Cartas a un obrero)

Mediante as asociacións poderase chegar á xustiza.

Cando a gran maioría dos homes de tódolos países se asocien para realiza-los altos fins da vida, o mesmo que para fornece-las necesidades materiais, a fraternidade será un feito.

As compañías de seguros serán universais; toda a Terra contribuirá a repara-la calamidade que aflixe á comarca máis arredada; os pobos terán intereses *harmónicos* e non *encontrados*; o mal feito ós homes de calquera rexión, repercutirá nos antípodas; a arte de facer ben ó seu país facendo mal ós outros, será unha abominación impracticable; a guerra non será posible, e a palabra *estranxeiro*, que quería dicir *inimigo* no mundo que pasou, nas sociedades futuras significará *consocio*, *irmán*.

Este será o resultado da asociación; ela diminuírá todo o posible o número de maldades, e, xa que logo, de dores; ela transformará o globo que xa principiou a se transformar. Os capitais de todo o mundo contribuíron a perfora-lo istmo de Suez; as mans de tódalas nacións valeron ós feridos das últimas batallas, e chegará o día en que toda a Terra chore a dor dun pobo. Teñamos, Xoán, esta bendita e razoable esperanza; leguémosllela ós nosos fillos como unha divina herdanza; non temamos que chamen soño á nosa convicción, porque chegará un día en que se realice, e un século que dirá: *Tiñan razón aqueles perseverantes soñadores*.

(*Cartas a un obrero*)

Xustiza e moralidade.

(...) Os homes, cando están de acordo sobre o que é xusto, decláranlo obrigatorio facendo unha lei; pero a lei, por riba de se cumprir mal cando é contraria á opinión pública, obriga á xustiza práctica só nunha mínima parte: a opinión, a conciencia, a instrucción e a moralidade, o saber e mailo querer practicalo ben, teñen maior esfera de acción fóra da lei ca dentro dela. Un home pode ser perverso sen que a lei teña posibilidade de o castigar; e destas perversidades extralegais fórmase a inmoralidade pública, e xa que logo, a pública corrupción e a pública desgracia. O máis custoso, o importante, o esencial, é amaña-las relacións dos homes, de forma que sexan conformes á xustiza, ali onde a lei non chega nin se pode impoñer. Pero volvemos preguntar: ¿Que é a xustiza?

Quizais poderemos dicir que, *xustiza na orde xurídica, é a realización do dereito; na orde moral, o cumprimento dos mandatos da conciencia, e que se reco-*

ñece en tódalas esferas onde é esencialmente boa, e en ningún caso pode facer ó home duro para cos seus semellantes (...)

(...) Sendo así, a igualdade será xusta mentres contribúa ó ben dos homes, mentres os faga máis probos, máis humanos, máis virtuosos, máis ilustrados, máis perfectos, en fin; e será inxusta, cando os perverta e degrade.

A desigualdade esaxerada está no mesmo caso, porque se non se pode prescindir das diferencias dos homes, cómpre tamén ter en conta as súas semellanzas e aqueles dereitos idénticos que se deben respectar en todos. Os pobos que os descoñecen ou os aldraxan coa escravitude, as castes ou as aristocracias asoballadoras, corrómpense, decaen, perecen. Aqueles que viven e prosperan nestas condicións durante moito tempo, é porque encerran no seu seo unha masa numerosa de individuos, ós que se lles respecta a súa xusta igualdade, e que teñen poder dabondo para contrarrestaren o xermolo de morte que a desigualdade inxusta leva consigo.

Eu concibo as desigualdades sociais coma os accidentes do terreo; bo e necesario é que haxa montes, outeiros e vales, pero non quixer abismos dos que non se dá saído, nin montañas onde o aire non é respirable.

Boa cousa é que haxa sabios, pero sen que haxa ignorantes do que todo home debe saber, do que é esencial que saiba: o seu deber e mailo seu dereito.

Que o artista ou o home de ciencia, o industrial, o comerciante, o xornaleiro, se distingan e diferencien segundo o seu mérito; pero que sexan iguais na súa dignidade de homes, e que eses dereitos iguais que teñen xa ante a lei, os teñan tamén perante a opinión e o respecto público. Andouse dabondo, pero falta aínda moito que andar nesta cuestión do respecto á dignidade humana, cuestión gravísima, porque non hai cousa máis inxusta e cruel có desprezo (...)

(Cartas a un obrero)

Erradica-la miseria.

O mal que non está na natureza das cousas é obra dos homes e pode ser evitado por eles; a miseria xeneralizada en poboacións ricas parécenos desta clase. E non entendemos por iso que sexa doada de evitar, non. Ten elementos variados e poderosos, fondas raizames, modos rápidos, case invisibles, de se espallar; e arraiga de tal xeito, que extirpala, se non é sobrehumana empresa, é labor que esixe toda a intelixencia e recta vontade do home, aplicada durante moito tempo, tal vez durante séculos.

¡Durante séculos! Isto parecerá inadmisibile; o noso non pode agardar: desacóugase, desespérase, alporízase, e quere atopar de seguida un sistema,

unha organización que, distribuindo a riqueza dun xeito equitativo, suprima a miseria. Así se pediu e así se ofreceu, de boa fe moitas veces, sen éxito sempre; e ben sabe Deus o mal que fixeron estas impaciencias de doente abafado e estas ofertas de menciñeiro gabancioso.

A miseria xeneralizada nun país rico é un efecto de moitas causas, un problema moi complexo; reducilo a termos sinxelos sería cómodo e agradable, tanto para o que escribe coma para o que le; con menos traballo e menos arte, a obra aparece máis fermosa, sendo o conxunto máis fácil de abranguer e de repetir na memoria. Pero desconfiemos do fácil ó tratarmos asuntos difíciles, como da aparente pureza da auga estancada, e resignémonos a tristes e prolixas análises (...)

(*El pauperismo*)

Verdades e progreso.

As verdades que chegan directamente á intelixencia, impoñense; non hai maneira de que un home, que non é parvo nin está tolo, deixe de ver que dúas e dúas son catro, que o todo é meirande cá parte, etc.; pero non tódalas ciencias atopan camiños tan expeditos para as súas exactas afirmacións, nin ó aplicalas se ven tan libres de obstáculos. A paixón, o erro, o interese, fan a miúdo o ánimo impenetrable ás verdades da ciencia social, e dificultan, se non imposibilitan, a súa aplicación. Para que a *verdade* sexa *xusta* ten que vencer-la resistencia, non só dos teimosos, senón dos inxustos, dos viciosos, de todos aqueles que de tantas maneiras faltan ó seu deber e impiden que funcione con regularidade o organismo social. Non se introduce ós homes nun sistema coma ós corpos simples nunha retorta para que formen un composto en virtude de leis coñecidas e ineludibles, senón que as vontades rectas ou torcidas, as intelixencias ilustradas ou incultas, e aínda as xenerosidades imprudentes e as dores punxentes, introducen forzas perturbadoras que fan varia-la resultante anunciada.

É cousa ben sinxela, parece evidente e escusado lembralo, pero de feito esquecese a miúdo. ¿Como, se non, se propoñerían sistemas e organizacións para cambiar inmediatamente o estado social, á maneira dunha decoración de teatro, e suprimi-la miseria sen extirpa-las causas que a producen? ¿Como, no canto da evolución graduada e inevitablemente lenta do perfeccionamento dos homes e das institucións, se apelaría á maxia de certas palabras que, unha vez pronunciadas sobre a sociedade, tivesen o poder de a transformar? ¿Como se consideraría ós elementos de ventura cal materias inflamables que só agardan o fulminante dunha idea para produci-lo ben por explosión? Todo isto indica a ten-

dencia a manipula-la sociedade sen se ocupar daqueles elementos seus que son refractarios á manipulación.

Certo que a persoa de corazón sofre proponendo vagarosos remedios para males agudos; certo que, amais do amor á humanidade, o amor propio sofre enfreado as súas cobizas, resignándose a unha humilde tarefa e a vivir sen grandes éxitos; certo que hai moita diferenza entre o modesto recompilador do que todo mundo sabe, o intérprete do bo sentido, e o apóstolo inmortal dun novo sistema que ten discípulos, admiradores e fanáticos. Pero é verdade tamén que deben parecer sospeitosas ó recto xuízo promesas tan extraordinarias; que abonda ó corazón inspirar aprecio, afecto: non precisa admiración nin asombro; e que as famas fuxidías coma lóstregos distan da verdadeira luz tanto coma da verdadeira gloria (...)

(El pauperismo)

As ciencias.

Crendo nas harmonías da verdade e na unidade das ciencias, non negáremo-la utilidade de ningunha, nin o respecto que merecen todas; pero parécenos que moitas veces apréciáanse máis polo seu brillo ca pola súa importancia, e que se estudia con máis empeño e con máis medios a Astronomía cá miseria. Repetimos que a investigación de calquera verdade parécenos útil; pero poden selo máis unhas verdades ca outras, de forma absoluta ou consonte ós tempos e lugares; e hoxe, ó noso ver, non teñen tanta utilidade as expedicións ó polo, coma as que cumpriría facer ós barrios dos miserables para estudialos ben; e que descubri-la orixe do Nilo é de menos interese que saber, por exemplo, cando e como se usa ou se abusa da forza muscular dun home, e se hai harmonía entre o seu ben-estar, o proveito de quen a emprega e a prosperidade común (...)

(El pauperismo)

A compaixón combate a miseria.

Con este feito, e outros moitos análogos que eu che podería citar, has comprender que a miseria pode existir e existe sen que ninguén a compadeza nin fale dela, nin repare nela, e que o derrubamento e a resignación do que a sofre, combinados coa indiferencia daquel que podía consolalo, dan por resultado o silencio da historia. Algunha vez os miserables, aconsellados pola desesperación, érguense, loitan e sucumben; hai guerra, pero non hai *cuestión social*, porque nin sequera dereito se concede ós rebeldes, nin compaixón inspiran os ven-

cidos, e só se ve alí un caso de forza que coa forza se vence. Para que as miserias da multitude sexan *unha cuestión*, cómpre que as compadezan e as sintan os que non son miserables, os que cultivaron a súa intelixencia, e a levan como unha santa ofrenda ó templo da aflicción, e se arman con ela para combater pola xustiza. Coido que xa cho dixen, e é posible que cho volva dicir, porque pouco importa a monotónia da repetición, e moito que non esquezas que das filas dos *señores* saíron os defensores dos pobres, os que na procura dos medios para os aliviar consumiron a vida, ou sacrificárona no patíbulo e no campo de batalla.

Conforme houbo mans benditas que se prestaron a curalas, reveláronse as chagas sociais; o pobo, coma eses nenos que se magoaron e non choran mentres non aparece a súa nai, non se queixou mentres a sociedade non tivo corazón para o compadecer. Hai un dereito do que ninguén che fala, que non está consignado en ningún código, *o dereito á compaixón*; dereito que, sen proclamalo, invoca aquel que padece, e que sen recoñecelo sanciona aquel que dá consolación; dereito bendito e santo, sen o cal é probable que nunca se recoñecera a xustiza dos débiles (...)

(*Cartas a un obrero*)

A civilización diminúe o pauperismo.

Cando se porfía en que o pauperismo é un fenómeno da nosa civilización, cítanse números e é, por desgracia, grande o dos que sofren na miseria; pero aínda que na súa totalidade excedese ó doutros tempos, que non o creo, sempre sería menor, proporción gardada co número de habitantes, aumentado este en termos de que unha cidade conta hoxe máis do que había no antigo en todo un reino. E non só aumentan coa poboación os miserables, senón que se agrupan xeralmente nas grandes poboacións, onde é máis doado reparar na súa desventura.

A mortalidade decrece en termos de que hai poboacións como Londres, onde en pouco tempo diminuíu unha metade: ¿e aínda se porfía en que a miseria aumenta? É como afirmar que catro e mais catro son seis.

Un título de gloria para a civilización convértese nun capítulo de cargo. As greas da miseria están na súa meirande parte formadas por anciás, enfermos, achacadizos, nenos abandonados; polos débiles, polos que non poden traballar, ou non teñen dabondo co seu traballo. Nos pobos salvaxes ou bárbaros nada disto existe; os débiles sucumben infaliblemente; non hai para eles *miseria*, hai *exterminio*.

Daquela, para min está ben claro, e quixer' que tamén para ti:

1º Que o pauperismo non é un fenómeno da civilización, senón unha desgracia da humanidade.

2º Que a civilización diminúe o pauperismo no canto de o aumentar, circunscribíndose máis ou menos, pero circunscribíndose sempre, a unha parte da sociedade, cando no estado salvaxe aseñórese de todo, e no estado de barbarie moi pouco menos.

3º Que na historia non aparece de primeiras con toda claridade e coa extensión que realmente tivo, porque as súas vítimas sufrían e morrían en silencio, derrubadas ou resignadas, e vistas con indiferencia polos que debían auxiliálas; amais non se chamaba miseria o que hoxe se cualifica de tal.

4º Que humanizándose o home, sentindo máis os que sofren e os que poden consolar, o miserable quéixase ben alto para que o escoiten; o compasivo repite o ¡ai! dorido, que ecoa en milleiros de persoas; esta dor, ontes ignorada, publícase hoxe, estúdase, compadécese, e mesmo se explota, converténdoa os fanáticos e os cobicentos en arma de partido contra os Gobernos que queren derrocar. E o pobo, desque comezou a se chamar soberano e coma tódolos soberanos, ten quen o gabe.

5º Que ó aumentar extraordinariamente a poboación, multiplicáronse tamén os pobres que, ó se axuntar nos grandes centros, fanse máis visibles (...)

(Cartas a un obrero)

O círculo vicioso da miseria.

Amáis do que inflúe no desenvolvemento da intelixencia un físico frouxo e enfermizo, ¿que medios ten para o seu cultivo quen non dispón de máis patrimonio ca un traballo material abafante, nin pode ver nela un medio de creba-lo círculo de ferro que o encadea á súa clase? ¿Como e para que se vai instruír? Non o intenta. Abrutallado viu ó seu pai tal como o han ve-los seus fillos; e coa volta dunha e doutra e de moitas xeracións de homes que non pensaron, os seus descendentes teñen menos actividade intelectual, menos inclinación e disposición para pensar. Non se herda o xenio nin o talento, nin sequera unha regular intelixencia; porque todo isto, para percibilo polos seus froitos, precisa do concurso da vontade: non se herdán individualmente aptitudes intelectuais; calquera sabe que hai parvos, fillos de persoas de talento, e viceversa; pero numerosas colectividades, que desde hai moito tempo cultivan ou non a súa intelixencia, e permanecen separadas, irán diferenciándose; a educación, de individual pasará a ser colectiva, producirá diferencias positivas e permanentes segun-

do as cales a clase que se instrúe, non só ten a vantaxe de se instruír, senón a de ter maior aptitude natural para aprender.

No moral, a vontade do home, a súa conciencia, o seu libre albedrío, acoutan moito a influencia da súa posición social; en todas pode ser bo, xusto, santo, e éo. Pero se a súa virtude non depende do seu estado, e antes pode acrisolar no máis humilde, é difícil que cando nace moi abaixo teña condicións de carácter que non favorezan as desigualdades establecidas, e que sexa digno, firme sen violencia, perseverante sen teimosía, contra os que intentan degradalo, cando ve que tódolos seus se humillan, cansan, ceden.

Daquela, establecida a desigualdade das clases, e máis aínda a das castes, tende a modificar ós homes física, moral e intelectualmente, a converter co volver do tempo en positivas, diferencias que eran imaxinarias, e a perpetuarse dando vantaxes naturais e permanentes que apoian, fortifican, e en certa medida lixitiman as sociais. E todo isto, non de individuo a individuo, senón dunhas a outras colectividades.

Semellantes desigualdades, que de imaxinarias dan en positivas, parecen naturais, necesarias, xustas, non só ó vulgo, non só á soberbia dos opresores e á degradación dos oprimidos, senón ós que viven na esfera elevada das ideas e que non debían contaminarse coa inxustiza do feito, ó establece-lo dereito. Os grandes filósofos declaran conforme a el, a máis ínicua das desigualdades, e proclaman a escravitude como base indispensable da orde social. A ciencia, a relixión, a forza, proclaman a desigualdade como un axioma, como un dogma, como unha institución veneranda, e a institución venérase e consolídase. A desigualdade extrema que priva a unha clase de dereitos, e case non impón a outra deberes, deprávaas a entrámbalas dúas; e se ningunha idea, se ningunha crenza, se ningún sentimento produce reacción moral forte en favor dunha razoable igualdade, os pobos decaen, viven no marasmo da degradación e da desventura, ou son oprimidos e aínda aniquilados facilmente por outros, inferiores tal vez baixo o punto de vista intelectual, pero superiores moralmente e onde non se estableceron esas diferencias extremas que converten a uns homes en semideuses e a outros en animais de carga.

(La igualdad social y política)

Prepara-la igualdade ante a lei.

(...) Os dotes naturais e a vontade recta e firme, a vontade frouxa e torta ou a escasa intelixencia, cando non hai unha institución que torza ou paralice as súas determinacións libres, producen continuos cambios de posición, en que os pobres de onte son os ricos de hoxe, e en que o que naceu na clase máis

humilde morre potentado. As armas e as letras, a ciencia e o poder, a relixión e a arte, o comercio e a industria, terán eminencias que viñeron de moi abaixo, e establecerase un movemento de ascenso e descenso que tende a confundilo que antes parecía irremisiblemente separado.

Cando as clases poden confundirse e máis ou menos se confunden, non tenden a formar *razas*, quer dicir, a acumular por espacio de moitas xeracións avantaxes e inconvenientes, disposicións que se transmiten, diferencias que de sociais pasaron a ser fisiolóxicas, avantaxes e inferioridades que explican nuns a humillación e noutros a soberbia. Non se inmovilizan as masas no illamento das clases, e as inferiores progresarán de dous modos: ilustrándose e participando da herdanza doutras máis ilustradas.

Así, pois, como as desigualdades inxustas producen efectos que tenden a perpetualas cando se reacciona contra elas, a igualdade no dereito, unha vez iniciada, prepara os seus propios progresos, leva en si as condicións do seu incremento e, coma a fama, adquire forza marchando.

(La igualdad social y política)

A influencia da relixión nos problemas sociais.

A conversión do pobre ten que ser asemade unha obra de reparación, e cómpre facerlle un pouco máis de xustiza na terra se ten que escoitar ó que lle fale do ceo. Para máis desgracia, os que teñen fe en Deus e poden inspirarlla, teñen tan pouca nos homes e en que as melloras da orde social cheguen ó pobre, que este non pode mirar como amigos ós que non cren no seu porvir terréal. Precisaba dalguén que tivese fe en Deus e esperanza na humanidade, e os poucos que se achegan a el é para renegar do Creador ou desesperar da criatura. Ou namais que lle falan do ceo, ou namais que lle falan da terra; así non escolta nin atende en mala hora: hai excepcións, pero esta é a regra.

Hoxe é, para o pobre, sacerdote calquera que lle predique co exemplo e as boas obras; pero aínda a pesar da súa ruda coiraza, dos seus extravíos, das súas blasfemias case mecánicas, así o creo, hai nel un gran fondo de piedade, un xermolo bendito que agromaría co pranto da compaixón e a luz da xustiza. Se os señores queren que se converta o pobo sen se converteren eles antes, pretenden un imposible; se cren que hai outro medio de evanxelizalo que adoptar e practicalas máximas do Evanxeo, están nun erro; se sosteñen que a impiedade dos pobres é outra cousa có reflexo da súa, negan unha verdade.

¡Ah, cabaleiro! Se me dese Vde. unha clase elevada e media de verdadeiros crentes, eu daríalle a Vde. sen tardanza un pobo de sincera fe; pero pretender

que a relixión ha de estar en razón inversa da riqueza para seguridade dos que a posúen, é pretende-lo imposible (...)

(*Cartas a un señor*)

Interpretacións torcidas da relixión.

A superstición estalle facendo á relixión un dano material e moral infinito; a superstición priva á relixión de recursos para obras verdadeiramente pia-dosas, e enaxénalle moitas vontades. E ¿en que se apoia principalmente? Na ignorancia e na indiferencia relixiosa. ¡Na indiferencia! Si, señor. O sentimento relixioso tan forte nas mulleres, unido á ignorancia en que polo común viven, predispónas a ser supersticiosas. ¿Que fan o pai, o home, o irmán? Rir das súas preocupacións e deixalas, coma se fose cousa imposible que eles cresen e elas pensasen. A relixión que liga á muller cos estraños, afásta dos seus, difire deles en cousas esenciais da conciencia; e o home, material e civilmente *xefe* da familia, deixa que esta quede baixo a dictadura espiritual doutro home que sabe e dispón dela máis ca el, e que é o seu verdadeiro xefe, porque como *mens agitat molem*, a autoridade nas cousas do espírito chega en ocasións a ser tan grande que inflúe mesmo nas materiais, e o réxime económico revela a torcida dirección na orde relixiosa. A muller, por regra xeral, non se resigna a limita-la súa existencia a esta vida de dores, non pode vivir sen relixión, e cando nin o pai nin o home comungan con ela, forma familia espiritual con algún que comunge, e os íntimos son alleos, se acaso non son hostís a esta comunión. A muller impresionable e pouco instruída non razoa en materia de relixión, déixase levar polo sentimento e por calquera que se dirixa a el, e a miúdo extravíase, porque nin o pai, nin o irmán, nin o esposo a acompañan para iren xuntos polo bo camiño.

Deste xeito, a indiferencia relixiosa do home é causa, se cadra a primeira, da superstición da muller, e a superstición, cos infinitos males que en si leva, produce o de aumenta-la irrelixiosidade, porque non todos, nin os máis deles, separan a relixión do seu abuso.

Cando por regra xeral os que pensan non cren e os que cren non pensan, a razón e a fe non poden constituír aquela superior harmonía da que depende en parte a resolución do problema social (...)

(*Cartas a un señor*)

A influencia relixiosa no perfeccionamento moral.

Cando a influencia relixiosa é positiva para o ben, aparece, non só como auxiliar inmediato, senón como modificador permanente. Nas enfermidades morais coma nas físicas, pode haber manifestacións *repentinas*, pero as causas que as producen non o son, senón que veñen de atrás, obrando vagarosa, pero poderosamente, sobre o individuo, que aínda cando as descoñeza, non deixa de estar baixo a súa influencia. Cada acción, boa ou mala, é un efecto de moitas causas, e sobre todas elas obrou a influencia relixiosa, que desde comeza a existencia moral do home, entra no máis recóndito do seu corazón e da súa conciencia, e mesmo nas profundidades se cadra impenetrables a calquera outro sentimento. Xa se comprende o poder deste modificador, que obra *sempre* e en *todo*, sen que haxa nada que se zafe da súa acción.

Mesmo nos crimes que parecen obra das circunstancias do momento, e coma se agromasen espontaneamente; mesmo nos que se cometen baixo o impulso de obcecacións que se consideraban invencibles, se non hai premeditación, hai *preparación*, conforme dixemos, e se o criminal disciplinara os impulsos, as paixóns, os apetitos, tódolos elementos que reunidos produciron a explosión, esta non se produciría. O home máis perverso non chega á gran maldade non sendo polo camiño doutras máis pequenas, feitas ou *pensadas*, e a relixión que prohibe o pensamento malo e o desexo culpable, tende a evitar esa ximnasia previa, sen a cal a maldade non podería desenvolver-la forza coa que se presenta. Velaquí a regra; de haber algunha excepción, que non o dubidamos, sería unha especie de monstruosidade moral que, coma as físicas, non se debe ter en conta ó dar idea das leis do organismo.

Cando a benéfica influencia relixiosa non abonda para conter ó culpable, non se debe dicir que sexa inútil; aínda pode, se non para-lo movemento, facer que sexa menos rápido, e unha vez consumado o mal, recoñecelo. Dadas moitas circunstancias, un home relixioso pode infrinxi-la lei coma un impío; parecen iguais no momento do delicto, pero despois de consumado, vese o diferentes que son na maneira de recoñecelo e de sentilo. A paixón desordenada que leva a un deles tan facilmente coma se o collesen da man, necesita arrastrar ó outro; e ó acouga-la tempestade, recobra cada un o seu nivel moral anterior, coma as augas tornan ó rego ó pasa-la borrasca. Deste xeito a relixión, compañeira infatigable do home, a amiga que, por sabelas todas, o ama con amor de nai, procura sempre termar del para que non caía, e cando cae axúdalle a se erguer.

Falamos da influencia relixiosa *benéfica*, porque hai outra que se pode chamar *maléfica*, e é aquela que, propoñéndose un fin absurdo ou medios inmorais, santifica as accións que debía anatemizar. A historia está chea de sacrificios sen obxecto racional, esixidos ou aconsellados por paixóns relixiosas, e de

finos bos acadados ou intentados por malos medios: isto é o máis frecuente e o máis grave, porque así como non se pode, se ben se considera, conseguilo bo fin por malos medios, sendo estes inmorais e racionais, aquel habería en definitiva de selo. Cando unha idea relixiosa manda ou aconsella a violencia, a traizón, o fraude, calquera acción en que se falta á xustiza e á caridade que ós demais se deben, deprava ó home cun poder e unha culpa que nada iguala; converte nun medio para o extravío aquel que debería ser guía, e fai traizón e obra de iniquidade santificando o mal, que non atopa xa remorsos na pervertida conciencia. ¿Que recurso moral queda contra un perverso que está satisfeito e orgulloso do mal que fai, e se considera merecente de premio e gabanza? (...)

(*Estudios penitenciarios*)

Resignarse e reformarse.

A relixión pode contribuír con elementos poderosos á orde e á liberdade, á harmonía, ó progreso, e levar ó pauperismo, non o cilicio co que macere o seu corpo enfracuecido, non o cáliz amargo para que o beba ata os pousos, senón a xustiza vizosa en bens, a fe que delonga a vida; a esperanza, que conforta; a caridade que consola, que alenta, que transforma e, coma a luz, fai brillar todo o que a pode reflectir.

¿Que é o que precisa a sociedade?

Resignarse e reformarse.

Resignarse con aquelas dores que non teñen remedio, porque a desesperación é aínda peor conselleira cá fame, e acrecenta o mal inevitable que non quere sufrir.

Reformarse, porque sen recoñece-lo erro e repara-la inxustiza non hai forma de chegar á prosperidade.

Dixo madama Stäel que o alicerce da orde social era a *resignación*; e aínda que este parecer se crea esaxerado, e aínda séndoo, non hai dúbida que ten unha parte de verdade.

A orde social non é máis có conxunto de regras que practican os que viven en sociedade para realiza-la xustiza, como a comprenden no momento histórico en que viven; a orde social é un efecto do que son causa os asociados, a natureza dos cales reflectirá no esencial. Está na natureza do home que unha das súas necesidades sexa a resignación; e cando a teñen os individuos todos, ¿como poderá eximirse dela a colectividade? (...)

(*El pauperismo*)

A situación relixiosa da muller española.

¿A muller española é relixiosa? A esta pregunta responderase si ou non, segundo o que se entenda por relixión; conforme eu a entendo, non dubido en responder negativamente.

A muller española é devota, beata, supersticiosa; o culto ó rito superficial, a forma, éo case todo para ela, deixando moi pouco lugar para o fondo, para o profundo, para o elevado, para o íntimo, que constitúe verdadeiramente a relixión.

A ignorancia, tan xeral na muller española, unida á folganza en que viven as máis das mulleres, unhas porque non precisan traballar, ou non queren, outras porque non teñen traballo, predispoñen a substituí-la credibilidade á crenza, e a tela, e a ter (a sabendas ou non) o culto como espectáculo que distrae o aborrecedo da ociosidade. Esta disposición aumenta os inconvenientes da preponderancia autoritaria sobre a razón; do vulgar sobre o sublime; do exterior sobre o íntimo; de xeito que a fe penetra a penas no espírito, e non só contribúe pouco á perfección, senón que nalgúns casos *serve de anestésico á conciencia*, como di con moita propiedade Reville.

Seguramente, a nosa forza para o cumprimento do deber non é infinita, e a que empregamos en cousas prexudiciais ou indiferentes adoita faltarnos para as útiles e importantes; e así vese moitas veces á muller sacrifica-lo esencial ó accesorio, preocuparse moito de puerilidades devotas e pouco dos deberes sagrados. Cando se considera que a predicación e a ensinanza de Xesús foi enteira-mente moral, e a pouca influencia moral que a relixión ten na vida da muller, chega en ocasións mesmo a dubidar se é cristiá.

A dictadura espiritual do catolicismo, coa infalibilidade no acerto e a minuciosidade das regras, disciplina as colectividades de xeito que non deixa espacio para que se mova e sinale a personalidade dos individuos relixiosos, que fan, din e pensan o mesmo, e parecen contornados polo mesmo patrón: a invariabilidade deste aumenta coa ignorancia e submisión dos que se amoldan a ela, e parece que chega ó seu máximo na muller española. Estudiándoa en tódolos graos da escala social: no vicio, no delicto, na honradez e na virtude, admira a semellanza relixiosa (devota) no medio de tan esenciais diferencias; e como a pobre farrapenta e a gran señora, a prostituta e a irmá da caridade, cren que a relixión é o culto, e igualan o accesorio, ou danlle a preferencia sobre o esencial. Por riba ou por debaixo das crenzas, hai nunhas o pecado e noutras a virtude; pero como se no medio houberse unha zona relixiosa neutral, moralmente falando, criaturas perversas non se teñen nin son consideradas como impías. A adúltera, no fogar que luxa; a prostituta, na casa infame; a delincuente, no cárcere, sen estaren arrependidas, son devotas e agardan o ceo, non da emen-

da, senón de prácticas exteriores, fáciles polo común e aínda atractivas, de sufraxios e oracións e indulxencias que se aplican, esaxerando mesmo o seu mérito ata que poida supri-lo que lles falta.

Por estas e outras causas, pódese asegurar que a relixión exerce escasa influencia moral na muller española, que contribúe pouco a perfeccionala, e que en moitos casos é un atranco, antes ca un auxiliar, da súa perfección. Nas mulleres que se consagran a Deus, como elas din, vese que a tendencia á exterioridade e á devoción prevalece sobre a moral íntima, tanto na clase media e elevada coma no pobo. A el pertencen as Irmás da Caridade con raras excepcións, mentres as señoritas se fan monxas ou *adoratrices*; e se ben estas procuran corrixir mulleres extraviadas, a meirande parte da súa vida absórbea o culto e a contemplación, sistema que, dito sexa de paso, non é moi eficaz para rexenera-las pecadoras que recollen. De aí resultan dous males: que unha gran parte de forza inutilizase para a obra social, e que nas comunidades relixiosas que contribúen eficazmente a ela, coma as fillas de San Vicente de Paúl, as Terciarias, etc., bótase de menos a cultura que, alomenos nas formas, poderían levar a estes institutos moitas das mulleres novas que se encerran nos conventos.

O clero, en xeral moi ignorante, non quere a muller instruída e, por inclinación, por instinto ou por cálculo, é mellor auxiliar para mantela na ignorancia que para instruíla.

Non falo máis ca da muller católica: porque son tan poucas as protestantes, que nin como colectividade poden constituír obxecto de estudio nin apreciarse a súa influencia social.

O dito como regra ten excepcións moi honrosas, e tanto máis merecentes de aprecio e mesmo de respecto, canto que, neste asunto, o que noutros países é sinxelo e doado, é traballosa e meritorio en España.

(Informe para Stanton)

Relixión e conciencia na prisión.

Ben está que non se consintan na prisión prácticas supersticiosas, teorías inmoraís, que tenden a perverte-los costumes e a infrinxi-las leis; ben está que alí todo sexa severo, grave, sinxelo, para satisface-las necesidades do entendemento e do corazón, non os extravíos da imaxinación e a grosería dos sentidos; pero disto a proscribi-la predicación relixiosa e o culto, hai toda a distancia que media entre o erro e maila verdade.

Na prisión debe, pois, haber relixión e culto, porque os penados son homes, e no número dos dereitos de que son privados non pode esta-lo de volverse a Deus pedindo auxilio para a emenda e o consolo para a dor.

¿Cal debe se-la relixión nas prisións? A dos penados. Os prácticos na materia coñecen, e reflexionándoo compréndense, os graves inconvenientes de facer do cárcere teatro de propaganda relixiosa e, dos reclusos, conversos. Desvanecer erros, destruír supersticións, procurar que adoren a Deus en espírito e en verdade, e que as obras afirmen o que as crenzas proclaman, tal debe se-lo obxecto da instrucción relixiosa. Poderá acontecer que haxa presos dunha ou varias relixións, non podendo establece-lo seu culto pola súa mesma variedade e o escaso número dos que a profesan; neste caso débese manifesta-la imposibilidade material e conceder a cada un os medios de que practique a súa relixión en canto fose dado, como libros, permiso para ser asistido polos sacerdotes do seu culto, etc., etc.

No ensino relixioso cómpre ter presentes ás persoas e mais ós tempos. Engánanse os que cren que os presos son todos impíos, e que no cárcere só por forza se logra a asistencia ás cerimoniais do culto, e que, sen o temor do cárcere, o templo sería profanado e o sacerdote escarnecido; engánanse tamén os que supoñen que alí non chegaron a incredulidade e maila dúbida; que se pode agardar unha fe cega, unha credulidade sen límites, e disposición para seguir ó orador en abstraccións sutís e definicións meramente dogmáticas. O preso, en xeral, é relixioso porque é home, pero non é devoto, e cómpre falar á súa conciencia e ó seu corazón sen bater de fronte coa súa razón, por onde pasou o espírito do século. Moitas máximas do Evanxeo, onde hai tanta xustiza e tanto amor; moitos exemplos de santos, que practicaron a virtude máis sublime e se inmolaron ás veces coa abnegación máis heroica; moita moral e moita caridade: isto é o que levaríamos á instrucción relixiosa dos condenados, ó par do culto, en que o incenso, a música relixiosa, os cánticos sagrados, axudan á elevación do espírito (...)

(Estudios penitenciarios)

Distingui-la instrucción relixiosa da súa práctica.

Tocante á educación relixiosa, quer dicir, ó hábito de practica-lo que se cre, débese formar con accións voluntarias, con feitos sinceros, e non con procederes impostos pola autoridade, en que hai coacción, hipocresía e cálculo.

Partindo das súas declaracións consideraranse os presos que profesan algunha relixión, clasificándoos segundo as súas crenzas, e os que non teñan ningunha. En todo o posible, proporcionaráselles culto conforme á relixión de cada un, e para aqueles que non tivesen sacerdote ou mestre da súa comunión, estableceranse conferencias onde se trate da relixión en xeral, das verdades comúns a todas, dos preceptos morais que non deixa de inculcar ningunha das

que se poden admitir. A asistencia á doutrina e conferencias relixiosas sería obrigatoria; a instrucción relixiosa forma parte do réxime educador da prisión.

Hai dereito para obrigar ó delincuente a que aprenda o que lle convén saber, a que adquira un medio que pode contribuír poderosamente á súa corrección e emenda; pero non se debe pasar de aquí. A relixión persuádese, non se impón; debe ser tan libre como é íntima, agromar espontánea do máis elevado e puro da alma e non ser un movemento maquinal e forzado.

Á doutrina e ás conferencias relixiosas, asistencia obrigatoria; ás cerimonias do culto, á oración, voluntaria. Non se debe obrigar a ninguén por medio da forza material; isto, por riba de ser violento para a conciencia, é absurdo e contraproducente, porque, aínda non habendo escándalo material, hai verdadeira profanación do templo no que se entra sen relixioso recollemento, dos sacramentos que se reciben sen conciencia pura e fe sincera (...)

(*Estudios penitenciarios*)

Instrucción relixiosa para a prisión baseada en principios universais.

A instrucción relixiosa pode limitarse ós días santos; pero cumprirá cimentala en principios xerais, que se poden aplicar a tódalas relixións; baseala na trindade eterna e universal de *misterio, dor e aspiración ó infinito*; non confundi-lo didáctico co dogmático, nin as necesidades do sentimento que satisfán a oración e o culto, coas da intelixencia, á cal debe prove-la instrucción. Cómpre distinguir entre o que ensina e o que predica, porque o sermón diríxese soamente ós fieis, e a lección a tódolos homes.

Tanto no que di ó culto coma á instrucción relixiosa, a asistencia debe ser voluntaria, sobre o que convén insistir, porque non en tódalas partes se respecta en absoluto como é debido a liberdade de conciencia. Amais de ser un dereito para todo home, do que non pode privalo ningunha lei, existen circunstancias especiais nas prisións para que nelas, menos ca noutras partes, deixe de se respectar.

A inxustiza non se combate máis ca con xustiza, e ó penado a quen inxustamente se obriga a practicar uha relixión en que non cre dáelle un mal exemplo, e razón contra os que o mandan porque teñen forza; nunca debe el ve-la forza separada da razón, e a mellor lección de dereito que se lle pode dar é respecta-lo seu.

A asistencia forzosa ó culto e instrucción relixiosa, lonxe de ser útil, é contraproducente: o espírito que se violenta permanece hostil, cando, de deixalo en liberdade, o recluso, quer por curiosidade, quer como recurso contra o fas-

tío, uniríase primeiro materialmente ós que oran, e quen sabe se despois, alomenos algunha vez, coa alma.

Para o que non cre nunha relixión, as súas prácticas son absurdas, e mesmo ridículas, de non considera-las cousas e as persoas desde unha altura á que non adoita chega-lo penado, que fai burla de todo canto lle parece risible e dos que o respectan. Esta disposición desdeñosa cara ós seus compañeiros e superiores non é a que mellor conduce á benevolencia e submisión de ánimo que hai que procurar nel; cómpre, pois, evitar que faga comparacións das que errada, pero sinceramente, conclúa que é superior en algo ós que valen máis ca el (...)

(Congreso penitenciario de Roma)

Aptitude da muller para o sacerdocio.

Observémo-lo que saben e o que fan un boticario, un avogado, un médico, un notario, un catedrático, un sacerdote, un empregado, vulgares, da talla común; observemos ben, sen preocupación, en conciencia, e digamos se non pode unha muller aprende-lo que eles saben e face-lo que eles fan.

Sendo a muller naturalmente máis compasiva, máis relixiosa e máis casta, parécenos moito máis a propósito para o sacerdocio, sobre todo na Igrexa católica, que ordena o celibato do sacerdote e a confesión auricular. Moitos inconvenientes desta confesión, feita entre persoas de diferente sexo, desaparecerían se a muller, cunhas naturais inclinacións en harmonía cos deberes sacerdotais, puidese exercer-lo sacerdocio. Instruír ós nenos, aprenderlle ós ignorantes cousas boas, sinxelas e precisas; acompañar ós enfermos; valer ós moribundos; compadecer ós desventurados; consolar ós tristes; falar a todos de Deus, en quen cre con tanta fe, son cousas moi propias do sexo compasivo e piadoso. Non sabemos se entre as mulleres habería moitas doutoras que causasen admiración; pero de seguro habería moitos exemplos que imitar e moitas virtudes que farían ama-la relixión que as inspiraba. Sentindo faise sentir; a relixión é principalmente un sentimento, e a muller o seu máis natural e fiel intérprete. Sóbralle capacidade para adquirir-la instrucción indispensable; non é un monstro nin está fóra das leis da harmonía do universo, onde se ve que se Deus concede poucas veces os seus altos dons, distribúe con man pródiga todo o que é necesario.

O que estamos a dicir parecerá moi estraño, moi absurdo e probablemente será para algúns pouco piadoso; meditamos moito sobre a materia, e parécenos que é máis doado atopar chistes para ridiculiza-las nosas ideas ca razóns para combatelas. O ridículo ten a súa esfera de acción activa, pero limitada, e non chega ás rexións do entendemento, en que de boa fe se procura a utilida-

de polas vías da xustiza. O estronicio das gargalladas pasa; a forza dos razoamentos queda: toda persoa sensata sabe que adoitan pensar pouco os que rin moito, e non debe tomar a ben que se traten con risos as cuestións dun mundo en que se chora tanto. Polo que fai ó anatema que tal vez algún queira lanzar contra nós, conxurámolo dicindo: que as nosas opinións terán de pouco piadosas todo o que teñan de erróneas; pero que se temos razón, non podemos ter culpa: o erro é impío, a verdade é santa (...)

(La mujer del porvenir)

III

PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN DA RIQUEZA

Propiedade e apropiación.

(...) A propiedade está hoxe no banco dos acusados; non é a primeira vez, nin será a derradeira; non está exenta de culpa, porque a propiedade é o home, e coma toda institución, amosa a súa imperfección e contáminase cos seus vicios. O erro dos seus acusadores consiste en facela responsable dos males que coinciden con ela, e en pensar que é causa de todas aquelas desventuras que non remedia. A propiedade, coma a actividade, coma a intelixencia, coma a forza, coma todo o que é necesario, non ten mal no seu principio, no seu celme; o mal vénlle do abuso, da dirección torcida, do cálculo errado ou culpable, que converte todo o poder posto en mans indignas, nun perigo ou nunha desventura. Se o propietario é perverso, perversa aparece a propiedade; se santo, santa; e segundo teña abnegación ou egoísmo o que a manexa, pódese cualificar de instrumento benéfico ou de máquina infernal.

Se a propiedade se adquirise sempre por bos medios, e se destinase a bos fins; se o propietario fose un home laborioso que por non ter necesidade material e apremiante de traballar, non se considerase fóra da santa lei do traballo; se ilustrado, convertese a súa riqueza en instrumento de prosperidade, dedicándoa a empresas útiles; se benéfico, espallase a luz da verdade, procurando ilustrar e moralizar ós que estaban en condicións menos favorables; se compasivo, sentise na súa alma a repercusión das dores alleas, e contase como o maior ben da súa fortuna o poder de consola-la desgracia; se todo isto o fixese sen ostentación, sen aparato, sinxela e naturalmente, como os bos cumpren o seu deber; se tódolos propietarios de tódolos países, de tódolos séculos, fixeran o mesmo, ¿cres ti que ninguén, nunca, en ningures, tería maldicido a propiedade? É evidente que non.

O mal, pois, non está na cousa, senón no home; non vén da propiedade, senón do propietario, nin pode ser doutro xeito, porque sendo a propiedade imprescindiblemente necesaria, non podía ser esencialmente mala. Este modo de considerala lévanos a trata-lo problema dunha forma razoable e que fai posible a súa resolución: en vez de dicirmos: *¿Como destruíremo-la propiedade?*, diga-

mos: *¿como imos facer para que a propiedade cause o menor mal e produza a maior suma de ben posible? (...)*

(Cartas a un obrero)

Orixe natural da propiedade.

(...) Xa ves, Xoán, con toda evidencia, que o feito de apropiarse das cousas necesarias á vida non é unha invención dos homes, senón unha necesidade do seu organismo, unha lei de Deus ou da natureza, como se queira dicir. *¿Que diferenza hai entre apropiación e propiedade?* A que vai do feito ó dereito, do animal ó home, do que ten conciencia e moralidade ó que carece dunha e doutra. O feito fatal, *bruto*, por dicilo así, da apropiación dos animais, ó chegar ó home convértese en *dereito de propiedade* (...)

(...) Agora pasemos a tratar do home como *apropiador* e como *propietario*. O home no primeiro concepto, coma todo vivente, precisa apropiarse das cousas necesarias á súa vida, o animal que caza, o froito que colleita, a cova en que se gorece da intemperie. A medida que progresa, vaise apropiando de maior número de cousas: a rama escascada e reducida a dimensións axeitadas, que é a primeira arma; o tronco de árbore furado, que é a primeira embarcación; a cabana ergueita nun sitio conveniente, que é o primeiro edificio.

Esta serie sucesiva de apropiacións non as precisa o home só para si, e para atender ás necesidades da súa vida, porque non é el só; xa sabemos que non pode vivir non sendo en familia; ten, pois, necesidade dunha apropiación máis extensa para que a súa muller e mailos seus fillos non sucumban; aprópiase, pois, de todo o que precisa para eles, mellor vivenda, máis cantidade de alimento, de vestidos, etc.

Ata aquí o home obra coma un animal *industrioso* e nada máis. Enche as condicións da súa vida, é activo, e aprópiase do que a pode manter; traballa para que este sustento non falte a el nin ós seus.

Pero o home non vive só; nin sequera lle abonda coa familia para existir; precisa a sociedade dos seus semellantes, a horda, a tribo, a nación, un conxunto de criaturas semellantes a el, con quen comunicar certos afectos, certas ideas, con quen gozar do que non pode gozar só, e cos cales defenderse de inimigos que o aniquilarían de estar illado (...)

O home, en sociedade con outros, aprópiase do que precisa e a súa actividade lle proporciona; pero velaquí que outro home quere apoderarse dunha cousa que el xa se apropiara con esforzo e traballo e chamaba súa. O apropia-

dor defénde enérxicamente, sente que o desposuidor é inxusto e insensato e comete unha acción mala.

A pesar da enerxía da defensa, se o agresor é máis forte, triunfa, e o acometido queda sen a cousa que co seu traballo se apropiara. Pero esta idea que el tiña de que a cousa lle pertencía, que era súa, non a ten el só, téñena tódolos que viven en sociedade con el, e senten a inxustiza daquela violencia, e deféndenla, e chaman delicto á acción de privar a un á forza do que é de seu, e delincuente ó que a comete, e prohiben a unha e castigan a outra.

Como os que así pensan e senten son os máis, establecen que non se poida privar a ninguén do que é de seu, porque precisao para vivir, e apropiouno co seu traballo; isto pasa a ser regra xeral, obrigatoria, tida por xusta, ou sexa lei, que escrita ou non, rexe aquela sociedade onde se prohíbe o roubo. Esta prohibición nos homes primitivos, non é probablemente un acto de reflexión, senón unha espontánea manifestación da conciencia. Aquelas cousas que son indispensables para a vida das sociedades, como para a dos individuos, instintivamente se fan, e séntese a súa necesidade, que máis tarde se razoa. Despois dos homes rudos que fan valer coa forza do seu brazo o fallo da súa conciencia, veñen os homes cultos, que razoan a lexitimidade e a necesidade daquel fallo.

(*Cartas a un obrero*)

A propiedade é un dereito.

Se para apropiarse daquelas cousas precisa desprega-la súa actividade e a súa intelixencia, partes integrantes do seu ser, as cousas creadas por el son súas, porque súas son a súa actividade e a súa intelixencia; atacándoas, atácase a súa personalidade, a súa individualidade, o seu Eu, do cal unha parte pasou á súa obra. O que se respecta no produto do traballo é a persoa do traballador; é aquel esforzo, aquel pensamento que o crea, sen o cal non existiría, e, ou non se respecta ó home, ou é preciso respecta-la súa obra. Así, os déspotas que arrastran pola lama a xustiza e a dignidade humanas, non só son señores de *vidas*, senón tamén de *facendas*. Ataque á cousa ben adquirida, ataque á persoa; así o comprenderon tódolos homes de tódolos países: a perda material nun incendio ou nunha inundación, aflixe, pero non irrita; o que indigna nun roubo é que o home sente a inxustiza, e vese atacado na súa propiedade.

A vida dos homes, que é unha serie de esforzos intelixentes para fornecer-las súas necesidades, é incompatible cunha serie de violencias. Se a loita constante fose unha condición de vida, as outras condicións serían imposibles; o home, batallador sempre e traballador nunca, non podería existir. Para ter alen-

to, tempo e forza para traballar, cómpre ter seguro o froito do seu traballo, e que o *feito da apropiación* se converta en *dereito de propiedade*.

O home que ten maior esfera de acción; o que ten máis necesidades e máis medios de satisfacelas; que ten unha actividade maior e máis intelixente, propia para multiplica-las súas relacións coa natureza e modificala en maior escala, e crear máis abundantes e variados productos; o home, ser moral do que forma parte a idea do deber e da xutziza, non pode existir en ningunha orde ou esfera con só o feito; precisa en todas o dereito, que, aplicado ás cousas que o seu traballo lle procura, se chama propiedade.

(*Cartas a un obrero*)

O comunismo é propio de sociedades pouco civilizadas.

(...) Espero, Xoán, convencerte sen grande esforzo de que o comunismo é tanto máis fácil canto un pobo está menos civilizado; que, a medida que se moraliza e se ilustra, a propiedade arráigase, e que, por conseguinte, os comunistas, que pretenden pasar por xente *avanzada*, son verdadeiros *retrogrados*. Afianza-la propiedade, *estendela*, ese é o progreso; *negalo* é retrogradar, desenterrando sistemas mortos, que se pretende galvanizar coa dor e a xenreira (...)

(*Cartas a un obrero*)

Comunismo e liberdade de traballo.

(...) ¿O traballo ha de ser libre, ou non? Se o primeiro, non hai comunismo. Se o segundo, non hai home; hai cousa, hai escravo. Fácil é poñer en evidencia esta verdade.

Quere establecerse o comunismo respectando a liberdade de traballo, que é a que ten cada cal de dedicarse a aquel labor para o que teña maior disposición e gusto; este labor necesita un instrumento que precisamente ha de ser *propio*, se o traballo é *libre*. Supón un grupo de traballadores, dos cales un quere ser carpinteiro, outro mariñeiro, outro carreteiro, outro músico, outro fundidor, outro astrónomo, etc. ¿Ten que lles da-lo Estado, respectivamente, barco, carro, piano, fábrica de fundición e telescopio? ¿Ten que lles dar tódolos instrumentos *porque* os pide o traballador, e *para* que faga deles o que lle pareza, condición sen a cal non será libre o traballo? E cando se gasten, se perdan ou se rompan nos ensaios desgraciados que tantas veces precisa face-lo traballador para chegar a un resultado feliz, ¿o Estado repoñerá estes instrumentos? (...)

(...) Para que o traballo sexa libre, é condición esencial que o traballador teña instrumento *de seu*, ou o reciba dalgún que o ten en *propiedade*; sen isto

non será dono de dedicarse ó oficio ou profesión que mellor lle pareza, e é materialmente imposible que do fondo común poidan saír tódolos instrumentos que pidan o capricho, a vaidade, a loucura, o erro, tódalas paixóns e tódolos desvaríos humanos *irresponsables*; porque para ter *algo* con que responder, cómpre ter propiedade *dalgunha cousa*, e daquela non hai comunismo (...)

(...) O traballador libre é o que se dedica á obra que lle parece mellor, e ha de ter instrumento axeitado para ela; este instrumento que, con evidencia, o Estado non lle pode dar, ha ser *de seu*, e, pequena ou grande, ha de haber *propiedade*, e non pode haber *comunismo*. O instrumento poderá valer só algúns reais ou moitos milleiros de pesos; é igual para a demostración do principio que esixe que sexa propio do traballador libre.

Non podendo ser libre baixo a lei do comunismo, o traballo estará suxeito ás regras que o Estado lle impoña, valéndose dun destes tres medios:

Recrutar operarios no número que fose preciso, facendo pasar a un grupo os que non caiban noutro.

Elixilos.

Botalos á sorte.

(*Cartas a un obrero*)

Máis sobre a propiedade.

Temos pois:

Que o home é sociable;

Que non hai sociedade sen propiedade;

Que a propiedade, colectiva nun principio, faise individual cando adianta a civilización;

Que a propiedade individual non é favorable á igualdade.

¿Significa isto que por unha pendente inevitable, fatal, a medida que un pobo se civiliza aumenta nel a desigualdade das fortunas, de forma que os ricos son máis opulentos e os pobres máis miserables? Debemos confesar que a iso tenden moitos elementos da civilización; pero hai outros que combaten esta tendencia, e o problema consiste, non en negarmos aquela parte de mal que entre os seus bens produce o progreso, senón en recoñecérmola; en vermos se é inevitable, e ata onde pode evitarse e por qué medios.

Así como ó comezar este capítulo dabamos por suposto que o lector consideraría a propiedade como necesaria, para continualo supoñemos que recoñece o grave dano da grande acumulación de riquezas ó lado da miseria suma.

A propiedade non pode volver ser colectiva, nin inmovilizarse, nin fanarse, nin ter límites en canto á súa extensión: a súa liberdade ha ser respectada

coma a do propietario, pero coidando que non se converta en licencia, porque comprendela como o dereito de usar e de abusar da cousa posuída, máis é comprometela que consolidala: non ha de ser nin unha vítima nin un ídolo; que non se salte ningún valado, pero que en todos haxa un portelo por onde entren a lei e maila xustiza (...)

(La igualdad social y política)

A propiedade modifícase no sentido da igualdade cando un pobo progresa.

(...) Tódolos países en que se proclama o progreso, e que progresan verdadeiramente, modificaron a propiedade en sentido favorable á igualdade; pero sería un erro supoñer que a obra está acimada e a loita rematada.

Os igualitarios individualistas sosteñen que a liberdade abonda para establece-la harmonía entre os propietarios, e que a propiedade individual máis absoluta é a única posible e o mellor auxiliar da igualdade: os niveladores conservan unha hostilidade especial contra a propiedade inmoble, e pretenden volver á propiedade colectiva; e todos adoitan prescindir bastante do elemento moral como se a riqueza se distribuíse do mesmo xeito que dan voltas os astros, en virtude de leis físicas.

Se o home fose perfecto, sería xusto só con ser libre; pero a súa imperfección fai indispensable coarta-la súa liberdade nas súas relacións cos outros, o mesmo como propietario ca en calquera outro concepto. A liberdade é un medio, non un obxecto; é parte integrante do ser racional, non todo; é un medio de chegar á harmonía, non a harmonía mesma; é un elemento que non se ha de sacrificar a outro, pero que non pode esixir que se lle inmole ningún. Proclamade ó propietario libre de facer canto queira da súa propiedade, e substraerese ó pagamento dos tributos; opoñerá con ela un insuperable obstáculo ás obras públicas; sacrificará ós operarios con que a beneficia, pola falta de hixiene ou mesquindade de retribución; depositará materias inflamables, sen precaución ningunha, no centro das cidades; levará o desenfreo do monopolio onde non poida seguilo a concorrência; alugará casas inhabitables, coches onde periga a vida dos viaxeiros; venderá viño envelenado, trigo estragado, peixe podre, etc. etc. Todo isto e moito máis fará a propiedade de deixala face-lo que quere, e tanto coma outra cousa, e máis ca moitas, precisa estar suxeita a regras: que sexan xustas é o que se debe procurar, porque pretender que non as necesita é descoñece-la natureza do propietario, é dicir, do home.

Estas regras non poden ser fixas; o que era imposible onte, é factible hoxe e será insuficiente mañá: a cuestión é sempre comprender ben a xustiza e apli-

cala á propiedade como ás demais cousas. Se non hai dereito a pasar un nivel sobre os propietarios, desposuíndo ós de arriba por favorecer ós de abaixo, tampouco a reparti-los tributos de modo que pesen máis sobre os que menos posúen, nin a favorece-la riqueza con loterías, rifas ou herdanzas que ás veces, no canto de os estreitaren, afrouxan os lazos de familia, e nin sequera son lei da Natureza nin vontade do testador. Sen saír das vías da xustiza pódense tomar moitas medidas para diminuí-lo poder absorbente da riqueza, que tende a medrar, coma a miseria, en rápida progresión: reparando ben nos males que consigo leva a excesiva desigualdade de fortunas, xusto debe parecer diminuí-la por medios equitativos que non tropecen cos respectables sentimentos de familia nin danen os lexítimos intereses (...)

(La igualdad social y política)

Na procura do termo medio.

(...) Se é un anacronismo irrealizable converter, en nome da igualdade, ó Estado en posuidor único; se os que tal pretenden son verdadeiros retrógrados, tampouco podemos considerar como progreso o privar ó labrego do prado e do monte comunal, de modo que non poida ter xa nin vaca, nin ovellas, nin porcos, e roube leña para coce-los alimentos e non morrer de frío. ¿Que medidas se toman contra os ataques á propiedade feitos por causa de necesidades imperiosas e ocasións continuas? ¿Deixalos impunes? Está mal. ¿Penalos? Non está ben; e neste caso, e noutros moitos, resulta acrecentamento de miseria e conflitos para a conciencia e a orde, do que para moitos é o ideal en materia de propiedade, a saber: que toda sexa individual, sen que ningunha parte fique en común (...)

(...) O progreso non é predomínio exclusivo dun elemento calquera; tomemos de cada civilización o que ten de humano, de xeral, de permanente, que é o único xusto, e arrostromo-la desprezante cualificación de *eclécticos* antes que merecérmo-la de exclusivos ou insensatos (...)

(La igualdad social y política)

A organización do traballo.

(...) *A organización do traballo* é o que piden ben alto os reformadores modernos, e cò que fan máis ruído, sendo así que o comunismo é absolutamente impotente para organizar, non digo o traballo dunha nación, nin sequera o do taller máis reducido. Suprimase a liberdade e maila responsabilidade, e sen elas

non pode haber *organización* de nada, senón amoreamento de homes que traballan pouco e mal, aguilloados polo látego ou a fame.

Supoñendo o imposible, que o comunismo organizase o traballo con obreiros sen responsabilidade, sen liberdade, e elixidos á capricho ou ó chou, ¿como os retribuiría? A todos igualmente, e aténdose ó mínimo necesario, porque de dar a cada traballador segundo a súa obra, gañando os que traballan moito e ben máis cós que facían pouco e mal, poderían economizar e facerse propietarios. Para que non haxa propiedade, é preciso que non poida haber economías, que o obreiro gañe o estrictamente necesario para a súa subsistencia.

Amañando a retribución a un mínimo indispensable, o traballo nivelárase ó do operario peor; porque ¿como se vai esforzar un obreiro en traballar máis para que lle paguen o mesmo có que fai pouco? O traballo rebaixado ó do máis lacazán ou o máis torpe, veríase nunha decadencia tan grande, que chegaría axiña a ser infecundo, e a miseria e a volta á barbarie serían unha cousa tan inevitable coma rápida.

Toda boa organización social ha de procurar que mellore canto sexa posible, en calidade e cantidade, o nivel do traballo, quer manual, quer intelectual, de modo que, procurando todos facer coma os que mellor fan, ningunha aptitude se esterilice por falta de actividade do que a ten (...)

(Cartas a un obrero)

Egoísmo, inmoralidade e ignorancia.

(...) Hai que deplora-los atrancos que opón o egoísmo cego, e a inmoralidade e a ignorancia, a que se aumente e mesmo se conserve o posuído en común: o prado non se limpa nin fertiliza, o monte tálase, o ferrocarril adminístrase mal, e cando a comunidade non é moral nin intelixente dabondo para ser xusta, combátese con avantaxe, expropiándoa, e mesmo desposuíndoa, por causa de razóns aparentes que explotan outros egoísmos e outras inmoralidades. Cando o que é de todos pretende utilizalo cada un, e non quere coidalo ningún; cando hai moitos dispostos a atacalo con persistencia, e ninguén a defendelo con afouteza; cando os principais interesados en que se conserve, e ata onde sexa posible se aumente, son débiles por falta de intelixencia e non comprenden o que lles convén ou non saben vale-lo seu dereito, os bens comúns que favorecerían a igualdade amorearíanse en poucas mans. Dadas estas circunstancias, o mal non se poderá evitar, pero que alomenos non se converta en ideal, felicitando á sociedade porque ten unha desventura máis (...)

(La igualdad social y política)

A loita entre os que amorean riquezas e os que pretenden que se distribúan.

(...) A loita seguirá durante moito tempo; esperemos que non sexa eterna entre os que, sabéndoo ou non, favorecen a acumulación da propiedade, e os que pretenden que se distribúa máis igualmente: poden contribuí-las leis e este último resultado; pero sobre que as leis son a representación das ideas e dos sentimentos, non hai lexislación, calquera que sexa, capaz de impedi-la excesiva acumulación da propiedade alí onde hai poucas virtudes e moita ignorancia. Tódalas folgas resoltas arbitrariamente por poderes niveladores; tódolos decretos socialistas, e tódalas leis agrarias, non impedirán que sexa miserable o ignorante desmoralizado e que á súa beira non posúa excesivas riquezas o intelixente que non repara nos medios de as amorear. ¿De que lle serviron á Esparta corrompida as leis de Licurgo, nin á Roma degradada as disposicións igualitarias dos seus emperadores? Nos Códigos había disposicións favorables á igual distribución da riqueza, nas prazas multitudes esfameadas e nos pazos magnates que pasaron á historia polo seu luxo e noxenta gula. Agora, despois e sempre acontecerá algo semellante, porque a natureza do home non cambia na esencia; e cando ós progresos materiais non seguen os morais e intelectuais xeneralizados, a civilización dá grandes medios para amorear riquezas e impulsos irresistibles que lanzan á miseria.

A igualdade non debe combater á propiedade que non traspasa os xustos límites, nin pode evitar que os pase non sendo que se eleve o nivel moral e intelectual: a condición non é doada de cumprir, pero é aínda máis difícil substituíla por ningunha outra.

(La igualdad social y política)

Asociacións patronais.

(...) Se a cuestión esencialísima das vivendas para obreiros non se mira-se coa indiferencia de que hoxe é obxecto (en España, non noutros países); se aumentase o curto número de persoas adiñeiradas que constrúen casas baratas, poderían realizar un gran ben, non facendo do negocio un monstro insalvable que pretende devora-la riqueza do rico e a miseria do miserable, senón levando ós negocios a conciencia que debe ir a tódalas partes, harmonizando a razoable ganancia coa humanidade, e comprendendo e facendo comprende-lo útil e honrado do servico mediante equitativa retribución, tan lonxe do sacrificio propio coma do alleo.

Amáis da especulación honrada, a desinteresada caridade ergueu noutros países vivendas e barrios para obreiros: mediante un alugueiro relativamente

módico, ten o pobre unha casa hixiénica, que, ó cabo dalgúns anos, será de seu. En España hai un exemplo, por desgracia non seguido, desta excelente obra. En Madrid, *La Constructora Benéfica*, ergueu na rúa de La Caridad varios grupos de casas, en parte propiedade xa dos seus inquilinos, que de xornaleiros pasaron a propietarios: o alugueiro, que inclúe o prezo do terreo, non é maior, nin tan grande, coma o que por unha casa semellante pagarían a un especulador que só mirase pola ganancia. Esta benéfica asociación, pouco coñecida, proba contra o que moitos cren, que en España, cando hai vontade de facer cousas boas, poden facerse e fanse; e proba tamén que hai poucas boas vontades, porque nin na localidade onde radica tomou o incremento que á capital correspondía, nin foi imitada no resto da nación (...)

(...) Se as construcións impulsadas pola caridade e o honrado lucro, se estendesen, a súa influencia sería maior do que parece á primeira ollada, porque a dura lei que o propietario impón ó obreiro apóiase en que é máis a demanda cá oferta, en que hai máis pobres e miserables ca vivendas para eles. Se estas aumentasen; se, por exemplo, nunha localidade onde hai dúas mil vivendas mal-sás e caras, se fixesen duascenas hixiénicas e a prezos equitativos, o resultado instantáneo sería quedaren desocupadas outras tantas das *peores*, veríanse papeis, poderíase elixir, e isto, amais das influencias indirectas e da gravitación moral que existe aínda onde menos se percibe, daría por resultado mellorar e abarata-las casas dos obreiros. Que estes vaian amortizando o capital da casa co prezo do alugamento, que se fagan propietarios, é o ideal, porque non hai mellor caixa de aforros ca unha casaña para a vellez, que daquela non sería carga tan pesada ó pobre ancián e á súa familia; pero que o mellor non sexa inimigo do bo, e cando non se poida, que será moitas veces ou as máis delas, converter ós inquilinos pobres ou miserables en propietarios, procúrese que estean racionalmente aloxados (...)

(*El pauperismo*)

Facilitár-lle-las cousas ás mulleres traballadoras.

Malia tódolos idilios sociais compostos polos que non saben que pasa, e cantados por aqueles ós que lles importa ben pouco o que acontece fóra do círculo no que viven; maila iso de que a muller non é por lei de natureza máis ca esposa e nai, e o seu trono, e o seu santuario, e o seu mundo están non fogar doméstico, con tódalas demais cousas que tocante a isto din os que brasonan de prácticos e prescinden da realidade, o feito é que as mulleres, amais de esposas e nais, son *traballadoras*; que precisan saír da casa para traballar, para *axu-*

darse (porque non abonda co traballo do home), e que durante a súa ausencia non poden atender á conveniente preparación dos alimentos.

Acontece o mesmo ca con moitas outras cousas: os elementos sociais non andan ó compás; uns avanza moito, outros pouco, algúns fican durante moito tempo estacionarios, e de aquí a falta de harmonía e o grave dano. A situación da muller na sociedade variou, está a variar, variará máis cada día, por moito que digan, e por moito que fagan, e a estes cambios deben corresponder outros na economía doméstica e en todo. Limitándonos polo de agora a considerala como cociñeira, de razón é que se aplique a división de traballo á preparación da comida, como se aplicou á do vestido, do calzado, do pan, etc., etc. Se por regra xeral, que cada vez vai tendo menos excepcións, na casa non se fía, non se tece, nin se fai o calzado, nin o pan, ¿por que hai que face-la comida? ¿por que non se mercan a potaxe e maila carne adubadas, como se merca o pan cocido? Aínda cando as mulleres non tivesen que estar moitas horas ausentes da súa casa deberíase facer así para economizar tempo e cartos, reducindo os gastos de local, de persoal e de combustible, e adquirindo tódolos artigos máis baratos, como sempre que se merca por xunto. ¿Non é evidente a vantaxe de adubar catro mil racións nunha *mesma* cociña, con medios perfeccionados e empregando moi pouca xente, en vez de preparalas en *mil* cociñas, ó coidado de *mil* persoas e con procedementos imperfectos? As cociñas económicas ben montadas e xeneralizadas, poderían contribuír eficazmente a que o obreiro se alimentase mellor sen maior gasto, deixando á muller máis tempo para axudalo e mirar pola familia (...)

(*El pauperismo*)

Exceso de traballo.

(...) Tomando a sociedade no seu conxunto obsérvase que, ó mesmo tempo que unha parte dos que a compoñen quere traballar e non atopa onde, outra traballa de máis. En ocasións son diferentes individuos os que non teñen traballo ou traballan con exceso; pero outras é o mesmo o que sofre alternativamente por folga forzosa ou traballo excesivo. ¿Non valería máis que o executase descansadamente distribuíndoo en tódolos días do ano? Non está na man do obreiro, e hoxe pódese dicir que de ninguén, ordenalo así. Cómpre que R , cantidade de traballo, que custa D , cantidade de cartos, se conclúa en T , días, menos de ser posible, pero nin unha hora máis. Cómpre aproveita-la ocasión en que hai pedidos, anticiparse para obter vantaxes, suprir coa actividade a perfección, ou empregar ámbalas dúas, etc., etc. Xa se sabe que a carreira da industria é hoxe de campanario; dous puntos fixos, o de partida e o de chega-

da, e para acadar este, que é a venda, ir en liña recta sen reparar no que sae ó camiño. A necesidade impón ó industrial condicións duras que transmite ós obreiros, sen suavizalas, unhas veces porque non quere, outras porque non pode.

Poderá causar estrañeza, ou ser asunto de censura e mesmo de burla, que, tratando de graves males, no canto de propoñermos medios inmediatos, propoñamos moitas veces *estudios*; pero é certo que para facer ben as cousas difíciles hai que sabelas facer, cousa que non se logra sen aprender como se fan.

(*El pauperismo*)

A taberna, negocio pouco honroso.

Se nun país ben gobernado, onde os costumes non estivesen corrompidos, nin pervertido o sentido moral, nin divorciada a opinión da xustiza, se dixese: *Hai establecementos públicos, autorizados pola lei, onde milleiros de pobres estragan a súa saúde; gastan nunha noite o xornal da semana; xogan, e xuran e pronuncian palabras indecentes na compañía de mulleres perdidas, bourean e cantan mil obscenidades, arman pendencias, chegan ás mans, férense, mátanse, e perdendo voluntariamente o xuízo, vólvense seres, quer feroces, quer ridículos, sempre degradados, moi por debaixo dos tolos e dos animais, xa que pola súa vontade e pola súa culpa perderon o xuízo e a razón.* Se nun país de bos costumes, repetimos, se soubese que había establementos semellantes, abraiaría que a lei os consentise, ergueríase contra eles a opinión e pecharíanse anatemizados por ela.

Estes establecementos son as *tabernas*, que devoran o pan dos fillos do pobre, a paz doméstica, a fidelidade conxugal, o amor ó traballo, a saúde, e moitas veces a honra, a liberdade e maila vida, porque á taberna acode non só o vicio senón o crime, e ademais dos que se cometen no alporizamento da embriaguez, son innumerables os que se fraguan alí con frío cálculo e premeditación aborrecible.

A estatística criminal fornece o dato de que nos días santos cométese máis crimes; e se detallase máis, veríase o gran número que teñen a súa filiación na taberna. Calquera que teña coñecemento das casas de veciñanza, dos cárceres, e trate algo ós pobres, supre as omisións da estatística, e persuáde-se de que o vicio groseiro e o crime non teñen aliado mellor cá taberna.

E o peor é que estes focos de infección física e moral están moi lonxe de inspira-lo horror que merecen: a xente ben educada míraos só como unha cousa vil e groseira, e os pobres non senten a menor repugnancia ó entraren na taberna, onde se confunden os homes honrados cos criminais máis perversos. Xa se enxerga a gravidade desta circunstancia, e o perigosos que han ser

para a moral pública estes faladoiros frecuentados polo vicio e o crime, nos que entra sen desconfianza a honradez.

Cando se desexa remediar un mal, cómpre pescuda-la súa causa. ¿Por que van os pobres á taberna? ¿A que van?

Aínda que pareza estraño, non dubidamos en afirmar que os siareiros das tabernas non comezan a ir a elas *principalmente* por beberen viño, e que non é el quen fai os borrachos, senón a taberna. En efecto, en poboacións nas que hai e se bebe moito viño, pero na casa, é raro o vicio da embriaguez. O noso pobo é sobrio; en igualdade de tódalas demais circunstancias, cremos que ningún outro abusaría menos das bebidas alcólicas; pero os homes de España, coma os de todo o mundo, son sociables, e precisan descando e lecer. Cando o ramo importantísimo de *diversións públicas* está completamente abandonado; cando nada se fixo para que sexan honestas; cando non se pensa que o pobre o mesmo có rico *abúrrese* na ociosidade e procura distracción; cando non se ve que se nela non se pon man, como ten que ser máis barata, porque o pobre non pode pagala moito, e material, porque o seu espírito non está educado, dexenera moi facilmente por estas dúas circunstancias en *brutal*; cando non se comprende que as diversións do pobre son o grande atranco da súa moralidade e da súa virtude; cando non se pensa en amparalo do gran perigo que corre desde o momento que non traballa, proba é que a sociedade non ve, ou mira con indiferencia, un dos máis graves males que a afectan (...)

(*Artículos sobre beneficencia y prisiones*)

Cumpriría ofrecer diversións honestas e instructivas.

(...) Ó principio o pobre acode á taberna na procura de *sociedade* e de *distracción*: hai xente, leria, xogos, etc., etc. Unha vez que está alí, bebe, convida, convidano, arrúfase, bebe máis aínda para demostrar que ten cartos, que *aguant* moito, por emulación, que a ten tanto o vicio coma a virtude. Pasa horas prateiras, afecciónase a ir, cada día bebe máis, e anoxa menos as cousas noxentas que alí ve e escoita, de xeito que ó cabo dalgún tempo é un vicioso ou un criminal, ou ámbalas cousas, segundo circunstancias persoais ou alleas.

Se, como cremos, a taberna é a que fai borrachos e estes non empezaron a frecuentala por beberen *principalmente*, ¿como couta-lo gravísimo mal da embriaguez? Perseguido a taberna e ofrecéndolle ó pobo diversións racionais. Fóra de España hai *sociedades de temperanza*, moi estendidas e extraordinariamente beneficiosas, que arrincan milleiros de vítimas ós excesos das bebidas alcólicas; pero entre nós estas asociacións con idéntico obxectivo deberían ter outra forma, recorrendo a diferentes medios, xa que os españois rara

vez se emborrachan na casa, e non adoitan ir á taberna só para beber, nin principalmente por beberen, senón por teren sociedade e distracción.

Se de veras se quixese facer algo por morixerar ó pobo, cumpriría formar unha grande asociación que lle proporcionase distraccións honestas e mesmo instructivas, e perseguise a taberna como a un animal daniño.

As diversións populares poderíanse dividir en dúas grandes clases: Xogos e Faladoiros, de onde se afastase todo o que non fose honesto, dando algunha instrucción, non obrigatoria, e mesmo *disfrazada*, como cómpre con homes ben levados coa súa ignorancia, con máis prevención contra o saber ca gañas de acadalo mediante un traballo sostido. O que aprende algo, adoita *tomarlle gusto*, como se di vulgarmente; mais para romper ese xeo da ignorancia absoluta cómpre recorrer a verdadeiras estrataxemas, facendo atractivas as leccións e disfrazándoas coa máscara do entretemento.

Despois de afastar da taberna ó maior número posible de siareiros, cumpriría perseguir ós teimosos, por medios xa directos, xa indirectos.

A embriaguez deberíase penar como delicto. ¿Non é moito máis punible cá *imprudencia temeraria* a voluntaria renuncia do que constitúe un ser racional, da razón, e o volverse con coñecemento de causa unha criatura degradada e se cadra criminal? Se se castiga ó que ceiba unha besta daniña, ¿con canto máis dereito debe castigarse ó que se converte el mesmo nun animal noxento ou fero? Agardamos que chegue un día no que non se comprenderá como houbo un tempo no que a embriaguez non constituía un delicto (...)

(*Artículos sobre beneficencia y prisiones*)

Capitalistas e traballadores.

(...) Eu, co meu corazón, volvo sempre polos pobres; pero a miña razón demóstrame moi claro que pobres e ricos se calumnian, cando se atribúen mutuamente vicios de clase. O capitalista, no sitio do obreiro, faría o mesmo ca el, e este conduciríase coma o millonario, de estar na súa posición. As virtudes e os vicios do home mudan en función da súa posición: na esencia son os mesmos. Ti e mais eu coñecemos ricos que deberían estar presos, e pobres que por falta de xustiza andan soltos.

Declara-la guerra ó capital é tan absurdo, como sería declararlla ó traballo, ó arado, á serra, ó martelo, ó pan, á carne, ó aceite e ás patacas.

En vez de maldici-lo capital e o traballo, o que hai que facer é moralizar e ilustrar ó capitalista e ó traballador, para que non abusen da forza cando respectivamente a teñan ou crean que a teñen; para que comprendan o gravísimo prexuízo que se lles segue, e o perigo en que os pón, ó tratarse como inimigos;

para que sintan que, sen moralidade, benevolencia e abnegación, son insolubles tódolos problemas sociais; e que mentres a fraternidade sexa soamente unha palabra, non se pode chamar un ben á riqueza.

(*Cartas a un obrero*)

Inmoralidade e ignorancia na base da mala distribución da riqueza.

(...) Cando se trata de retribuí-lo traballo, pídense disposicións que emanen do Estado, organízanse folgas e aumentan os disturbios, sendo así que aquí, máis ca en ningunha outra cousa, inflúen a opinión, a inmoralidade e a ignorancia. ¿Quen dá grandes pagas ós toureiros? Ti e mailos teus amigos. ¿Quen dá grandes ganancias ás modistas e ós xastres de moda? ¿Quen paga con xenerosidade ás bailarinas? ¿Quen mantén tantas tabernas e tantas casas de xogo e de prostitución? ¿Quen deixa na pobreza, tal vez na miseria, ó traballador honrado e asiduo que, coa obra das súas mans ou da súa intelixencia, non pode dar pan á súa familia? A inmoralidade e a ignorancia. Estas son as grandes culpables, xenerosas cando se trata de pagar ó que compace os seus caprichos, avarentas cando hai que remunerar ó que fornece as súas necesidades materiais e as que debe ter todo espírito, de non se depravar na abxección.

¿Por que os banqueiros e os homes chamados de negocios logran ás veces ganancias superiores ó seu traballo e ó seu mérito? Porque arredor deles hai corrupción e ignorancia; sen estes poderosos auxiliares, seguro é que non habían medrar tanto. E non é só arriba onde se prospera a favor da inmoralidade e o desleixo, senón tamén no medio e abaixo.

Os que explotaron as Sociedades de Crédito, fixérono a favor da ignorancia e da incuria dos asociados.

O dono dun café gaña cada día na cervexa que vende o 100 por 100, advertindo que non acostuma poñer capital, porque cobrando ó contado, paga na fábrica por prazos vencidos.

Un revendedor de billetes de teatro ou dos touros, gaña máis ca un honrado xornaleiro. ¿Quen ten a culpa destas e outras moitas ganancias exorbitantes, e aínda de peor xénero? O público que paga.

É cando en tódolos eidos a opinión extraviada ou pervertida e o desleixo *retribúen o traballo* sen equidade nin razón, ¿como pretender que a riqueza estea ben *distribuída*? Repara ben, Xoán, no resultado que ha de dar esta infracción xeral e continua das leis da equidade, e comprenderás que o mal, alomenos o máis grave do mal, está aquí, e que non hai acordo das Cortes, nin decreto do

Goberno, nin medida revolucionaria, que poidan facer que o traballo se retribúa conforme á razón cando non a teñen os que pagan (...)

(*Cartas a un obrero*)

Escravos e tiranos do capital.

(...) Desde o momento en que ti, eu e todos *pagámo-las* cousas, non *polo valor que deben ter*, segundo o traballo e o mérito que representan, senón *polo gusto que nos dan*, establecemos unha categoría de obreiros privilexiados, e contribuímos eficazmente a que a propiedade se reparta mal. Desde o momento en que non nos negamos a tratar ó que se enriquece por malos medios; que non opoñemos directa ou indirectamente, conforme poidamos, atrancos á súa inxusta prosperidade; que non somos *activos* para impedila; que pensamos, obrando en consecuencia, que *nada vai con nós* cando inmediatamente non recibimos dano; que non queremos comprometernos, nin arriscar nada, nin toma-lo máis mínimo traballo por volver pola xustiza, a iniquidade sairá moitas veces triunfante na distribución da riqueza, coma en todo.

Fálase moito da *tiranía do capital*; non che negarei que en moitos casos non sexa unha verdade; pero, coma tódolo tiranos, o capital precisa, para existir, escravos, quer dicir, seres sen intelixencia nin forza moral. Se o capital optén máis ganancia da que debe, é porque o traballo non é bastante intelixente nin bastante digno para facer que se dea a parte que lle corresponde. Podes velo palpablemente observando como o capital ten menos poder de abusar dos traballadores, a medida que estes saben máis, e como é máis equitativo cando trata co mestre de obras, co enxeñeiro e o arquitecto, ca nas súas relacións co peón de albanel. Diranche que isto débese a que hai moitos peóns de albanel e que se un se nega a traballar en malas condicións, outro vainas aceptar; pero a verdade é que esas malas condicións non serán aceptadas por ningún, cando todos teñan certo grao de ilustración e de dignidade, e sexan quen de se asociar entre si ou co capital, de modo que este non lles imponha a lei.

O capital, o mesmo có traballo, quere saca-la maior utilidade posible; ningún é mellor nin peor ca outro; e no antagonismo que entre os dous se establece, coma en toda loita, leva o peor o máis débil, que aquí éo o menos intelixente (...)

(*Cartas a un obrero*)

Leis de mercado.

(...) Un gran capitalista fai unha casa e procura dar poucos xornais; quer dicir, merca-lo traballo o máis barato, posible. Un pequeno capitalista, o albanel, procura que suba o seu xornal e traballar pouco e non ben; quer dicir: vender caro e malo.

Tanto o capitalista que ten un peso coma o que ten un millón fan o mesmo; as súas accións, que poden diferir no resultado económico, teñen o mesmo valor moral, e ningún deles é mellor nin peor có outro.

¿Deduciremos de aquí que o home é un perverso monstro, todo fraude e egoísmo? De seguro que non: de aquí dedúcese que a fraternidade ten o seu lugar, que non é o mercado; que a compra e a venda, aínda coa mellor fe, están rexidas polo interese, e relea co vendedor ata o derradeiro marabedí o mesmo que é quen de lle dar de seguida o seu sangue para salvalo dun perigo; que a Providencia, máis sabia cós homes, puxo o cálculo como lei nos negocios mercantís e en tódalas especulacións, sen o cal serían imposibles. Non é isto dicir, nada menos ca iso, que nelas hase de prescindir da xustiza e da moral, senón que a xenerosidade e a abnegación, indispensables na vida social, van con outra orde de ideas e teñen outro campo onde se exercitaren. Importa moito non confundir estas cousas; xa porque é prexudicial toda inútil tentativa de levar ó mercado o que non pode estar nel, xa porque se calumnia á humanidade, perverténdoa en igual proporción, se se lle negan as súas virtudes, sen máis motivo que o que non as practica alí onde son impracticables (...)

(Cartas a un obrero)

O capital.

(...) O capital é un gran ben, unha necesidade. Abúsase del tanto coma do poder, da ciencia, do valor, da forza, do nacemento, da beleza, de canto hai. Toda avantaxe pode volverse iniquidade, se o que a posúe non ten razón nin conciencia; e os pequenos capitais son os que esixen un rédito maior (...)

(Cartas a un obrero)

A moral e a relixión tamén capacitan ó traballador.

(...) Paréceme que debo facer que repares no pouco que fan por che dar pan os que parecen facer moito por che dar dereitos. E conta con que eu teño a moito as teorías e a moitísimo os dereitos; pero a teoría da riqueza sen traballo intelixente é absurda, e a dos dereitos imposibles moi prexudicial. Cun

pouco menos de doutrinas políticas e sociais que che predicasen, e un pouco máis que che aprendesen a ler, escribir, contar, elementos de xeometría e doutras ciencias aplicadas ás artes, ti tirarías máis proveito e a sociedade progresaría máis. O traballador moral e intelixente é elemento do progreso; o traballador ignorante, alporizado e levantadizo, é elemento de motín.

Tocante ó traballador imperfecto que o é pola súa vontade revirada, non hai máis remedio que endereitala, e non vexo para logralo máis medio cós principios relixiosos e morais, que individualistas e socialistas adoitan desprezar. Mira as cousas de cerca, Xoán, como pasan debaixo do sol, coma pasarán sempre, porque o mundo económico ten as súas leis eternas coma o mundo físico, e se porfias en non facer perfecta a túa obra, nunca serás retribuído coma o obreiro que mellor traballa. Se non hai en ti un sentimento relixioso; se non queres ser perfecto *coma o teu Pai Celestial*; se non tes un sentimento moral; se a idea do que debes ós teus e do que precisas ti mesmo, non te aguilloa a dar á túa obra aquela perfección que lle podes dar, e sen a cal non che dará pan, ignoro a que medio se pode recorrer para non caeres na miseria.

Aínda que o traballador sexa habelencioso e estea ben retribuído, non deixarán de ser miserables el e maila súa familia, se emprega mal o seu salario.

Pode ser soamente *lixeiro*, e malgastar en cousas superfluas o que precisa para as necesarias.

Pode ser *vicioso*, e levar á taberna o froito do seu traballo.

Pode ser *criminal*, e gastar no garito ou en manter relacións ilícitas os recursos que precisan os seus fillos para comer.

(*Cartas a un obreiro*)

Explotación e emancipación do capital.

(...) A explotación componse de *querer* e *poder* explotar. A medida que os homes se parecen máis e se aman máis, diminúe neles a vontade de se facer mal, porque aumenta o afecto que se inspiran; queren explotarse menos veces e con menos teimosía; decrece tamén a posibilidade de facelo, porque os graos de explotación midense pola diferenza que hai entre o que explota e o explotado. O animal explótase sen ningún xénero de consideración; non hai máis regra có interese ou o capricho do seu dono. O escravo explótase pouco menos có animal; hai, con todo, algunha diferenza. O home libre, aínda groseiro, non se explota xa coma o escravo, e anque haxa quen compare e prefira a escravitude ó proletariado, hai un mundo entre ámbalas cousas e un inconmensurable progreso entre ser *cousa* e ser home, aínda que sexa home infeliz. A orixe de todas as escravitudes está na *perversidade* do tirano e na *inferioridade* do escravo: sen

a primeira non habería *vontade*; sen a segunda non habería *posibilidade* de escravizar. Coa explotación do home libre, aínda que en menor escala, acontece o mesmo.

Ó pobo chamóuselle *masa*, e é deplorable, Xoán, que este nome teña sequera un asomo de propiedade, e que escoites e escoitemos todos sen estarrecermos, falar das *masas*. A masa é unha cousa pesada, sen conciencia nin movemento de seu, e terrible cando se afunde movida polo impulso alleo. Cómpre que o pobo deixe de ser masa, porque mentres o sexa, será manipulada pola ousadía, explotada polo interese, pervertida pola maldade, extraviada polo erro ou a paixón. Fálanche de *te emancipares do capital*, que é coma se che dixesen que te emancipes do instrumento co que traballas: do que é preciso que te emancipes é do erro, da ignorancia, dos vicios, da inferioridade, en fin, que ten todo explotado respecto do que o explota. O mal está aquí, e nada máis que aquí; distribúe a riqueza como queiras, repártea como che pete, organiza a sociedade política e economicamente ó teu xeito; mentres haxa unha multitude ignorante e uns cantos que saiban, estes explotarana (...)

(*Cartas a un obrero*)

Un camiño para rompe-las cadeas.

As institucións que borrar os privilexios e dan iguais dereitos a tódolos cidadáns, favorecen seguramente os sentimentos benévolos e humanitarios; pero non hai que confiar demasiado nelas nin facerse ilusións sobre a súa eficacia, porque a igualdade civil e política promulgada por un Código prepara, mais non realiza de contado, a semellanza moral e intelectual dos cidadáns. Aínda é posible que a promulgación desta igualdade exacerbe polo de pronto o desprezo e o odio entre as clases que debería achegar. Os de arriba irítanse de que se declaren iguais seres tan inferiores, a tendencia dos cales é converter-la dignidade do feito no abuso da forza, e que o voto sen opinión se guinde como un peso bruto na balanza dos destinos públicos. Os de abaixo esperan de ver que a igualdade de dereitos non cambia o curso dos feitos; que nada inflúe no seu benestar; que é como un sarcasmo ó lado de desigualdades positivas e irritantes. Nada máis natural no que sofre que crer na facilidade con que o seu mal pode trocarse en ben; nada máis natural que acusar ós homes antes que ás cousas e converter en odio unha aspiración impotente, unha esperanza desvanecida. Ó ver esta hostilidade entre uns e outros, acúsase ás leis que parece que a excitaron, bótanse de menos aqueles tempos de supostas harmonías entre a submisión dos de abaixo e a bondade dos de arriba. A sociedade, Xoán, non pode asentarse ben sobre a resignación e a xenerosidade, senón

sobre a xustiza: a medida que a noción desta se xeneraliza, os pobos son mellores e máis venturosos, porque a resignación e a xenerosidade, necesarias en certa medida, útiles como puntos de apoio, son inconsistentes como único alicerce (...)

(Cartas a un obrero)

A traballadora ten as cousas aínda peor.

(...) Os que estudiaaron os defectos das mulleres extraviadas, observan que a preguiza é un dos máis perceptibles e arraigados; pero non adoitan decatarse do perigo que corre de se volver preguiceiro un traballador tan mal retribuído como acostuma a estalo a muller; e non debe estrañarse que tantas pidan ó vicio recursos que non atopan no traballo, senón admiralas de que porfíen na virtude loitando con heroísmo ignorado, que é moitas veces martirio sen palma (...)

(El pauperismo)

Máis sobre a devaluación do traballo feminino.

Na escasa, e as máis das veces irrisoria, retribución do traballo da muller, inflúen as mesmas causas ca no caso do home mal retribuído, pero máis activas, á parte doutras que non o prexudican a el, alomenos directamente.

A muller está mal pagada porque a súa escasa habelencia non supre a forza que lle falta; porque podendo dedicarse a moi poucos traballos, hai neles unha competencia desesperada, e, en fin, porque está mal considerada. Estas circunstancias inflúen tamén, como dixemos, no salario do home, pero en menor proporción, porque nin a competencia é para el tan ruínoza, nin a súa falta de instrución industrial tan grande, nin a súa personalidade se aprecia tan pouco; o seu traballo, aínda sendo igual e ás veces inferior, págase mellor có das persoas do outro sexo. Engádase, e isto é esencial, que para o home non están vedadas a maioría das posibilidades de desprega-la súa actitude como acontece coa muller, a quen as leis e os costumes rodean de atrancos insuperables para que non salve os límites caprichosos e inxustos que lle poñen. Amais, ten desvantaxes naturais como traballadora manual, xa porque a maternidade nunha época da vida absorbe unha parte do seu tempo e da súa forza, xa porque esta, sen ser menor cá do home, así o pensamos, non se desprega con tanta enerxía nun momento dado, circunstancia que a prexudicará en moitos casos.

¡Que abafante morea de desvantaxes, obra unhas da Natureza, e outras, as máis delas, da sociedade, que en vez de diminuír aumenta os obstáculos cos

que bate a muller para traballar en condicións equitativas e que non fagan noxento un traballo que, depreciándose, influiría no menosprezo do traballo en xeral!

(*El pauperismo*)

Miseria e prostitución.

(...) Sábese que a miseria é o principal elemento da prostitución; mais non se nota bastante que a causa da miseria é en gran parte a falta de traballo, o seu exceso e a súa retribución, tan escasa que con frecuencia parece irrisoria. O mesmo labor, se o fai unha muller, págase moito menos que se o executa un home, e os xornais destes, tan insuficientes por regra xeral, son remuneracións pingües comparados cos das operarias. Desta desvantaxosa situación económica da muller son consecuencia gravísimos males na orde moral e física.

Aínda que non haxa unha estatística como sería de desexar con respecto ó xornal da obreira, sábese o suficiente para que todo o mundo estea persuadido de que é insuficiente, e que a situación normal da muller que non ten máis recursos có seu traballo é a miseria. E isto supoñendo que sexa ela soa: de ter pais anciáns ou fillos pequenos que manter, é imposible que viva sen o auxilio da caridade ou os dons corruptores do que abusa da súa desgracia. Como é tan evidente a insuficiencia do salario da muller, o que sabe calquera sobre este asunto supre en parte os datos estatísticos; pero non acontece así respecto ás consecuencias físicas do seu traballo, que, lonxe de ser *hixiénico*, con moita frecuencia é *patolóxico*, e isto principalmente por dúas causas:

A clase de ocupación;

O tempo durante o que se prolonga.

(*El pauperismo*)

Moitas mulleres morren de tanto traballar.

(...) Consecuencia de que se pague tan *pouco* o seu traballo, é que a muller ten que traballar *moito*, e caer baixo o peso dunha tarefa continuada superior ás súas forzas. O médico do hospital ou o dos socorros domiciliarios certifica a morte e informa desta ou daquela enfermidade, que afecta ó pulmón, ó estómago ou ó fígado; pero se, no canto de facer constalos efectos, se procurase a causa do mal, resultaría que unha enferma estaba doce ou catorce horas dobrada sobre a costura ou dándolle á máquina e comendo mal; que a outra se ergueu e traballou antes de tempo, ó pouco de parir, ou criando e comendo mal

tiña que desempeñar unha ruda tarefa; que a de máis aló, nunha época crítica, en vez de facer exercicio, respirar aire puro, osixenar ben o seu sangue e entorarse cunha boa alimentación, estivo no taller ou na fábrica respirando unha atmosfera infecta, sentada sempre ou sempre de pé, con posturas e esforzos antihixiénicos, humidade, moito frío ou moito calor, etc. Centos, milleiros, moitos milleiros de mulleres, para a ciencia médica, sucumben desta ou da outra enfermidade; pero a ciencia social sabe que *morren de traballo*. Ó triste fin prematuro contribúe ademais o seu espírito de abnegación e ánimo paciente: convencida de que naceu para o sufrimento, sofre toda a vida ata morrer. O home, cando non pode andar, para; a muller arrástrase, esgotando as poucas forzas que lle quedan, en vez de recuperalas co descanso. Pasa unha noite de horribles dores; sobre a madrugada cálmanse e ven o sono reparador, pero non pode entregarse a el.—*De ser meu*, dicía unha, *daría o mundo por non me erguer*, pero como o mundo non lle pertencía, nin nel había quen mirase por ela nin a mantívese, ergueuse un día para ir ó traballo, e outro, e moitos máis, ata aquel en que caeu para sempre (...)

(*El pauperismo*)

Vexámo-las cousas como son.

E a esta realidade, a esta prosa, non se opoñan soños vans, o idilio económico-social da muller ocupada soamente nos quefaceres do fogar, fornecido polo home de todo o necesario; o que, de feito, é falso; como discurso, erróneo; como esperanza, va. A muller traballou sempre fóra do fogar; traballará, é preciso que traballe, e para que estea o menor tempo posible fóra del non hai máis remedio que mellora-la súa educación e as condicións dese traballo: se gañase en seis horas o que gaña en doce, podería estar dezaoito na casa. Para que non precisase saír dela co obxecto de achegar recursos cumpriría que o home lle dese os suficientes para o sostemento da familia, e que houbese home que os achegase: condicións que non se dan en moitos casos —nos máis deles pódese asegurar con razón, aínda que por falta de estatísticas non se probe con números.

Nai con fillos pequenos, para crialos ten que saír e axudar ó seu marido, no caso máis xeral de que o salario deste sexa curto ou inseguro, e no non moi raro de que distraia unha parte para vicios ou gastos innecesarios. Filla, ten que saír para auxiliar ós seus pais, que o traballo excesivo e a mala alimentación envellecen antes de tempo. Viúva ou abandonada do seu marido ou do seu amante, leva sobre si todo o peso da familia. E solteira e soa, ha de fornece-las súas necesidades. É, pois, imaxinaria ou excepcional a situación que como regra e reali-

dade se supón, ou á que se aspira, da muller no fogar, sen máis coidado ca el. Como soño poderá ser ben fermoso, e non discutímo-la súa fermosura, pero

...*los sueños, sueños son;*

e somos e queremos xente desperta, que coñeza as condicións da vida e da súa época, e non imaxine que se poden mellorar negándoas.

(*El pauperismo*)

O traballo da muller.

(...) A muller española é unha traballadora imperfecta; por esta e outras causas, o seu traballo apréciase e retribúese pouco.

A falta de instrución industrial fai que só se dedique a traballos que non a esixen: quer dicir, ós poucos delicados, de forza bruta, para os que xa se sabe que é inferior ó home. Aínda nos labores que chaman *do sexo*, coser, bordar, facer vestidos, sombreiros, adornos, etc.. nótase a súa escasa habelencia, o seu mal gusto e inferioridade respecto ás mulleres doutros países, de onde se introducen en grande escala bordados, vestidos feitos, garavatas, adornos, etc. Nas grandes poboacións hai ademais modistas e floristas estranxeiras, que visten e adornan ás damas máis elegantes. Non é posible saber, nin sequera aproximadamente, o valor das roupas feitas e dos adornos que veñen de fóra; pero pódese asegurar que sobe a millóns. Namentres, as nosas mulleres carecen de traballo e dáse unha concorrencia mortal nos poucos dos que non as bota a superioridade estranxeira e o exclusivismo do outro sexo (...)

(...) A condición das costureiras que non teñen máquina é aínda peor baixo o punto de vista da ganancia; en canto á saúde, non me atrevo a dicilo. A estatística non toma nota das vítimas escuras do traballo que morren lentamente; mais polo que teño visto, creo que a muller non pode ser *motor* de máquina sen gran detrimento da súa saúde.

Non sendo raras excepcións, pódese dicir que a muller española que se dedica a coser e bordar non gaña para vivir, no sentido recto e absoluto da frase; porque, aínda tendo traballo, que non sempre, nin sequera as máis das veces adoita telo, non lle dá para repoñe-las perdas naturais.

Nas fábricas, por regra xeral, as mulleres non gañan o necesario *fisiolóxico*, xa porque se lles paga coma ós rapaces, xa porque acoden en número superior ó necesario e carecen de labor unha gran parte do tempo.

Respecto ós traballos de forza na industria agrícola, nas minas, nas obras públicas, etc., a muller equipárase ó rapaz, e aínda que en ocasións faga tanto ou máis có home, gaña moito menos.

Se a muller española carece de oficio ou o que exerce está moi mal retribuído, tampouco ten profesión, porque non se lle pode dar tal nome á máis baixa escala do maxisterio, que ocupa cunha retribución insuficiente para vivir. Exceptuando unhas cantas prazas que hai nas grandes poboacións, as mestras carecen do preciso, non sendo que teñan outros recursos á parte da retribución que por ensinar reciben.

Como artista, tampouco ten recursos a muller española. O costume e a súa falta de coñecementos péchanlle as portas da arquitectura e a escultura; como pintora, fai algunhas copias, pinta abanos, caixas e louza; pero as súas obras, de escaso mérito, pódese dicir que son unha rara excepción, porque a regra xeral é que as desta clase as fagan os homes. O mesmo se pode dicir da música: só nas grandes poboacións hai algunha muller que pode vivir dando leccións de piano.

Tocante á ciencia, non a posúe; caso que, por rarísima excepción, posúa algúns coñecementos científicos, non pode utilízalos como medio de subsistencia, porque a lei e maila opinión opóñenlle atrancos insuperables (...)

(Informe para Stanton)

Algunhas causas da explotación da muller traballadora.

(...) Semellante estado é efecto de moitas e variadas causas, que se poden reducir a catro:

A falta de cultura.

O costume.

A desenfreada concorrancia.

O desprezo da opinión.

Se se descoida a instrucción primaria dos nenos, a das nenas moito máis: ou non van á escola, ou se asisten é para aprender a coser mal, recibindo só algunhas nocións das primeiras letras, que é o pouco que a mestra, case tan ignorante coma as discípulas, lles pode aprender; e isto nas poboacións que teñen algunha importancia, que é onde hai mestra.

Como as nenas son máis dóciles e útiles na casa para axudar á súa nai no coidado dela; como esta non ve grande vantaxe en que vaian á escola, de onde saen mal instruídas nas primeiras letras; como, tocante ós labores, é raro que utilicen para gaña-lo sustento o que alí aprenden, porque nin lles ensinan a coser a máquina, nin a cortar unha camisa de home tendo que encomendarlle o seu corte a un camiseiro para que acaía ben; como non reciben instrucción que se poida chamar industrial, nada ten de estraño que a escola non se frecuente con asiduidade, xa que a penas se aproveita dela. A falta de cultura que deixa á muller

embrutecida, privada de aptitude para se dedicar con proveito a calquera traballo que non sexa puramente material.

Nas poboacións de certa importancia, é costume dar un oficio ós rapaces; ás rapazas non, polo común, do que resulta unha completa falta de aptitude e a inferioridade conseguinte.

O costume, sen ningunha razón, pero con moito poder, afasta ás mulleres das ocupacións e traballos máis lucrativos, mesmo daqueles que pola súa clase eran máis propios para elas. Labores delicados ou mecánicos, que non esixen forza nin intelixencia; moitos que soamente requiren exactitude, paciencia, asiduidade, están exclusivamente desempeñados por homes, sen que a causa deste exclusivismo sexa a inferioridade intelectual da muller, porque, incluso aqueles que lle conceden pouca intelixencia, teñen que admitir que ten dabondo para moitos labores que o costume lle veda.

Consecuencia realmente mortal, que resulta das escasas saídas que teñen as mulleres, é a aglomeración nas poucas que lles quedan. Como non hai espírito de asociación, como a obreira non ten valedores, como non pode vender directamente o seu traballo ós consumidores, o especulador intermedio impoñe a lei da forma máis cruel, e cando traballa *para as tendas* pode considerarse unha verdadeira vítima da concorrència.

O desprezo da opinión é outra causa do mal que se paga o traballo da muller. Unha boa proba témola en que, moitas veces facendo o mesmo traballo, o home está mellor retribuído. Déronse por leis económicas moitas que non o son, e está ben lonxe de ser certo que a concorrència abarata sempre os produtos, e na proporción en que a oferta exceda á demanda; en España temos varios exemplos do contrario, que non cito en obsequio da brevidade, limitándome a dicir que, non estando neutralizados polo aprecio da opinión os efectos da concorrència cando de mulleres traballadoras se trata, estas chegan a traballar por unha mínima parte do que para a súa mantenza precisan; e o resto ¿de onde lles vén? Da súa familia, do vicio, do delicto, ou da saúde e da vida que sucumbe, porque non se poden repara-las perdas naturais.

Así, pois, a condición da muller española no eido económico é deplorable, e, se non fose triste, sería ridículo oír falar da súa *emancipación*, cando o estómago a suxeita a todo xénero de escravitudes.

Ben sei que estas circunstancias non son exclusivas da traballadora española; ben sei que moitas son comúns á obreira europea, pero en países máis cultos o traballo da muller non é tan limitado e desprezado, e se o mal non é exclusivo de España, acada entre nós máis alto grao e ten maior gravidade.

(Informe para Stanton)

Insuficiente remuneración do traballo.

Prezado Xoán: o estudo das causas da miseria condúcenos hoxe á insuficiente remuneración do traballo, cuestión grave, pavorosa nalgúns casos, que deita bágoas sempre, e moitas veces sangue. *Vivir traballando ou morrer combatendo*, dicían os sublevados obreiros de Lyon; pero o sangue dos que morreron non librou da miseria ós que sobreviviron. Nin os vencidos, ó expiraren, resolveron o problema, nin tampouco os vencedores ó enterralos; a artillería sufocou a rebelión, pero non aniquilou as súas causas, e despois de se restablece-la orde, coma antes, a miseria dixo: *Velaquí estou, desesperada e ameazadora*. As cuestións económicas non se ventilan a tiros; erran os pobos cando se sublevan para resolvelas, e os Gobernos ó pensar que xa non hai máis que facer cando os someteron.

(*Cartas a un obrero*)

O empresario tamén ten as súas razóns.

(...) Antes de nada, Xoán, repara que dos capitalistas industriais, coma dos que van facer capital a América, vense os que volven ricos e non os que sucumben vítimas de enfermidades endémicas. Díxenche e repítocho, que son moitos, moitísimos, os capitalistas que se arruínan en empresas industriais; e é lei económica e moral que este risco se pague, que cobre o seu interese: ti prescindes del. Primeiro erro.

A maioría dos capitalistas industriais, a gran maioría, aínda prescindindo dos que se arruínan, non obtén grandes ganancias; viven, prosperan, pero non se fan opulentos; ti imaxinas que tódolos capitalistas son millonarios, porque se esaxeran os bens que se cobizan, sobre todo cando cremos ter algún dereito a eles. Segundo erro.

O capitalista industrial, non só pon e arrisca os seus cartos, senón que pon tamén o seu traballo: imaxinas que vive folgado, porque non manexa unha ferramenta pesada. Terceiro erro.

O capitalista industrial, non soamente traballa, senón que o seu traballo é intelixente: hai que pagalo, e pagalo mellor. Ti prescindes desta maior e merecida remuneración. Cuarto erro.

Ti cres que os salarios pódense subir moito sen que por iso deixen de ter unha razoable ganancia os que os pagan. Quinto erro.

Se os salarios subisen non o que pretenden os asalariados, senón moito menos, as fábricas pecharían, cerrarían as empresas industriais, porque producirían perdas en vez de ganancias: esta, con pouquísimas excepcións, sería a regra. Aínda que as ganancias do capitalista industrial fosen tan fabulosas como

supós, distribuídas entre centos ou milleiros de obreiros, tocarían a case nada; de xeito que sen mellorar sensiblemente a súa situación hoxe, este aumento deixaríaos sen traballo mañá, porque, ¿quen adiantaría capitais e poñería traballo intelixente sen o estímulo dunha regular ganancia, ou coa seguridade de perder? Xa che dixeran que cómpre poñer as cousas no seu sitio, e que o mercado non é o da abnegación e do heroísmo. E non penses que isto acontece pola maldade dos homes, senón pola lei das cousas. Nos negocios, nas empresas, desde o momento en que a abnegación substituíse ó cálculo, arruinárase o empresario, non habería empresa posible, nin progreso, nin civilización, nin outra cousa á parte de miseria. O cálculo é, pois, unha cousa necesaria, e xa que logo, xusta; é bo, coma tódalas facultades que recibimos de Deus; só é malo cando abusamos del converténdoo nun instrumento de ruína allea, atropelando as leis de equidade, mirando soamente polo proveito propio (...)

(*Cartas a un obrero*)

Monotonía laboral.

(...) Pero dise: ¿De que lle serven aptitudes e ideas ó que está condenado eternamente a unha tarefa monótona, reducida sempre ós mesmos poucos movementos continuos? Serviranlle para neutralizar ou evitar os inconvenientes do seu traballo; para varialo; para que dure menos e produza máis; para distraelo co pensamento e a imaxinación, que poden voar e exercitarse desempeñando a tarefa máis humilde e mecánica. Noutro artigo procuramos esvaece-la preocupación de que son incompatibles os traballos materiais cos do entendemento, preocupación que ten a súa orixe na humillación do braceiro e na soberbia do pensador, que se fai extensiva ós que nin pensan nin traballan (...)

(...) De ser posible que de repente desempeñasen persoas ilustradas as máis monótonas tarefas establecidas pola división do traballo, veríase cantos recursos habían de encontrar para mellora-la súa situación. Un deles sería, sen dúbida, procurar variedade no seu labor, quer alternando con diferentes operarios na mesma industria, quer exercendo dúas ou máis, segundo os casos. As *substitucións* que se fan para descanso por *inacción*, poderían facerse para descanso por *variedade*. Este e outros mil medios atoparían persoas cultas dedicadas a traballos mecánicos, para facelos compatibles coa hixiene física e a espiritual.

Outro erro é supoñer que non se pode facer ben *máis ca unha cousa*, e, en consecuencia, condenar ó que a fai a non executar nin servir para outra.

Pódese ver nos labregos cantos labores diferentes realizan coa perfección posible, que non é maior, non por falta de división de traballo, senón de cultura (...)
(*Cartas a un obrero*)

A revolución radical comeza no home interior.

No nome da xustiza teñen os homes disputas e controversias; no nome da xustiza sosteñen as máis contradictorias proposicións; no nome da xustiza aldráxanse, perségúense, combátense, inmólanse. De non se facer no mundo máis mal do que se fai con mala vontade, tódolos problemas sociais se simplificarían; pero o que os complica e os converte moitas veces en irresolubles, é o mal que se fai con boa intención e a conciencia tranquila.

Sen dúbida, xa comprénde-la gran dificultade: en que os límites da igualdade deben estar marcados pola xustiza, todos estarán conformes, pero no que é xustiza, estano poucos.

Vouche citar outra volta a Proudhon; para ti debe se-la maior autoridade, e para min, aínda que é o adversario máis poderoso, é o que prefiro e co que mellor me entendo, porque quen se eleva tanto e tanto profunda, é imposible que non penetre no celme das cousas, e queréndoo ou non, non o poña de manifesto. Escóitao a propósito da retribución equitativa do traballo.

«Pois ben: digo que non *hai nada máis doado ca amañar estas contas*, equilibrar todos estes valores, facer xustiza a todas estas desigualdades (...) Mais, para que esta liquidación se verifique, cómpre, repítoo, *o concurso da boa fe e da apreciación dos traballos, servicios e productos*; cómpre que a sociedade traballadora chegue a este grao de *moralidade industrial e económica, que todos se sometan á xustiza que se lles faga*, sen pretensións de vaidade persoal, sen consideración a títulos, clase, preeminencias, distincións honoríficas, celebridade, en resumo, VALOR DE OPINIÓN. A SIMPLE UTILIDADE DO PRODUCTO, A CALIDADE, O TRABALLO E OS GASTOS QUE OCASIONA, DEBEN ENTRAR AQUÍ NA CONTA».

Xa ves, para chegar, non á igualdade económica ou de fortunas, senón a limita-la desigualdade como é debido, precísase:

Concurso de boa fe.

Apreciación de traballos e servicios.

Moralidade.

Submisión á xustiza.

Ausencia de vaidade.

Utilidade do produto, traballo e capital que custa, como únicos datos para taxalo.

Suprimir todo valor que dependa da opinión.

Isto é: cómpre unha revolución radical, un cambio completo, imposible en gran parte, no home interior, no cidadán, na sociedade enteira.

(*Cartas a un obrero*)

Ás veces a riqueza produce miseria.

(...) ¿Que sería dos pescadores de perlas e dos que fan encaixes, sen o luxo que consume os produtos da súa industria? Daquela é o luxo o que os mantén, daquela o luxo ten a súa utilidade para aqueles pobres que sen el quedarían sumidos na miseria. Isto viuse, e soamente isto, e abofé que é pouco ver. Observación tan superficial e erro tan craso obríganme a entrar en explicacións, comprensibles de falar cun obreiro pero estrañas dirixidas a un señor, sobre todo lembrando o que vostede sabe e dixeron máis arriba, cando ós señores lles dá por porfiar en que dúas e dúas son cinco, cómpre afirmar que fan catro, malia ser cousa ben sabida e pareza escusado dicilo.

A sociedade é unha asociación de persoas que, baixo certas condicións materiais e morais, viven en harmonía traballando e intercambiando os produtos do seu traballo.

Se a riqueza non se distribúe con moita desigualdade, e hai poucos miserables e poucos ricos, será grande o consumo das cousas necesarias, e escaso o das superfluas; haberá poucos que anden descalzos, e poucos que leven botas de peles custosas, con primoroso labor; poucos que estean sen camisa, e poucos que a gasten de batista pespontada e bordada, e os traballadores dedicaranse, polo regular, a produci-las cousas de xeral consumo e verdadeira necesidade.

Desnívelanse as fortunas, aumenta o número de ricos, e non a moralidade; vén o luxo, que, entendámolo ben, ó non ser un *capital* non pode producir *aumento* de traballo, senón *diferencia no modo de traballar*. Non se dan máis xornais porque non hai máis cartos, senón que o xornaleiro emprende distinta obra, e no canto de facer vinte camisas sinxelas en vinte días, e vestir con elas outros tantos homes, inviste todo este tempo en facer unha luxosa coa que ataviar a un só home, deixando espidos ós outros dezanove.

O mesmo acontece co pano, os zapatos, os chapeos e as casas. O luxo que, para adornar unha, ocupa facendo molduras e dourados a centos de obreiros, diminuíndo o número de vivendas cómodas; que á fabricación de teas baratas con que se abrigar modestamente a substitúa a fabricación do veludo, non aumenta o traballo, varía a súa dirección e fai que os traballadores, no canto de produciren cousas baratas que consumirían ou intercambiarían entre si, fabri-

quen as que non están ó alcance da súa fortuna, e usara só o que puidese pagalas (...)

(Cartas a un señor)

Aínda hai máis.

(...) Hai máis. Os capitais investidos en mante-lo luxo, podían e debían dedicarse ó aumento da pública riqueza e ben-estar. Eses traballadores que polen mármore e douran molduras, podían facer casas cómodas para obreiros onde vivisen racionalmente, e máis; aqueles que fabrican teas preciosas, podían abrir regos que fertilizasen comarcas ermas, aumentando a riqueza de todos sen que os capitalistas que pagan renunciásen ás súas racionais comodidades.

Aínda hai máis. Os obreiros que ocupa o luxo, expostos ós seus caprichos e ás veleidades da moda, son vítimas de inevitables oscilacións: hoxe, traballan noite e día, incluso os días santos; mañá non teñen traballo porque o bo gusto rexeita os seus produtos. Cando hai algún raro, o luxo págao a un prezo desmedido e, á vista disto, a produción aumenta e abarátase; daquela xa non é luxo, e desprézase; vai descendendo pola escala da vaidade, ata que chegado ó derradeiro chanzo, cae en desuso ou depreciación, e deixa sen traballo ós obreiros que ocupaba.

Hai máis. O luxo, coa corrupción que xera, degrada, abate, crea ficticias necesidades e devora coa economía que podía ser reproductiva, a esmola do necesitado: todo lle parece pouco para cegar co seu brillo e, en lugar de socorrer á miseria, insúltaa. É evidente, pois:

1.º Que o luxo non é un capital, senón a malversación dos capitais.

2.º Que non é fonte de traballo, nin dá de comer a ninguén, senón torcida dirección a unha parte da actividade humana.

3.º Que os capitais que emprega o luxo, e soterra nos seus cavorcos de onde soamente saen escándalos e provocacións, podían e debían empregarse en empresas útiles, que aumentasen a pública moralidade, a riqueza e o ben-estar.

4.º Que cos seus cambios caprichosos, deixa a miúdo sen traballo ós obreiros que emprega.

5.º Que corrompendo o corazón, endurece, e devorando toda economía, deixa baleiras as mans que debían valer ó desventurado, e enxoitos os ollos que non teñen unha bágoa para a súa desventura.

6.º Que gabándose entre a miseria, despois de contribuír a producila, aldráxa, irritaa, acendendo paixóns e provocando iras que, cego ou hipócrita, apón a ben diversas causas (...)

(Cartas a un señor)

Producción e distribución da riqueza.

(...) A moralidade inflúe moito na produción e distribución da riqueza. Nun pobo idólatra fábrícanse ídolos; nun pobo que se embebeda, aumenta a produción de bebidas alcólicas; nun pobo van e frívolo, o traballo apresúrase a satisfacer os caprichos extravagantes da moda; nun pobo corrompido, os capitais diríxense ás artes que alimenta o luxo e a doca; nun pobo groseiro, a industria é servidora compracente da sensualidade. A idea ou o sentimento determinan a dirección da actividade humana, levándoa por bos ou malos camiños, segundo a conciencia pública sexa recta, e a pública opinión ilustrada. O poder da industria é grande, pero a dirección da súa forza non a leva en si mesma, senón que a recibe do exterior; pódese dicir que, non tendo vontade propia, guíase polo mercado, e o mercado réxese en gran parte polo estado moral da sociedade que a el acode.

Un pobo ignorante produce pouco; un pobo corrompido distribúe mal os seus produtos. Cando se acaban os billetes da lotería, sendo a súa revenda negocio lucrativo, e se arruína o que imprime libros útiles e graves que ninguén compra; cando un toureiro e unha bailarina gañan nun ano un capital, e un home que se consagra á ciencia non gaña con que sustenta-la vida; cando o traballo honrado a penas dá para cubri-las primeiras necesidades do traballador, e as especulacións inmoraís enriquecen prodixiosa e case instantaneamente, só co fácil traballo, ó parecer, de sacrifica-la conciencia; cando hai febre de gozos materiais, febre de vaidades, febre de cobizas, e está xelado o corazón para os nobres sentimentos, e a fronte para as grandes ideas, é imposible que a produción non vaia por camiños extraviados, e que a riqueza non se distribúa mal.

(Cartas a un señor)

Busca-la produtividade racional.

(...) O sacrificio é sublime, a coacción en moitos casos necesaria; pero a harmonía que resulta do coñecemento das vantaxes mutuas é o elemento máis xeral de paz e ben-estar no eido económico. E sinalámolo nominalmente, porque é aquel en que hai máis egoísmo, e que se debe confiar máis ó convencemento do que convén ca á abnegación. Certo que o home debe levar a tódalas súas relacións a súa conciencia, e non prescinde dela nunca o que é honrado; pero non hai dúbida que, como produtor e consumidor, está menos disposto á xenerosidade, e incluso á xustiza, do que está noutros conceptos, e que neste importa sobre todo facerlle comprende-las harmonías do útil e o xusto. Ademais, o home, como produtor e consumidor de cousas materiais, verá moitas veces que o sacrificio individual é inútil. ¿Un fabricante sobe o xornal

ou diminúe as horas de traballo pola súa conta? Non tarda moito en arruinar-se e cerra-la fábrica prexudicando ós mesmos que pretendía favorecer. ¿Un comerciante paga prezos máis altos dos correntes? A súa creba é segura. ¿Un comprador merca máis caro un produto do que corre no mercado? Así non logrará eleva-lo seu valor; poderá favorecer a unha persoa, non mellora-las condicións dunha industria; poderá dar unha esmola, non establecer unha regra. Cando se di que as cousas teñen o seu prezo *natural*, ás veces non se fala con exactitude, porque se consideran naturais elementos artificiais; pero é seguro que sempre teñen o seu prezo *lójico*, quer dicir, consecuencia dos elementos que concorren a el. É ben sabido que por riba de todo está a lóxica; non se pode vencer nin con violencias nin con sacrificios, e aínda menos no eido económico. Un erro é moitas veces un elemento poderoso, e os resultados, por ser absurdos, non son menos positivos e inevitables mentres non se desvanece. Por iso temos recomendado, recomendamos e recomendaremos, sempre que se dea o caso, o estudio dos fenómenos sociais para que toda reforma se apoie na razón, único modo de que non pase dun cambio de utilidade dubidosa e duración pasaxeira (...)

(*El pauperismo*)

Á produción racional cómprenlle variadas iniciativas.

(...) Os procedementos empregados en España para traballar adoitan ser ben primitivos. A intelixencia auxilia e supre tan pouco á forza que esta prodígase, en prexuízo da saúde e a vida dos homes, mulleres e nenos; hai cadros que dan verdadeira mágoa, de homes abafados, de mulleres que se aniquilan, por trinta cartos ou unha peseta, en traballos brutais, e que, cos medios auxiliares usados en todo o mundo que merece o nome de civilizado, levarían a cabo máis e mellor sen tanto esforzo. E estes cadros non son excepcións que lamenta, de raro en raro, o observador amante da xustiza e da humanidade, senón que se ofrecen, decote e por tódalas partes, a todo aquel que non pasa indiferente ó lado dos que traballan máis do que poden, porque outros non fan para alivialos o que podían e debían facer.

Para aliviar ó traballador que prodiga a súa forza porque non lle dan medios racionais de auxiliala, é preciso:

Xeneraliza-lo coñecemento destes medios;

Estimula-lo seu emprego;

Impoñelo cando sexa posible;

Hai que escribir manuais e cartillas coas necesarias láminas, co fin de informar dos mellores procedementos para auxilia-la forza e economizala en todo

tipo de traballo, e en especial nos máis duros. Estas cartillas e manuais venderanse moi baratos, distribuíndose de balde a centros de reunión, como asociacións de obreiros, e a persoas, caso dos mestres, que espallen os seus coñecementos. Hai que formar museos, tantos como sexa posible, que teñan aparellos, ferramentas e modelos dos máis precisos e xeneralizados medios de auxilia-la forza. Amais das explicacións escritas e da publicidade indicada, das conferencias dictadas por persoas que saben destas cousas ou poden facilmente aprendelas, a prensa debería inserir breves e claras explicacións. Porque non se precisan grandes e extensos coñecementos; cadaquén pode comunicalos que teña, que, malia a súa limitación, sempre serán útiles a tantos como carecen deles nun país onde rara vez se emprega a forza do home da forma máis descansada para el e máis avantaxosa para a sociedade.

E ¿quen vai facer estas cousas? ¿O Goberno? ¿As corporacións? ¿Os particulares? Todos, coma en calquera grande obra social. A parte que cadaquén tome variará consonte os países; pero non hai ningún onde a lei teña todo o poder ou non teña ningún. En España, por desgracia, tódolos poderes son débiles, porque non hai quen tome como forzas as convulsións da arbitrariedade; pero, en fin, hai que operar cos medios que temos, poucos ou moitos, sabedores de que, empregándoos, aumentan (...)

(*El pauperismo*)

¿Liberdade de contrato?

Os propietarios e comerciantes grandes e pequenos, os industriais, os capitalistas, os homes de negocios, ¿que regra teñen para fixa-la ganancia? *Que esta sexa a maior posible*, en xeral, e na práctica non se sabe doutra. En todo contrato, verbal ou escrito, trátase de mercar patacas, garavatas, devesas ou títulos do 3 por 100, o prezo e a ganancia, ¿teñen algún límite moral? Ás veces non se pode atopar diferenza esencial entre certas especulacións e certos furtos; parece que a distinción aparente está en que aquelas constitúen contratos libremente aceptados.

Primeiramente, en moitos contratos entra o engano, quer dicir, o fraude, e a aceptación non é libre porque ninguén pode estar conforme con que o prexudiquen ou o enganen. Amais da falta de coñecemento, hai ás veces a imposibilidade de se substraer ás condicións do contrato, que non pode rexeitar quen as acepta aínda que lle parezan inxustas, como cando se cobra un prezo excesivo por artigos absolutamente necesarios. O consumidor non ten liberdade para non mercar pan, porque non a ten para vivir sen comer; de maneira que en moi-

tos casos, certas especulacións pódense distinguir do roubo en que non hai violencia; pero do furto, soamente en que as autoriza a lei (...)

(*Cartas a un señor*)

A explotación dos nenos.

(...) A tendencia positivista da época é causa de que os progresos materiais precedan con moito ós morais, e que o dereito non penetre suficientemente nas novas relacións, consecuencia dos novos inventos. Non é o noso ánimo, alomenos hoxe, tratar este punto, senón facermos algunhas reflexións sobre o que a lei fai e debería facer cos seres débiles, e especialmente cos nenos.

A lei, copia ou espello de tempos rudos e de principios inxustos, ampara ós *menores*, máis como *propietarios* ca como criaturas racionais e sensibles, tendo moita conta de que a facenda non se menoscabe, e coidando pouco de que o corpo se torture e se deprave a alma: a lexislación sobre menores, case incomprendible nas sociedades modernas, ten omisións ben notables en pobos moi atrasados.

As nacións máis civilizadas regulamentaron o traballo dos nenos, establecendo que non pase de certo número de horas; pero non foron máis lonxe, coma se con isto xa cumpriran. A esta lei valedora da infancia déuselle unha aplicación moi limitada pola imperfección da letra, por descoñece-lo espírito ou porque non estea nas ideas nin nos costumes o que se debe á infancia. Fálase moito dos dereitos do *home*, pouco ou nada dos do *nenos*, mil veces máis sagrados porque é débil, é inocente e porque a inxustiza con que é tratado encamiña a ser inxusto.

As leis que regulamentan o traballo dos nenos limítanse ó das fábricas e esténdese como moito ós talleres, como se nos campos e nos camiños e nas rúas e nas prazas ós nenos non estivesen sometidos a fatigas superiores á súa forza (...)

(*Artículos sobre beneficencia y prisiones*)

A mendicidade á conta dos nenos.

(...) Hai outro horrible cativerio no que xemen os pobres nenos, sen que a opinión pública faga nada, sen que a lei faga o que debía facer para rescatalos: a mendicidade. Non somos nós dos que en tódolos tempos, en tódolos lugares e a tódalas persoas prohibiríamola mendicidade; hai sobre isto moito que dicir, e temos mentes de dicir algo outro día. Non somos dos que aproban a especie de *persecución* intermitente, arbitraria e inútil que de cando en vez sofren

os mendigos; pero hai un caso en que se debe prohibi-la mendicidade por completo: *cando o mendigo é un neno*; hai un caso en que se debe castigar: cando con *un neno* se anda a pedir; hai un caso en que a lei debería ser severa, inexorable: *cando un neno se aluga e se mortifica e se lle causa unha enfermidade artificial que chega a ser crónica e imposible de curar*.

Algúns dos nenos que teñen no seu colo ou á súa beira os mendigos non son seus; déixanllos ou alúganllos pais desnaturalizados que, por non coidalos ou por unha pequena ganancia, déixanos á mercé de especuladores infames, que acostuman a mortificalos con prudencia para que inspiren compaixón e que, cando menos, os expoñen medios encoiros á intemperie e ó rigor de tódalas estacións.

Entre os nenos da Inclusa hai tamén vítimas da especulación infame e do completo esquecemento do deber por parte das autoridades ás que está encomendada a súa tutela. Unha persoa preséntase dicindo que quere afillar a un expósito e, ás veces, sen investiga-los seus antecedentes nin se a súa fortuna abonda para mantelo, concédeselle a petición, leva ó neno e dedícao á mendicidade. Outros, sen os afillar, sacan nenos da Inclusa, reciben do establecemento a cantidade sinalada ós que fóra del se crían, e por riba sacan o que a mendicidade produce ó neno. Se anda el só a pedir, esíxeselle unha *ganancia* mínima e, de non a conseguir, é castigado con dureza. A infeliz criatura procura zafarse do castigo por tódolos medios, entre os que ás veces está o roubo (...)

(Artículos sobre beneficencia y prisiones)

A cooperativa é o grao máis evolucionado do traballo.

Pero dirase: se a asociación cooperativa carece de capital, non ten con que responder. Responderemos cos feitos evidentes, constantes, que se poden comprobar en tódalas partes. Os cartos do contratista serven primeiro para pagar ós primistas que se afastan da licitación, que vén ser ilusoria; non hai *mellor* licitador, senón *único*; e despois, para comprar ós que deberían esixi-lo cumprimento das condicións que non se cumpren, aínda máis: que non se poden cumprir en moitos casos; tan baixos son os prezos, diminuídos ademais por gratificacións. Se en vez de poxa é concurso, tamén se compra a preferencia, dicindo publicamente os milleiros ou millóns (segundo a magnitude da obra) que custou, xa non ó Estado, senón a empresas que debían ter máis conta dos seus intereses; pero eles saben que a maneira de fomentalos nun país desmoraliza-

do non é opoñéndose á corrupción, senón explotándoa, e obran en consecuencia.

A esta rede de fraudes, tecida con cartos que sobran e conciencia que falta, chámalle responsabilidade.

Pode que fose mellor garantía a moral dunha asociación de traballadores honrados que, ademais do interese en cumprir ben para adquirir un crédito que les permitise traballar con grandes avantaxes, tiñan o estímulo da súa honra empeñada na obra onde os señores arriscan soamente cartos: isto é moito, moito máis do que se cre; á obra que se *manda facer* non se lle ten apego, a que *se fai* inspira interese, case amor. E despois da dignidade, o quedar ben, *como corresponde*, porque no obreiro español adoita haber sentimentos de fidalguía; si, de fidalguía, e non rían os viláns de branca gravata.

En xeral, pódese dicir que o traballo segue no seu progreso económico a seguinte evolución:

Escravo;

Libre mal retribuído;

Libre ben retribuído;

Con participación indirecta nas ganancias;

Con participación directa nas ganancias;

Cooperativo, onde os traballadores son ó mesmo tempo empresarios.

Repetimos que o esencial é que a retribución de todo traballo sexa equitativa e suficiente; a forma ten moita importancia, pero é máis moral ca económica (...)

(*El pauperismo*)

Leva-la cuestión social á solución científica.

(...) O Dereito das xentes, por non comprenderse ben, limitase a un número curto de relacións, prescindindo doutras de suma importancia. Non é máis importante proscribi-lo fio dos sabres, que poucas veces se usa, e as balas de fusil explosivas, que probablemente non serían *prácticas*, que sanear certos traballos homicidas e ordenar moralmente a anarquía de certas industrias corruptoras. Hai persoas que non conciben o *Dereito das xentes* non sendo de uniforme, e cumpriría que o comprendesen de blusa, porque as relacións do traballo son máis e de máis importancia cás da guerra.

Non pretendemos que nin hoxe nin mañá se reúna o Congreso internacional para suprimi-lo traballo dos nenos nas fábricas de todo o mundo, e sanear e moraliza-lo dos homes; aínda con boa e firme vontade e amplos poderes,

non acordarian nada práctico por falta de datos; reunilos é o traballo previo e indispensable. ¿Como?

Hai exposicións da industria onde, amais de traballos artísticos, científicos... se amosa todo, menos a condición do traballador. Os Xurados internacionais distribúen medallas e mencións honoríficas, premian a perfección da obra, pero ignoran a sorte do operario, tan desventurada ás veces coma é brillante o produto. É cousa boa, moi boa que se mostren a todo o mundo os resultados; pero é mala cousa, moi mala, que se prescindan dos medios cando non son mecánicos; que non se saiba cantos obreiros deforma un artigo perfeccionado; cantos sacrifica un produto barato, e cantos abate unha combinación inxeniosa.

Ás asociacións internacionais que con elevado obxecto científico e humanitario existen, cómpre engadir unha que se propoña investiga-las condicións en que traballan os obreiros de todo o mundo, xa baixo o punto de vista do salario, xa da hixiene e da moral. Esta investigación proxectará negras sombras sobre o brillante cadro da industria, será o reverso sen desbastar da cicelada medalla, e no medio do coro de alegrías, voz dorida, se cadra non acusadora. O crime congregou ós homes de tódolos países, que o estudian e pretenden corrixilo e evitalo; ¿a miseria do que traballa non merecerá tanto? ¿Non se investigará a situación do obreiro en todo o mundo? ¿Non se levarán estes datos a un fondo común para que, comparados, guíen por un camiño que non se emprende ou que se anda ás escuras?

Se houbo xa varios *Congresos penitenciarios* internacionais, ¿non se poderán organizar *Congresos do pauperismo*? Abonda con quere-lo e co convencemento da importancia dos seus traballos e de canto aprema dar ó Dereito das xentes o seu carácter verdadeiro, o seu carácter humano, no canto do diplomático e militar que hoxe ten.

Que os que *poden, queiran*, que aquelas persoas constituídas nun poder calquera, político, moral e intelectual, xunten os seus esforzos para estudia-la condición do obreiro miserable en tódolos pobos civilizados; que se comunique o resultado dos seus estudos; que o discutan e publiquen; que teñan xornais e reunións, e cando teñan ilustrada á opinión, e influído nela, serán posibles tratados internacionais que proclamen leis de humanidade aplicadas á industria.

(*El pauperismo*)

Consideracións sobre a «Internacional».

(...) Daquela, o que cómpre non é suprimi-la loita, senón modificala; non pretender que os homes, a un sinal, se poñan de acordo, senón que leven as súas disidencias ó eido da discusión, e con razóns se ataquen e se defendan. Os estoupidos da ira débense conxurar como se conxura o lóstrego, evitando que se acumule a causa que os produce.

Repítoche que a situación que vive a sociedade ten precedentes, e que xa estivo á beira do abismo. A cuestión, no fondo, é antiga; é a cuestión de pobres e ricos: a novidade está na forma. Cando se ventilaba esta cuestión na Antigüidade e na Idade Media, os mensaxeiros do descontento dos escravos e os servos eran o ferro e o lume, a súa vontade non se revelaba se non era vertendo sangue e sementando mágoas; non deixaban de ser máquinas se non era para se converter en feras. Agora, son máis os que protestan; pero a forza, nin hoxe, nin mañá, nin nunca, está no número, senón na razón e na intelixencia e a moralidade para facela valer (...)

(...) Outra diferenza é que non se principiou pola loita, senón pola discusión: isto ten de malo a pretensión de querer erixi-lo erro en sistema, e o feito de o xeneralizar; pero ten de bo a posibilidade de rectificalo e dar idea de ata onde chega. O escándalo é á vez aviso e, coma o telégrafo que se adianta ó furacán, di: *Detrás vén a tempestade*.

Os herdeiros dos escravos e dos servos sóde-los proletarios: ti e maillos teus, Xoán, recibícheda-la herdanza das súas dores a das súas iras; pero como o sufrimento é menor, tamén o é a cólera.

A INTERNACIONAL hai anos que existe e, ben ou mal encarreirada, marchou en paz. ¿E París? ¿E a *Commune*?

París ten a súa historia, ten a súa plebe de xorne moi especial; está ademais nunha situación excepcionalísima; non se consideraron dabondo estas circunstancias ó facer deducións e profecías. Así como os horrores da Revolución Francesa non se repetiron en tódolos pobos que proclamaron a liberdade, tampouco os da *Commune* deshonrarán a tódalas nacións que formen A INTERNACIONAL. Facerte a ti moralmente responsable do que fixeron os comunistas franceses, é como pretender que deshonren ó Emperador de Austria os crimes e as infamias de Tiberio e de Nerón.

Dirase: ¿E as doutrinas da INTERNACIONAL? ¿Non son as mesmas en Londres e en Viena, en París e en Madrid? Esta causa idéntica, ¿non producirá en tódalas partes os mesmos efectos?

Estou ben lonxe de pensar que é indiferente a propagación das malas doutrinas; coído, pola contra, que o maior mal que se lle pode facer á humanidade, é propagalas; pero coído tamén que o home non pode tirar na práctica as con-

secuencias de todo o mal nin de todo o ben que admite en teoría; que se a paixón o alicia nalgún momento ó crime ou ó heroísmo, a lóxica non o pode levar á suma perfección nin á depravación suma, porque se opón a súa natureza imperfecta ó primeiro, e a súa conciencia ó segundo.

Esta verdade, que para min é evidente, aplícoa a tódolos individuos da INTERNACIONAL, e moi particularmente ós de España. Teño unha alta idea do noso pobo, polo de agora nunca por el desmentida. Coma os cabaleiros da Idade Media, non sabe escribir, pero sabe ser valoroso, honrado e xeneroso. O exemplo dos incendios da capital de Francia non te converterá nun incendiario; non asasinarás ó Arcebispo de Toledo porque asasinaran ó de París; aínda que che prediquen odio, terás gratitude para o que che faga ben; aínda que che falen de aboli-la familia, amarás á túa filla e respectarás á túa nai; aínda que che asegurasen que o dereito á propiedade é unha mentira criminal, cando, armado e dono da cidade, vexas ó teu lado un home que quere utiliza-lo seu fusil para roubar, non lle chamarás compañeiro; escribirás na túa barricada, como fixeches outras veces: *Pena de morte para o ladrón*; e cando a autoridade che diga: *Xoán, aquí hai bens públicos; queren facerse con eles uns centos de ladróns; preciso a túa axuda*, prestaraslla, e ti, pobre, serás fiel sentinela daquela riqueza. No día da proba, estea preto ou lonxe, creo que as malas doutrinas terán sobre ti menos poder cá túa boa conciencia e natural xenerosidade (...)

(*Cartas a un obreiro*)

As folgas.

(...) Con todo, antes de recorrer a elas, cómpre estudar ben a cuestión e aconsellarse con persoas coñecedoras do negocio, que che digan se o que intentas é factible. Por regra xeral, debe dar, e deu sempre mellores resultados, a intervención de persoas respectables e competentes que tratan con fabricantes e defenden os intereses dos obreiros, cás *folgas*. En todo caso, nunca convén comezar por elas, senón concluír, cando se recorreu en van a tódolos medios para chegar a un acordo, despois de ben estudiado o punto. Repara ben nisto, Xoán: ningunha cuestión se pode resolver ben sen estudiala antes, e eu non sei que preceda ás folgas o estudo detido da industria onde os obreiros piden aumento de xornal. Cómpre comezar por aquí, porque se a cousa non é factible, ¿de que vai servir que che pareza xusta? Amais de que as hostilidades, no mundo económico coma no mundo político, só se deben romper en último extremo, e non é caso para esquecer aquel en que te arriskas a botar días, semanas ou meses sen xornal, sufrindo as meirandes privacións, e abafado pola última miseria. Ó te reducir e reducir ós teus a semellante extremo, cumpriría que adop-

taras antes tódalas medidas para non chegares a el. O que xeralmente alarma nas folgas son os homes que rosman ou berran na rúa; o que a min me preocupa son as mulleres e os nenos que choran e sofren na pobre ignorada vivenda, onde ninguén os escoita nin os consola (...)

(*Cartas a un obrero*)

A asociación.

(...) Pero aínda supoñendo que a *folga* sexa un remedio, será puntual, pero non xeral; a condición do obreiro non pode mellorar non sendo pola *asociación*, e polo aumento *do seu valor moral e intelectual*.

Faláronche, Xoán, moito de *socialismo* e pouco de *asociación*: o primeiro é un soño imposible; o segundo, unha realidade salvadora. Entre os socialistas, o mesmo ca entre os alquimistas, hai homes de grande intelixencia; pero non hai ningunha, por elevada que sexa, que poida trastorna-las leis económicas nin as físicas; ningún deus con esa pedra que fai ouro e prolonga a vida, nin co sistema que faría posible a igualdade e a felicidade dos homes só con se deixar guiar por unha autoridade que todo o sabe e que todo o pode (...)

(*Cartas a un obrero*)

A emancipación do traballador.

(...) Así, pois, o que chamades emancipación do traballo, non está en lle face-la guerra ó capital, senón en ter capital; non está en se rebelar contra a intelixencia, senón en ter intelixencia; non está na folga, senón no traballo; non está en ataca-los dereitos dos demais, senón en defende-los propios coa razón e cos medios legais; non está en socava-los principios de toda moralidade, senón en ser moral e honrado. Unha multitude pobre, ignorante e desmoralizada, non se pode emancipar de ningunha tutela, e menos aínda da económica.

A emancipación en nada é o desenfreo; ben lonxe de ser así, é unha severa suxeición á regra. A diferenza do home emancipado daquel que non o está, consiste en que, en vez de estar suxeito á vontade doutro, réxese pola súa; que, no canto de obedecer á razón allea, obedece á propia; en que ten a responsabilidade das súas accións e non a devorca sobre ninguén; en que recibe gabanza ou vituperio, premio ou castigo, prexuízo ou avantaxe polo que fai. A emancipación, lonxe de favorecer-la indolencia, esixe máis esforzo; a dignidade non é ben que se recibe de balde, senón que custa moito adquirila e conservala (...)

(*Cartas a un obrero*)

A asociación ben entendida.

(...) O obreiro que traballa a xornal e vive ó día, descarga no mestre toda responsabilidade: non se preocupa dos males que poden vir nin de como evitalos e, cando chegan, recíbeos unhas veces con resignado desleixo, outras con desesperación rebelde, pero sempre eximíndose de toda responsabilidade.

A asociación, esa gran salvadora das clases obreiras, precisa membros con iniciativa e responsabilidade. Precisa capital ou crédito; intelixencia para planea-la obra e clasificar ós obreiros; probidade para colocar a cadaquén no lugar que lle corresponde; respecto á xustiza para que non falte; amor ó traballo para que sexa vizoso, e perseverancia para vence-las dificultades. Os individuos que a compoñen han de ter todo o que a asociación precisa. Estás inclinado a ver na asociación:

Folganza, e é traballo.

Tumulto, e é orde.

Igualdade, e é xerarquía.

Confusión, e é harmonía.

Forza, e é dereito.

(*Cartas a un obrero*)

A dignidade e a remuneración.

(...) Hai para ti, Xoán, unha cousa máis útil cá subida do xornal, e é non traballar polo xornal. Non te figures que, no meu concepto, se degrada o home que o recibe, nin que sexa máis digno dicir: *gaña tanto cada ano*, que *gaña tanto cada día*. Todo home que goza dun soldo fixo, ten un tanto ó día; e se non se di que traballa a xornal, será, sen dúbida, porque ten asegurada unha ocupación por semanas, meses ou anos, e non só por días, e que cobra incluso aqueles días en que non traballa. Nisto hai maior ganancia, pero non maior dignidade, que non medra nin diminúe por cobra-lo primeiro día do mes ou o derradeiro da semana. Nada ten de razoable o desprezo con que ás veces se di: *un home asalariado*, porque son cuestións de nome e disfraces de vaidade as distincións de honorarios, salarios, soldos, haberes, pagas, etc. Desde os primeiros funcionarios do Estado ata o albanel, reciben a cambio do seu traballo unha retribución; na cantidade inflúen moitas causas, e sempre é unha as necesidades que no obreiro se supoñen. O cobrar oito réas, oito pesos ou oito onzas de ouro, non é feito que poida enaltecer ou degradar, e se estas cantidades son premios da lotería, ninguén medirá o aprecio que merece a persoa pola cantidade que recibe do loteiro, e terase por proveito, pero non por honra, embolsa-las moe-

das de ouro, e non será motivo de humillación cobra-las dúas pesetas. ¿Por que? Porque nesta obra da sorte non influíu para nada a valía do favorecido, que pode ser moi digno sendo agraciado cunha pequena cantidade, e moi groseiro e ignorante recibindo milleiros de pesos (...)

(*Cartas a un obrero*)

A asociación, medio para deixar de andar ó xornal.

(...) O desprezo con que se miran as curtas retribucións, ten a súa orixe na calidade dos que as reciben; o desdén con que se di: *un xornal*, espella o que inspira o xornaleiro; diminúe ó tempo que este sobe no aprecio público, e desaparecerá cando sexa respectado. Daquela, cando eu desexo que traballes a xornal o menos posible, non é porque crea que este modo de retribución teña en por si nada humillante, nin que teñan máis dignidade os 6.000 pesos que percibe un Capitán Xeneral cada ano, cós seis reás que gañas ti cada día.

Ogallá deixes, de ser posible, de andar ó xornal para que gañes máis, sexas menos pasivo, máis previsor, máis reflexivo, máis intelixente, para que o teu egoísmo sexa menos estreito, as túas hostilidades menos acedas, e máis fortes os lazos que te unen á humanidade. Mais ¿quen te pode sacar do teu estado actual de xornaleiro? A ASOCIACIÓN; pero lembra a definición que xa che din dela, e non vaias toma-la asociación por reunión tumultuosa, por guerra ou por motín, porque a paz é tan necesaria para a asociación coma a quietude para estudia-lo curso dos astros; e querer acada-las súas avantaxes no medio do tumulto, é coma intentar facer observacións astronómicas desde un barco azoutado pola tempestade.

(*Cartas a un obrero*)

A forza da unión.

(...) Vexamos na práctica como funciona a asociación.

Ti es oficial de zapateiro; sentes, coma os teus douscentos compañeiros, que estás explotado polo mestre. Mais, en vez de lle face-la *forzosa*, que non a faredes probablemente como unha *folga*, estudiades ben o negocio; de onde veñen as primeiras materias; canto custan; o prezo da man de obra; a extensión do mercado; a facilidade da venda, etc. Supoñendo que gañedes a razón de 10 reás diarios, un mes de xornal importa 60.000 reás, que é o que deixades de gañar nun mes de folga. ¿Como ides vivir ese mes? Con mil apuros e privacións: non é posible nin necesario que volas impoñades traballando, pero impoñén-

dovos algunhas, economizando medio real diario cada un, en catro anos tere-des 146.000 réas, aínda que os vosos aforros non gañasen rédito, como deben gañalo postos na Caixa. Con este capital, en vez dunha folga organizades un taller, e, de non vos chegar, pode servir de garantía para reunir unha maior cantidade; poñédesvos a traballar pola vosa conta, suprimíde-lo interese do capital do mestre, o que obtén como retribución do seu traballo, se vos explota, o que indebidamente cobra para si, e como traballades máis e mellor, interesados como directamente o estades, producides máis e con máis perfección, a industria prospera e a ganancia aumenta. Xa se fixeron algúns ensaios satisfactorios desta forma de *emancipación* para o obreiro; e cando saíron mal, foi por culpa da súa falta de intelixencia e moralidade.

Pódoche citar un exemplo de agora, e en Madrid, desta asociación de traballadores. Escoitarías falar dos concertos de Monasterio, executados por unha asociación de músicos. Monasterio non asigna a cada músico un soldo ou salario, senón que cada un cobra segundo o seu merecemento e, despois de pagar ós músicos e pagados os demais gastos, embolsa a ganancia. Os músicos, que saben o que cadaquén vale, establecen categorías, e cada un cobra conforme á súa categoría; porque xa comprendes que Monasterio, un artista eminente, que ten un traballo ímprobo e unha gran responsabilidade, non vai cobra-lo mesmo có que descansadamente toca os timbais ou o tambor. Deste xeito ninguén explota a ninguén; a ganancia repártese segundo o merecemento, sen intermediarios que a distraian a onde en xustiza non debe ir.

Esta asociación de traballadores que se axuntan para tirar todo o proveito posible do seu traballo, é das máis fáciles e sinxelas, e cómpre que paremos un momento para ver por que.

1.^o Os asociados son intelixentes, aprecian ben o seu mérito repectivo, convéncense da necesidade de non negar a cada un o seu, e establécese entre eles unha xerarquía, sen a cal non é posible orde nin xustiza.

2.^o Posúen un gran capital, que consiste un pouco nos seus instrumentos, moito na súa intelixencia da arte, e con el poden facer fronte a varias eventualidades.

3.^o Como este capital non é de primeiras materias nin de instrumentos materiais, senón de xenio e coñecementos artísticos que só perecen coa vida do que os ten, aínda que o negocio saia mal o capital non se destrúe. Se, por exemplo, establecemos unha fábrica de papel, gastariamos unha suma enorme en facer un edificio, poñer unha máquina hidráulica ou unha de vapor, en apropiarse primeiras materias, etc. O negocio sae mal: o capital perdeuse. Queremos dar un concerto: a xente non acode, o negocio non saíu ben, pero o capital queda en pé e, nin Monasterio nin os demais asociados perden a intelixencia da arte;

o seu capital subsiste, e poderán utilizalo con máis fortuna outro día. O que che proba que canta máis intelixencia entra nunha empresa é menos arriscada, porque o que hai que temer en todas é a destrución do capital, que non se destrúe cando é de tal natureza que pode existir independente das eventualidades dun negocio.

4.º A asociación ten crédito co dono do local, que non lle esixe o alugueiro por adiantado, relevándoa así de facer anticipos; co público, que coñece o seu mérito e acode a escoitala, evitándolle decepcións ou unha longa proba ata acredita-lo seu mérito (...)

(...) Por medio da asociación, os obreiros poden ser capitalistas e emprender pola súa conta os traballos que fan pola doutro (...)

(Cartas a un obrero)

Os intermediarios.

(...) Así como che convén, como produtor, suprimir intermediarios entre as cadeiras ou as mesas que fas e os que han de compralas, e embolsa-la ganancia sen partila co mestre, empresario ou como queira que se chame, da mesma maneira estás interesado, como consumidor, en tratar directamente co que produce e suprimi-las mans intermedias, nas que vai quedando un interese que pagas con gran prexuízo dos teus. Seica dirás: ¿Daquela, o comercio é prexudicial? O comercio, dígoche, é tan útil coma tódalas cousas, na súa xusta medida, e prexudicial cando dela pasa. O comercio, coma o Estado, debe face-las cousas que fai mellor ca ti, e deixarche que fagas ti as que fas mellor ca el. ¿Queres mercar canela? Precisas ó comerciante, que che presta un gran servizo; nin pola túa conta nin asociado che compensaría fletar un buque ou armalo, e establecer relacións a tan longa distancia, nin facerte cargo dun negocio tan complicado, suxeito a moitas eventualidades, que precisa moitos coñecementos especiais e moitísimo tempo. O mesmo se pode dicir se necesitas azucre e outros artigos que veñen de terras remotas, e que afortunadamente non son de primeira necesidade: convenche mercarllos ó comerciante.

Pero se aquelas cousas de que fas pouco e non indispensable consumo e que se producen a moita distancia, convenche adquirilas por medio do comerciante, non acontece o mesmo con artigos de primeira necesidade de que fas un gran gasto, que se producen onde vives ou moi preto, séndoche de moito proveito a súa adquisición directa.

¿Queres fornecerte de patacas? É ben doado que te poñas en relación co cultivador, mercándollas directamente cunha avantaxe dun 50 ou un 100 por 100: convenche suprimir ó comerciante.

Pero ¿onde tes ti fondos para paga-las patacas que poida traer un vagón, os portes, etc.? A asociación, un pequeno aforro, ou o crédito, poñeríante en condición de faceres este pequeno negocio. Non podes pagar 1.000 arrobas de patacas se es ti só, pero asociado con cen compañeiros poderías desembolsalo importe de 10, e se a asociación inspira confianza, quer dicir, ten crédito, daránvo-las patacas, amais de moi baratas, fiadas; irédelas pagando a medida que as vaiades consumindo, e coa economía que resulte, non tardaredes en pagalo anticipo necesario, porque o crédito débese usar cando é preciso, pero non sendo, non (...)

(*Cartas a un obrero*)

As cooperativas.

(...) Chámanse *cooperativas* estas asociacións en que os asociados cooperan, quer dicir, *traballan de acordo* para producir a prezos de proveito os artigos que consumen. A asociación cooperativa non sempre se pón en relación directa co produtor; pode suprimir tódolos intermediarios, un só, varios ou ningún, limitando a avantaxe de mercades por xunto o que adquiriría polo miúdo. Se en vez de mercades unha libra de garavanzos te xuntas con 25 compañeiros e mercades unha arroba, formades unha sociedade cooperativa a máis sinxela posible, pero que non deixará de vos reportar algún beneficio, porque gañaredes algo no prezo, e bastante no peso. Se en lugar de mercades dúas libras de patacas, asóciaste a 20 compañeiros e mercas unha carga cada semana, xa suprimides un intermedio; a operación esixe un pequeno adianto, un pouco máis de traballo e de intelixencia no negocio, e a ganancia medra en proporción, e aínda máis. Para que o proveito dos asociados aumente, cómpre que aumenten tamén a intelixencia empregada na compra, o capital ou o crédito que esixe, e a *súa boa fe*. Non esquezas isto último. Se o encargado das compras xoga ou bebe os cartos con que terá que pagalas, o negocio é imposible; e tamén se non di a verdade e pón na conta un prezo superior ó que custaron os efectos. Para asociarse con proveito, cómpre unha ilustración relativa con respecto á cousa que forma o obxecto da asociación; unha boa fe absoluta, de xeito que os asociados procuren avantaxes mutuas, pero de ningún modo exclusivas, distribuíndoas con equidade, apoiándose e non explotándose entre si.

Malia ser triste, Xoán, cómpre dicilo: unha das causas do noso atraso e miseria é a falta de espírito de asociación; e unha das causas de que as asociacións non se formen, é que están desacreditadas pola mala fe que houbo nas máis delas (...)

(*Cartas a un obrero*)

A cooperativa de consumidores.

Entre o produtor de garavanzos, que son eu, e o consumidor, que es ti, hai tres ou catro intermediarios, comisionistas e mercadores, que obteñen ganancias non insignificantes: aumento de prezo.

De ser máis perfecto o cultivo, os medios de comunicación fáciles, os tributos moderados, os rexistros e dereitos de portas suprimidos, e te entendes comigo para que che mandase os garavanzos, sen custosos intermedios, baixaría tanto o seu prezo que che parecería increíble.

A perfección da Agricultura xa sei que non depende de ti, meu pobre amigo; as outras causas da carestía son poderosas, e difícil e vagaroso facelas desaparecer; pero neste sentido cómpre que traballes e, en vez de escoitar ós que che falen de lle dar ó teu salario un aumento que non pode ter, debes expoñer con moita moderación, pero con moita constancia, a necesidade de reduci-los impostos, de quita-las embarazosas trabas fiscais e de mellora-los medios de comunicación. No último, Xoán, ti e mailos teus compañeiros sodes ben desleixados; os camiños que se deixan ó voso cargo, ou non se fan ou, de dárvo-los feitos, deixades que se estraguen, porque non vos convencedes de que un mal camiño non é soamente *incomodidade*, senón *carestía*.

O que poderías facer antes de nada para diminuí-lo prezo dos artigos, sería poñerte en comunicación directa cos produtores. Non imaxinas ti canto aumentan o prezo das cousas eses vendedores que chas venden polo miúdo, e canto máis polo miúdo, máis aumenta o prezo. Os comerciantes que venden por xunto sacan do seu capital o 6, o 10, mesmo o 20 por 100 ó ano, que seguramente non é pouco; pero eses que che venden nos portais e polas rúas, lévanche o 50, o 80 e incluso o 100 por 100 á semana. Non escoites, pois, con indiferencia ou prevención, falar das *sociedades cooperativas*; reúnete con outros compañeiros para merca-las cousas o máis á beira posible do lugar onde se producen, e na maior cantidade que vos permitan os vosos medios: disto falareiche outro día máis de vagar. O comercio é unha cousa grande e útil, pero esa revenda innecesaria e esaxerada é unha verdadeira calamidade.

(*Cartas a un obrero*)

A cooperativa é a mellor maneira de producir riqueza.

A cooperación é un modo máis perfecto de distribuí-los produtos do traballo: o traballador é á vez empresario; percibe as ganancias que corresponden ó traballo, amais das do capital do que dispón neste caso ou do crédito que o supre. A dificultade de facer anticipos de consideración, sendo grande, insuperable ás veces para os obreiros, non é a maior, que consiste en planear unha

industria que esixe intelixencia, moito siso, actividade perseverante, non só para producir bo e barato, senón para dar saída ós produtos; porque non abonda coa habilidade: cómpre tamén maña: por non tela e non ser bastante activos, hai fabricantes que teñen os almacéns ateigados de obxectos mellores e máis baratos ca outros que se venden con perdas para eles e para os consumidores.

As industrias hoxe, alomenos moitas, se cadra as máis delas, necesitan unha intelixencia, un siso moi especiais, á parte de que a acción do que dirixe non estea estorbada por suspicacias ou trabas que a entorpezan; non abonda con facer *ben*; hai que facer a *tempo*, e os que saben que son cartos, tiran proveito e economizan. Por estas e por outras razóns é difícil que unha asociación cooperativa de obreiros organice e explote con éxito unha grande industria complicada, e así se explica que sexan poucas as que prosperaron. *Difícil* dicimos, non *imposible*; a cuestión en moitos casos é, máis ca de capital, de intelixencia e de moralidade; e a medida que os obreiros sexan, como xa o están sendo, máis intelixentes e morais, serán máis numerosas e prósperas as asociacións cooperativas productoras.

(*El pauperismo*)

A traballadora é persoa.

Os medios propostos ós obreiros para gañaren máis débense aplicar ás obreiras cando a súa situación sexa igual, á parte dos especiais que as súas circunstancias reclamen:

Instrucción igual para todos.

Igualdade ante o traballo, dereito tan sagrado e necesidade máis imperiosa cá igualdade ante a lei.

Posto que se suprimiron os gremios de oficios, que non subsistan os de *sexos*, con exclusións especialmente inxustas, xa que os homes poden facer e fan todo labor de mulleres, e estas vense excluídas de case tódolos traballos deles.

Ademais, as circunstancias especiais da muller traballadora e nai, esixirían condicións especiais que conciliasen no posible o traballo cos coidados da maternidade e da casa. A isto podería contribuír moito o que a muller, con educación industrial máis perfecta e sen vetos como traballadora, puidese dedicarse a maior número de ocupacións e máis lucrativas. Ademais, o Estado, directamente nas obras que fai pola súa conta, indirectamente noutras, a sociedade respecto de todas, e as operarias mesmas de teren a ilustración e iniciativa que

hoxe lles falta, poderían contribuír a que o traballo da muller se conciliase co coidado da casa (...)

(...) O pequeno grupo de mulleres que acordan relevarse no traballo aumentará, e a sociedade mediante as asociacións, e o Estado, cando a súa intervención sexa xusta, con leis e regulamentos, poden e deben contribuír a que desapareza unha disxuntiva inhumana que ameaza a degradación da especie. Que non diga a industria: *Traballadora OU nai*, senón que digan a sociedade e a lei, como di a xustiza: *nai E traballadora* (...)

(*El pauperismo*)

O traballador tamén é persoa.

1.º e 2.º Todo o que dixemos no capítulo anterior verbo da imperfección da industria, pódese aplicar neste ó seu atraso e á pouca habelencia do obreiro, porque, cando este traballa mal nunha empresa mal montada, produce caro e gaña pouco por regra xeral.

3.º e 4.º A pouca consideración que inspira o obreiro e a súa falta de personalidade, mal gravísimo, non ten máis ca un remedio lento, pero dunha eficacia que se podería aumentar se os que poden e deben contribuísen á súa educación e ilustración. A maioría, a inmensa maioría da clase media, teme e asemade despreza ós obreiros; son o animal de carga nos tempos normais, e a fera que anda ceiba o día de motín ou de revolución. Di que os trata *como son*; pero se hai nisto algo de verdade, non é menos certo que os homes *son* tamén *como os tratan*.

Uns gaban ó pobo para que se deixe converter en chanzo para subiren ben alto; outros aldráxano e calúmniano, e case ninguén lle aprende nada nin procura dignificalo para que, no eido económico o mesmo ca no político, a súa liberdade non sexa unha mentira e a súa soberanía un escarnio. Que os poucos verdadeiros amigos que ten, ben poucos, procuren facer prosélitos para a misión necesaria e traballosa de instruír e educar ó obreiro, dándolle máis ideas e mellores formas. Que non é cousa imposible demostrao o feito de que se saca froito en tódalas partes onde se traballa neste senso. Ás almas xenerosas pódéselles falar de abnegación e de piedade, ós espíritos rectos de xustiza; pero á maioría, ás masas de abaixo, hai que lles facer comprender que cando discorran, falen e vistan mellor, máis lles pagarán; e ós de arriba, que non lles convén facer feras fiándose das gaiolas, porque as reixas rómpense, e é seguro que un día ou outro romperán; e, caso de non romperen, custa máis aseguralas do que custaría o que non fosen precisas. Os vellos que están sós aínda poden facer cálculos egoístas; pero os que teñen fillos e netos ós que lles dei-

xa bens de fortuna, deberían procurar non lles lega-la terrible herdanza de grandes catástrofes sociais, inevitables se as multitudes non teñen personalidade que se respecte e na medida do posible se pague; personalidade que se parece un obstáculo ó poder, será un dique contra a anarquía: tódolos desbordamentos realízanse con forzas brutas e inconscientes (...)

(*El pauperismo*)

Sobre as capacidades femininas para o traballo.

Os Padres daquel Concilio, que suscitaron a dúbida de se a muller tiña alma, non sospeitaban que, na guerra arredista dos Estados Unidos de América, sería o plan de campaña dunha muller —que os homes adoptaron agochando, para non o desacreditar, a súa orixe feminina— o que sacou ós mal dirixidos federais da comprometida situación pola que pasaban, dándolle-la victoria. Tampouco os devanditos Padres poderían imaxinar que na Exposición de Chicago, para as grandes construcións da Exposición feminina, vintecatru arquitectas presentarían planos, *moitos notables, todos bos* (di un xornal profesional inglés redactado por homes); nin que no terceiro Congreso de Antropoloxía Criminal que se acaba de celebrar en Bruxelas, o seu vicepresidente, ó face-lo resume dos traballos, dixese: «*Madama Tarnowsky, nun concienciado estudio dos órganos dos sentidos nas mulleres criminais, demostrounos que sabe aplicar con toda exactitude os principios da experimentación fisiolóxica máis ardua...*».

¿O home máis inepto é superior á muller máis intelixente?

¿Quen ousa responder que si? Resulta pois dos feitos que hai homes, non se sabe cantos, ineptos para certas profesións, mulleres, non se sabe cantas, aptas para esas mesmas profesións, e se ó home apto non se lle prohibe o exercicio dunha profesión por haber algúns ineptos, ¿por que non se fai o mesmo coa muller? ¿Seica a ineptitude é nela máis xeral? Aínda que isto se probase, non se razoaría a opinión, nin se xustificaría o feito de veda-lo exercicio das facultades intelectuais ó que as teña. Supoñamos que en España soamente hai unha muller capaz de aprender medicina, enxeñería, farmacia, etc. Esa muller ten tanto dereito a exercer esas profesións coma se houbese dez mil coa súa altura intelectual: porque o dereito, nin se suma nin se multiplica, nin se divide; está *todo* en todos e *cada un* dos que o teñen, e entre as aberracións xurídicas non se viu a de nega-lo exercicio dun dereito porque sexa curto o número dos que poidan ou queiran exercitalo.

O médico, *como home*, ¿ten dereito a exercer-la súa profesión? ¿É o sexo ou é a ciencia o que o autoriza a exercela? ¿Que se pensaría daquel que, sen

estudios, quixese receitar ou operar e dixese ó enfermo 'eu non sei medicina, nin cirurxía, pero heino curar porque son home'»

Pensaríase en internalo nun manicomio e, se o home, non por selo senón polo que sabe, pode exercer unha profesión, a muller que saiba o mesmo ca el ¿non terá o mesmo dereito?

Non cremos que se poidan fixar límites á aptitude da muller, nin excluila *de antemán* de ningunha profesión, como non sexa a das armas, que repugna á súa natureza, e ogallá que repugnase á do home. Soamente o tempo pode fixar eses límites, que no noso se dilataron moito nalgúns países.

(La mujer de su casa)

O traballo tamén moraliza ós ricos.

(...) En canto a min, cabaleiro, estou co Apóstolo San Paulo: «Quen non traballe, que non coma», e coa definición que dá o *Diccionario de la Lengua*, de «vago», dicindo que é: «El hombre sin oficio y mal entretenido». Todo aquel que non traballa é vago porque, por riba de non facer nada, entretense peor ou pesimamente, pero sempre mal: o sentido común parece que o entendeu así, afirmando que *a ociosidade é nai de tódolos vicios*, e non pode ter dereitos materiais quen tal prole xera (...)

(...) Eu non coñecín, e coído que vostede tampouco, ningunha persoa ociosa que non sexa desmoralizada e, aínda máis, non concibo que exista. Cando a moralidade se pasa por unha criba con buratos tan grandes polos que se colan accións moi vituperables; cando ten tan pouco valor que parece nacida e criada no cárcere, e non condena máis có roubo, o incendio, o asasinato, etc., etc., pódese soste que non é inmoral o home que non traballa; pero de ningún xeito cando se soergue sobre o nivel dos cárceres, aínda que non suba moito nin sexa moi severa (...)

(Cartas a un señor)

As herdanzas.

(...) Ó meu ver, a facultade que ten un pai de lle deixar ós fillos os seus bens é un dereito natural, pero non hai ningún absoluto e ilimitado; todos están suxeitos a condicións, e o que non traballa *porque herdou*, debe comprender que non se pode herdar *para non traballar*, porque non pode ser xusto adquirir un medio de depravación. A herdanza é lexítima a condición de non se converter nun elemento de perturbación; precisa certas circunstancias no que a vai recibir e, como acontece co menor de idade, o demente ou o condenado,

que non teñen aptitude legal para dispoñer dela á súa comenencia, o ocioso non ten aptitude moral para herdar, se a herdanza vai ser causa de que non traballe, de que se deprave, porque sería como dicir que hai quen ten dereito a un *prexuízo*, a un *mal*, cousa evidentemente absurda. O home que non traballa, moralmente non se pode considerar home; as riquezas dalquel que sendo pobre traballaría, e porque é rico vive folgado, non se deben chamar *bens*, senón *males* de fortuna: a boa hora o desherdara o seu pai, e en conciencia e en xustiza debería facelo, porque *ninguén pode ter dereito a cousa que sexa elemento de depravación* (...)

(*Cartas a un señor*)

A lotería.

(...) Reflexionando un pouco sobre estas verdades, non podemos deixar de nos convencer de que eses cartos que damos por un billete de lotería, son unha cantidade que vai contribuír a unha obra mala, pésima, como é aumentalos medios de corromper ós homes. De termo-la *historia verídica do investimento e resultados dos premios da lotería*, as persoas honradas aflixírianse vendo os males que aliciaron por falta de reflexión. Nós sabemos de verdadeiros desastres económicos, efecto de grandes premios da lotería: os agraciados sabían goberna-la súa modesta fortuna, pero non a grande improvisada, e perderon ámbalas dúas en mal calculadas especulacións; sabemos dalgún drama horrible que tivo como causa determinante o primeiro premio da lotería. Pero deixando estes casos, non tan raros como tal vez se cre, pero que poderían parecer rebuscados co propósito de confirma-la nosa opinión, o certo é que, por regra xeral, os premios da lotería, se son pequenos, malgástanse en caprichos e miudezas, danse *sen saber como*; se son grandes, depravan e desmoralizan; e sexan grandes ou pequenos, non son valores ben adquiridos. Sería moitísimo mellor guindar cos cartos empregados na lotería; daquela, non serían máis ca un valor *perdido*. Empregados en soster aquel xogo, é unha cantidade que contribúe a un mal e alicia precisamente todo o que nunha sociedade moral e ben organizada se debe perseguir.

Eu non sei, cabaleiro, se chegará un tempo en que non haxa xogadores; pero creo que algunha vez deixarán de ser considerados persoas honradas. Fagamos todo o posible para adiantarmos ese día, aínda persuadidos de que nos nosos seguimos presenciando as cousas máis tristes de ver, que é o mal aliciado, e incluso practicado, polas persoas boas.

(*Cartas a un señor*)

Inviabilidade do socialismo desde o Estado.

(...) Quixera facerche comprender en poucas palabras o que pretenden os socialistas, pero a cousa non é doada. A verdade é unha; o erro, coma o demo, é *lexión*, e multiplicase e muda a mercé do que o sustenta. Os socialistas non están, nin con moito, de acordo nos medios de organiza-lo mundo económico de maneira que resulte a felicidade do xénero humano; pero direiche algúns puntos cardinais en que conveñen os máis prácticos e moderados, porque se doutros che falase, habías pensar que me burlaba de ti, dádoche por organización social algún papel esborrachado polos habitantes dun manicomio. Escoita, pois, o que é o socialismo máis moderado, máis práctico.

O capital abusa do traballo: *supresión do capital*.

O home abusa da facultade de face-lo que mellor lle parece para utiliza-lo seu traballo: *supresión da liberdade*.

A concorrencia é unha guerra económica encarnizada: *supresión da concorrencia*.

O propietario sacrifica ó traballador, monopoliza avantaxes e ben-estar: *supresión da propiedade*.

Non haberá propiedade *individual*, senón *colectiva*. O ESTADO é o único propietario, o único capitalista, o único produtor; e como non se vai facer concorrencia a si mesmo, non hai concorrencia. Agora, reflexiona que non tódolos pobos establecerán este sistema ó mesmo tempo, e aqueles nos que non estea establecido, poderán introducir productos a menor prezo, e facer unha terrible competencia; hai que mandar exércitos ás fronteiras, e escuadras ás costas, para evita-lo contrabando, que trastornaría todo, porque non é posible quitarlle ó home a teima de vende-lo máis caro e merca-lo máis barato que poida.

Aínda cando o socialismo estivese establecido en tódalas nacións, sería inminente o perigo do contrabando, porque será grande a diferenza de prezos. Agora, a pesar de non se suprimi-las duanas, os dereitos que nelas se pagan son cada vez máis baixos, e a tendencia é a entrar en razón, quer dicir, a que se produzan cousas alí onde naturalmente se producen con máis proveito, e non porfiar en facer de Inglaterra un país de cereais e de Francia unha terra de azucre. Eu coido que o Estado, cando sexa único capitalista, fabricante e constructor, non teimaría en facelo todo na casa *para non ser tributario do estranxeiro*, como se dicía e aínda se di; pero incluso así, os prezos das cousas non serían os naturais, nin con moito, por unha razón ben sinxela.

Na organización económica actual, as industrias teñen operarios que temen ser despedidos se traballan pouco ou traballan mal e capitalistas que vixían ós traballadores, procuran as primeiras materias da mellor calidade e ó menor prezo posible, coidan de que a fabricación se faga con economía, pro-

porciónanse a saída máis favorable para os seus productos, etc., etc.: isto acontece en Inglaterra e en Rusia, en Bélxica e en España. A produción está organizada conforme ás espontáneas tendencias do home, que, como esencialmente é o mesmo en tódalas partes, dá resultados análogos, e os prezos das cousas tenden a se equilibrar en tódalas partes, sempre que non se forme o absurdo empeño, como che dixen, de pretender loitar contra as leis naturais. Pero desde o momento en que o Estado é fabricante, a industria nacional é un ramo da Administración, como Correos, Beneficencia ou Establecementos Penais, e terá a mesma inferioridade ou superioridade que estes ramos teñan nuns países respecto dos outros. Supón os productos de España tan inferiores ós dos Estados Unidos, como o son os nosos cárceres respecto ás súas prisións, e figúrate se será posible evita-lo contrabando, aínda que a metade dos españois reciban a misión de impedir que a outra metade, infrinxindo a lei, merque bo e barato, o que legalmente deben mercar malo e caro (...)

(*Cartas a un obrero*)

A lei da competencia é natural ó comercio.

(...) O socialismo suprime a competencia, e como a competencia non se pode suprimir, el sería o suprimido.

Digo *sería*, porque non *será*. Non é posible que pase das intelixencias extrañadas á práctica unha cousa tan impracticable. ¡O Estado, único fabricante, único produtor, único propietario! ¿Quen é o Estado? Sen entrar en consideracións que estarían aquí fóra do seu lugar, direiche que a idea do Estado está representada, e funciona convertida en feitos, por medio de homes con vicios, paixóns e defectos. Cumpriría que fosen deuses e fixesen milagres a todas horas, non digo para levar a cabo, senón para dar realidade por un momento ó soño dos socialistas. Ben sabes, Xoán, o que pasou cando o Estado se meteu a industrial. Gastábase moito, producíase pouco, vendíase mal, e había fraude, desleixo e ignorancia en todo e para todo. Non ignoras que para a empresa máis pequena é necesario que o amo *estea enriba dela*, senón arruínase. ¿Como non se arruinaría a xigantesca empresa dunha industria nacional, a máis fabulosa de tódalas industrias, de tódolos comercios, sen máis vixilancia cá oficial, sen máis interese có que inspira o ben público, as fábricas convertidas en *oficinas*, e os operarios en *empregados*? (...)

(*Cartas a un obrero*)

IV

AS RELACIÓNS NO ESTADO

A opinión pública respecto ás mulleres.

A opinión pública en España respecto ás mulleres poderíase comparar a esas poderosas correntes que, despois de arrastrar un corpo, empurrándoo en distintas direccións e facéndoo xirar rapidamente, acaban por afundilo. En efecto, ¡cantas aptitudes, canta intelixencia, canta vida moral e intelectual da muller esteriliza e aniquila a opinión extraviada!

Ó falarmos da *opinión*, non entendemos só a dos homes, pero como é a que ten influencia incomparablemente maior, falaremos dela antes e máis de vagar.

En España hai homes que consideran e respectan á súa nai, á súa muller, á súa irmá, e en quen o amor de pais inflúe favorablemente respecto ás súas disposicións para co outro sexo; pero cando o cariño non modifica as ideas, a que teñen da muller é ben minguada, xa que a xulgan moi inferior a eles en todo, e mírana cun desprezo verdadeiramente abafante. Aínda que en ocasións, como digo, o afecto se sobrepoña ó desprezo ou o neutralice, ou se cadra o tempera algunha cabaleirosa reminiscencia, é o certo que o home non é excepción da regra de desprezar ó que cremos moi inferior e oprimir ó que despreciamos (...)

(Informe para Stanton)

O marido que pisa os seus deberes..., atopa na opinión toda clase de compracencias.

O convencemento da aptitude intelectual da muller parece estar namais que *esbozado*, mesmo en moitos homes que avogan e traballan con eficacia pola súa instrucción. O marido, que é o que *gaña* e o que *sabe*, é natural que sexa o que *mande*; non está mal visto que da dominación se pase á tiranía, se esta non ten caracteres moi brutais, e non é frecuente nota-lo abandono parcial e moral

da familia, nin anatematiza-lo material e total. Cousa que non se concibe sen unha complicidade da opinión, e determina a deficiencia na lei ou faina inútil.

O marido que pisa os seus deberes de esposo e de pai atopa na opinión pública toda clase de compracencias, e compréndese as que terá co amante esta mesma opinión que, en vez de amosar honrada indignación, despreza á vítima dos seus malos procederes e rise maliciosamente dela. A moza honrada, ó cabo dos anos dun amor puro é burlada polo indigno que llo inspirou; e mentres ela ve tronzada a súa vida e esgazado o seu corazón, el continuará sendo un «caba-leiro», se vai ben vestido, e pode ser home, non só de moda, senón de importancia, e aspirar ós máis altos postos na política, na milicia e na maxistratura. Que os homes non cumpran entre si a súa palabra está mal visto; pero faltar á que se dá ás mulleres é corrente, non censurable nin censurado. Se a muller a quen se enganou e se abandonou é nai; se na imposibilidade de fornece-lo sustento dos seus fillos, estes perecen na miseria, son un grupo de vagos e criminais, e ela sucumbe á desesperación baixo calquera das súas formas, aínda que chegue ó suicidio, o causante de tal morea de culpas e desventuras non é obxecto de pública censura, e o seu mal proceder non será obstáculo para a súa boa fortuna. A muller, a quen se debilita quitándolle os medios de subsistencia coa privación dos traballos lucrativos e opoñéndose a que cultive as súas facultades intelectuais; a muller, a quen se desarma para a loita, ha de ser forte nela, ha de triunfar dos seus afectos, dos seus instintos, da natural propensión de crer a quen se ama e de confiar no que pode, e promete, dar protección. O pecado no ser forte chámase *triumfo*, no débil *caída*; e a opinión, que o empurra para que caia, cúspelle e esmágao cando está no chan.

Cómpre reparar en que a opinión, que abandona ou escarnece a mulleres débiles, con circunstancias atenuantes para a súa falta, amósase benévola con algunhas que debería anatemizar. Hai adúlteras elegantes, en círculos en que a mala conducta antes favorece que prexudica ó bo gusto; ben recibidas en tódalas partes, e incluso gabadas, de seren ricas, elegantes, fermosas ou teren algún título de nobreza. Nestes círculos a deshonestidade, as máis das veces o desenfreo, desafia á opinión, rise dela, e o adulterio non é asunto tráxico, senón cómico.

(Informe para Stanton)

A forza da opinión.

(...) A opinión, polo mesmo que ten un gran poder, é un grande elemento de inmoralidade, cando en vez de enfrea-os malos impulsos, auxílios, e os estragos que causa están en razón inversa dos medios de resistila. Illarse dela

é imposible: sempre penetra coma o aire por unha ou outra regandixa; non é dado ignorala por completo: certamente pódense neutraliza-las súas influencias, na familia honrada, con exemplos de virtude, coa práctica do deber, coas leccións da verdade e os sans principios da xustiza. Todo isto pódese facer, e faise, máis ou menos; pero xa se comprende a dificultade de establecer ese cordón sanitario moral, e de que o virus do ambiente non se introduza, e non faga estragos o contaxio.

Cando a opinión é compracente para o mal, este queda impune. Disque os xuíces, a policía, a garda civil, as autoridades non perseguen ós criminais, por isto, polo outro ou polo de máis aló: a verdadeira causa é que non inspira o crime todo o horror que merece, e que a opinión, no canto de valer á xustiza, oponlle atrancos.

E xuíz di que non atopa verdade nas testemuñas; a garda civil que non atopa enerxía no xuíz; as testemuñas que non atopan protección contra as vinganzas dos criminais que denuncian; a policía que non atopa recompensa polos seus servicios, nin sequera seguridade de non recibir prexuízo cando merecía premio; as autoridades que non atopan a ninguén que os secunde, nin máis ca obstáculos insuperables; o Goberno asegura, en fin, que é impotente para extirpar en pouco tempo males tan antigos, que non atopa o indispensable apoio dos gobernados, nin sequera o secundan ben os seus representantes.

Resulta, que todos teñen razón contra todos, e que non asiste a ningún (...)

(*Estudios penitenciarios*)

A conciencia pública.

(...) É imposible que sexa boa a administración de xustiza se a xustiza non é comprendida, sentida, practicada pola maioría. O xuíz e a garda civil non son máis có instrumento da conciencia pública formulada na lei, que é letra morta cando non existen nas almas os sentimentos que lle poden dar vida; *mens agitat molem*; cando o espírito non está presto, a materia queda inerte. As fontes da actividade do espírito, para perseguir ós criminais, non están nin no salario que se cobra, nin no código que se aprende de memoria, senón na idea do deber e do dereito; no amor ó xusto; no noxo polo que non é digno; no horror do que é cruel; no respecto ó que é nobre; na necesidade do aprecio público; na atracción e na repulsión que polo ben e o mal se experimenta, facendo propia e persoal a causa da xustiza, e abrazándoa con entusiasmo. Estas disposicións, só excepcionalmente poden existir illadas, e cando a opinión pública enlea

nunha atmosfera deleteria a virtude do funcionario público, difícil é que non sucumba, ou alomenos que non se resinta moito.

A complicidade moral da opinión cos delincuentes faise material; os que infrinxen a lei atopan aliados en tódalas partes; os que intentan aplicala atopan hostilidade onde queira, ou alomenos unha indiferencia que prolongada abafa; e as mesmas causas que facilitan a penetración do crime, proporcionan a súa impunidade (...)

(*Estudios penitenciarios*)

Beneficencia, filantropía, caridade.

Beneficencia, filantropía, caridade.

Beneficencia, é a compaixón oficial que ampara ó desvalido por un sentimento de orde e de xustiza.

Filantropía, é a compaixón, filosófica, que auxilia ó desventurado por amor á humanidade, e a conciencia da súa dignidade e do seu dereito.

Caridade, é a compaixón cristiá que vale ó menesterozo por amor de Deus e dos seus semellantes.

É consolador que os homes pensadores comprenderan todo o mal que vén de que estas tres grandes fontes de consolación corran en distintas direccións. A «Real Academia de Ciencias Morales y Políticas» consigna este feito dunha triste evidencia para todos aqueles que pensaron na materia.

A caridade privada e a Beneficencia pública están separadas.

Despois afirma unha verdade que xeneralizada poderá ser orixe de grandes bens.

Cómpre enlazalas.

¿Baixo que bases? Velaquí o problema. Para resolvelo fai un chamamento ás intelixencias que nestas cuestións se exercitan. Catro son os principios que, ó noso ver, se deben seguir para enlazala caridade privada e a Beneficencia pública.

1.º É un deber da Sociedade procurar ós desvalidos a maior cantidade de ben posible.

2.º A Sociedade non comprende a súa alta misión, se cre que a enche só con facer ben material.

3.º O Estado illándose da caridade privada non pode valer debidamente nin ó corpo do menesterozo nin á súa alma.

4.º Existen na Sociedade os elementos precisos para consolar tódalas dores, só hai que harmonizalos.

Tódalas medidas que tendan a poñer en harmonía a caridade privada e a pública, deben, ó noso ver, axustarse a estes sinxelos principios, que desenvolveremos na orde anunciada.

(*La beneficencia, la filantropía, la caridad*)

Leccións incompletas de historia que recibiu o pobo.

(...) Nestes últimos tempos déronche algunhas leccións de historia, reducidas a che pinta-la a tiranía e os crimes dos reis, os seus vicios, as súas tolerancias; a che dicir que sen eles as nacións serían prósperas e venturosas, e que só tes que derrubalos para ser ti venturoso. A verdade incompleta é unha mentira, e a historia, así tronzada, é unha fábula. Os xefes supremos das nacións, chámense como se queira, non son os seus guías, os seus inspiradores, senón o seu reflexo; non dan o impulso, recíbeno. De saberes un pouco de historia, de historia verdadeira, non te entregarías a soños insensatos ou culpables, nin o erro do entendemento armaría a túa man para o crime: verías claro que os reis non son ó cabo máis cós representantes dos pobos, que botan homes ás feras con Nerón, e á fogueira con Felipe II.

Un pobo ignorante e vicioso é escravo: a representación dun pobo escravo é un tirano. Os elementos da tiranía están no pobo: el é o que fornece sempre o ferro para as súas cadeas. ¿Por que en Roma moitos emperadores foron feras? Porque o pobo era feroz. ¿Por que en Inglaterra os reis respectan o dereito? Porque unha gran parte do pobo pensa, traballa e acata o deber. Un rei bo nun pobo malo, un rei malo nun pobo bo, pasan coma un meteoro; e aínda ó pasaren espellan sempre algo do que os rodea. Un mal rei, Luís XV, rexeita a invención infernal de incendiar traidoramente a escuadra inimiga e paga xenerosamente ó inventor, coa condición de que non poñerá por obra o seu invento. Aquel bo emperador de Roma que mereceu ser chamado *as delicias do xénero humano*, permite que se celebren os seus triunfos coa carnicería do circo, cos combates de gladiadores. Os reis resultan do estado moral e intelectual dos pobos. Rectifica, pois, a primeira lección de historia que recibiches dicindo: «Os reis malvados créanse na maldade dos pobos».

Escoita outra lección: Cando un pobo asola, incendia e fende árbores, ten que repoñe-lo que destruíu, e ademais ten que paga-las recompensas dadas, máis ou menos xustamente, ós que á forza e con risco fan que entre en razón. Os exércitos que incendian e fenden árbores na invasión padecen fame na reti-

rada; o mesmo lle acontece ó pobo que avanza cara ó imposible polo camiño do inxusto.

Destruíches telégrafos, camiños e pontes. ¿Quen non sendo ti ten que cubri-los seus gastos? Deches motivo e pretexto a ascensos e recompensas. ¿Quen non sendo ti ten que pagalas? Vencedor ou vencido, tiñas que repoñe-lo que destruías: isto sería para ti evidente se a cólera e o temor fosen bos elementos de cálculo.

Pero, disque: dino por desgracia e creno case todos, que aqueles dos teus fillos que causaron estragos son dos que *non teñen que perder*. Non só é falso que haxa un só home que non perda na perda común, senón que é certo que na desorde e a destrucción de valores perden máis os que disque non teñen que perder. A cuestión é moi importante, é capital e cómpre que nos deteñamos un pouco nela.

Xoán é un xornaleiro. Non ten ningunha propiedade; agora que non se paga contribución de consumos non paga contribución. Pode incendiar, destruír camiños, telégrafos e pontes sen ningún prexuízo. Se se impoñen máis tributos, outro os satisfará; se se deixan de cubri-las obrigas do Estado, tanto lle ten; el non cobra un real do presuposto. Xoán pode facer, pois, dano, moito dano ós outros sen que lle resulte ningún mal para el. Erro grave, blasfemia impía da ignorancia. Ninguén fai mal nin ben sen que lle toque unha parte; así o dispuxo a admirable providencia de Deus (...)

(*A los vencedores y a los vencidos*)

Os pobres teñen moito que perder nas desordes.

Vexamos o que *perde* na destrucción e na desorde ese Xoán *que non ten nada que perder*.

Na loita morreron moitos soldados; en vez de diminuí-lo exército hai que aumentalo; os que botaban maldicións contra os soldados e contra as quintas, queren quintas e soldados, porque gañaron medo ó roubo, ó incendio, ó asasinato, á destrucción levada a cabo polas masas; ó que se chama, en fin, o reinado da demagogia. De resultas de todo isto un fillo de Xoán, que debía quedar na casa axudando ó seu pai, vai de soldado.

A destrucción dos camiños dificulta os transportes, fainos imposibles durante algún tempo; os artigos soben: Xoán ten que pagalos máis caros.

Cando non hai seguridade completa nin nos camiños nin nas cidades, moitos capitais retíranse; os que continúan nas especulacións mercantís e indus-

triais sacan maior rédito polo maior risco e a menor concorrencia. Isto tradúcese en carestía para Xoán.

O que ten terras de seu, o que fabrica o pan, o que vende a carne, o que tece o lenzo, o que fai zapatos, vese abafado polas contribucións, aumentadas para reparar tantos estragos e manter tantos soldados, e véndelle a Xoán máis caro por esta razón o pan, a carne e os zapatos.

Os ricos foxen dun país onde non hai seguridade, nin paz, nin acougo; van gastar ó estranxeiro as súas rendas; os capitais emigran ou agóchanse; non se fan obras, e Xoán non ten traballo.

Implora a caridade pública; pero pola mesma razón que hai pouco traballo, hai pouca esmola, e ¡quen sabe se a caridade non se arrefía para Xoán dicindo que a súa desgracia é obra súa e mirándoa como un xusto castigo!

Enferma, e ten que ir ó hospital. A pobreza e a desorde do Estado maniféstase alí dun xeito ben triste; non hai nin o máis indispensable, e Xoán sofre horriblemente e se cadra morre da súa enfermidade, que era curable, ou dunha febre hospitalaria, consecuencia do amoreamento e o abandono, a falta de caridade e de recursos.

Podería continuar facendo a lista, cumprida, ben cumprida, dos males que caen sobre Xoán como consecuencia da desorde, a penuría xeral, a necesidade de represión, a falta de confianza, de traballo, etc. Poderíamos ve-las consecuencias de todas estas cousas, non só nel, senón na súa muller, nos seus fillos. Poderíamos velo arrastrado ó crime pola miseria e a desesperación, xemer no cárcere ou perecer no cadafalso; pero non nos deteñamos perante este horrible cadro, que ó cabo non sería máis ca unha excepción; abonda a regra para nos demostrar con evidencia que en toda desorde, en toda penuria, en toda pública calamidade, os que máis perden son os que, disque, *non teñen nada que perder*.

E por pouco que reflexionemos, a verdade aparecerá con evidencia. O pobre ten o preciso, o puramente preciso para non padecer fame nin frío; ó menor trastorno, que teña como consecuencia quitarlle un día de xornal, rebaixa-lo prezo do seu traballo ou aumenta-lo dos obxectos que consume, a súa pobreza convértese en miseria e carece do necesario. O rico perde cen réas ou cen pesos cando el perde un só real; pero a falta deste real significa para o pobre carencia de pan; a falta dos cen pesos significa para o rico a carencia dalgunha cousa superflua. O rico perde ás veces nos trastornos o que precisa para vivir con luxo; o pobre perde o que precisa para non morrer na miseria. É ben claro, evidente, que os que máis perden no malestar e na penuria xeral son os que, disque, *non teñen nada que perder (...)*

(A los vencedores y a los vencidos)

Falta de opinión pública e de acción pública.

(...) Non se necesita unha observación moi detida para reparar en que os pobos, a medida que máis se gobernan a si mesmos, fan por si maior e máis importante número de cousas, habendo moitas que non se poden facer ben por delegación, senón directa e personalmente. Cando non acontece así, cando milleiros e millóns de persoas non participan activamente na obra social, ignoran o que pasa na sociedade, e non só falta a cooperación material do público, que xa é moito faltar, senón o que aínda é máis grave, falta a *opinión pública*, e carécese unhas veces de apoio, outras de alento ou de freo, sempre dun elemento indispensable. Para a meirande parte das cousas importantes que constitúen a prosperidade e o progreso dos pobos modernos, non pode haber *opinión pública* cando falta *acción pública*. Non entendemos por opinión o barullo que fan ó falar unhas cantas persoas que non se escoitan non sendo polo silencio dos que son máis; que non teñen idea exacta do asunto que tratan, considerado xeralmente por eles non como *obxecto*, senón como *medio*, nin dos feitos que procuran manipular de modo que sirvan de argumentos. Cando se oen certos discursos ou se len certos libros dos amigos do pobo e dos que lle son hostís, ó considera-las cousas que afirman ou que negan, o que esperan e o que temen, ocorre a idea de que nin uns nin outros deben coñecelo, porque doutro xeito nin dirían del nin tanto ben nin tanto mal.

E o que sucede nas cuestións políticas acontece nas sociais; só que nestas a opinión extraviase, enfraquece, vólvese máis imposible, afastándose da acción.

Non son teorías, senón declamacións, as que se arredan da experiencia e da práctica da sociedade que, cos seus vicios, non enfreará certamente ós que carecen de virtudes sociais, aínda que poñan un cárcere en cada rúa, un soldado en cada esquina e un tribunal ou unha tribuna en cada casa. Non constitúe, non pode constituír opinión verdadeira ese número maior ou menor, sempre curto, respecto á totalidade dos que dan o seu parecer sen seren peritos e que, malia as súas correctas formas, non deixan de ser no fondo máis ca curandeiros sociais.

A falta de opinión pública e de acción pública en España, facilita os abusos, estorba calquera innovación benéfica, de modo que as reformas intentadas parécense moitas veces a edificios construídos baixo un bo plan, pero con materiais malos. O que non considere máis cós nosos Códigos, supoñerá que somos un pobo que marcha rapidamente polo camiño do progreso, porque aínda cando a lexislación estea ben lonxe de ser perfecta, tampouco o son as dos pobos

máis cultos, e pola comparanza das súas leis coas nosas non se pode coñece-la nosa inferioridade real (...)

(La mujer de su casa)

A forza da instrucción.

(...) Tocante á necesidade de que os homes se instrúan, débelle parecer urxente mesmo a aquel que non degoire a súa perfección polo que é en si mesma e só a considere como un elemento de orde. Tódalas autoridades perden prestixio, tódolos poderes materiais forza, e ó mesmo tempo a política dá dereitos, e a civilización tentacións ás multitudes que, se non deixan de ser masas, esmo-roaranse cegamente sobre as leis máis santas. As cousas van chegando a un punto en que para que o pobo non esmague á xustiza, é indispensable que a coñeza. ¿E vaina coñecer sendo ignorante?

A democracia empeza a ser unha realidade, pero cómpre facer de xeito que non sexa unha desventura, como o sería se a razón e o dereito non substituísen á autoridade e á forza. As multitudes máis ou menos conservan aínda hábitos de obediencia, pero van perdéndoos; e se o día, que posiblemente non estea moi lonxe, en que os perdan de todo non os substituíron por motivos racionais de obeder; e se a xustiza, sexa cal sexa o nome que se lle dea, non se pon ben alta, por riba de tódalas cousas e de tódolos homes; se non se lle quita a espada da man non sendo para guindala nun dos pratos da balanza; se o baldeiro que deixa o temor non se enche co coñecemento, grandes serán os danos e, o que aínda é peor, grandes serán as culpas.

¿De que lle serve á multitude que se recoñeza nela unha vontade, se non ten un entendemento para dirixila? ¿De que lle serve que o século lle diga ¡érguete e anda! se non sabe onde ir, se está ás escuras e rodeada de precipios? ¿De que serve que lle dean a coroa e mailo cetro da soberanía se é *masa* e, xa reciba impulso exterior ou xa o teña dentro como un volcán, esmoróase ou salta mecanicamente, esmagando coa súa mole o que lle cae debaixo, sexa malo ou sexa bo? Se a multitude empeza a moverse, cómpre que saiba cara onde se encarreira; se é forza, que sexa intelixencia; porque os pobres cegos, veñan de onde veñan, van ó abismo (...)

(La instrucción del pueblo)

Os gobernos e a moralidade.

(...) A moralidade dos pobos, o mesmo cá dos individuos, resulta non só do ben ou do mal que fan considerados separadamente, senón pensando e com-

parando os seus bos ou malos feitos. Pode haber un home non só cumpridor das leis, senón que ostensiblemente se absteña de facer dano, e sexa, con todo, moi inmoral, porque, podendo, non fai nunca ben. Cousa semellante acontece cos pobos, que son mal xulgados considerando a fúnebre e arrepiante estatística dos seus crimes, sen teren en conta a exemplar e consoladora das súas virtudes, abnegación e feitos heroicos. Así, aínda de ser certo (ben observado non o é) que a criminalidade aumenta, non o sería que a inmoralidade fose maior, porque a administración de xustiza máis perfecta revela infraccións legais que antes pasaban inadvertidas, sobre todo polo gran número de virtudes sociais que lles serven de contrapeso.

Este contrapeso é indispensable. Os gobernos poden mante-la orde material, e iso a duras penas, aínda que persigan co telégrafo ó criminal que foxe en ferrocarril e lle quiten unha foto para identifica-la persoa que ten tanta variedade de nomes, de asinaturas, de fasquías e de traxes. Pero os gobernos non poden mante-la orde moral que, cando está moi perturbada, fai imposible toda clase de orde, porque se volven contra ela os mesmos encargados de conserva-la, como vemos adoito. A máis altura e liberdade dun pobo, xa o dixemos, máis cooperación *voluntaria* da súa parte é indispensable para a orde verdadeira, porque incluso no eido oficial, ata os empregados e funcionarios que nomea e paga o Estado, se non fan máis do estrictamente preciso para pasar, se non teñen virtudes sociais e amor pola súa obra, executarana tan mal como pode ver quen pase en España por calquera establecemento público, con excepción, non da dependencia enteira, senón dalgún dos individuos que dela forman parte. E compréndese. Os funcionarios e empregados non viven nunha atmosfera onde poden illarse das influencias sociais e de familia; recíbenas, boas ou malas, e cando están rodeados de egoísmo, indiferencia polo ben e tolerancia polo mal, non é doado que teñan abnegación e entusiasmo pola pública prosperidade (...)

(*La mujer de su casa*)

Harmonías.

(...) Se a máquina gubernativa non pode marchar ben cando as partes que a compoñen toman o cargo como oficio, ¿como marchará a máquina social, tan complicada, tan inmensa e cunhas rodas que non engrenan senón en razón de harmonías que se establecen pola virtude, polo amor, pola abnegación, polo convencemento, polo honrado cálculo, pola actividade voluntaria e, en fin, por

tantos elementos como hai enriba e debaixo da lei, que a envolven e avivecen, que non son esixibles, pero si imprescindibles? (...)

(La mujer de su casa)

Avanzar en civilización.

(...) A civilización non é o vicio e o crime; non é o progreso material e o retroceso moral; pero como multiplica as ocasións, as tentacións e as maneiras de facer mal, necesita que se multipliquen as formas de coutala, e para que, coma a lanza de Aquiles, sande as feridas que fai, cómpre que se impregne por tódalas partes de amor activo do ben público. Ninguén dubidará que unha locomotora é un medio de transporte máis perfecto ca unha carreta, pero tampouco que precisa un camiño especial e o maquinista máis coñecementos có carreteiro; se non se cumpren estas condicións, ou non poderá andar, ou chocará, e sería absurdo nega-las súas vantaxes cando non se puxeron os medios racionais e indispensables para conseguilas. Do mesmo xeito, a civilización que é moi preferible á barbarie, constitúe un organismo social máis complicado, e precisa máis intelixencia e máis virtude.

Nós importámo-la iluminación de gas, o ferrocarril, o telégrafo e varios productos da industria, e leis políticas e penais; traducimos libros e adaptamos algunhas formas estranxeiras, gabamos tratados e asistimos a conferencias e congresos internacionais, coma quen forma parte activa do mundo civilizado. Isto de primeiras; pero observando máis detidamente, nótase que hai máis aparencia ca realidade en semellante cultura; que non ten raíz, que non vivifica, que non é homoxénea e maciza, senón superposta con tenue e brillante capa, que se gasta á menor rozadura, deixando ver manchas de salvaxismo e barbarie. Todo porque nos falta ciencia e virtude; virtude sobre todo, e queremos locomotoras que corran por malos camiños e manexadas por carreiteiros.

Non poñendo os medios axeitados, o fin non se pode lograr, e nunca seremos un pobo culto e próspero se non prestamos á obra social aquela cooperación que é indispensable para que se faga ben. Mentira serán as boas leis, sendo verdade só as prexudiciais; mentira serán as benéficas empresas, sendo verdade só os abusos que á súa sombra hipocritamente se cometen (...)

(La mujer de su casa)

¡Que exemplo de se imitar!

Hai unha caste numerosa, moi numerosa desgraciadamente, prexudicialísima para tódalas obras, e moi en particular para as de caridade; a caste

dos *imposibilistas*, xente que en todo propósito bo só ve as dificultades que se opoñen á súa realización, e que para toda novidade benéfica non ten máis ca unha resposta: ¡IMPOSIBLE! Esta palabra, que pronuncian coma unha mestura de oráculo e de anatema, é a expresión dun convencemento sincero ás veces e outras hipócrita, porque non hai xeito máis expedito de denegar cooperación a unha boa obra ca declarala imposible; ademais, o que a cualifica de tal ostenta certa superioridade sobre o visionario que a propoñía, co cal queda servido ó mesmo tempo o egoísmo e a vaidade: deixémoslos en tan desventurada compañía, e ocupémonos dos *imposibilistas* sinceros que, ó noso ver, serán os máis deles. O desalento destes é efecto do apoucamento do seu ánimo, do pouco interese que lles inspira a cousa considerada imposible, da falta de móbil poderoso para procura-los medios de realizala ou de non coñecer como se realizaron outras, supoñendo equivocadamente que tódalas cousas grandes tiveron grandes principios e facilidades para medrar, e que unha vontade firme e recta non é a primeira condición, e tal vez a única indispensable, para realiza-las benéficas empresas: a eses ímoslles referir un feito.

Non nos está permitido dicir nome de persoa nin de lugar; pero non hai moitos anos, nunha principal poboación de España, un home ilustrado e caritativo viu e sentiu unha gran desventura por certa clase de desvalidos, e tivo mentes de fundar un establecemento de beneficencia para amparalos. Non contaba con fondo ningún para que a súa aspiración se convertese nun feito.

Cumpría a aprobación do Goberno; daquela, solicitouna e formouse *expediente*, que é coma se dixeramos *obstáculo*. A preguiza, as tramitacións, a ignorancia, a mala intelixencia do que se quería e outros compoñentes análogos, deron por resultado TRES ANOS de adiamento, ó cabo dos cales se autorizou oficialmente o proxecto. ¿Que facía namentres o autor? Esgota-la paciencia nas oficinas e economizar cartos do seguinte xeito:

Tiña frío, ou tiña calor, ou estaba canso e ía coller un coche para desprazarse aquí ou acolá, e díciase: «Non, irei a pé, e a peseta ou as dúas que aforre heinas botar *no peto do establecemento*».

Ocorrialle tomar uns pasteis, uns dóces; abstíñase poñendo *no peto* os tres, catro ou seis réas que lle tería custado a lambetada.

Ía mercar unha gravata, e reparaba que aínda tiña outras en bo uso e podía pasar sen ela: ó *peto* o valor da gravata.

Pensaba ir ó teatro: ó *peto* o prezo do billete algunhas veces, non todas, e case sempre congratulándose despois o dobre da economía e de non ter gas-

tado os seus cartos en ver unha obra moi eloxiada e moi mala, que lonxe de contribuír a educa-lo corazón e o gusto, contribúe a pervertelos.

Ó cabo de tres anos de suprimir moitos pequenos gastos innecesarios e leva-lo seu importe ó caritativo depósito, encontrou nel *oito mil réas*. Pouco era para a fundación que proxectaba, e moitas probas de que era imposible lle deron, e moitos sorrisos de desprezo cachaba; pero nin unhas nin outros fixeron dudar a quen cos 8.000 réas levaba un gran pensamento, unha gran fe e unha firme vontade. Os *imposibilistas* trabucáronse, e o *visionario* acertou. Fundouse a casa benéfica; hai dezaoto anos que nela reciben socorro moral e material os que sen ela estarían en cruel e perigoso abandono e, batendo contra grandes dificultades, loitando con elas e vencéndoas sempre, a obra segue e seguirá, Deus mediante (...)

(*Artículos sobre beneficencia y prisiones*)

Institucións protectoras para os pescadores.

(...) Tocante ó espírito de economía, tan necesario para tódolos pobres, e máis aínda para aqueles cun trababallo que sofre interrupcións e dá produtos moi desiguais, é difícil introducilo entre aqueles pescadores afeitos a non economizar nada. Pero, á parte de que algúns haberá económicos, algúns en quen a falta de orde non sexa un mal inveterado, en todos se podería influír co establecemento de sociedades cooperativas para o consumo, e de caixas de aforros. Estes deberíanse recibir, non tal día fixo da semana, senón aquel en que houberse pesca abundante, e alentar, alomenos ó principio, cun aumento feito pola asociación protectora, de modo que o que levaba á caixa unha cantidade sabía que entraba aumentada coa parte engadida, como auxilio de esforzos difíciles e premio á boa vontade; a palabra esmola non se debería pronunciar.

De haber alguén que o fixese, estamos certos de que o antedito non sería traballo perdido e cambiaría completamente a forma de ser dos pobres pescadores.

(*Artículos sobre beneficencia y prisiones*)

Padroado de rapaces abandonados.

¿Como se deben organiza-las institucións referentes ós rapaces vagabundos, mendigos ou abandonados?

Estas institucións terán que cambiar moito, conforme estean nun país onde sexa débil ou poderosa a acción individual. Naqueles que venturosamente estean neste derradeiro caso, a Administración auxiliará; nos outros será auxilia-

da. É de desexar que a acción directa do Estado non sexa necesaria para educar ós rapaces abandonados, e que se encarguen de amparalos física e moralmente asociacións particulares. Cumpriría que estas asociacións, sen perderen a súa iniciativa e liberdade, se harmonizasen na unidade para valerse mutuamente e evita-los inconvenientes do illamento.

A organización das sociedades protectoras da infancia abandonada debería ser tal que non se limitase ás grandes cidades, concentrando a súa vida nelas, senón, pola contra, se estendesen, a ser posible, por todo o territorio, tendo socios incluso nas poboacións máis insignificantes; só así podería traballar dunha maneira eficaz para conseguir tres obxectivos importantes respecto ós rapaces abandonados:

- 1.º Afastalos das grandes poboacións.
- 2.º Evitar que formen comunidades numerosas.
- 3.º Procurarlles vida de familia.

Sábese a propensión dos obreiros a se concentraren nas cidades; o cal, se é prexudicial para os adultos, aínda o é máis para os rapaces abandonados, xa que a súa precoz depravación atopa nos grandes centros atractivos perigosos e fatais. Tanto para robustece-lo seu corpo, enfraquecido pola miseria e as desordes, coma para preserva-la súa alma de estímulos e tentacións, cómpre levar ó mozo lonxe daqueles focos do vicio en que probablemente estará xa iniciado; de non ser posible dedicalos á industria agrícola e a traballos no campo, alomenos levaranse a lugares onde non haxa esas multitudes que en horas dadas parecen posuídas da febre do pracer, convertida facilmente en frenesí do vicio.

O amoreamento de rapaces abandonados en casas benéficas é tamén moi prexudicial, tanto para a súa moral coma para o seu físico. Considerando que se necesitan moitas precaucións para que non se corrompan nos grandes colexios os nenos das clases acomodadas que recibiron o que se chama boa educación, comprenderase o perigo de agrupar ós que han de estar, na súa meirande parte, iniciados nos misterios do vicio, e algúns, probablemente, nos do crime. Grandes atrancos hai que vencer para purifica-la atmosfera moral destes asilos cando os acollidos a eles o sexan en gran número.

O mellor medio de preparar un honrado porvir ó rapaz que viviu no abandono, é procurarlle colocación cunha familia verdadeiramente honrada, podendo ser no campo e baixo o coidado e vixilancia dun patrono, despois de estar máis ou menos tempo, segundo os casos, no asilo para estudialo e disciplinalo.

O obxecto do padroado dos rapaces abandonados indica a súa organización: que teña unidade e centros nas grandes poboacións, onde encontrará o maior número dos seus patrocínados, pero que non concentre alí a súa vida toda,

senón que, pola contra, a estenda a todo o país, onde é necesaria a súa acción; que procure socios nas vilas pequenas, como dixemos, nas aldeas; que se espalle para que poida ter representantes alí onde teña protexidos (...)

(*Congreso Penitenciario de Estocolmo*)

Atmosfera moral e delicto.

(...) En épocas de pública calamidade, por malas colleitas, inundacións ou outra calquera causa que acrecente a miseria, a estatística demostra que son máis frecuentes os delitos, en especial os que se dirixen contra a propiedade. ¿Penaranse máis severamente a medida que medra o seu número, ou, pola contra, comprenderase que as circunstancias xerais, sen aboa-lo mal feito particular, os desculpan un tanto e atenúan a súa malicia? Parécenos evidente que fará o último calquera xuíz que teña nocións elementais de dereito ou simplemente bo sentido, e repita iso tan sabido de que *a fame é mala conselleira*. Se é máis perceptible a atenuación que leva consigo o maior número de delitos neste caso, non é menos positiva noutros. O fanatismo político, o relixioso, a falta de crenzas, a anarquía, o despotismo, a ignorancia, a impunidade, as leis inxustas, a sede de gozos materiais, a corrupción dos costumes, etc., causas xerais son que acrecentan a criminalidade sen aumenta-la culpa do criminal; antes, polo contrario, atenuándoa, porque o mal exemplo foi máis repetido e a tentación máis forte.

A frecuencia dos crimes proba que hai causas xerais que alician o seu incremento; a estas causas xerais contribúen todos, e non hai asomo de xustiza en facer que recaian os seus efectos soamente nuns poucos. Certo que o home debe e pode ser bo sempre; pero ¿negarase que precisa vontade máis firme para cumprilo seu deber cando a atmosfera moral que o rodea está inzada de malas tentacións e de malos exemplos? (...)

(*Atmósfera moral y delito*)

A esmola.

(...) E ningunha sociedade medianamente moralizada pode admitir como situación permanente para un neno o que indefectiblemente o imposibilita de ser home honrado e digno: de tódalas variedades do pillabán, que son moitas, cremos que non hai ningunha peor nin tan incorrrible coma o mendigo; medra entre inmundicia moral e material, e a sociedade que o ve, que ve tantos millei-

ros de nenos, criadeiro de homes criminais e viciosos, e non sente vergoña nin mágoa, ten a razón ben extraviada ou as entrañas ben duras.

Supoñendo que a lei preceptúe o xusto, o mandará en van se a opinión non a auxilia nin eficaz nin activamente. Primeiro, facendo do Xurado un tribunal íntegro e activo; despois, creando asociacións caritativas que sexan o seu valedor e o seu complemento, e, por último, non dando esmola, por regra xeral, *sen saber a quen*.

É absurdo dar esmola na rúa sen ter idea da necesidade do que a pide; pero no estado en que están as cousas, ás veces é pouco menos ca imposible evita-la alternativa de favorecer a un vicioso ou abandonar a un necesitado. Nin a beneficencia pública nin a privada dan eficaces socorros a domicilio, nin investigan concienzudamente as necesidades verdadeiras, e incluso o que pensa que non se debe dar na rúa dubida en moitos casos se está en presenza dunha verdadeira desgracia, e o precepto da caridade é: *na dúbida, non te absteñas*.

Entre a inxustiza da lei ou a súa impotencia, os abusos de autoridade, a falta de forma, de xuízo e o apoio que na opinión encontra, o mendigo que pode traballar vive na folganza, forma unha familia, e así multiplícanse milleiros de existencias parásitas, que, amais de debilitar, luxan e afean a planta que lles dá vida. O mendigo voluntario éo principalmente por preguiza, e por preguiza tamén o mantén naquela degradante situación a sociedade que lle dá esmola. Para guindarllo ó paso nun roñento chapeo non é preciso pasar ningún traballo; para ir á súa casa, saber como vive e como pode vivir, ou establecer unha de beneficencia, xa cómpre algo máis ca algúns cartos, cómpre un pouco de tempo e de traballo, e isto é o que moi poucos consideran coma un deber, e moitos menos aínda cumpren.

(*Artículos sobre beneficencia y prisiones*)

O cego e o seu guía, unha das relacións depravantes con complicidade social.

(...) Un imbécil, un eivado, é con frecuencia unha *fortuna* para a súa familia, prodúcelle unha *renda*, e todos folgan e viven do que el saca. Se os seus poden manter ó imposibilitado, é o seu deber mantelo; se non, é o seu dereito recibir un socorro da sociedade; e contra el, tanto ten encerralo contra a súa vontade que permitirlle que libre ande a pedir.

Onde non hai casas de beneficencia dabondo, nin a domiciliaria ten a extensión debida, nin a pública e a privada funcionan harmonicamente, é un feito inevitable, e parece un dereito, a mendicidade do pobre eivado. O cego ten a especial circunstancia de que non pode pedir só, leva para que o guíe unha persoa,

que adoita ser un rapaz, o *lazarillo*; se o neno que mendiga é o peor dos pillabáns, o guía do cego é o máis pésimos dos mendigos, porque á inmoralidade das súas relacións co público, engade a das que ten co cego, a quen engana, de quen se burla, e de quen se vinga ás veces dun xeito cruel. O cego tamén o é cando pode castiga-las trasnadas, os descoidos, os fraudes e as perversidades do seu guía, que se ri tantas veces da súa impotencia e chora algunhas en que o alcanza a súa acumulada cólera. As relacións destes dous seres son esencialmente propias para depravalos, porque é pouco menos que imposible que sexan morais e harmónicas.

O cego teme ser enganado, vólvese receoso; o seu guía, amais da tentación de agochar unha parte da esmola, ten a escusa de que sospeitaron del inxustamente, e vinguase da ofensa combatendo a falta que atribúe ó cego; este, supoñendo que rouba algo do que recolle, non lle dá dabondo, e á vista de que non lle dan o xusto, colle o que non lle corresponde.

O cego imaxina que o *lazarillo* fai risa del cando o reprende, que coa rexoubeira propensión propia da idade, búrtese do ridículo que resulta a súa cólera impotente, daquel pao axitado no aire, caíndo con violencia sobre un obxecto inerte, daqueles ollos en van arregalados, e daquela boca que vomita improprios: hai poucos elementos máis eficaces de depravación cá burla frecuente feita por un neno da persoa dun ancián.

O cego necesita que, polas rúas, prazas, camiños e carreiros, o arreden decote de perigos e tropezos: na idade do guía, non é posible aquel coidado constante, nin aquela previsión, nin o non enredar a cada momento con calquera cousa; e ó ver que se lle esixe máis do que pode facer, non fai nin o que podería, e establécese ese cambio de inxustizas pequenas, que tan ben predispoñen para as grandes.

Poderíase continua-la análise das relacións do cego co seu guía; pero o antedito párecenos que abonda para probar que son necesariamente hostís e desmoralizan a ámbolos dous, e en especial ó neno, que, comezando a vida, contrae para toda ela malos hábitos, e alicia malas intencións, que determinan a súa perversidade.

Así, pois, xa que se autoriza a mendicidade dos cegos pobres, de ningún modo se debería autorizar que fosen guiados por nenos senón por persoas maiores, e mesmo anciás: non é tan prexudicial coma o que os acompañe un neno, pero éo bastante e dá noxo ver mozos ou persoas robustas dedicadas a guiar a un cego e explota-la súa desgracia. ¿Por que non se había de esixir que o guía estivese imposibilitado para traballar ou tivese alomenos unha idade avanzada? A infracción desta regra, de se establecer, sería ben doada de probar e, ó noso ver, a lei non se pasaría dos seus xustos límites prohibindo relacións coñecida

e inevitablemente inmorais, e feitos que, malos en por si, conducen a outros peores, poñendo a un considerable número de nenos nunha situación que fará deles homes desprezables sempre, e moitas veces perversos.

Resulta que a sociedade é, non só cómplice, senón coautora do delito que o mendigo voluntario comete, porque el non pediría contra dereito se ela non dese contra razón. É de notar que a mesma viciosa propensión que alicia neste caso ó demandante inflúe no benfeitor: a *preguiza*. Por non traballar abre a man o mendigo sen necesidade, e o compasivo sen criterio: neste último entra, como concausa do feito, un móbil moral, elevado, a compaixón; pero tan mesturado cun pecado grande, tan desgraciadamente complicado, que o ben que sen dúbida hai alí, parece non só perdido, senón transformado en mal; e é grande o que se fai contribuíndo a que viva na folganza viciosa o mendigo que podía ser un home digno e útil (...)

(Artículos sobre beneficencia y prisiones)

Sistema de reclusión mixto.

(...) O penado español, ¿que vai facer el só, recibindo algunha visita breve e deixándolle por todo recurso, para o resto do día e da noite, a Biblia e mailo Evanxeo, no caso de que saiba ler? Embrutecerá máis e máis, e abatido, amoucado, alporizado, iracundo, estará moi mal disposto para a corrección e a emenda. A soidade atúrase tanto peor canto menos recursos espirituais ten o solitario. Poderá acontecer que non enferme, que non tolee, que non experimente ningún deses trastornos ostensibles de vulto que se consignan nas estatísticas; pero que non se degrade intelectual e moralmente se na súa miseria moral e intelectual se lle deixa só ou sen poderoso auxilio, non o comprendemos. Prescindindo das transicións físicas, as morais varían moito e son máis bruscas, segundo a vida que tivese en liberdade o penado.

A civilización, coas súas necesidades e os seus hábitos, establece certas regras e disciplinas ás que non é doado substraerse por completo: un penado que carbonea en Estremadura ó aire libre, cambiando o cobertizo onde se alberga conforme o seu machado vai tronizando as árbores, e un obreiro de Francia ou Bélxica que traballa trece horas na atmosfera ás veces deleteria dunha manufactura, deben recibir impresións moi distintas, físicas e morais, ó verse confinados na cela solitaria. Cremos, pois, que os rigores do sistema celular non se poden aplicar indistintamente e prescindindo do grao de civilización e estado social dun pobo.

O sistema celular, temperado coa reunión silenciosa para o traballo, ou alomenos pola oración colectiva, e a instrucción relixiosa, moral e literaria, e

as pláticas frecuentes, cremos que se pode aplicar ós penados de calquera pobo civilizado. Isto por regra xeral; as excepcións non se deben desatender, pero tampouco considerarse como motivo para modificar un sisitema (...)

(Congreso penitenciario de Estocolmo)

A función do padroado de libertos.

(...) «Hai dous feitos: a necesidade que ten o que sae do presidio de que non se lle pechen as portas, e a propensión do público a pecharllas, propensión ata certo punto necesaria».

«¿Quen reconciliará estes extremos? ¿Quen harmonizará discordancias que teñen raíces tan fondas? A caridade, nada máis cá caridade: somentes ela, valorosa e amante, estende sen dubidar, a man ó culpable; séntase ó seu lado, aléntao, acóugao, guíao, acompañao, peta con el nas portas da sociedade, que llas abre, véndoo baixo a custodia desta divina valedora. Ama tanto, que non teme nada; a súa confianza xenerosa obriga ó culpable, alenta ós que lle tiñan medo, diminúe as repugnancias; co seu amor prepara o perdón, o esquecemento, a rehabilitación, que tal vez se negaba á xustiza e obtén caridade. A ela corresponde restablece-la harmonía rota entre o delincente e a sociedade, e probar, polas súas relacións con el, que non perdeu as cualidades esenciais dun ser racional e moral».

Definida a esencia do padroado, que é poñer termo a un conflito necesario, trátase de encontra-los medios máis adecuados para logra-lo fin; hai un que para nós ten importancia capital, e que indicabamos ó citado Congreso de Estocolmo nos termos seguintes:

«...É aínda máis importante recrutar membros (para o padroado) en tódalas clases da sociedade, cousa que sabemos difícil por moitas razóns: a primeira é o erro de gran número de persoas persuadidas de que sen cartos non se pode facer obra de caridade; así se exclúen os pobres de moitas obras benéficas, privándoos dun medio de perfección, e á sociedade de valedores poderosos. A fraternidade non consiste en conceder dereitos que non se poden rexeitar nin en dar esmola, non; a fraternidade é o amor, o aprecio, as relacións establecidas baixo pé de igualdade, é a unión dos corazóns. Se queremos fraternizar co pobo, é preciso que comunguemos con el, e que comungue con nós no altar das boas obras: moitas pódense facer sen cartos; só con cartos non se fai ningunha».

«A cooperación do pobo é indispensable para a obra do padroado dos libertos; de pouco lles servirá que os ricos e os sabios os protexan se son rexeitados do taller: un valedor alí seríalles máis útil moitas veces ca tódolos que poidan ter nos salóns e nas academias. Os servicios que os socios de blusa pode-

rían facer á obra do padroado son inmensos; están máis preto dos protexidos, traballan tal vez ó seu lado, ven se vacilan e se apartan do bo camiño, observan as faltas que preceden ós delictos, poden co seu bo consello neutraliza-la paixón que cega e tende-la man ó que está en perigo de caer. Os valedores de distinta condición social có liberto, teñen poucas ocasións de coñecer ó seu protexido aínda que as busquen, o cal non é moi común nin moi fácil. Tal vez se crea que o valedor de blusa careza de autoridade; pensamos, ó contrario, que a súa autoridade será meirande, porque o seu exemplo vale máis ca tódolos discursos. ¡Non se sabe canta forza perde a exhortación feita a un desventurado por aquel que é venturoso ou por tal o ten! O que goza de tódalas vantaxes inherentes a unha boa posición social, esperta no ánimo do desgraciado que intenta persuadir, a idea de que é doado exhortar á resignación de males que non se sofren, e pedir esforzos que non sería quen de facer aquel que os aconsella. Pero cando a situación material do valedor se achega moito á do válido, cando a súa tarefa é ruda, cando gaña penosa e escuramente a súa vida, sen afaños do mundo nin favores da fortuna, daquela está autorizado para falar de traballo e de resignación, e nin falar precisa; o exemplo dun pobre honrado que loita coa sorte adversa, é máis elocuente ca tódalas doutas peroracións. Dirase tal vez que a cooperación dos obreiros á obra do padroado dos libertos é imposible; non nolo parece, e deberíase intentar, contentándose ó principio con resultados mínimos, e considerando que a historia está chea de imposibles (que o pareceron) realizados».

(Congreso penitenciario de Amberes)

Interese do traballador na cousa pública.

(...) Tes interese, Xoán, un grande interese, na boa orde da cousa pública; en que haxa escolas para que aprendan os teus fillos; en que o hospital estea ben montado, a Caixa de Aforros ben dirixida, os tribunais compostos de xuíces probos e ilustrados, os presidios e os cárceres organizados para corrixir; tes interese en que as leis sexan xustas e os impostos moderados e repartidos con equidade, porque ti non podes retribuír mestres, nin, en moitos casos, ser asistido na túa casa cando estás enfermo, nin pagar no cárcere un cuarto á parte, nin en presidio merecer consideración, nin satisface-lo imposto excesivo sen te privares dalgún obxecto necesario, nin faceres nunca, nin en cousa ningunha, que se incline do teu lado a balanza da xustiza, que inclinan do seu os poderosos cando non hai orde. O pobre, moito máis có rico, está interesado en que as cousas vaian como deben ir, porque sabe como están e non as pode modificar; el toma o avogado, o médico, o xuíz que lle dan; é parte máis pasiva có rico,

e Deus sabe ata onde é paciente, e canto padece se non atopa no seu camiño xustiza e equidade (...)

(*Cartas a un obrero*)

O fanatismo na muller.

Cando a muller, saíndo do eido doméstico, se preocupa da cousa pública, é a impulsos do fanatismo político ou relixioso; non ten medio entre ser diferente ou apaixonada, e adoita dar tal xiro á abnegación dos seus, que fai menos dano predicándolle-lo egoísmo. Non pode ser outra cousa. Ignorante das leis que rexen o pensamento e os afectos; allea á xestión dos intereses públicos; descoñecedora da organización política, dos elementos da sociedade, do ben de que se harmonicen, do mal de que choquen entre si, non ve dos problemas sociais ou relixiosos máis ca unha parte (ás veces moi pequena), que toma polo todo, e á cañ sacrifica e quere que sacrifiquen os outros canto hai que sacrificar.

Disque tal vehemencia é efecto da súa moita impresionabilidade; algo poderá influír, pero a causa principal é que quen non ten máis ca unha idea, é dominado por ela, e cando non se ve máis ca un elemento en cuestións moi complexas, non pode haber exactitude nos raciocinios, nin cordura nos procederes. Por iso, se o retraemento social da muller é deplorable, fai aínda máis dano cando sae del sen saber nada das cuestións en que inflúe (...)

(*La mujer de su casa*)

A dinámica da Revolución.

(...) Os obreiros que teñen hoxe completa igualdade legal, non mellorarán a súa condición material non sendo a medida que se illustren e se moralicen; nin a constitución económica poderá cambiar, como a política, cun Goberno ou unha dinastía. Repara ben nisto, Xoán: cando se trata de dereitos políticos pode haber *revolucións*, quer dicir, cambios radicais e instantáneos; cando se trata de feitos económicos, de mellora-la situación material dun pobo e de distribuír mellor a súa riqueza, non pode haber máis ca reformas, quer dicir, cambios avantaxosos, pero lentos, como lenta é a educación industrial e científica dos homes, e difícil o progreso nun eido en que a el se opoñen tantos egoísmos, tantos intereses mal entendidos, tantas paixóns cegas. Sen dúbida hai *harmonías económicas*; sen elas non podería existi-la sociedade; pero tamén ¡cantas pugnas económicas, e que diferencia entre a facilidade con que se poden harmoniza-los nosos dereitos perante a lei, e a dificultade de que se poñan en

harmonía os nosos intereses no mercado, e se evite o abuso desas forzas invisibles, e o choque de elementos que se deberían favorecer, e por culpa de todos se combaten!

A Revolución do Terceiro Estado cambiou as leis políticas, civís, criminaís e moitas económicas; a que pretende fece-lo Cuarto Estado non trata máis ca das últimas, e chámase *revolución social*, co cal quere significar cambio radical e inmediato nas relacións dos traballadores entre si, destes cos capitalistas, dos capitalistas uns con outros, e, en fin, das leis todas que rexen o mundo económico, sen distinción entre as que se poden abolir, porque son efecto das circunstancias e obra do home, e as que son necesarias e, xa que logo, eternas (...)

(*Cartas a un obrero*)

Política de paixón e política de razón.

(...) O Cuarto Estado desdeña a política: a revolución social, que é a súa, ten que se facer por outros medios. Di que tanto lle ten que haxa monarquía ou república, despotismo ou goberno representativo. Non obstante, o oráculo do socialismo escribiu un libro, o derradeiro, que é coma o seu testamento intelectual, co título de: *A capacidade política das clases obreiras*. Sobre esta capacidade, ¿que opina, que conclúe o autor? Conclúe cousas diferentes, ou o que é o mesmo, non conclúe nada. O home das negacións concretas, insolentes, temerarias, e das afirmacións vagas e vergonzantes, vén dicir que o pobo é moi cordo e moi insensato, e di claramente que convén darlle o sufraxio universal, mais non que acuda ás urnas; que debe ter voto, pero que non debe votar. A razón disto xa comprenderás que non se dá; tales cousas afirmanse, mais non se razoan (...)

(*Cartas a un obrero*)

A praxe.

(...) A lei política establece o sufraxio universal. Os obreiros acoden a votar; non votan a un obreiro por regra xeral; buscan persoas de máis instrución, que poidan defende-la súa causa no Parlamento sen desavantaxe e coas mesmas armas que teñen os seus adversarios. Aquel home non corresponde ó que del se esperaba; non pode corresponder; a súa misión é imposible; a súa conciencia ilustrada resistese á profesión de fe dos seus comitentes; dubida, contemporiza, transixe por algún tempo; pero chega unha hora e unha cuestión capital en que cómpre unha afirmación decisiva, e vota contra o parecer

dos que o votaron, porque non pode estar por máis tempo en pugna coa evidencia, nin entrega-lo seu nome ás flaxelacións do bo sentido. Este feito repítese unha e moitas veces, levando outros tantos desenganos ó pobo, que se cre sempre enganado, se non vendido, polos seus homes políticos, e di que non quere nada coa política, porque nada espera dela.

A política aquí non é outra cá *práctica* que declara impracticable o que o é polo momento ou por sempre; e o que engana ó pobo non é o que non fai o que é imposible facer, senón o que lle dixo que era factible. Uns poucos sabéndoo, a multitude sen sabelo, cando di: Nada queremos coa política, quer dicir: Nada queremos coa *práctica* das nosas teorías. Non hai cousa máis dolorosa nin máis certa ca esas xigantescas afirmacións para destruír, con que acende as túas iras, e esas afirmacións microscópicas ou erróneas para edificar, e coas cales te entregan ás probas da realidade e ás burlas do escarnio.

Se o socialismo non ha de triunfar polo exercicio do sufraxio universal, nin pola rebelión armada, segundo afirma o seu grande apóstolo, segundo din outros máis pequenos, ¿daquela, como triunfaría? Pola forza das cousas; pero a forza das cousas non é ó cabo máis có convencemento íntimo das persoas; e para chegar a ser feito, realidade, precisa o triunfo nas urnas ou nos campos de batalla; unha desas dúas cousas que se din innecesarias: a política ou a rebelión. A rebelión, no suposto de triunfar, tería a súa política tamén, porque tería que levar á práctica as teorías victoriosas; a súa necesidade de adoptalas con esta ou aquela modificación para que sexan practicables, e de vence-las resistencias que atopara para planealas. A política, pois, neste caso é unha cousa tan indispensable coma a práctica do que se define, se opina e se resolve; e se os homes poden retraerse, as escolas non poden prescindir dela (...)

(Cartas a un obrero)

O político que quere medrar.

(...) O político de oficio que se ocupa de política só para medrar, e non repara en medios nin agocha os que emprega, por malos que sexan, especie é tan coñecida que con só indicala veñen á memoria do lector ducias e centos de exemplares, cada un cunha historia escandalosa que xa non produce escándalo; a súa satisfacción dá noxo, a súa seguridade, unida á súa covardía, dá idea da falta de forza dos que debían machucalos co pé, e a súa fronte luxada e ergueita, é coma o resume e a quintaesencia da corrupción xeral. Viven de podremia

e espéllana: son os vermes do cadáver; se o corpo social tivese vida robusta, non se apoderarían del, e botaríaos cos excrementos.

Os hipócritas en política, coma en todo, son os que non ousan romper absolutamente coa virtude, ou os que, finxíndoa, procuran novos medios para atacala, coma eses espías que se introducen nas prazas co uniforme dos seus defensores: a última clase é a máis numerosa. Con aparencias menos altivas, teñen estes homes pretensións verdadeiramente exorbitantes, xa que intentan reunir na súa mesquiña persoa a palabra honrada e a obra infame; os honores da vergoña e os lucros de non tela; o fume do incenso e os vapores da orxía; especie de rameiras disfrazadas de Irmás da Caridade, que contan polo rosario a suma das súas ganancias infames. Para aumentalas, son poucos os que non están dispostos a tira-lo disfrace (...)

(*Cartas a un señor*)

As diferentes caras da corrupción política.

(...) ¿Quen sabe ó que se atreverán os que non están coutados pola súa conciencia nin atopan freo na conciencia pública? ¿Quen sabe o oprobio que pode resultar de que non se precise virtude, nin mesmo hipocresía, para ter autoridade? ¿Quen sabe ata que punto pode extraviar-la opinión o que a penas se escoite máis voz cá daqueles que debían ter mordaza? ¡Quen o sabe! ¡Ah! Vostede e mais eu e todos saben e sabemos en que deu a política, que uns poucos homes de boa vontade queren moralizar en van, e da que se retraen tantas persoas honradas, por non se formaren idea clara do seu deber. Eles contribúen a que os bandoleiros de pluma procuren a impunidade dos de trabuco; a que na orxía administrativa se consuma a fortuna do país, e se brinde co sangue dos seus fillos á saúde do que os inmola; eles miran, sen protestar, a política que arruína e deshonra ó único pobo civilizado e cristián que ten escravos, España, que engade hoxe ás súas armas o *cepo* e o *grillón*, que forma parte da máquina gubernamental, cunha bandeira que non se pode dicir que ondea senón que, cosida en forma de saca e chea de mans rapineiras, a arrastran ignominiosamente por Europa, América e Asia. ¡E pensar que tantos homes honrados morren para termar dela, ben alta e inmaculada!

Estas cousas non acontecen senón porque ademais da *masa de abaixo* hai *masa de arriba*, multitude de xente *podente* que *nada pode* porque *nada intenta* que, coa pretensión de vivir tranquila e honradamente, compromete a tranquilidade e a honra da patria, que ó cabo é a súa, e que deixándose acovardar polo desalento e alijiar polo egoísmo, obra contra o seu propio interese e déixase oprimir polos que podería aniquilar. Eu creo firmemente que a política melloraría

moito se os homes honrados non se retraesen dela e influisen con tódolos medios que lles permite a súa posición.

(*Cartas a un señor*)

Os que se absteñen en política.

(...) Tratando de persoas que se dedican á política ou a explotan, parece que non nos deberiamos ocupar nos que nin directa nin indirectamente toman parte nela, nin a utilizan; pero como a súa neutralidade é ilusoria, como o baldeiro que deixan favorece a presión de xente tola ou de mala idea, como alteran o equilibrio e contribúen a dificulta-la harmonía, non é posible descoñece-la súa influencia.

Os que se absteñen pertencen a dúas clases: son honrados, ou non teñen honradez; hai que se congratular de que estes non participen na xestión da cousa pública, para aumenta-lo número dos que a danan, pero é deplorable a abstención dos primeiros, que se debe atribuír a un erro, porque as persoas honradas non faltan, coñecéndoo, a ningún deber, e eles deixan de cumprir moitos. O home ten deberes coa humanidade, coa familia e coa patria, e destes últimos forman parte os deberes políticos, non illados, senón entretecidos cos outros, influíntes ou influídos, de modo que o seu descoñecemento ou infracción dificulta ou impide a xustiza noutras esferas.

É un principio absoluto que todo o que ten un poder está obrigado a empregalo ben: *poder é deber*, non hai excepción desta regra, e non pode selo, xa que logo, a política. O que ten voto está obrigado a votar, como o que ten autoridade a dirixir ben ós que a respectan.

O que non cumpre con tódolos seus deberes, non é verdadeiramente honrado; o que non os coñece, non é verdadeiramente racional.

Non abonda con que o boticario vixie a manipulación e a venda das súas drogas, que o médico coide ben dos seus enfermos, que o avogado non defenda inxustizas, que o empregado non folgue nin prevarique, que o catedrático saiba a súa materia e llela aprenda ós demais. Non abonda con que todos eles, como fillos, como esposos, como pais, como irmáns, cumpran coas súas obrigas; non abonda con que sexan homes de profesión e de familia, encastelándose nela cun egoísmo que non deixará de selo porque poida disfrazarse de prudencia, de modestia ou doutro modo; a humanidade e a patria, esa patria e esa humanidade á que tanto deben e sen as cales nada serían, teñen dereitos e os imponen deberes (...)

(*Cartas a un señor*)

O Estado non é superior nin independente da sociedade.

(...) Algunhas escolas chaman ós servidores do Estado *parásitos, consumidores que nada producen*; é un erro, pero non incorramos noutra cualificándolos de servidores únicos, e concedéndolles privilexios exorbitantes. Parece que o Estado é algunha cousa independente da sociedade, superior a ela, e os seus dependentes teñen algún mérito exclusivo, acreedor de especial remuneración. Procuremos formarmos ideas máis exactas.

O Estado, malia ter vida de seu, non é independente da sociedade porque forma parte *do seu organismo*, e dela recibe a súa forza, a súa inspiración, a súa vida. Concíbese mal sociedade sen Estado, pero non se concibe en absoluto Estado sen sociedade. A sociedade é o home que cultiva a terra, ou extrae os metais do seu seo; o que atravesa os mares; o que estudia os astros; o que fai unha máquina e pinta un cadro: a sociedade é o lexislador e mailo artesán; o sacerdote e mailo poeta; o filósofo, o soldado e o matemático; tódalas clases e tódolos homes, que se harmonizan para tódolos fins da vida, e organizan o Estado para mellor cumprilos, variando aquela organización e perfeccionándoa, a media que eles se perfeccionan. Compréndese, e a historia demostra que pode existir unha sociedade na que o Estado sexa *case nada*; por exemplo, unha tribo salvaxe e os pobos que viviron baixo o réxime feudal. Aínda se concibe máis: unha sociedade entregada á anarquía, que non reconeza ningunha autoridade e viva pouco tempo e mal, pero viva sen Estado. O que é inconcebible, porque é de imposibilidade metafísica e evidente, é que haxa Estado sen sociedade, quer dicir, sen homes.

Se suprimimos co pensamento os *funcionarios públicos* e as diferentes *clases sociais*, convencerémonos de que son máis necesarios para a vida dun pobo os labregos, mestres, comerciantes, zapateiros, albaneis e homes de ciencia, etc., cós empregados e a tropa. Isto non quere dicir que o Estado non teña a súa misión, e que esta non sexa elevada, senón afirmar que non é superior nin independente da sociedade (...)

(*Cartas a un señor*)

Responsabilidade do individuo e intervención do Estado.

(...) Neste asunto, coma en todos, débese aspirar a que a sociedade cumpra o deber sen coacción do seu órgano xurídico, coma unha persoa honrada á que a súa conciencia fai innecesaria a intervención da lei nas súas relacións cos demais. Xa acontece así nalgúns casos, sendo notable o da explosión dunha mina de Inglaterra, da que foron vítimas cento vintetantos obreiros. Entre o público compadecido quíxose abrir unha suscripción; a Asociación Hulleira non

o consentiu, tendo medios pecuniarios para cubrir tódolos gastos que esta terrible desgracia lle imponía e o nobre orgullo do que comprende o seu deber e o cumpre. Se tales exemplos tivesen a publicidade que merecen; se se rectificasen os erros que o egoísmo e a ignorancia fortifican; se a opinión condenase como infame o feito de abandonar ó home que queda inútil por enriquecer ó que o abandona, sería necesaria poucas veces a intervención da lei, e, coma os covardes se desafían, os avaros darían cartos por medo á opinión. Robustecida esta, como acontece sempre que os bos feitos fortalecen as boas ideas, por unha parte enfrearíase a cobiza, e por outra, recibirían novo alento os sentimentos benévolos e elevados, e as asociacións acudirían cando o individuo non puidese soste-lo ó que quedou inútil servíndoo.

Para os casos en que fose precisa a intervención do Estado, faríase por medio de xurados que decidisen si debía satisfacer todo ou parte do socorro debido ó inválido, eximindo ó que o ocupou ou sinalando a proporción en que debía contribuír, conforme a regras ben meditadas.

Este Xurado compoñeríase por metade de xornaleiros e de persoas que non vivisen de xornal, presididas polo que nomeasen de común acordo. Cando o inutilizado non fose obreiro, a metade do xurado formaríase con individuos da súa clase ou afíns a ela (...)

(El pauperismo)

O Estado debe garanti-la instrucción.

(...) Vimos que o deber moral de se intruír que ten o home, está comprendido no de se perfeccionar. A perfección significa vontade recta, afectos puros, entendemento elevado. É o verdadeiro na ciencia, o fermoso na arte, o xusto na moral; é a mansedume, o sacrificio, o perdón, o amor infinito de Deus e dos homes. A mísera criatura que sofre, concibe e aspira á ventura completa, nos seus extravíos comprende a rectitude e na súa pequenez o infinito; a dor da súa miseria é a proba da súa grandeza, e tantos mártires da verdade e da xustiza dan testemuño de que aspira á perfección. Aínda que para iso sexa necesario o exercicio das facultades intelectuais, non o entende así o que as deixa inactivas; a ignorancia non entende facilmente que a instrucción sexa unha obriga; por iso tarda en aceptala, e hai persoas ás que cómpre impoñérllela como deber legal antes que como moral a recoñeceran. O seu erro ou a súa negligencia non se pode admitir como regra; a súa teimosía non se debe respectar polo ben dos seus fillos, nin teñen dereito a infrinxiren a lei que todos estamos obrigados en conciencia a obedecer cando non ordena cousa contra a conciencia. Non é este o caso da que fai obrigatoria a instrucción, sempre que na escola

non se aprenda nada que ningunha persoa de recto xuízo poida considerar malo (...)

(La instrucción del pueblo)

A escuridade da ignorancia é o caos para a sociedade.

(...) Ninguén que observe o pobo pode descoñecer-la importancia, a necesidade de instruílo. Os seus dereitos, as súas aspiracións, a súa falta de fe relixiosa, a súa participación na política, a súa ansia de *rexeneración social*, o maior perigo que corre a súa virtude, todo impón a necesidade moral e aínda material de instruílo. A escuridade da ignorancia hoxe, é o caos. Se se deixa que choquen entre si os elementos sociais no canto de harmonizalos, dignos de mágoa serían os nosos fillos. Rudas probas os agardan se non van a Deus pola fe, nin se elevan a El pola razón; se pola ignorancia das leis económicas non comprenden o perigoso erro en que están sobre a formación e distribución da riqueza; se polo descoñecemento das leis morais fan cálculos cos homes que se necesitan para unha empresa coma cos quilogramos de ferro que entran nunha máquina; se non acatan o precepto relixioso, nin teñen regras de moral con firme apoio na súa conciencia e no seu entendemento; se non substitúen con explicacións científicas as afirmacións dogmáticas das que se burlan; se descoñecendo as harmonías que o saber revela cren que no Universo hai a confusión que existe no seu espírito; se non substitúen por outros ideais os que perderon; se non realizan o dereito a medida que rexeitan a forza, e se por cada cadea que rompen non forman un lazo.

A falta de coñecemento, o desleixo, o egoísmo, pódenos facer prescindir da ignorancia do pobo, pero ela saíranos ó camiño; atoparémola no rebelde, na prostituta, no ladrón, no asasino, nas vítimas de todos eles; e se xordos á voz do deber non nos persegue coma un remorso, acometeranos coma un malfeitor (...)

(La instrucción del pueblo)

O Estado debe encarreira-la produccion cara á xustiza.

(...) Un home está abafado de traballo nunha industria ou empresa que deixa grandes ganancias; isto é público, fácil de probar e, non obstante, o traballador ten que aceptar condicións duras, inicuas, porque, de rexeitalas el, aceptaranas outros dez, outros cen, outros mil. ¿Non é nestes casos de toda necesidade e de toda xustiza que a lei diga: non se traballará máis de dez ou doce horas? ¿Tan pouco lles parece ós que non traballan nin dúas, nin unha? ¿Cando

comen eses homes? ¿Cando descansan? ¿Cando teñen un tempo de racional distracción? E ninguén responde á pregunta, nin a penas hai quen a faga, porque, se moitos a fixesen, habería que responder necesariamente.

Como exemplo destes abusos da forza económica, e non seguramente como modelo, citaremos un que está moi á vista aínda que non se vexa. As empresas dos tranvías de Madrid, que obteñen substanciosos beneficios, teñen ó seu persoal abafado de traballo. Subide nun coche ás oito da mañá, ás doce do día e da noite, e veredes ó mesmo home cobrando ou guiando, e ó *encuartero*, un pobre rapaz, agardando ó sol canicular, ou con chuvia e frío, sen unha garita onde se gorecer, mal vestido e mal calzado, e traballando máis os días de festa e de función, para que se divirta ese público que tan cego e indiferente pasa por diante desta coma doutras vítimas.

¿Non é de urxencia e de estricta xustiza que o Estado, que fai unha concesión que constitúe o monopolio dunha empresa; que sabe e pode xustificar que esta empresa realiza grandes ganancias, acoute a súa cobiza inhumana, e protexa a eses homes, a eses nenos, de modo que teñan tempo para o necesario descanso? Eles non se poden defender; a necesidade e a concorrencia réndeos a discreción ante un inimigo que os aniquila se a lei non os ampara (...)

(*El pauperismo*)

Deixar facer, deixar pasar.

(...) Outras veces o Estado non *deixa facer, e deixa pasar*, segundo a regra que pretendeu formula-la liberdade, que é tantas veces fórmula de anarquía e despotismo; o Estado, coa súa mala administración e os seus abusos de poder, esixe das industrias e das empresas o que sobraría para aumenta-lo número de traballadores e diminuí-lo excesivo traballo. Así, por exemplo (aínda menos digno de ser modelo có servicio dos tranvías), nos portos hai un capitán, como se fosen compañías ou fortalezas, cun soldo ás veces de ministro ou máis, e un segundo e un terceiro, e cuartos e quintos, segundo a importancia da localidade, todos ben retribuídos e que teñen como ocupación molestar ós navegantes e aldraxalos, a tanto a aldraxe e a molestia. Hai ademais un administrador de Duanas con moitos empregados, e un xefe de carabineiros coa súa correspondente tropa, e prácticos, organizados da peor maneira posible para o que os necesita ou paga sen necesitalos, e sanidade, etc., etc. Todos estes homes, que non traballan e se ocupan en poñer obstáculos ó traballo dos demais, viven con desafogo, algúns enriquecéense á conta do país en xeral e da navegación en particular, que, a título de dereitos e de torcidos, paga grandes sumas, coas que tiña de sobra para aumenta-lo número de tripulantes e diminuí-las horas dun

traballo abafante. ¡Que contraste o do pobre mariñeiro, que non ten tempo para o necesario descanso, que perde a saúde e acurta a vida, e a turba de parásitos que á súa conta viven folgados e incluso con comodidades, usando e abusando do poder que lles dá a rutina, a ignorancia e a inmoralidade!

Así, pois, o Estado debe en moitos casos contribuír eficazmente á diminuí-lo traballo excesivo, xa promulgando leis, xa reformando unha administración que cos seus abusos fai imposible toda prosperidade e toda xustiza (...)

(*El pauperismo*)

Víctimas do traballo.

(...) A sociedade debe indemnizar, ata onde sexa posible, a todo o que sucumbe ou queda inútil servíndoa, xa a sirva por medio do Estado, xa indirectamente, e calquera que sexa a súa clase, sendo a máis humilde a máis atendida, xa porque os que a ela pertencen non poden facer economías, xa porque, tendo menos ilustración e idea menos clara da dignidade e do deber, inmolándose a el, contraen mérito maior.

Os inválidos do exército, ¡pobriños! ¿quen non os compadece e pide para eles medios de subsistencia, indemnización ben escasa do dano que recibiron? Pero as vítimas e os inválidos do traballo, ¿non merecen nada? Un home cae dun andamio e mátase, e o dono da casa non incorre nin sequera na responsabilidade que debería ter por non toma-las precaucións razoables para que tal desgracia non acontecese. Aínda que os andamios se fagan con táboas podres, aínda que non teñan varandas, non ha de faltar quen suba a eles; a fame obriga: se hai un ferido, ó hospital; se un morto, ó cemiterio, e a familia á mendigar. Con tódalas vítimas e os inválidos do traballo acontece o mesmo: a sociedade, que vive por eles, abandónaos se sucumben, e ás súas familias se quedan inútiles. ¿Acaso non se pode servir á patria non sendo a tiros, nin ser heroe non sendo que se leve uniforme? De feito, así se considera, obrando en consecuencia, non chamando mártires senón ós que teñen certa posición, e deixando ós demais coma vítimas (...)

(*Cartas a un señor*)

Inutilizados polo traballo.

(...) Todo traballador desempeña unha *función social*; a vida de todo home que traballa é *militante*, porque é combate continuo contra as forzas da Natureza, que non utiliza sen domeñalas. O nervio de todo pobo, a condición da súa existencia, está nos homes e non hai razón para que aprecie a estes máis

ca aqueles, e se crea mellor servido por un carabineiro ca por un albanel, por un polisonte ca por un fundidor. Que probe calquera país a vivir sen os que serven ó Estado e sen os que serven á sociedade, e comprenderá cales son máis útiles e se é máis indispensable o que cobra a contribución e toca a corneta, có que labra a terra e amasa o pan.

Partimos, pois, do feito de que *todo traballador é combatente e funcionario social*; e se exercendo as súas funcións ou no combate, quer dicir, traballando, queda inútil, a sociedade débelle recoñecer-las seus dereitos de inválido, e honralo e socorrelas como benemérito que é e acredor seu, e polo seu órgano, o Estado, determina-la forma e modo deste socorro, segundo as diferencias de tempos e lugares e industrias. Coma o inválido do traballo ten dereito ó socorro, non cumpren senón a medias o seu deber os pobos que combinan o auxilio do Estado co aforro do obreiro en institución de previsión para o caso de que quede inútil (...)

(*El pauperismo*)

O carteiro, vítima do traballo.

Se a caridade, como debería, tomase parte en tódalas relacións da vida; se os fillos de Deus fosen irmáns de corazón e non de palabra soamente; se os servicios tivesen algunha fase máis cá utilidade que proporcionan, ou os carcos que valen ou que custan; se o home, cando se relaciona cos seus semellantes, fose sempre un ser moral, e non prescindise nunca do seu corazón nin da súa conciencia; se empregase a súa razón en reflexionar sobre cousas que hoxe mira con lixeireza culpable, e o egoísmo non se acastelase detrás de parapetos que ergue a opinión extraviada, non veriamos con tran cruel indiferencia ó obreiro que destrúe, co seu oficio, a saúde, nin gozaríamos tan alegremente dos productos dun traballo que mata.

Os adiantos das ciencias, as artes e a industria son abraiantes; a obra do amor e da xustiza está moi atrasada; e ó ver tanta magnificencia e tanta miseria, tanto resplandor e tanta escuridade, lembramos unha anécdota que brevemente referiremos. Un rico, moi pobre de alma e ruín de corpo, ensinaba fachendoso o seu pazo, onde non se vía máis ca seda, veludo, mármore, porcelana, cristal, prata, ouro e, en fin, tódalas pompas da riqueza e o luxo. O que todo isto vía era un xeneral, a quen a victoria daba moito prestixio e bastante insolencia, e ocorréndoselle cuspir, mirou arredor por unha e outra parte, vacilou un intre, e por fin cuspiu enriba do amo da casa. Sorprendido e incomodado este, pediu a explicación daquela ofensa, e o visitante deulla nestes termos: «Precisando cuspir en cuarto tan magnífico, pareceume que debía lixa-la cousa

de menos valor que nela houbera, que, sen dúbida, é vostede». Do mesmo modo, cando a civilización amosa as súas magnificencias e portentos, en caso de cuspir hai que facelo ¡cousa triste! sobre o seu corazón, porque é o que menos vale. A ciencia de ser bo e de ser xusto é, de todas, a máis atrasada. Algo adianta; ¡pero é tan pouco, tan a modíño! Os nosos corpos devoran as distancias polas vías férreas, e os nosos espíritos arrástranse penosamente polo camiño do deber, e ás veces páranse, e ás veces retroceden.

Desta dolorosa verdade atopamos por tódalas partes numerosas probas; pero tal vez non hai ningunha máis evidente cá horrible indiferencia con que recibímo-los servicios que se prestan con perigo da saúde e da vida, sen facermos nada para remedialos ou, alomenos, diminuílos. Escandalizámonos moito das carnicerías do Circo romano, sen ver que o mundo todo é unha area onde, sen saudaren ó César, caen numerosas vítimas baixo o carro triunfante da civilización.

Os gobernos e as leis miraron estas vítimas con indesculpable indiferencia: algúns individuos e sociedades, fóra de España, traballaron algo, anque pouco, para facer menos prexudicial á saúde a práctica dalgúns oficios. O soldado do traballo cae na batalla, pero non ten nome, nin número sequera, e a estatística que non se fixera cargo da súa vida, non toma acta da súa morte. Bendito sexa o día en que espertemos dese letargo da conciencia, e rescate-mos, en todo o que sexa posible, as vítimas dos traballos insalubres e perigosos.

Para contribuírmos a esta boa obra, anque non sexa máis ca nunha parte mínima, tan mínima que tal vez soamente o perciba quen lea nos corazóns, imos chama-la atención dos nosos lectores sobre algúns traballos que poñen en perigo a saúde ou a vida do traballador, e empezaremos polo *carteiro*.

¿Quen é o *carteiro*? Un home que leva levita aberta con botón dourado, volta encarnada na manga, gorra de vivo e viseira, unha saca de coiro e un feixe de papeis; que anda de présa, que peta forte; ó que agardamos con impaciencia cando esperamos unha carta de interese e ó que damos unha propina polo Nadal. ¿É máis nada? Non.

O *carteiro*, amais de todo isto, é un home enfermo ou que enfermará pola clase de traballo, imposible de resistir con saúde, por regra xeral; un home predestinado ó catarro pulmonar, á tise, a outras moitísimas doenzas, pero en particular ás que afectan ó aparato respiratorio (...)

(*Artículos sobre beneficencia y prisiones*)

Atentados científicos.

(...) ¿Hai máis desventuras para o enfermo pobre? ¿Pode haber máis? Si, é posible que haxa máis, hai aínda máis. O médico que o asiste poderá ser home de ciencia e de conciencia, prudente e humano, para quen un enfermo, pobre ou rico, é unha cousa sagrada, porque representa a idea do deber: un médico que, de ser home novo, desconfíe moito de si e, incluso tendo moita práctica, non sexa confiado, nin menos xactancioso: un médico que non chame experiencia a algúns feitos mal observados, que non se apresure a xeneralizar nin a sacar conclusións erróneas de premisas inexactas: un médico que teña moi presente o deber de todo home, de *non facer mal*, que está antes có de *facer ben*; un médico que estea persuadido de que en medicina, coma en todo, e acaso máis ca en nada, facer ben é máis difícil ca facer mal; un médico que na dúbida se absteña: un médico que non considere ó enfermo pobre coma *ánima vili*, onde faga os seus experimentos; todo isto pode acontecer, e acontecerá moitas veces: nós temos visto con frecuencia pobres asistidos con esmero, con circunspección, e probablemente salvados pola ciencia, dignamente representada por quen non a separa da humanidade e da xustiza, nin se permite cos pobres ousadías e *probaturas* que non faría cos ricos. Pero tamén é posible que o pobre, amais das desventuras que deploramos, teña a de servir para os ensaios dagún doutor aínda novo, coma o que escribiu e publicou as palabras seguintes: «*A clientela pobre é o taller; o laboratorio onde verificámo-los nosos experimentos; así é que introducín no CRISOL ORGÁNICO a substancia química que ía analizar*». Despois segue relatando o ensaio feito cun mendigo e o seu resultado satisfactorio. Non é da nosa competencia xulga-lo punto científico, aínda que o simple bo sentido tal vez podería opoñer algún reparo a certos razoamentos; o que nos incumbe é a cuestión moral e de humanidade, tan magoadas neste escrito que non podemos ler sen indignación e sen pena.

La Voz de la Caridad non pode faltar a ela con ninguén; cala o nome de quen tal fai e di, e suprime cualificacións durísimas inspiradas por esas palabras crueis. O que non pode calar, porque non debe, son algunhas consideracións a favor deses *crisoles orgánicos*, fillos do Pai Celestial, irmáns nosos, que teñen unha alma coma nós, unha vida que por infeliz non deixa de ser sagrada e, acaso, máis necesaria e máis útil ca outras existencias brillantes a salvo de atentados máis ou menos científicos. ¡Miseros enfermos pobres! Se puidese ver cos ollos enxoiados e sen protestar como o voso corpo doente é considerado *taller* e *laboratorio*, crería faltar a un amigo de toda a vida contemplando a súa desventura con dura calma e silencio indigno.

O autor do escrito ó que nos referimos ¿será o único que considere a clientela pobre como taller? ¿Será frecuente considerala así? Non cremos nin o un

nin o outro, senón que, polo xeral, os médicos aplicarán a ciencia tanto ós enfermos pobres coma ós ricos, porque esta regra terá excepcións. ¿Cantas? ¡Quen sabe! Reparemos ben nunha destas excepcións.

O avogado deixa escrita a súa ignorancia no pedimento, o arquitecto na casa mal distribuída ou que se afunde, o enxeñeiro na ponte que cae, o sacerdote no sermón que escandaliza ou fai rir. Tódalas profesións máis ou menos deixan algún rastro, algunha responsabilidade, aínda que só sexa moral, algún medio de xulgar ós que as exercen con pouca ciencia ou pouca conciencia, menos a medicina, que, practicada en certas condicións, cobre os seus erros coa terra da fosa común (...)

(Artículos sobre beneficencia y prisiones)

Favorecer que todos teñan vivenda digna.

(...) Para realizar este progreso é preciso que os arquitectos e mestres de obras saiban máis e practiquen mellor o que saben; que non desdeñen aplica-la súa intelixencia ó obxecto máis digno dela, que é contribuír a mellorar física e moralmente ó home, no que inflúen dun modo eficaz as condicións da casa na que vive. A misión do arquitecto é moi elevada, e para que se comprenda así, e dar merecidos e necesarios estímulos de honor e de proveito, deberían-se abrir certames e ofrecer premios ós autores de bos proxectos de casas hixiénicas e baratas, no canto de premiar ós que proxectan edificios caros con pretensións de monumentais que, en efecto, serán algún día monumento de mal gusto, de mala administración, se son públicos, e de dilapidación se son privados.

Reformándose o sistema tributario como indicaremos máis adiante, e é indispensable para que a miseria non se estenda coma a lepra polo territorio español, os materiais de construción non deben quedar suxeitos ós tributos que hoxe pagan, non sendo que se empreguen para embelecemento, luxo e suntuosidade dos edificios que, como materia impositiva, deben estar suxeitos a leis máis equitativas cás que hoxe rexen, e que darían por resultado alixeira-lo peso da contribución respecto das casas con alugueiro módico e equitativo, co fin de abaratalo conforme á xustiza e non á *aritmética*, como hoxe se fai. Os propietarios de casas ocupadas por pobres ou por miserables que sacan ó seu capital o 12, o 15 ou o 20 por 100, deberían ser recargados en proporción da súa desorbitante ganancia, e non por pagaren de contribución todo o que excede-se dun interese razoable.

Mais para facer hixiénica a casa do miserable sen aumenta-lo seu prezo, non abonda con que a contribución pese menos sobre ela, nin se edifique

mellor e con materiais máis baratos; cómpre a cooperación social, o concurso voluntario de moitas boas vontades e rectas conciencias que, sen o apoio do Estado ou co seu auxilio, contribúan de varios modos a que non sexan habitados os cuartos inhabitables e a que estes non teñan un prezo excesivo.

(*El pauperismo*)

Estado e interese privado.

(...) O que hoxe acontece é do máis absurdo, inxusto e irritante. Os traballadores son ducias, centos ou milleiros (segundo a magnitude da obra) de peóns, oficiais e mestres, cos correspondentes capataces e algún enxeñeiro e axudante. Estes, que son os que verdadeiramente fan o traballo, que o poñen material e intelectual, ás veces con fatiga e responsabilidade grande e mesmo con perigo da súa vida, estes gañan un xornal ou un soldo reducido, ás veces mesquiño, para enriquecer ó *contratista*, home que non traballa material nin intelectualmente; que ás veces non ten ningún capital de seu, e que ten como misión explotar ós traballadores manuais e intelectuais, adoitando estendela tamén á obra que, tocante á súa calidade, deixa moito que desexar.

O *pelexar* cos obreiros é o que retrae das contratas a persoas que as farían máis beneficiosas para eles; pero se houbose *cooperación* non habería *pelexa*: no caso citado máis arriba, a asociación cooperativa italiana estaba formada por traballadores, o enxeñeiro e os auxiliares necesarios; así, a ganancia do contratista distribúese entre os traballadores que fan máis e mellor, economizando materiais, ferramentas, etc., etc. As avantaxes e elementos de prosperidade e de *moralidade* son evidentes, e nesta clase de obras, e noutras semellantes, o éxito da cooperación parece seguro sempre que con prudencia se organice.

O Estado debería favorecerla por medio de leis e regulamentos que lles permitisen quedar con obras que non poden emprender polo actual sistema de contratas; este deberíase substituír por concursos en que serían preferidos os traballadores que fixesen a obra directamente, dividíndoa, con esta finalidade, para contratala en partes de pouca extensión. O sistema podería ser tamén mixto, quer dicir, adxudicar ós obreiros aqueles traballos que non esixisen anticipos superiores ós seus fondos ou ó seu crédito, deixando o resto da contrata ós capitalistas.

(*El pauperismo*)

Onde acaba a necesidade acaba o dereito.

(...) A desigualdade de condicións é xusta porque é necesaria; pero ali onde acaba a necesidade acaba o dereito. Así, por exemplo, cómpre que se respecte a propiedade dos bens legalmente adquiridos. Cómpre que se deixe ó seu dono a facultade de dispoñer deles en favor de quen lle pete; pero é absurdo que se favoreza a acumulación esaxerada da propiedade con leis prexudiciais á sociedade e que non están *na natureza das cousas*. As leis todas, ¿non deberían te-la tendencia altamente filosófica e moral de restablece-lo equilibrio sempre que se rompe inclinándose a balanza do lado da acumulación da riqueza? Non somos niveladores; ninguén que siga o noso pensamento nos poderá acusar de tales. Queremos eminencias no mundo social, pero proporcionadas coma as do mundo físico. Queremos montañas que atraian as augas do ceo e dirixan o seu curso sobre a terra, pero non tan altas que non se poida respirar no seu cume e que nos rouben a luz do sol (...)

(La igualdad social y política)

Institucións públicas.

(...) ¿Por que non van ó hospital os enfermos pobres que están nal asistidos nas súas casas?

Seguramente que a institución do hospital é unha grande institución: certo que se debe mirar coma un establecemento de suma utilidade e importancia: non se nos poderá acusar de lle darmos pouca, e se non logramos nada para que o hospital sexa o que debe ser, non será por non intentalo; pero sendo un gran recurso para o que non ten outro, é un triste, compréndase ben, un *tristísimo* recurso.

Cómpre facer primeiro a distinción do hospital *como debe ser e como é*; os máis dos hospitais de España son ben diferentes e aínda ben opostos a como deberían ser; tal é, por exemplo, o Xeral de Madrid. Non se forman esta idea os que o visitan nun día solemne ou en que se agarda a algunha autoridade, ou nun día calquera: se van de paso e miran as cousas moi por riba, ven camas de ferro, colchóns, sabas, colchas e unha limpeza relativa alomenos; Irmás da Caridade, enfermeiras, practicantes, médicos e medicinas. Non parece que estea tan mal, e leva grandes vantaxes á casa do pobre, onde se carece de todo: estas vantaxes son polo común pura aparencia, e o que coñece o Hospital Xeral de Madrid por dentro e sabe ben o que alí pasa, cando ten un pobre *seu* enfermo, fai canto pode para que non vaia ó hospital. Por pobre que sexa un enfermo, por desvalido que estea, sempre que teña unha persoa que verdadeiramente se interese por el, que o ame, gaña moitísimo con non ir a un hospital, como

son ós máis dos de España, e moitos sexan como fosen, non sendo algunha excepción.

¿Pensouse ben no que é non ter personalidade, non ser máis ca un número, non se oír chamar polo seu nome, nin que ninguén o saiba, nin que a ninguén lle importe que se sufra ou que se descanse, que se viva ou que se morra? Aínda que materialmente houbese auxilios, que a pesar das aparencias adoitan faltar, ¿que cousa máis terrible ca ese desamparo moral, ese illamento sen soidade, eses laios sempre inoportunos, endexamais compadecidos, esa agonía na que ninguén repara nin acompaña, esa postremeira mirada que non atopa ollos piadosos? (...)

(*Artículos sobre beneficencia y prisiones*)

A complicidade da institución penitenciaria no delicto.

O que viviu na desorde e ten unha vida ordenada; o que ignorou ou esqueceu a lei de Deus que se lle ensina e se lle lembra; o que viviu na ignorancia e aprende; o que viviu na folganza e traballa; o que viu malos exemplos e ve exemplos bos; o que sufriu inxustiza e dureza, e é tratado con xustiza e humanidade; o que estivo rodeado de tentacións e atopa obstáculos para o mal, este vive en circunstancias propias para o arrepentimento, que o impulsan a *ser outro*, distinto do que foi, que favorecen enerxicamente a reacción moral, e serven de apoio, de consolo e de guía no difícil camiño que conduce á segunda inocencia. Esta, nun presidio de España, é un verdadeiro prodixio.

O penado español que está disposto á completa reacción moral que constitúe o arrepentimento, ¿de que circunstancias se ve rodeado? Ignorante, de ignorancia; irrelixioso, de impiedade; lacazán, de folganza; duro, de dureza; vicioso, de vicio; apropiador do alleo, de xente que se apropia do que non é de seu; inxusto, en fin, de calquera xeito que o fora, rodeado de inxustiza baixo tódalas súas formas. ¿É en semellante foco de inmoralidade onde se cre a completa reacción moral, non só posible, senón tan completa como se supón nos decretos de indulto? Sen dúbida o Consello de Ministros adopta para a curación das enfermidades da conciencia o principio homeopático: *simila similibus curantur*; calcula que os presidiarios hanse volver bos rodeados de maldades e, deducindo de aquí que están arrepentidos, indúltaos. Se non é posible que pense isto, tampouco o é que, sen pensalo, crea atopar con tanta frecuencia arrepentidos onde non pode haber máis ca depravados, desesperados, empedernidos ou vítimas resignadas e apesaradas, non arrepentidas, porque a pena excesiva é un dos maiores atrancos para o arrepentimento; a inxustiza que se *recibe* borra ou diminúe a impresión da inxustiza que se *fixo*, e case a xustiza,

senón a xustiza de todo, en vontades pouco firmes, consciencias pouco rectas e entendementos pouco claros.

(*El derecho de gracia*)

O desprezo á muller amósase tamén na xestión pública.

(...) Os homes (con poucas excepcións de España) non son favorables á educación da muller, nin industrial, nin literaria. Se non como modelo, pódese citar como exemplo unha Deputación provincial de Madrid suprimindo a partida que para a instrución da muller figuraba no seu presuposto, onde consignaba *sesenta mil reás* para gastos de representación. Algún preguntará: ¿que se representa con cartos? ¿Que? Todo. Os que se venden, os que mercan, os que esmagan, os que son esmagados, os que sen conciencia se fan ricos e os que sen humanidade quedan reducidos á miseria. Nada máis lóxico ca dar cartos para a representación dunha sociedade coma a española, e cumpren fielmente o seu mandato os representantes da ignorancia. Consecuencia dela é oporse a que as mulleres se instrúan, pretendendo ó mesmo tempo que non vaian traballar fóra da casa; porque cómpre reparar en que as desexan máis *caseiras* os mesmos que as queren máis *ignorantes* (...)

(*El pauperismo*)

Os impostos.

(...) O imposto, coma todo fenómeno social, é á vez causa e efecto. As elevadas contribucións son efecto do numeroso dos exércitos e da súa mala organización; do numeroso dos empregados e da desorde administrativa; do mal sistema ou da falta de sistema en Facenda, etc., etc., e son causa de empobrecemento, de aldraxes e miseria. *A cuestión de Facenda*, disque, é sempre *a gran cuestión*; tódolos Gobiernos cren (equivocadamente) que, de non ser por ela, serían fortes e duradeiros. E ¿por que esta importancia vital da cuestión de Facenda? Porque a sociedade *paga* tódolos seus erros, tódalas súas inxustizas, tódalas súas desordes, tódolos seus crimes; a medida que son máis, a contribución é maior, e cando se desbordan, a contribución abáfaa. O Ministro de Facenda é o banqueiro de todo erro, de toda maldade, que ten letra aberta mentres haxa fondos. Se a inxustiza en forma de ataque ó dereito non é visible, ou se mira con indiferencia, en forma de tributo é evidente e vexatoria, ninguén a descoñece, dóelle a todos, e a cuestión de Facenda non é a gran cuestión senón porque salienta e fai ver e sentir tódalas outras cuestións; é o efecto palpable,

pero non a causa. *O amaño da Facenda* quere dicir *o amaño das cousas todas*. Para amaña-la Facenda cómpre:

Non leva-las cuestións ó terreo da forza, e facer así innecesario un exército numeroso.

Organiza-lo exército do modo máis económico e xusto, sen máis oficiais e xefes cós precisos para mandalo.

Ter funcionarios e empregados intelixentes, inamovibles, que saiban o que fan e non poidan impunemente deixar de face-lo que deben, o cal permitirá reduci-lo seu número en máis da metade.

Separar do seu destino, sexa militar ou civil, e sen retribución ningunha, soamente ós que faltaron ó seu deber, suprimindo así o exército de cesantes.

Non xubilar a ninguén que non estea verdadeiramente imposibilitado para traballar.

Non cometer fraude na administración das rendas públicas, co cal aumentarían extraordinariamente.

Non malgasta-los fondos públicos en obras que non son de necesidade ou de utilidade verdadeira.

Face-las obras públicas con economía, e non enriquecendo con elas, á conta do Estado, ós que as fan.

Non malgastar por ignorancia ou dilapidar por incuria, os fondos do Estado.

Non ter cousa ningunha de luxo mentres falte unha soa das que son de necesidade.

Saberse impoñer privacións e sacrificios en momentos supremos, para non contraer débedas que non se poden satisfacer e obrigan a vivir ó día ou de prestado, e a ser vítima dos usureiros que especulan coa miseria pública.

Traballar moito, traballar ben, producir barato.

Todo isto é o que cómpre para amaña-la cuestión de Facenda: xa comprendes que o amaño non depende do Ministro do ramo (...)

(...) Un pobo que está na situación que ten e terá por moito tempo España, ten que pagar impostos elevados e desproporcionados á súa riqueza: que alomenos este mal non se agrave co modo de os repartir e recadar (...)

(Cartas a un obrero)

O imposto debe ser progresivo.

(...) A lentitude do progreso é lei de Deus, e non me rebelarei contra ela eu, que, por regra xeral, moi xeral, condeno as rebeldías contra as leis dos homes. Non acuso, non acrimino, non pretendo que dun salto se pase do abuso á equidade, pero desexaría que non se chame equidade ó abuso, e que este se recoñecese, senón non se poderá corrixir. Vostede sabe que os nosos devanceiros clasificábanse en *nobres e peiteiros*; quer dicir, en xente principal que non pagaba contribución, e xente miúda que a pagaba; ademais do prexuízo que para unha clase supoñía o se-la única a contribuír, o simple nome de contribuínte era unha ignominia.

Deuse un gran paso cara á xustiza, moi grande; todos foron *peiteiros*, quer dicir, contribuíntes, e admitido o principio, foise perfeccionando a súa aplicación, chegando a se establecer, nas contribucións directas, que sexan *proporcionais* á renda ou utilidade. Esta proporción é *aritmética*: o que ten *dez*, paga *un*; o que *vinte*, *dous*; o que *cento*, *dez*; o que *mil*, *cento*, etc., etc. A moitos, ós máis, isto parécelle-lo máximo de perfección; a uns poucos non lles parece máis có camiño para chegar a ela: eu estou coa minoría e creo que, do mesmo xeito que hoxe consideramos inxusto que foran dunha soa clase os peiteiros, tam pouco se xulgará un día equitativa a *proporción* en que agora se contribúe. Véxoa coma un progreso, coma un camiño para chegar á xustiza, que ó meu ver está no *imposto progresivo*, que, como vostede sabe, non grava a renda en proporción idéntica e constante, senón que esta proporción aumenta co valor da riqueza imponible (...)

(*Cartas a un señor*)

As defraudación ó Estado.

Moi señor meu: A lei pena, en teoría alomenos, certos modos de adquirir que chama roubo, fraude, estafa, furto, etc., etc., deixándo sen condenar, unha veces por falta de poder e outras de vontade, o maior número de maneiras de adquirir reprobadas pola moral.

A opinión, lonxe de ser máis severa, amósase incluso máis tolerante, coma, por exemplo, nas defraudacións ó Estado, que a lei pena en teoría e a opinión absolve. Un, cento, mil empregados e altos funcionarios enriquecéense por medio do fraude, gastan nun mes o soldo de todo o ano, non poucos se fan ricos e, cando o son, son repectados, aínda sabendo a vergoñenta orixe da súa fortuna. Eles considéranse e son considerados persoas *decentes*: a decencia en España nada ten que ver coa moral: o mesmo cá contribución, mídese pola renda. O que viste ben, come mellor, ten alfombra e xogo de cadeiras e mobles, é decen-

te: se vai en coche, distinguido. É moito o decoro que dá a unha persoa o ter lacaio. Todo isto *sae* dun peto que se encheu baldeirando as arcas do estado (...)

(...) O que rouba a un particular pode saber a quen rouba, e ata certo punto o dano que fai; non así o que rouba ó Estado, séndolle imposible calcular se con aquela cantidade que substraeu, privou de alimento ó neno da Inclusa que morre de fame, ou de socorro ó soldado ferido que por falta del sucumbe. Se non houbese máis ladróns cós que rouban ós particulares, con ser moitos, aínda se concibe orde e moralidade, que fan imposible por completo os que rouban ó Estado: eles son os que converten as rodas administrativas en focos de corrupción, contribuíndo a contamina-la atmosfera moral, infinitamente máis cós que están presos: o delicto que se reprobaba e se pena, non ataca nos seus fundamentos á sociedade, senón o que queda impune e se honra.

Non hai para que falar da impotencia da lei para reprimir fraudes que ela condena e a opinión absolve. Pero esta falta de harmonía entre unha e outra, que existe tratándose dos que defraudan ó Estado, non se nota ó xulgar outras formas inmoriais de adquirir, aprobadas por entrámbalas dúas de común acordo.

(Cartas a un señor)

¿Como se practica o liberalismo do Estado?

Pero se o Estado é avaro cando ten que retribuír ós que se dedican ó ensino, é, pola contra, xeneroso de máis cos que especulan e concede ás Compañías de camiños de ferro elevadas subvencións, de tal modo que, despois de os pagar e construílos en xeral á conta do país, non son propiedade súa e están en mans de estranxeiros. Para establecer escolas de artes e oficios non hai fondos, pero hainos para subvencionar as vías férreas. ¿Por que? Porque se ven as vantaxes do camiño, non as da instrucción, e, non obstante, o camiño facilita o desenvolvemento da riqueza pero non a crea, como unha experiencia de bastantes anos puxo de manifesto entre nós. Se o que se gastou en subvencións que non se debían dar, se investise en establecementos de sólida instrucción, non serían as vías férreas unha especie de planta exótica onde todo é estranxeiro, e fecundarían verdadeiramente o país, onde hoxe ofrecen con frecuencia o desventurado contraste da civilización e a barbarie.

Este sistema mixto de non construír as vías férreas o Estado e pagalas en gran parte, é outra mala aplicación dos fondos públicos, en prexuízo de todas as comarcas e clases, pero moi particularmente das máis pobres. Os cartos

dos contribuíntes van, pola man do Estado, onde os leva o especulador, e o país máis ermo e o habitante máis miserable, pagan a súa parte para a custosa vía, tan distante que non lles vai reportar ningunha avantaxe, e que se cadra os prexudica. Combinadas, e combínanse, a falta de equidade no modo de esixir e de distribuí-lo imposto, os males que causa a inxustiza multiplícanse e varían, poderíase dicir, ó infinito, chegando a ser tantos, que non só é longa a súa enumeración, senón moi difíciles de analizar con exactitude. Vallan os indicados de mostra, e sirvan de alento para análises máis detidas e máis delongadas consideracións.

(*Cartas a un señor*)

Os traficantes e as leis.

(...) Eu vin a un *pasiago* saír dunhas matogueiras cun fardo de tabaco ó lombo, sen máis armas ca un longo pao co que se valía para dar saltos prodixiosos; vin ó administrador de rendas estancadas sacar unha pistola, apuntar cara a el e dispararlle e, se cadra, matarlíao, de non ser por unha persoa que lle chamou *¡asasino!* dun xeito que o coutou. E non era un home malo, senón lixeiro; disparaba sobre un fuxitivo inerte que levaba unhas libras de tabaco, para dar proba de celo, de enerxía, e para que non se *risen del os contrabandistas, paseando o contrabando diante dos seus fuciños*: era unha crueldade sen asaño, efecto dunha institución que parece que anda na procura de tódalas malas disposicións dos homes para poñelas en actividade (...)

(...) Pero unha cousa máis triste cós *ollos* que non *ven*, cós carabineiros que a vontade deixan pasar ou prenden ós contrabandistas, son os xuíces que os condenan. E ¿a que? A seren encerrados en prisións como son as de España, confundidos cos grandes delincuentes, e recibindo deles lección. Por un pouco de sal, vin a unha pobre mulleriña nas galeras, en comunidade con outras, oprobio do seu sexo e horror da humanidade: o caso non é excepcional, senón frecuente. E o xuíz, ¿que idea se formou do delicto que condena? O que aplica a lei, ¿pode ser unha especie de máquina, un mazo que cae ou non, segundo aberta ou afrouxa un resorte que se chama artigo do Código e que esmaga ó que colle debaixo? ¿Débese en conciencia aplicar leis inxustas? ¿Non se pode investiga-la xustiza das que se aplican? ¿Non sabe o xuíz que o contrabando é un delicto artificial; que está organizado en grande escala; que viven del moitas persoas principais e consideradas; que ten cómplices en tódalas clases, cando menos como consumidores; que as señoras, as súas coñecidas, as súas amigas, tal vez da súa propia familia, cando veñen de Francia, non teñen escrúpulo en introducir sen pagar dereitos de alfándega algún obxecto que paga moi-

tos? ¿Non sabe que os que envía a presidio por delicto de contrabando, homes ou mulleres, son xentiña á que a fame aguilloa, son os últimos instrumentos, que arriscan moito e gañan pouco para enriqueceren ós directores e principais do gran negocio? ¿Non sabe máis aínda, non sabe que el, xuíz, asina a sentenza condenatoria dun contrabandista *fumando tabaco de contrabando*? Ben llo lembrei a un, por certo recto coma poucos e capaz de se deixar matar pola xustiza, e respondeume: «*O dos estancos non hai quen o fume*» (...)

(*Cartas a un señor*)

As leis e a conciencia.

(...) Eu son das persoas que pensan *que as leis obrigan en conciencia*, sempre *que non se falte a ela, obedecéndoas*, e por se isto non queda ben claro, explicareime, tomando de exemplo esta que crea delictos, cando a misión de todas é evitalos.

Eu, xuíz, non podo condenar a un contrabandista; testemuña, non podo dispoñer contra el; se o vexo perseguido, debo amparalo dos seus perseguidores; a lei non se pode sobrepoñer á miña conciencia que me di que aquel home non é acredor á pena en que incorre, e que a forza que o oprime é violenta, porque non a rexe o dereito. Pero se non debo condenar nin entregar ó contrabandista, non podo *mercar* tampouco o obxecto de *contrabando*. Como en adquirilo legalmente, máis caro ou peor, pode haber *prexuízo* pero non hai *cargo de conciencia*, estou obrigada a obedece-la lei, e obedézoa, e creo que faltan os que a infrinxen adquirindo un artigo de contrabando sabendo que o é. As leis poden non ser xustas, porque os homes que as fan pódense equivocarse; pero sempre invocan e aínda se apoian no sentimento da xustiza, de tanta santidade que se lle debe respecto aínda cando por erro se afaste do xusto (...)

(*Cartas a un señor*)

Deberes e dereitos.

(...) Non pode haber absoluto e ilimitado máis có perfecto; e non séndoo o home, debe haber límites en tódalas esferas da súa actividade. Se é cordo, poñeraos el; se é insensato, terá que admitilos que lle poña a sociedade ou a natureza. A medida que se ilustra e mellora, el mesmo traza os límites dos que non debe pasar e a súa moralidade e a súa razón fan inútil o uso da forza. Nos

exemplos que che citei, sen dar lugar a recorrer a ela, un home honrado fai, por impulso propio, todo o que se lle pode esixir por comenencia allea.

Ti dirás tal vez que custa grandes sacrificios vivir en sociedade: indubidablemente. Efecto da nosa imperfección, meu amigo, non atopamos en ningures avantaxes sen inconvenientes. Para que, *ferido*, teñas dereito a ser trasladado de contado á casa de socorro no primeiro coche que pase, é preciso que, *paseante*, téña-lo deber de te apeares a fin de que o doente reciba canto antes o auxilio. O teu deber de san e o teu dereito de enfermo son unha mesma cousa; se non os separases contra razón, non faltarías a eles contra xustiza.

Se por *utilidade pública* se expropia ó dono a terra por onde pasa o camiño, por *humanidade* pódese expropia-lo uso do coche que sobre el roda, e o traballo dos seus brazos durante algunhas horas ó home que con eles pode evitar ós seus semellantes unha gran desventura. Todas estas cousas son consecuencia dun mesmo principio; pero o egoísmo rexeita a lóxica que se opón á súa comodidade. Todo o mal vén, Xoán, de que a lei de amor, ensinada hai dezanove séculos polo Divino Mestre, non é aínda a lei do mundo. Entre os que se aman, non hai *dereitos* nin *deberes*. O deber é un impulso que dá o corazón; o dereito un consolo que recibe; e a harmonía resulta, non de que cada un *pidá* o que lle corresponde, senón de que *deá* o que pertence a outro; e a medida está no desexo de *facér* ben, e non na pretensión de *recibilo* (...)

(*Cartas a un obrero*)

Moral e dereito.

(...) Por máis que porfien os que pretenden separa-la moral do dereito como cousas independentes, non só non se pode separa-lo dereito da moral, senón que o progreso consiste en que se unan cada vez máis intimamente, e o ideal sería que non houbera ningunha inmoralidade que non puidese ser e non fose penada pola lei. Non nos podemos estender sobre este asunto sen pasármolos límites do que nos ocupa; pero tivemos que facer esta indicación para saírmos ó encontro a unha réplica posible contra o devandito, de que a igualdade moral é a orixe, base e afianzamento da igualdade ante a lei natural.

O pobre e o ignorante, coma o millonario e o douto, ama ós seus fillos e é amado polos seus pais; é bo amigo, fiel confidente; ten sentimentos e afectos e determinacións dignas; respecta a propiedade allea, a vida dos outros homes, inmолando ás veces a súa polo ben deles. O filósofo moralista atopa alí unha moralidade responsable, tan *responsable* coma a dun gran señor ou un sabio, e unha personalidade *respectable* na mesma medida; e o lexislador, partindo deste feito, declara ós homes iguais ante a lei penal. Poden non ser todos electores,

nin elixibles, nin catedráticos, nin enxeñeiros; pero todos poden ser honrados, deben selo e faltan cando non o son: segundo os graos da falta, non segundo o que ocupa o que a comete, imponse a pena, que é, que debe ser alomenos, consecuencia dunha inmoralidade que a lei cualificou xustizable (...)

(La igualdad social y política)

O dereito á compaixón.

(...) As nais que están neste caso, os enfermos, os anciáns e os nenos desamparados, repara ben, Xoán, forman unha masa de centos de milleiros de criaturas que, coa forma política que queiras, e a organización social que soñes, morrerán de fame de non auxiliálos, e non serán auxiliados senón a medida que a sociedade *sinta máis e pense mellor*. A estes centos de milleiros de miserables que non poden traballar, ¿de que lles vai servi-la organización ou o dereito ó traballo, anque puidese existir? O dereito á compaixón é o que eles necesitan, dereito que ten que estar nas entrañas da sociedade antes de pasar ás súas leis (...)

(Cartas a un obrero)

Deber moral e deber legal.

(...) Se en vez da utilidade, que ó intentar realizala convértese instantaneamente en egoísmo, se partise da xustiza, o lexislador vulgaría a acción inmoral alí onde pode ser xulgada, onde debe ser corrixida, onde ten a súa raíz: no individuo. A medida da súa perversidade sería a da súa culpa; e aínda que non é certamente fácil de tomar, non é tan imposible coma a de perigos e seguridades sociais. O home non apreciará nunca con exactitude absoluta os feitos do home; mais para se achegar a ela todo o posible debe emprega-la xustiza, que é instrumento máis perfecto e menos suxeito a erro cá utilidade. Certa cantidade de erro xa sabemos que é inevitable, pero en diminuíla canto fose dado consiste a perfección humana.

Se para determinar cando se converterá en legal o deber moral se vulgan as acción pola maldade que revelan, polo que aumentará de non atoparen obstáculo e correctivo, aínda que non sexa medida exacta será máis aproximada; o lexislador non engadirá á imperfección humana o egoísmo humano, e se non logra cualificar perfectamente tódolos delictos, alomenos non os creará; non converterá en deberes legais os que non se consideran deberes morais, enfron-

tando a lei e a conciencia pública, facendo delincentes honrados, contribuíndo eficazmente a confundí-las nocións da xustiza.

Definindo ben os deberes morais, non hai dúbida que, canto maior sexa o número dos que pasan a ser legais, indica máis alto nivel na moralidade. A lei que pena a deshonestidade, o xogo, a embriaguez, a falta de cumprimento dos deberes paternais ou filiais, se non é letra morta, proba no pobo que a promulga un sentido moral bastante elevado, recto e firme para non consentir que sexa facultativo o obrigatorio, e para non tolerar que un home falte impunemente a deberes sagrados. Canto máis se moraliza un pobo, máis esixente é en cuestións de moral; como non podía tolera-lo roubo e o asasinato, non tolerará o adulterio, o xogo, a embriaguez, a vagancia, e os deberes morais volveranse legais cada vez en maior número; como dicíamos máis arriba, o colmo da perfección sería que o deber moral e o legal constituísen un só; que a conciencia pública fose tan recta que non tolerase a infracción do deber en ningún grao.

Por precipitación, por impaciencia ou descoñecemento do estado da opinión pública, o lexislador pode converter antes de tempo en deber legal o que é considerado como moral soamente; aínda pode incorrer nun erro máis grave, que é promulgar como deber legal o que non se considera deber moral, declarando delicto unha acción que se ten por xusta.

Tamén hai inxustiza e dano grande en declarar legais deberes que son morais, pero que teñen menos importancia ca outros que legalmente non se esixe cumprir (...)

(La instrucción del pueblo)

Discordancia entre a muller antiga e a sociedade moderna.

(...) A muller sen instrucción científica, artística nin industrial, sen dereitos, animal doméstico, ou anxo do fogar, vivía nel protexida contra a sociedade polo mesmo que tal vez a tiranizaba. Pero velaquí que as cousas cambian; ábre-selle a porta da casa á muller, díselles que pode saír, ela ve que o necesita, lánzase ás prazas, ás rúas, ós talleres, ás fábricas, tal como antes vivía recollida na súa casa, sen instrucción de ningún xénero, débil, física, artística, industrial e cientificamente; de modo que a liberdade que se lle deu é mentira, porque bateu por tódalas partes con superioridades que a abafan, con novos tiranos que tal vez a fan desexa-la antiga forma de escravitude. É aludimos aquí a certa categoría de mulleres, a máis visible e influínte, non a máis numerosa, que tivo sempre ruda tarefa fóra do fogar.

É un feito a discordancia entre a sociedade *moderna* e a muller *antiga*, que forma parte esencial dela, vítima unhas veces do progreso, e rémora

outras; a máquina de coser esgótala, ou ela mesma se converte en instrumento de mutilacións sociais. A muller é hoxe desgraciada, ignorante e influínte, si, influínte, dígase o que se diga, fágase o que se faga; e para que a súa influencia se harmonice coa xustiza, é preciso que desempeñe o papel que lle corresponde, que se interese na obra social coma en obra *súa*, que viva de racional actividade, e non de apatía enervante, exaltación trastornadora ou traballo improbo; que renuncie a idolatrías pasaxeiras que a cegan e a tronos dos que cae na lama, e viva de dignidade, de traballo intelixente, de sentimento, pero de ideas tamén, para que os seus actos non se exploten e se extravíen en dano seu e de todos (...)

(*El pauperismo*)

Prepara-la igualdade de oportunidades ante a lei.

(...) ¿Canto gastan en ensinar ós homes? ¿Canto en ensinar ás mulleres? ¿Cantos camiños abren á actividade racional dos primeiros? ¿Cantos á das últimas? Axústese ben a conta, anótese o *déficit* que resulta para a xustiza, e non se pretenda establecela esmagándoa. ¿Quérese facer un pobo de homes libres con mulleres escravas? ¿Quérese que a muller goce realmente de liberdade, mentres teña a argola da miseria e da ignorancia, mentres non mellore a súa condición económica e intelectual? ¿Quérese que o fanatismo e o pauperismo non fagan estragos, mentres os que aparentan consolar e protexer poidan explotar, extraviar, corromper, e exploten, extravíen e corrompan? ¿Quérese que haxa equilibrios estables, orde económica, ningunha orde, mentres a metade do xénero humano, se non herda ou a mantén a familia ou recibe esmola ou don pecaminoso, ten fame?

Para este mal grave non hai outro remedio que educar á muller, artística, científica e industrialmente, convencéndose da xustiza e da conveniencia de facelo así, para que a opinión modificada varíe os costumes e as leis. A muller, se é propietaria ou industrial, paga a contribución coma o home: nin está exenta de impostos indirectos, nin se lle rebaixan; se delinque, o feito de non ser home non lle serve de circunstancia atenuante, e iso que, tal e como está a sociedade, debería selo moitas veces. Pero se quere desprega-la súa actividade intelectual, as leis, os costumes e os erros néganlle o acceso a case todos os oficios lucrativos e ás profesións; de modo que está baixo pé de igualdade para as cargas, non para os beneficios sociais; ten personalidade para os deberes, e non para os dereitos, eternamente pupila de titor inxusto e insensato (...)

(*El pauperismo*)

Inviabilidade do Federalismo.

(...) Baixo o punto de vista político, a túa senrazón é aínda maior porque non só queres o que é contra razón, senón o que se opón ás tendencias da época e á marcha do mundo. Aínda que a república federal vencera ós soldados, non podería triunfar do espírito do século. A tendencia das sociedades actuais é a formar grandes agrupacións, e ti queres desmembrar, esmizuza-la nación española. Digo *esmizuza*, porque coñecendo o pouco prestixio que aquí ten a autoridade, os hábitos de insubordinación, que ceden ó temor máis cá idea de dereito; as rivalidades e envexas de pobo a pobo, propias dos que están atrasados e faltos de virtudes cívicas; moitos habían descoñece-la autoridade da capital hoxe de provincia e daquela do Estado, e podes formar unha idea do que sería o seu prestixio polo que tiveron as xuntas revolucionarias. ¿Que razón hai para que Sevilla se separe de Madrid e Cádiz non se separe de Sevilla? Se A Coruña se declara independente ¿por que vai depender dela Santiago?

A ignorancia e a falta de virtudes cívicas dan por resultado, no canto das combinacións harmónicas do interese ben entendido, os cálculos erróneos do egoísmo. Coa república federal nacerían novos atrancos en vez de se rompe-los antigos; habería duanas entre provincia e provincia, e atrancos de mil xéneros, tratándose como estranxeiros os españois, co obxecto de favorecer cada Estado ós seus cidadáns, co resultado indefectible de aldraxar e prexudicar a todos.

A administración de xustiza, tan imperfecta, sería imposible, porque os criminais burlaríana completamente fuxindo dun Estado a outro nun país que non axuda á policía a descubrilos e onde ninguén se preocupa polo interese común.

A instrucción, que ten un nivel ben baixo, descendería máis. ¿Que escolas especiais, que centros científicos habería nas localidades de provincia? ¿Non sabe todo aquel que destas se ocupa, que en España, por exemplo, non se aprenden con perfección as matemáticas máis ca en Madrid? ¿Que sería o ensino superior ciscado por todo o territorio? A nosa vida intelectual non é vizosa dabondo para chegar ás extremidades, e a penas concentrándose pode existir na cabeza.

A falta de ciencia en tódolos ramos do saber constitúe a meirande dificultade para a república federal, unida á falta de virtudes cívicas. Tódalas persoas de tódolos partidos din: «*É unha desgracia, non temos homes eminentes*». E cando non hai ninguén que descoñeza esta triste verdade, quérese a forma de goberno que máis homes eminentes necesita. ¡Non atopamos un home que se poña á cabeza da nación e atopariamos moitos que presidisen os diferentes

Estados! ¡Non hai ás veces sete homes para ministros de España, e habería setenta para os Estados españois!

Dirase. Non cómpre tanta capacidade para dirixir un Estado pequeno coma unha nación grande. É un erro. Non presenta maior dificultade aplica-la ciencia do goberno a 20 millóns de habitantes que a dous, e aínda é máis difícil neste último caso.

A falta de virtudes cívicas faise sentir máis canto máis se descentraliza o poder. Os presidentes dos Estados serían outros tantos reisiños co seu goberno e a súa corte, e con máis compromisos, miserias, debilidades, rancores, desacertos, vinganzas ruíns, proteccións inmotivadas e dilapidacións có goberno central. Todo se rebaixa e se achica descentralizando o poder nun pobo sen ilustración suficiente nin virtudes. Por non aceptar un xefe téñense moitos tiraniños, e no canto dunha dinastía hai tantas familias coma Estados que se consideran omnipotentes, e que o son para o mal, convertendo o país no seu patrimonio.

A autoridade central respéctase un pouco. Os seus representantes valen algo máis, ou non se coñecen. Témesse, porque a rebelión dunha provincia atrae sobre ela a forza de tódalas outras; pero nunha república federal, vendo a ineptitude e a inmoralidade dos xefes do Estado, supoñéndoos débiles, ¿que razón haberá para non se alzar contra eles cando non se respecten nin se teman? Ningunha. As rebelións serán continuas e a guerra incesante. Cada partido apelará ós seus nos Estados veciños e a guerra farase moitas veces xeral; sen contar con que a guerra de duanas poderase deixar de facer coas taxas duaneiras, e que os intereses que se cren opostos, cando non teñen freo, dan moi facilmente nas mans.

A ignorancia, a dilapidación, o fraude, a anarquía e a guerra que hoxe se suman en España, ascendendo por desventura a unha cantidade elevada, multiplicaríanse na república federal compoñendo unha cantidade enorme. Así ¡ouh pobo! para multiplicar tódalas túas desventuras alzácheste en armas e derramáche-lo sangue dos teus fillos (...)

(A los vencedores y a los vencidos)

Escravos e cidadáns.

(...) O mal estoupa, o ben desenvólvese paulatinamente. Velaquí a lei; dura nos parece, pero é a lei inevitable e sería loucura empregar nunha resistencia inútil a forza que precisamos para a resignación.

A sociedade é un composto de homes e non pode obedecer a leis opostas ás que rexen ós compoñentes. Un home enfermo non se restablece senón

por graos; un home criminal ou vicioso non se rexenera nun día; un home ignorante instrúese pouco a pouco. O mesmo acontece coa sociedade. Non pasa repentinamente do vicio á virtude, da ignorancia á ciencia, e á forza da debilidadade. Nas tres esferas, da moral, da intelixencia e da forza, as sociedades, coma os individuos, avanza gradualmente, e o que lles promete transicións violentas e pasar das tebras á luz, mente ou equívocase.

Pero ti dis: «Nun día rompo as cadeas, berro viva a liberdade, teño unha arma para a defender; son libre». Velaquí un gran ben instantáneo. Nun día, nunha hora, un pobo de escravos convértese nun pobo de cidadáns. Este é o teu erro; o grave e desventurado erro (...)

(A los vencedores y a los vencidos)

Liberdade e xustiza.

(...) ¿Que é liberdade? ¡Cantas ideas confusas, erróneas, insensatas, enlean adoito esta palabra! E, non obstante, é cousa doada definir ben a liberdade. Liberdade é xustiza. No momento en que es inxusto, a túa liberdade converteuse en licencia.

¿E que é a xustiza? *Non lle facer a outro o que non queres que che fagan a ti*; de modo que un home libre é o que, alomenos na esfera legal, non lle fai a ninguén o que non quere que lle fagan a el.

¡O que! dirás ti: esa liberdade tan brillante, tan pomposa, tan doada, que me predicán na praza pública famosos oradores, ¿é unha cousa tan sinxela e tan austera coma o cumprimento do deber? Nin máis nin menos; de xeito que un pobo non pode ter de libre máis có que teña de honrado: é regra que non admite excepción.

Esquecíame dicirche unha cousa importante. Como naquela máquina da que che falaba hai pouco, para que funcione ben non abonda con que as rodas engranen perfectamente, senón que hai que botar algunha graxa nos centros, do mesmo xeito que na organización social non abonda coa xustiza; precisase tamén a caridade: é o aceite sen o cal hai moitas rozaduras, por ben feitas que estean as rodas.

A liberdade é, xa que logo, xustiza e benevolencia.

Como nun día un pobo non ten vontade firme de ser xusto nin aprende a selo, non pode entrar en pleno gozo das súas liberdades, e soamente a medida que vai cumprindo o que debe pode face-la reclamación de que se lle cumpra o que lle é debido. As reformas non son un regalo, senón unha necesidade que impón a opinión, e os seus beneficios non recaen sobre ningún pobo que non os mereza. Para que as leis xustas se apliquen con equidade cómpre que haxa

unha atmosfera de equidade e de xustiza que non existe arriba se veñen de abaixo emanacións mefíticas.

A revolución pode ser cuestión de forza; a liberdade é cuestión de dereito, de xustiza, de ciencia, de virtude. ¿Para que serven esas masas armadas de homes do pobo? Para alimentar temores que o prexudican e esperanzas que o perden porque procura a seguridade onde está o perigo, e a forza onde non pode estar. Para facer libre a un pobo o que cómpre aprenderlle é o exercicio da razón, non o do fusil (...)

(*A los vencedores y a los vencidos*)

Algúnhas falacias do liberalismo económico.

O Sr. Castelar, ó combate-lo socialismo, fai argumentos que se poden chamar *os consabidos*; pero ás veces esaxera as esaxeracións, ata o punto de as converter en erros evidentes, como cando afirma «*que unha gran parte dos pobres precipitáronse no abismo da miseria desde os altos montes onde campan as aristocracias, etc.*».

Os que caen de moi alto é raro que cheguen ó abismo e non atopen un paracaídas aínda sen merecelo; algún miserable haberá que fora poderoso; pero a regra xeral, moi xeral, é que se vive e se morre na condición social coa que se naceu, e que para saír dela precísanse circunstancias e condicións moi excepcionais. Di o Sr. Castelar que «*a principal parte dos banqueiros europeos empezaron sendo pobres*»; se cadra é certo, pero na cuestión social, non se trata principalmente de *pobres*, senón de *miserables*, quer dicir, daqueles ós que *falta o necesario fisiolóxico e psicolóxico*, e dubidamos que desta multitude saíran os máis opulentos banqueiros de Europa; en todo caso non están exentos de toda miseria, porque adoitan te-la moral. Sen dúbida «*a vontade toma parte activa en labra-la propia fortuna*»; pero prescindindo do gran número de fortunas que son obra da vontade *activa*, mais non *recta*, os individualistas, ó lle deciren ó miserable que sendo morixerado, e activo, e económico, pode chegar a ser rico e ó lle citaren o exemplo do pobre N. e do obreiro X., que chegaron a ser capitalistas, esquécense do que se podería chamar *a impenetrabilidade social*; nunha fábrica, aínda que mil operarios teñan aptitude para dirixi-los traballos, non pode haber máis ca un número limitado de directores e contramestres; aínda que haxa milleiros e millóns de pobres con vontade e aptitude para se facer banqueiros opulentos, o capital da sociedade non dá para que sexan millonarios senón a un curto número. É un erro ou un engano dicirlle ó individuo que na súa man está facerse rico; o que se lle debe dicir é que a sociedade non ten capital para enriquecer a tódolos asociados activos e intelixentes; que o máis que

pode facer (e isto é o que eles deben procurar) é que reciba recompensa o merecemento e non a maldade; é reduci-lo luxo e a miseria; é que non a insulten os que contribúen a ela; é que os productos do traballo se distribúan coa maior equidade posible; é que a contribución que converte ó pobre en miserable non sirva para absurdas ou irritantes dilapidacións, para manter vagos, para mercar conciencias e a impunidade dos criminais. Isto é o que cómpre procurar, e non a realización dos soños ou das mentiras individualistas.

Di o Sr. Castelar a propósito do capital: «¿*Quen traballará se non pode gañar, nin gañará se non pode aforrar?*» Así acontece coa inmensa maioría dos traballadores españois, que non poden aforrar, que non gañan para comer; este é o feito, que coñece todo aquel que sabe como viven os obreiros: traballan para non morrer de fame; a frase *gañarse a vida*, equivalente a *traballar*, significa atender ás primeiras necesidades, non a acumular economías. E non é que maldigamos ó capital, pero se non o consideramos unha fera, tampouco un ídolo e, sobre todo, quixeramos que se puxese ben en claro o que é o capital. Hai xente que cre ou discorre como se o crese, que capital son billetes de banco, moedas, accións ou casas, ou terras, algo así tanxible e amortizable e vendible a maior ou menor prezo. Non obstante, hai unha frase moi usada e non inventada polos socialistas, que dá significación máis extensa e exacta á palabra capital. Dise dos artistas que teñen un capital na voz, na paleta, no piano, no arco do violín, etc., etc. e así é a verdade. ¿E que é o que constitúe este capital? Unha natural disposición cultivada, ás veces transformada polo traballo, que vai coa persoa, que é inherente a ela. Un médico, un enxeñeiro, un avogado, teñen tamén un capital na súa profesión, e no seu oficio todo artesán; o que sexa maior ou menor, non varía a súa esencia nin a condición indispensable común a todos de que necesita *traballo constante e actual* para que teñan valor (...)

(«La cuestión social y la paz armada» en *La España Moderna*)

Liberdade proclamada e liberdade realizada.

¡Liberdade! ¿Que é a liberdade? Non para todos significa unha mesma cousa esta palabra. Supoñemos que para o señor Castelar liberdade significará:

Sufraxio universal;

Xurado;

Dereito de reunión;

Dereito de emitir e defende-las súas ideas de palabra ou por escrito;

Dereito de practica-la relixión conforme ás propias crenzas e respecto ás alleas;

Dereito de non pagar máis tributos cós legais, de non ser encarcerado, nin penado, senón conforme á lei, e a que en todo se atean a ela as autoridades e os concidadáns, etc., etc.

¿E que fai de todo isto o que non sabe o seu dereito; o que non ten medios de facelo valer; o que non pensa máis ca en comer, e como non come o suficiente a penas pode pensar noutra cousa; o que chama piedade á superstición; o que sendo xuíz se atén ó alleo xuízo, e elector vota o que lle manda o amo, ou o que lle aconsella algún fanático que o extravía, ou algún especulador político que o explota? A liberdade para milleiros, para millóns de homes, non é aínda cousa práctica, está, pódese dicir, en estado de berro. O pobo aclámaa por instinto e fai ben; tal vez a cre sinónima de xustiza, e nisto equivócase, porque a liberdade *proclamada* e a liberdade *realizada* están moi lonxe de se-la mesma cousa, e aínda a liberdade que se realiza é un poderoso elementos da xustiza, pero non é a xustiza toda.

O Sr. Castelar, que se xacta de ter feito tanto para *proclama-la* liberdade, ¿fixo bastante para *realizala*? E aínda realizada (en idea) en tódolos eidos da actividade humana, atribúelle un poder que non ten; a súa ciencia social está un pouco anticuada, porque xa non se cre que a liberdade, coma outra lanza de Aquiles, cura as feridas que fai, alomenos como a comprenden os seus incondicionais partidarios. Disque a liberdade non é a licencia, que ten por límite a liberdade allea, o dereito do outro; pero se esta liberdade é ilusoria, non pode ser práctica; se este dereito non está ben definido, a xustiza ten que intervir para definilo, para que as cousas se aprecien tal como son, e se procure que sexan como deben ser.

(«La cuestión social y la paz armada» en *La España Moderna*)

Nin despotismo arriba nin servidume abaixo.

(...) Os que defenden e defendemos que non se debe abandonar ás degradantes eventualidades das esmolas ó inválido do traballo e á súa familia, non queremos *despotismo arriba e servidume abaixo*, non somos individualistas nin socialistas, somos *sociabilistas*; quer dicir, persoas que desexan unha sociedade que pola súa humanidade e a súa xustiza se forme de individuos *sociables*, que non a acusen nin a odien con razón, e non dos que foron cualificados de *salvaxes da civilización*, salvaxismo que é o resultado da inxustiza, que unhas veces se disfraza de orde e outras de liberdade (...)

(«La cuestión social y la paz armada» en *La España Moderna*)

A sociedade e a xustiza.

Cando hai tantas forzas que empurran á reincidencia, ¿haberá razón para acusar a algún sistema carcerario de non evitala? O mal diminuíra moito de mellora-las prisións; é un deber sagrado esta reforma; pero a prisión non pode dar tódolos seus froitos, mentres non se reforme a sociedade.

Os coidados e sacrificios pecuniarios que esixe o establecemento de prisións verdadeiramente correccionais, non son considerados por todos, nin aínda polos máis, coma un deber imperioso, imprescindible. Quérese que a sociedade, á maneira de comerciante ou usureiro, abra unha conta ó criminal, cargándolle non só os gastos da súa mantenza e custodia, senón os da administración de xustiza, como se el só a fixese necesaria e debese pagala. Este erro é grave: procuremos analízalo.

Se tódolos homes fosen como deberían ser, o seu concurso voluntario e harmónico daría por resultado natural e espontáneo a xustiza: como non hai necesidade de coaccionar a ninguén para que se abrigue cando sente frío, e beba cando ten sede, non sería preciso obrigar a ninguén para que cumprise tódolos seus deberes.

Pero non acontece así, e por iso son necesarias leis civís, e criminais, e políticas, e funcionarios, e soldados, e edificios, todo o cal custa moitos cartos. ¿E quen é responsable de que a xustiza non resulte dunha harmonía voluntaria e espontánea, sen a promulgación da lei, sen o auxilio da forza? ¿Quen? ¡Todos! Si, todos, non sendo algún xusto que fai sempre o que debe; que NUNCA, con obras nin palabras, contribúe directa nin indirectamente a que o erro, a ignorancia, a paixón, a dor ou o egoísmo, perturben a máis fermosa das harmonías: a que debera resultar do acordo voluntario e unánime de tódolos homes para non facer nunca mal, cousa que non se pode realizar senón facendo sempre ben. Exceptuando estas santas, benditas e rarísimas excepcións, tódolos demais entramos na regra, e contribuímos á inxustiza. Si, contribuímos, os que non aprendemos, segundo o noso saber, ós que máis ca nós ignoran; os que non damos tódolos bos exemplos que, segundo as nosas facultades de todo xénero, podemos dar; os que non consolamos tódalas dores que podíamos consolar; os que queremos e buscamos e temos máis do que equitativamente nos corresponde; os que damos por ben ordenado o que se encamiña ó noso proveito, e, en fin, tódolos que, directa ou indirectamente, contribuíndo a que sexa maior o número dos que erran e dos que sofren, poñemos obstáculos para que a xustiza se realice sen promulgación da lei e sen o auxilio da forza.

¿Acaso non fan necesaria a acción dos tribunais máis cós condenados por eles? ¿Non os ocupan, e moito, tantos litigantes de mala fe ou de mala inteli-

xencia, que pretenden apropiarse do que non é seu, porque son raros os casos dubidosos para o que procura a verdade con desexo de xustiza? (...)

(*Estudios penitenciarios*)

Un deber: a reforma das prisións.

A sociedade *toda* debe contribuír pecuniariamente ós gastos de xustiza, porque *toda* contribúe moralmente a facelos necesarios.

Non é, pois, facultativa, senón obrigatoria, a reforma das prisións; non se fai con ela unha gracia, nin unha obra de caridade, senón que se cumpre un deber; e ningún destino se pode dar ó imposto máis necesario, nin, falando en conciencia, máis urxente (...)

(*Estudios penitenciarios*)

Contradiccións legais.

Se a lei civil mira á muller como un ser inferior ó home, moral e intelc-tualmente considerada, ¿por que a lei criminal lle impón iguais penas cando delinque? ¿Por que para o dereito é considerada como inferior ó home, e ante o deber considérase igual a el? ¿Por que non é considerada coma o neno que obra sen discernimento, ou cando menos coma o menor? Porque a conciencia ergue a súa voz poderosa e sublévase ante a idea de que o sexo sexa un motivo de impunidade: porque o absurdo da inferioridade moral da muller toma aquí tales proporcións que o ven todos: porque o erro chega a un deses casos en que necesariamente ten que se limitar a si mesmo, que transixir coa verdade e optar pola contradicción. É monstruosa a que resulta entre a lei civil e a lei criminal; unha dinos: «*Ti es un ser imperfecto; non che podo conceder dereitos*». A outra: «*Considérote igual ó home e impóñoche os mesmos deberes; se faltas a eles, incorrirás en idéntica pena*».

A muller máis virtuosa e ilustrada considérase pola lei como inferior ó home máis vicioso e ignorante, e nin o amor de nai, ¡nin o santo amor de nai!, cando queda viúva, inspira ó lexislador confianza de que fará polos seus fillos tanto coma o home. ¡Absurdo increíble!

É tal a forza do costume, que saudamos todas estas inxustizas co nome de *dereito*.

Poderíamos recorrer-la órbita moral e legal da muller e atoparíamos en toda ela erros, contradiccións e inxustizas. A metade do xénero humano, a que

máis debera contribuir á harmonía, volveuse polo home un elemento de desorde, un auxiliar do caos, de onde saen antagonismos e loitas sen fin.

Os problemas da muller nas súas relacións co home e coa sociedade, están sempre máis ou menos fóra da lei lóxica. ¿É isto razoable?, ¿é racional sequera? Non hai máis ca unha razón, unha lóxica, unha verdade. O que queira introducir-la pluralidade onde a unidade é necesaria, introduce a inxustiza e con ela a desventura (...)

(La mujer del porvenir)

Situación legal da muller española a finais do século XIX.

a) Leis penais.

As leis penais en España, conforme acontece pouco máis ou menos en tódolos pobos do mundo, están en contradicción coas civís, políticas e administrativas, no tocante á muller: pois mentres estas a incapacitan para os cargos públicos e o exercicio das profesións, para tomar parte na xestión da cousa pública, e considéranas ás veces como menor, aquelas esíxenlle sempre responsabilidade completa, sen que o sexo sexa circunstancia atenuante que mitigue as severidades da Lei.

A única distinción que se fai é na prisión, onde a muller ten cama, da que se priva ó home, e non se lle pón cadea, aínda que o seu crime estea na categoría dos que reciben este castigo, que degrada ós que o sofren, e máis aínda ós que o imponen e ó pobo que o tolera.

b) Leis políticas.

A lei política non reconece á muller española dereito ningún.

c) As leis administrativas e de ensino exclúen á muller de tódolos cargos públicos e do exercicio de tódalas profesións, non sendo o maxisterio nos seus últimos graos, a venda de efectos timbrados e de tabaco, que monopoliza o Goberno; algunhas prazas de telégrafos e no servizo do teléfono. Así, pois, os únicos postos oficiais que a muller pode ocupar son: mestra de nenas, telegrafista e telefonista e estaqueira; raíña pode ser tamén; en España non rexeu nunca a Lei Sállica.

d) Leis civís.

A lexislación non é uniforme en España; e hai provincias onde a muller está máis favorecida ca noutras, especialmente cando é viúva; pero en tódalas partes a lei incorre nunha chocante contradicción cando determina respecto ós dereitos das casadas e das solteiras. Estas, unha vez chegada a súa maioría de idade, teñen os mesmos dereitos civís cós homes no que di á propiedade e, coma eles, herdán, legan, arrendan, allean e adquiren. Pero, ó casaren, volven

á condición de menores; o marido administra sen dar contas; pode gastar con mancebas as rendas da súa muller, e esta non dispón do seu sen permiso del. Se, empregado ou militar, a abandona cos seus fillos, aínda que sexan moitos e de curta idade, o máis que poderá conseguir, despois de moitos obstáculos que con frecuencia non vence, é que se lle asigne unha mínima parte do soldo, deixándolle a maior para que escandalice con ela. Por outra contradición da lei a muller, que mentres está casada ten na esfera económica unha condición tan desvantaxosa, ó enviuar, ou ó morrer, a ela ou ós seus herdeiros corresponden os *gananciais*, quer dicir, a metade do que aumentara o caudal durante o matrimonio. Nestes últimos anos, deuse un paso cara á igualdade civil dos dous sexos: a viúva ten patria potestade sobre os fillos.

Para casar, se é menor, necesita o consentimento dos seus pais ou titorres, e se estes o negan, despois de certos trámites marcados pola lei, pode contraer matrimonio conforme á súa vontade. Existe, máis de dereito ca de feito, o matrimonio civil; o relixioso (unicamente no caso de ser católico) ten efectos civís, con só dar parte ó rexistro civil: sen esta circunstancia non ten valor legal, ou non debería telo, porque unido o pouco respecto da lei, en xeral, á hostilidade, nuns verdadeira, noutros finxida, ó matrimonio civil, resulta que a sanción penal neste punto é con moita frecuencia ilusoria, e condónanse multas e lexítimanse ilegalidades (...)

(Informe para Stanton)

A muller e o matrimonio.

(...) As mulleres en España casan por amor ou por cálculo, sen coidarse da relixión do seu marido, e sabendo que non ten ou non practica ningunha, e sempre que este se preste, que se presta, a face-la farsa de que recibe o Sacramento. Se por casualidade, que é moi rara, ten o noivo algunha relixión que non sexa a católica e a honrada franqueza de o dicir, esta circunstancia non é un obstáculo, non sendo polos moitos que opón Roma; nin a moza, nin a familia se retraen por iso e só se doen e se escandalizan as amigas vellas, que non vían nos seus tempos semellantes escándalos, e as mozas, que tal vez de boa gaña tomarían para si ó impío.

Non hai divorcio, con facilidade de novo matrimonio, e a separación legal, polas circunstancias que a dificultan e a falta de costume, a penas existe; en cambio, *a de feito* é ben doada para o marido, que abandona con frecuencia á súa muller e ós seus fillos sen incorrer en ningunha pena.

A lei e a forza.

(...) Vostede sabe, cabaleiro, que sobre tan grave asunto hai diferentes pareceres, que se poden reducir a tres:

1. Os que non queren que haxa forza armada.

2. Os que aproban a organización que hoxe ten en España, quer dicir, que o servizo militar sexa obrigatorio para os que non o poden redimir con cartos.

3. Os que, recoñecendo a necesidade da forza armada, negan que haxa dereito para obrigar á toma-las armas ós que voluntariamente non se presten a facelo.

Os primeiros desexan unha cousa excelente: non se comprende o gusto pola forza armada, como non se concibe que ninguén teña o do reumatismo, o cancro, os terremotos e as inundacións. Se os homes fosen como debían, se todos obedecesen á lei sen a coacción da forza, e ningún recorrese a ela para impoñe-la súa vontade inxusta, ¡Ouh ventura! podíase suprimi-la forza armada. Eu son dos que esperan que en tempos futuros, remotos, moi remotos, non haberá guerras; tamén creo que diminuirá moito o número de criminais, pero non me atrevo a facer afagos de que non haberá absolutamente ningún, nin ninguén que, enfrontándose á lei, faga necesario o uso da forza.

En todo caso, de chegar ese día, a lexislación, ben simplificada en tan venturosas circunstancias, seguramente suprimiría a *forza pública*, que non tiña razón de ser non habendo ningunha *violencia* privada.

Pero as institucións non se han facer para unha sociedade que se *soña* ou se *agarda*, senón para aquela que xa existe: a nosa, e moi especialmente a española, con tan pouco respecto á lei, con tan desventurada facilidade para lle opoñe-la forza, lonxe está de poder desarmarse: o propoñelo, máis parece pasatempo e burla, ca cousa grave e pensada. Onde hai pouca moralidade e pouca razón, ten que haber moita forza; é a lei, á cal, non por pura, se substraen os pobos insensatos e inmorais, que substitúen o egoísmo ó deber, e ó raciocinio a ira. Non creo necesario insistir máis sobre a necesidade *actual* da forza pública (...)

(*Cartas a un señor*)

O exército entre voluntario e obrigatorio.

(...) A vocación dos homes é unha cousa que ten que respectarse moito, porque adoita ser indicio certo de disposición natural para a ocupación a que se inclinan, e non se lles debe desviar cando nela non hai inmoralidade. Un home pode ser bo militar e mal carpinteiro ou mal avogado; moitas veces é causa de perturbación o que podería ser elemento de harmonía, e o dar facilidades ás

inclinacións naturais cando non son malas, é tan proveitoso para o individuo como para a sociedade. Así, pois, se a forza armada se pode compoñer de voluntarios, non hai que obrigar a ninguén ó servizo das armas; pero se non, se hai que obrigar a *algún*, *todos* están igualmente obrigados, porque non pode haber equivalencia entre as cousas e as persoas, nin que haxa un deber social que para uns signifique unhas cantas moedas e para outros a vida. E non fago mérito doutras inxustizas e males gravísimos que resultan de que haxa *masas* armadas, sen lévedo intelectual que faga fermentar nelas a idea do dereito e do deber; *masas* que xuran a bandeira porque llelo mandan, e a deshonran porque llelo mandan tamén.

Os que negan o dereito a obrigar a ninguén ó servizo das armas, esquecen, sen dúbida, o feito de que hai, aínda en tempo de paz, moitos milleiros de homes que se sobrepoñen á lei, e habería moitos máis se non houbo forza pública que os contivese. Sendo a xustiza e a orde cousas necesarias, ¿que acontecerá cando os inxustos e os rebeldes queiran impoñe-la súa vontade a man armada, se non hai para contelos máis cá forza moral da lei que pisan e escarnecen? Acontecerá unha destas tres cousas:

A sociedade quedará á mercé dalgúns milleiros de bandidos, ou o que é o mesmo, será imposible;

Haberá persoas que voluntariamente se presten a dar forza á lei, tomando as armas contra os que a man armada a atacan;

Non habendo quen voluntariamente dea forza á lei, esta esixirá o apoio de todos, en virtude dos principios daquela xustiza para todos respectable e necesaria.

Que a forza moral da lei non abonda para realiza-la xustiza, cousa é tan demostrada que non precisa demostración. Se hai quen voluntariamente quere toma-las armas en defensa da lei, honrado servizo é, e débese admitir sempre que aquel que o ofrece sexa digno de aprecio. Pero se non houbo voluntarios para esta indispensable función social, ou se os que se presentan para desempeñala non merecen confianza, e, antes polo contrario, é de temer que no canto de defende-la lei se volvan contra ela, a sociedade débese disolver ou debe esixir de tódolos seus fillos que dean apoio á xustiza, sen a cal non pode existir (...)

(*Cartas a un señor*)

De ser preciso colle-las armas, que non o fagan só os pobres.

(...) Dise: *Non hai dereito a obrigar a ninguén a toma-las armas CONTRA A SÚA VONTADE*. ¡A vontade! ¿É ela, acaso, a reguladora equitativa das nosas accións? ¿*Querer*, é sinónimo de *deber*? Vontade ten o ladrón de roubar, o asasino de matar, e a que manifesta de deixarlle que siga matando quen se nega a perseguilo, se non é tan torcida coma a súa, non é moi recta, e ben necesitada está de que algún a encarreire. A falta de vocación para o servicio das armas é motivo para non prestalo voluntariamente, pero non constitúe o dereito de se substraer ó cumprimento dun deber, e deber é e moi sagrado, non negarse ó chamamento da lei que pide auxilio, traspasando a outro esta obriga penosa, con cargo da conciencia e detrimento da dignidade; porque non é moral nin é digno rodearse de egoísmo temeroso, de molicie degradante ou dun erro do entendemento, e deixar que sucumba a xustiza, se espíritos máis xenerosos e ánimos máis esforzados non se prestan a amparala.

En principio, pois, o servicio das armas, apoio material dado á lei, é obrigatorio para todos igualmente, pobres e ricos, sabios e ignorantes: moitos non teñen vocación de soldados; ninguén a ten de contribuínte, e todos pagan. Os señores substraíanse antes a contribuír coa súa persoa, alomenos en España; día chegará en que paguen tamén *contribución de sangue*, e é seguro que daquela non se derramará tanta.

O que hai máis grave no servicio das armas non é que sexa molesto e perigoso, é que pode dar lugar a casos de conciencia, a dúbidas penosas, a verdadeiros conflitos para o ánimo: desventura grande, que a tantas outras engaden os malos que recorren á forza para impoñe-la súa vontade. Pero, en fin, por penosa que sexa a situación moral do que quere cumprir co que debe, o abraio e a dúbida son pasaxeiros, a conciencia terá afirmacións, o deber será penoso, pero claro. Repárese en que estas situacións angustiosas da alma serían rarísimas, e aínda chegarían a desaparecer, se desaparecesen as inxustizas e os absurdos que consigo leva a actual organización militar, en que o exército, *máquina de guerra*, non ten os elementos morais e intelectuais necesarios para ser instrumento de xustiza.

(*Cartas a un señor*)

A forza moral.

Comparando os pobos que reaccionan a tempo, e para ben seu, contra a desigualdade, e os que para o seu mal a perpetúan ou a destrúen, vese que os primeiros non son sempre nin máis ricos nin máis intelixentes cós segundos, e que en moitos casos son máis pobres e menos ilustrados, de modo que o ele-

mento material e intelectual é inferior neles. E sendo así, tendo a desavantaxe da maior pobreza e ignorancia, ¿como realizan o progreso de suprimir a tempo a desigualdade excesiva que corroe a outros? ¿Que forza os alenta? A forza moral. Os pobos en que o home é máis digno, máis xusto, máis humano, menos egoísta, menos débil para se deixar arrastrar polos vicios que degradan, e mellor disposto para senti-los nobres e piadosos sentimentos que impulsan á abnegación e ó sacrificio; os pobos máis morais, en fin, son os que teñen peiteiros que se poden transformar en cidadáns, aristocracias en que os señores son homes con virtude e conciencia dabondo para comprende-los deberes de humanidade e practicalos ata deixar en ocasións ós seus pares e formar nas filas dos plebeos, e loitar ó seu lado e morrer por eles. Nestes pobos, os de abaixo teñen corazón, a dignidade, aínda que non sexa máis ca latente, do home honrado; os de arriba teñen entrañas, e todos algo que rexeita aceptar e impoñer perpetuamente a servidume e a tiranía sen límites. Poderán ser máis pobres e máis ignorantes; pero son máis dignos cós que oprimen sen misericordia e se deixan oprimir sen protesta, e a reacción contra desigualdades irritantes verifícase en virtude principalmente do elemento moral (...)

(...) Se pobos ricos e cultos se inmobilizaron ou sucumbiron en desigualdades incompatibles co progreso por falta de resorte moral; se por telo, outros inferiores en cultura suprimiron privilexios que eran atrancos insuperables ó seu ben-estar, ¿non se pón en evidencia a grande importancia que ten o elemento moral para realiza-la igualdade?

(La igualdad social y política)

O cidadán non se fai só por decreto.

(...) En van se mellorará a situación económica das masas, nin se lles dará mellor instrucción; se están desmoralizadas non subirá o seu nivel, e antes é posible que descenda, e que a medida que se enriquecen (con riqueza relativa) se degraden, porque usando en prexuízo dos seus deberes os maiores recursos de que dispoñen, afástanse cada vez máis da igualdade no dereito, e só para a común abxección quedan aptos.

Non levamos, procuramos, alomenos, non levar a ningún asunto espírito de sistema nin exclusivismos, moi prexudiciais ó descubrimento da verdade. Non negamos, cando se trata das institucións e modo de ser dun pobo, a importancia que ten o elemento intelectual e físico ou económico; pero non adoita dárselle ó moral a importancia que ten; convense en que certo grao de miseria e de ignorancia fai imposible a igualdade no dereito, pero non se lembra bastante que é tamén incompatible coa depravación e que esixe un mínimo tanto

de virtude coma de ben-estar e de cultura. Por iso cómpre lembra-lo testemuño da historia; ver pobos dunha civilización adiantada abafados por privilexios odiosos e envilecidos baixo o nivel da servidume por falta de resorte moral; e observando este feito no presente e no pasado, tanto á nosa beira coma en países remotos, convencerémonos de que non é fortuíto, senón necesario, e que loitan contra as leis da natureza humana os que pretenden elevar socialmente ó home que moralmente está degradado.

Non se pode facer un cidadán dun mendigo, dun tolo, nin dun malvado; e na casa de beneficencia, no manicomio ou no presidio pódense estudar ben, porque aí é onde máis salientan os insuperables atrancos que para igualar ós homes sen degradalos opón a falta do necesario físico, intelectual e moral.

(La igualdad social y política)

V

AS RELACIONES INTERNACIONAIS

Na procura da esfera do dereito.

Procuramos probar, e, ó noso ver, probamos, que o dereito de gracia, apoiándose en erros, é un elemento de inxustiza.

Que, como feito histórico, é un anacronismo e carece dos motivos que, malia non o xustificaren, o explicaban noutro tempo;

Que, lonxe de contribuír ó prestixio do poder que o exerce, pode comprometelo, e realmente o compromete, porque lle esixe o bo uso dunha cousa que de seu non é boa, e faino incorrer nunha responsabilidade abafante, coma tódalas que supoñen medios, que non existen, de salvarla;

Que as leis crueis débense abolir, non paliar coa facultade de aplicalas ou suspendelas, porque a cega arbitrariedade non pode ser medio de realiza-la xustiza;

Que as circunstancias persoais deben terse en conta para o fallo, e non se poden saber para o indulto senón acudindo ós xuíces ós que se lles anula ou modifica a sentenza; de xeito que o fundamento do dereito de gracia é a ficción de que quen o exerce coñece mellor ó reo cós encargados de administrar xustiza, quedando esta moi magoada por unha institución que une o poder irresponsable á suma ignorancia invencible;

Que, sempre que se reconeza a inxustiza dun fallo, hase impedi-lo seu cumprimento, non por medio da concesión dunha gracia, senón administrando xustiza, conforme ás regras que deben estar marcadas para este caso.

Que os indultos respecto ós delitos políticos non teñen ningún carácter xurídico; son medidas políticas máis ou menos acertadas, procederes máis ou menos humanos do vencedor respecto do vencido;

Que a abreviación das penas para recompensar e estimula-la boa conducta dos presos debe formar parte do sistema penal, que, en harmonía co carcerario, procuran realiza-la xustiza, á que se falta aplicando gracia por quen non pode saber quen a merece: as *rebaixas merecidas*, é posible que sexan xustas e útiles; as *concedidas* son inxustas e prexudiciais; se o poder executivo non pode intervir na imposición da pena, tampouco no modo e tempo de a sufrir; todo

debe estar igualmente ordenado pola lei, que ten regras para os *diferentes casos*, pero non admite *excepcións*;

Que a *defensa* da sociedade mediante leis dunha severidade tal que tempera o dereito de gracia é, como seguridade, ilusoria, e positiva como atentado contra a xustiza, que no canto de principios certos ten para se guiar cálculos erróneos ou supostas comenencias e necesidades; propóñense dereitos sagrados, mírase menos *quen* cometeu o delicto e *como*, ca *onde* e *cando*; aténdese máis ás circunstancias da sociedade cás do delincente; sácanse consciencias absolutamente opostas á verdade, como que *o maior número de delictos é razón para aumenta-la severidade das penas*, e, en fin, substitúese o egoísmo medroso á equidade serena;

E que á fin e ó principio, e sempre, supóñense no que exerce o dereito de gracia medios de realiza-la xustiza, que non ten, que non pode ter. Sería necesario que lese nos corazóns; que soubese as circunstancias todas ignoradas polos xuíces e os encargados de facer que se cumpra a pena; que fose un poder sobrenatural, obxecto dun milagre permanente, para aplica-la pena á medida da culpa, distribuindo castigo e impiedade coma quen non se pode equivocar. Sendo todo isto imposible, o dereito de gracia parte dun erro, descansa nunha ficción, e á mercé de erros, de paixóns, de cálculos e de cobizas, dá indefectiblemente por resultado o feito de inxustiza.

(*El derecho de gracia*)

As relacións internacionais.

As nacións asinan convenios, xa para pactar vantaxes que mutuamente se conceden, xa para determinar puntos de dereito privado dos seus súbditos respectivos, xa para facer tratados de comercio, de extradición de criminais ou con outros fins. Polo xeral, hoxe, nestes pactos, se hai inxustiza neles, é máis ben consecuencia do erro ca do abuso da forza: as nacións débiles tratan de igual a igual coas fortes, e negan e conceden, segundo queren e saben, aquilo que parece máis útil. Prusia, por exemplo, con toda a súa actual preponderancia, non imporá a España a condición de que tome os seus aceiros sen pagar dereitos de duanas, ou de que admita na lexislación española, para máis comodidade dos súbditos alemáns, establecidos na Península, as catorce causas de divorcio que admite a lei prusiana.

Como veremos máis adiante, a persoa colectiva chamada nación, non se pode equiparar en absoluto nas súas relacións con outras, ó individuo, conforme se pretendeu; pero non levando a analoxía máis alá do razoable, tal vez se

podería dicir que agora, na organización xurídica internacional, hai *dereitos civís*, pero non hai *dereitos políticos*.

Se isto parecese esaxerado, repárese que non se pode chamar dereito aquel do que se exclúe ós débiles, nin lei a que se dá polos que teñen forza, sen escoitar ós que teñen razón ou poden tela.

Hai, como veremos, algunhas leis internacionais, poucas, dadas en virtude dun sentimento de humanidade, de xustiza e de decoro, pero dereito político internacional, non existe; no canto del, ponse a vontade das grandes potencias (...)

(*Ensayo sobre el derecho de gentes*)

Falta un dereito político internacional.

(...) Tal é nas relacións políticas das nacións o Estado do Dereito internacional ou, para falarmos con exactitude, a falta de dereito.

Como non o teñen por regulador e por guía, os pactos e as alianzas que con fins políticos fan as nacións son máis temibles ca desexables, e a súa intervención nos asuntos dos outros non é un medio de realiza-la xustiza. A política de *non intervención* vai preponderando, porque as necesidades da paz van coutando os ímpetus que impulsan á guerra; pero aínda a fai o que quere e pode, para intervir nos dominios alleos, ou para acrecentalos propios.

(*Ensayo sobre el derecho de gentes*)

Deberase establecer desde a razón e a xustiza.

Que o feito se substitúa ó dereito, e que se prescinda da maior parte das nacións para resolver entre unhas cantas cuestións de xustiza que a todos interesan, e de que *todas son igualmente aptas para xulgar*, que se declare fóra da lei internacional ás potencias que non son *grandes*, cando se trata de graves cuestións internacionais, e que isto o teñan por bo os diplomáticos e os soldados, malia ser triste, concíbese; pero o que é máis de sentir e máis difícil, case imposible de comprender, é que os pensadores non condenen en absoluto a *desorde* de cousas establecida, e con frases equívocas ou explícitas contribúan a autorizala (...)

(*Ensayo sobre el derecho de gentes*)

A guerra non é elemento de progreso.

A guerra é á vez unha proba e unha causa de atraso, non só polos seus atentados contra o dereito, senón como elemento poderoso de miseria física e moral, de falta de pan e de educación. Que se diga que ata aquí non se puido evitar, xa o sabemos; que non poidan evitala hoxe os que con razón a anatemi-zan, tampouco o ignoramos; pero cualificar de ben un mal inevitable, non o pode-mos comprender. ¿Durante canto tempo se prolongará nas masas ignorantes e nos que as explotan a idea da necesidade da guerra, se se considera como elemento de progreso polos homes superiores? Se isto afirma a ciencia, ¿que dirá a ignorancia?

O que hai é que a guerra non ten poder dabondo para dete-lo progreso, que se verifica a pesar dela; que no medio dos seus atentados, non pode prescindir en absoluto do dereito, nin no medio das súas loucuras desoir por completo á razón; o que hai, é que os pobos preponderantes, os que poden face-la guerra con éxito, non son pobos en decadencia, teñen grandes elementos de vida, e coa súa prosperidade fanse absolver da inxustiza. Sen dúbida sería peor que as nacións en decadencia fosen as vitoriosas no campo de batalla; pero, sen dúbida, tamén sería mellor que os pobos prósperos revelasen o seu poder doutro modo que vomitando plomo (...)

(Ensayo sobre el derecho de gentes)

A guerra non debe ser orixe de dereitos.

Cando os pobos se comunicaban soamente para se hostilizar, a guerra puido contribuír ó progreso, e hoxe que teñen medios racionais de comunica-ción que usan activa e permanente, a guerra, lonxe de ser medio, é atranco para progresar: xa analizaremos máis adiante como o emprego da forza retrasa a rea-lización do dereito; pero desde logo podemos comprender que, zugador a substancia dos pobos ata deixalos sen forzas para atender ás súas necesidades intelectuais, e mesmo ás físicas, sendo un elemento perturbador da moral, podendo conculcar impunemente a xustiza, substituíndo a lei coa vontade dun home que manda un exército vicioso, a guerra non pode ser un medio de progreso: en canto a dicir que é *indispensable*, é un erro de tal magnitude, que parece unha errata.

Mesmo acadando o fin que adia, o medio é tan abominable que non se podería aceptar en conciencia; pero non parece senón que se prescinde dela ó tratar de conseguir este ou o outro fin político, inmолando milleiros de homes e deixando milleiros de viúvas, de nais, de orfos, na dor e no desamparo. A tris-teza e a miseria, as bágoas e o sangue, os sufrimentos máis terribles, físicos e

morais, parece que son cousa baladí, e que non se deben ter en conta cando se trata de cálculos políticos e altas combinacións de homes que se din de dereito.

¿Como se pesan as vantaxes que se van buscando e se pesan os danos que se producen? ¿Cantos milleiros de viúvas inmoladas hai que botar nun prato da balanza para facer equilibrio á combinación que está noutro? Por moito que se diga, a vida dos homes ¡ah! non se respecta. A humanidade non se ama bastante para non facer cálculos prescindindo de dores e do dereito a vivir que ten o último soldado que sen necesidade absoluta se sacrifica, coma o xeneral ou o rei. Os mesmos que defenden ante o verdugo a inviolabilidade do criminal, abandonan ás combinacións da política milleiros de vidas inocentes, honradas, útiles, necesarias (...)

(*Ensayo sobre el derecho de gentes*)

Na guerra triunfa polo xeral o máis forte e non o que ten a razón.

En resume, a guerra que empobrece, embrutece, desmoraliza e conculca ou pode conculcar impunemente o dereito; que contribúe a confundi-las súas nocións e adia-la súa realización, non pode ser un elemento de progreso cando os homes teñen medios racionais para se comunicaren, que empregan dunha maneira activa e permanente, e polos cales as nacións máis morais e ilustradas poden exercer unha influencia eficaz sobre as que lles son inferiores.

Tocante a que a guerra sexa *orixe de dereitos*, non o comprendemos tampouco, por entendermos que a orixe do dereito é a xustiza. ¿Non di Bluntschli que na guerra triunfa xeralmente o máis forte e non o que ten a razón? ¿Non di que non hai ningunha certidume de que a forza estea do lado do dereito? ¿Como poderá, pois, ser orixe del, se con frecuencia non é nin a súa *compañeira*?

A guerra pode *facer valer* un dereito que non se respectaba; pode esixir unha compensación xusta polos sacrificios feitos, porque existía antes o dereito á indemnización equitativa; pero isto non é ser *orixe* de dereitos que, como dixemos, non poden tela senón na xustiza. A guerra ¿é a xustiza? ¿Si, ou non? ¿Quen ousará dicir que si? Se non, non pode ser orixe do dereito.

(*Ensayo sobre el derecho de gentes*)

A guerra, un cancro na evolución da humanidade.

O mundo progresa; o nivel moral elévase; as leis, coa sanción da opinión pública, adquiren forza; o Estado ten xa unha existencia xurídica ben determinada, pode pactar con outro, establecer regras equitativas e facer que se cum-

pran; hai elementos intelectuais e materiais para establece-lo Dereito das xentes, se non perfecto, alomenos tal como preside as relacións dos compatriotas entre si.

Pero na historia da humanidade, e case dominándoa, aparece un feito que escurece a noción de tódolos dereitos ou fainos imposibles de realizar aínda comprendidos: *¡A guerra!* máis execrable aínda que polos estragos que causa e polo sangue que derrama, polo que trastorna as ideas respecto á xustiza; este é o menos ostensible e o meirande dos danos que consigo leva. Agroman os bosques que tronzou, reedificanse as casas que incendiou, vólvense poboar os países despoboados por ela, pero o caos das malas paixóns que xera e dos horrores que acredita, non se disipa; borráronse os sinais do ferro e do lume, pero quedan indelebles os da iniquidade (...)

(Ensayo sobre el derecho de gentes)

As guerras por motivos de relixión.

A relixión, esa aspiración á ventura completa e á xustiza absoluta, ó esperala no ceo, debía favorecerla na terra, e dando medios para alza-lo espírito a Deus, penetralo de xustiza para cos homes. Ó adorar ó Creador ¿non sentirán como criaturas un lazo estreito polos seus temores, polas súas esperanzas, polo seu destino común, en fin, revelado nas graves culpas, nas fondas dores, nas aspiracións infinitas que todo pobo leva ó templo da divindade? A relixión, segundo a etimoloxía da palabra, significa *ligar máis fortemente*; estreita, en efecto, os lazos dos que a profesan, pero por desgracia, en vez dunha relixión houbo moitas, con deuses que, espellando a apaixonada ignorancia dos seus adoradores, confundían o amor do seu pobo co odio ós outros, e ó bendecir ós seus fieis maldicían á humanidade. Arredor do altar uníronse os homes máis estreitamente, pero como houbo moitos altares, hostís uns a outros, a unión de cada grupo de crentes foi motivo de desunión para os pobos, que no canto de fraternizar no culto da divindade, aborrecéronse, perseguíronse encarnizadamente, porque non a adoraban do mesmo xeito. Así, o Dereito das xentes, que podía ter un poderoso valedor nos sentimentos relixiosos, atopou durante moito tempo un grande obstáculo neles (...)

(Ensayo sobre el derecho de gentes)

A pesar de todo as relixións auxiliaron a comunicación humana.

(...) En toda relixión, mesmo naquelas que máis extravían ó home, hai algo que o eleva, que o espiritualiza; unha parte de verdade entre os erros que

ensina, e freo a perversos instintos anque alente outros. Ademais, nos pobos bárbaros, o sacerdocio cultiva máis ou menos, pero cultiva, as facultades mentais; o sacerdote é o depositario da doutrina, o home douto, o sabio, e anque o saber se rodee de misterios; anque os iniciados sexan poucos e a iniciación difícil, a ciencia, antes ou despois, rompe as súas cadeas; non se pode cerrar tan hermeticamente que non se respire a súa atmosfera e se vexa a súa luz. As relixións aparecen cultivando as facultades mentais entre a brutalidade dos sacrificios cruentos; preceptuando accións benévolas no medio dos combates mortíferos a que excitaban, coutando asemade os seus extravíos e aliciando para os cometeren. A súa influencia directa para arredar ós homes, ¿foi maior cá indirecta para os unir? ¿Fixeron máis mal ca ben? Difícil é investigalo, doado errar ó última-la conta, da que perdemos cargo e datas nas escuridades da historia, nos seus baleiros, nos seus xuízos apaixonados. O efecto perturbador para a fraternidade humana é máis ostensible; o que a vale, menos aparente, obra dun modo máis xeral, máis continuo, e todo ben reflexionado, parece que as relixións auxiliaron máis que dificultaron as comunicacións entre os homes ós que preside a xustiza.

Pero os progresos desta xa se comprende que habían ser vagarosos, cando o sentimento relixioso, que debía apresuralos, anque os auxiliase con tanta frecuencia, adiábaos (...)

(Ensayo sobre el derecho de gentes)

Agroma a era da razón.

No medio das violencias da guerra e dos odios encendidos polas crenzas relixiosas outras dificultades, outras inclinacións máis humanas, outros egoísmos menos perturbadores, outras necesidades máis nobres viñeron a modificar-la condición das criaturas racionais.

Os homes empezaron a pensar e, como a verdade é unha, universal, eterna, a ciencia tende a ser cosmopolita, a fraternizaren aqueles que a cultivan e, aínda que estean separados por leis e fronteiras, a se consideraren compatriotas. A ciencia será, pois, unha prenda de unión entre os pobos; exenta de exclusivismos, de odios, de cálculos interesados, elevarase sobre as paixóns, sobre os erros, e formulará regras de xustiza entre os pobos (...)

(Ensayo sobre el derecho de gentes)

A Internacional de arriba.

Ó lado dos convenios con carácter internacional, e dos usos que teñen forza de lei, en tódalas nacións civilizadas, hai un feito menos ostensible, pero con consecuencias que han influír máis cós pactos e acordos diplomáticos: este feito é a comunicación espontánea, extraoficial e xeneralizada dos súbditos máis intelixentes e activos de tódolos países, sendo tan forte a tendencia cosmopolita do home no noso século, que procura levar ó fondo común da humanidade, non só os seus descubrimentos, as súas ideas, as súas glorias e o seu amor, senón mesmo as súas dores e os seus odios. Admira e alenta ver como medran as simpatías dos homes científicos e caritativos de tódolos países; como os seus lazos se estreitan máis e máis cada vez; como as súas relacións se activan, e como, en fin, fraternizan no amor á ciencia e á humanidade. Xúntanse en Congresos, onde tratan canto pode ser obxecto da racional actividade do home, canto pode contribuír a dilata-lo campo da súa intelixencia, couta-los seus malos impulsos, fortifica-las súas virtudes, dar alivios ás súas dores. O problema científico do meditador profundo; a miseria do desvalido; a culpa do delincente; o pecado do vicioso; o desamparo da muller; a debilidade do neno; as congoxas do ferido; as angustias do náufrago, todo se sente e se pensa, e se comunica e se discute, por estranxeiros que se comprenden porque se aman, e que se aman porque están unidos co lazo santo dunha elevada idea, dun pensamento xeneroso. Aqueles que non se poden ver nos Congresos internacionais, non quedan por iso excluídos da comunión científica e humanitaria; unha correspondencia activa úneos, reciben e dan ideas, son eco de voces amantes, e atópana lonxe, moi lonxe, para os seus laios doridos. Como ó saí-lo sol os montes máis elevados son os primeiros que aluma, así a luz da xustiza brillou antes nas eminencias intelectuais e compasivas, que exclaman: —Non hai odios de pobo a pobo. —O dereito é universal. —O amor fala tódalas linguas. —A nosa patria é o mundo.

Desapercibido pola multitude, o feito non é menos certo: a ciencia e o amor fanse cosmopolitas. Véxase o gran número de asociacións que existen en diferentes pobos; examínense as listas de socios, que pertencen a tódolos países, e lendo a súa correspondencia notarase o activa, o cordial, o entrañable que é. Estes lazos do corazón e do entendemento van formando unha rede invisible mesmo para a multitude, pero que un día será poderoso obstáculo contra os movementos do odio, e valedor eficaz de toda obra de xustiza universal, e de humana concordia. O consocio noruego ou americano, belga ou inglés, é o cooperador da nosa obra, o mesmo que o somos da súa nós ¿e imos miralo coma a un estraño? Non. ¿Coma un inimigo? Imposible (...)

(Ensayo sobre el derecho de gentes)

A Internacional de abaixo.

Ó lado dela medra e organizase a outra *Internacional*, aquela que ten un nome que é unha bandeira de guerra, un berro de alarma, e que, segundo quen o dea, simboliza perspectivas prometedoras ou ameazas terroríficas. A primeira pódese representar por dous estranxeiros que se abrazan dándose o ósculo da paz; a segunda por dous homes chegados de nacións diferentes, que, en sinal de fraternidade, estréitanse a man, empuñando coa outra unha arma de combate. Naquela non hai máis ca elementos harmónicos, nesta desacordes; leva dentro de si xermolos de paz e de guerra, o odio de clase e o amor á humanidade: dicímoslle a de *abaixo* porque o seu nivel moral é inferior, non porque o sexa a posición social dos que a forman: enxérgase a diferenza de elementos de ámbalas dúas pola diferenza de orixe. A fraternidade universal de arriba váise realizando na atmosfera serena das elevadas ideas e puros sentimentos, polos que teñen medios de pensar e posibilidade de compadecer, non estando abafados polo infortunio; a fraternidade de abaixo nace na rexión tempestuosa da ignorancia e o sufrimento, e fórmase por homes que a penas poden poñer máis ca preocupacións e dores. Nada ten, pois, de estraño que a unha apareza serena, prácida, xusta, amorosa; e a outra desacougada, inxusta e chea de rancores.

Na Internacional de abaixo soamente se viu un dos seus elementos; hai que estudia-los dous e combate-la furia do odio que a axita, cos xermolos de amor que leve no seu seo. Un inglés e un ruso, un francés e un alemán vestidos de uniforme, *enrexementados*, aborrécense, combátense; vestidos cunha chombra e *asociados*, simpatizan, ámanse; o feito é tan novo coma extraordinario; o seu alcance inmenso, o ben que encerra infinito, só que non se puido percibir, como non se notan as belezas dunha paisaxe enleada por unha nube tempestuosa. Para que semellante ben, que está en xermolo, se realice, cómpre que o operario belga e o español se amen, non por seren *obreiros*, senón por seren *homes*; que a asociación sexa en *favor* seu e non *contra ningún*; que as simpatías polo estranxeiro se laven das impurezas do odio ós compatriotas.

Esta transformación non é doada, pero é posible e necesaria (...)

(*Ensayo sobre el derecho de gentes*)

A confraternidade.

(...) Cremos que a Asociación de obreiros de tódolos países, purgada das impurezas que nela introduciron causas poderosas, pero non omnipotentes, é un grande elemento de confraternidade universal, e pode ser un auxiliar eficaz do Dereito das xentes. Para a *Internacional de abaixo*, como para a de *arriba*,

son tamén *consocios* os estranxeiros; tamén está disposta a ver un irmán en cada home, calquera que sexa a lingua que fale e o país onde nacera.

Que este sentimento de confraternidade humana, sentido á vez polas multitudes ignorantes e as minorías ilustradas, as confunda e harmonice, purificándolas dos seus egoísmos, dos seus erros, das súas paixóns bastardas. Daquela as dúas *Internacionais* comungarán no culto da xustiza e do amor á humanidade, embrullándoa cariñosamente, apertándoa entre os brazos coma un amigo que a protexe, no canto de a cinguir coma unha serpe que se enlea e estrangula.

(Ensayo sobre el derecho de gentes)

Achégase o día en que a voz da humanidade coutará a cobiza dos poderosos.

De tódolos ámbitos da terra érguense voces pedindo paz, orde, xustiza, lei, non para este ou aquel pobo, senón para as nacións. A humanidade precisa amor e sacrificio, o mesmo que o home precisa aire e luz; pero cómpre dereito como sustento; os axentes imponderables necesarios para a vida non abundan para vivir. Pídesese, proclámase, discútese o dereito; as Academias, as Asociacións, os pensadores, os filántropos, os homes de Estado, as Asembleas lexislativas, piden que os fallos da lei substitúan ás solucións da forza. Esta é cada día máis noxenta ó corazón e ó entendemento, máis prexudicial para o interese.

A forza, de divinizada e reveladora dos xuízos de Deus que era, de gloriosa, de heroica, de nobre, vai descendendo a brutal, se non está acompañada do dereito; soa, é cada día máis débil, e así o comprende. Ollade a aquel soberano que representa o poder material dun grande Estado. Homes convertidos en máquinas homicidas, cabalos que fan treme-la terra, escuadras que cobren o mar, canóns que producen estragos máis alá do que abrangue a vista, todo obedece á súa voz; a súa vontade, coma un fulminante, determina a explosión daqueles increíbles aparellos destructores; a un sinal quedan asolados os campos, arden as cidades, caen os homes coma o cereal baixo a gadaña, e as naves acoirazadas desaparecen antes de diciren os seus tripulantes o derradeiro ¡ai!. ¡Que poderío!

¿É por que ese omnipotente escribe un papel e o dá á estampa? Cun millón de homes armados ás súas ordes, antes de declara-la guerra, ¿por que a motiva, por que intenta probar que ten razón? ¿Por que reflexiona moi detidamente o que ten que dicir nese impreso? ¿Por que o manda publicar desde o seu pazo para que o lean os seus súbditos e os estranxeiros, os que habitan

en alcázares, en tugurios, en cabanas, todos? Porque comprende, ou instintivamente coñece, que se achega a hora en que non haberá forza sen xustiza, en que a razón fará calar ás baterías; por iso, no medio da dócil multitude dos seus portafusís, obedece a un poder invisible que lle manda pedi-lo beneplácito da opinión denantes de da-lo sinal do combate.

A vontade recta e a razón ilustrada aínda non ergue muros impenetrables, pero comeza a trazar límites; eses límites poderán non ser hoxe máis ca liñas, pero sobre elas edificarase (...)

(Ensayo sobre el derecho de gentes)

O Dereito brilla entre a razón, a fraternidade e a esperanza.

O Dereito, malia se considerar imposible o seu imperio absoluto nas relacións dos pobos, vai penetrando neles: cando o saiban, hano querer; cando o queiran, hano realizar voluntaria, indefectiblemente. A lei internacional, difícil de establecer porque ten que ser voluntariamente aceptada por comunidades soberanas, é fácil de facer cumprir unha vez que se proclama, por ser moralmente necesario que quen a admite a cumpra: para ser obedecida non precisa exércitos; a súa forza non está nas baionetas, senón na conciencia humana. O Dereito de xentes non foi, non é, non pode ser coacción, senón harmonía: existe na medida que concorren a el os sentimentos elevados, as ideas exactas, os intereses ben entendidos, non en virtude da súa forza armada que adoita servir para conculcalo.

Os feitos sen analizar arrebólanse ás veces como montañas para soterrar baixo a súa mole a intelixencia e a esperanza, e de que unha cousa non foi nunca, conclúese que non será endexamais; pero a historia é un mestre, non un tirano; a súa lei non é a fatalidade, e as súas leccións aprenden que o progreso do dereito, vagaroso noutras épocas, é rápido na nosa, e vaino ser cada vez máis, porque cando a razón foi quen de se ceibar das cadeas que a aprisionaban, descende sobre a humanidade, como caen os graves, con movemento acelerado: confiemos no seu triunfo.

En alas da fe en Deus e do amor ós homes, ergámo-lo noso espírito ás grandes alturas, e veremos desde elas distintamente a luz da xustiza universal. Fortificados con esta visión divina, volvamos á terra, á realidade, para loitarmos coas paixóns, cos intereses, coa ignorancia; arrostrémo-la oposición, a calumnia, o esquecemento, e cando enchan o noso corazón de amargura, consolémonos coa lembranza da verdade que contemplamos. Se houbo un tempo no que esperar foi soñar ou crer, hoxe esperar é pensar.

Pensemos e esperemos.

(Ensayo sobre el derecho de gentes)

O fanatismo na muller.

Cando a muller, saíndo da esfera doméstica, se preocupa da cousa pública, é alentada polo fanatismo político ou relixioso; non ten medio entre ser diferente ou apaixonada, e adoita dar tal xiro á abnegación dos seus, que fai menos dano predicándolle-lo egoísmo. Nin pode ser outra cousa. Ignorante das leis que rexen o pensamento e os afectos; allea á xestión dos intereses públicos; descoñecedora da organización política, dos elementos da sociedade, do ben de que se harmonicen, do mal de que choquen entre si, non ve dos problemas sociais ou relixiosos máis ca unha parte (ás veces moi pequena), que toma polo todo, e á cal sacrifica e quere que sacrifiquen os outros canto hai que sacrificar.

Disque tal vehemencia é efecto da súa moita impresionabilidade; algo poderá influír, pero a causa principal é que quen non ten máis ca unha idea, é dominado por ela, e cando non se ve máis ca un elemento en cuestións moi complexas, non pode haber exactitude nos raciocinios, nin cordura nos procederes. Por iso, se o retraemento social da muller é deplorable, fai aínda máis dano cando sae del sen saber nada das cuestións en que inflúe.

(La mujer de su casa)

O pobo que ve tranquilo a inxustiza...

O pobo, que ve tranquilo a inxustiza dos Códigos porque fía nas compensacións da arbitrariedade, parécese ós viaxeiros que dormen debaixo das árbores matándolle-la sombra. É subversivo de toda idea de xustiza que exista un poder superior á lei, a aquela regra sempre a mesma e igual para tódolos que están nas mesmas circunstancias; e como ó cabo a *idea* que se ten da xustiza vén se-la súa norma, o dereito de gracia chega a ser unha concausa permanente de extravío en materia xurídica.

(El derecho de gracia)

A xustiza non é un xogo.

«...hai en Santander un soldado *condenado a morte por lle roubar a un cabo setenta e cinco pesetas, que devolveu espontaneamente*. A conciencia pública parece que se sublevou contra a iniquidade de semellante sentenza; fixéronse varias xestións; telegrafouse ó Presidente do Consello de Ministros; supoñemos que o fallo non se executará; pero ¿quen evita ó infeliz preso a horrible impresión de escoita-la súa sentenza de morte? ¿Quen lle evita a agonía de

angustiosa dúbida entre o temor de que o maten e a esperanza de vivir? ¿Quen, de non ser moi forte, lle devolverá a saúde, quizais alterada para sempre con tales sacudimentos? ¿Quen rectificará esa conciencia que corre perigo de se torcer naquel que non pode menos de ver no fallo da lei un feito de forza, e na sociedade un poder violento que abafa ós débiles e se detén ante os poderosos?...»

(*El derecho de gracia*)

As leis deben eleva-lo nivel intelectual e moral dos pobos.

«Non facemos máis ca esta breve consideración sobre un punto de dereito que non trataremos neste artigo, que ten por obxecto considerar como pola vía do vicio camíñase ó delicto e chégase ó crime.

De estudia-la historia dos criminais, aínda tan imperfecta como adoita resultar das actuacións, verase que o reo é case sempre persoa de *malos antecedentes*, e que antes de ser *criminal* foi *vicioso*. É feito tan constante que se pode establecer como regra, e poucas haberá que teñan menos excepcións. Véxanse os anais do crime, estúdiense os debates xudiciais, e notarase que o acusado é case sempre home de mala vida e costumes.

¿E que lección encerra un feito tan constante? Unha que, ó noso ver, importaba moito tomar: a de que *de non se tolerar tanto, o vicio non chegaría a ser delicto e crime*. Un home é borracho, lacazán, vago, crapuloso, adúltero, escandaloso en palabras e feitos, desleixado no cumprimento das súas máis sagradas obrigas, sen que a autoridade nin a lei couten os seus malos procederes. Vai levedando na súa alma todo aquel velenoso fermento, vai perdendo a forza moral indispensable para a virtude, e a repugnancia ó que é inxusto. Cada vez ten menos amor ó ben, menos aversión ó mal, menos enerxía para o combater; e chega unha hora en que a semente xermola, en que pola pendente fatal o movemento acelérase, en que a chispa de calquera apetito cego e desenfreado produce a explosión de tódalas materias inflamables acumuladas, e o vicioso volveuse criminal; poucos verten sangue sen antes facer deitar bágoas.

A sociedade asiste indiferente a estes preliminares do crime e do delicto; deixa que vaian acugulando materias inflamables, que preparen o fulminante, e cando estoura, admírase e dóese e rexistra os entollos sen profundar moito. Entre eles hai vidas, facendas, honras sacrificadas, homes perdidos para a virtude, almas que fixeron co mal pactos que parecen indisolubles.

Fálase da liberdade que cada quen debe ter na súa vida privada, do sagrado do fogar, etcétera, etc. Boa é a liberdade para todo, pero en nada se debe admiti-la licencia. A vida privada terá que ser tal que se poida publicar sen mal

exemplo, e o fogar non é sagrado desde a hora en que non está puro. ¿Como se pode dar nome de vida privada á que dá escándalos moi públicos, nin pedir inmunidades para un fogar tantas veces foco de corrupción ou suplicio onde se inmolan vítimas inocentes? Soamente hai unha vida; non se pode admiti-la división de pública e privada, e o que ofende á moral e é perverso como pai, como fillo, como esposo; o que, nas súas relacións cos individuos, non é honrado, ¿que dereito ten á consideración da colectividade? Indigna ver homes dunha perversidade pública, escandalosa, falar como persoas honradas, pretender e obte-la consideración de tales, e máis aínda, que ó guinda-la verdade á súa manchada fronte se teña coma un atentado, porque é entrar na súa *vida privada*.

Con este salvoconducto dado ó vicio ábrese a porta ó delicto e ó crime; nos debates xudiciais vese ben claro, e coa mesma evidencia na observación dos crimes que non pena nin persegue a lei, que en España son os máis deles.

Pero dirase: a lei non pode chegar a tódalas partes, e hai moitas accións malas que necesariamente se substraen a ela. Sabémolo; pero a cuestión é qué accións deben ser estas; a cuestión é non dar por inxusta e imposible a intervención da lei cando é equitativa e factible; a cuestión é que o verdadeiro progreso consiste en eleva-lo nivel intelectual de xeito que cada vez se *esixa máis* virtude, e se *permita menos* vicio...»

(*Artículos sobre beneficencia y prisiones*)

Comprender e cumpri-los deberes.

O ideal dunha sociedade sería que tódolos individuos que a compoñen, comprendendo perfectamente os seus deberes, os cumprisen sen ningunha coacción, de xeito que non se precisasen nin leis nin tribunais que as aplicasen, nin forza pública que as apoiase. Neste caso non habería distinción entre o deber moral e o deber legal, sendo ámbolos dous igualmente obrigatorios e voluntariamente aceptados e cumpridos.

Anque con menor grao de perfección, aínda tería moita a sociedade en que, sendo necesario promulgar leis, establecer tribunais e apoialos na forza armada, todo deber moral fose legal; quer dicir, que non houbese ningunha acción inxusta que non fose xustizable.

Lonxe estamos de semellante ideal, e a imperfección humana maniféstase, quer descoñecendo o deber, quer negándolle a importancia que ten, quer rebelándose contra el, quer, por último, facéndoo consistir en accións inxustas ou en se abster das que non o son. O grao de cultura, a relixión, a organización política, o estado social, modifican a cualificación do deber, variándoa ata o punto

de que un mesmo feito condénase ou absólvese segundo o tempo e o lugar, e aínda no propio lugar e tempo, segundo a persoa que xulga.

Da mobilidade e contradicción das leis nada se pode concluír contra a universal eterna fixeza da xustiza, como non se infire que non brille o sol de que haxa cegos, curtos de vista, persoas mal situadas ás que se agocha ou que o ven a través de prismas que o desfiguran e escurecen. Os homes lexislan achegándose ou afastándose da xustiza que está sobre eles fixa; e como é unha, a variedade nas leis é unha proba de erro, aínda que a unidade non o sexa sempre de certo.

O deber, no seu celme, é tamén eterno e inmutable; consiste sempre en realiza-la xustiza como se comprende e en facer canto fose dado para comprendela ben; ninguén pode obrigarse a máis, ningún cumpre con menos. Todo home está obrigado a realiza-la maior suma de ben posible, segundo as súas circunstancias; estas circunstancias poden facer varia-la forma do deber; a esencia, como dixemos, non. O xefe dun Estado culto e o dunha horda salva-xe; o rei e o pastor, o sabio e o ignorante, o rico e o pobre, o forte e o débil, non poden dar ó cumprimento dos seus deberes a mesma forma; pero todos teñen unha obriga que cumprir, que é realiza-la maior suma de ben posible, segundo os medios de que dispoñen.

(La instrucción del pueblo)

Elementos para a xustiza.

Os elementos das leis xustas son:

Que o entendemento coñeza a xustiza.

Que a vontade queira realizala.

Que pareza realizable.

Que se atribúa bastante importancia ó feito ó que se refire para facelo legalmente obrigatorio.

Desque se coñece a xustiza ata que se quere, pasa ás veces tan pouco tempo que parece unha mesma operación do espírito o saber da intelixencia e o querer da vontade; pero realmente son dúas, como se pode observar en individuos e aínda en pobos que son máis intelixentes ca morais.

Sabida e querida a xustiza, pasa a ser lei se os que a saben e a queren non atopan obstáculos superiores ás súas forzas para realizala, e se versa sobre un asunto que se considere de bastante importancia para lexislar sobre el.

Sen máis que enumera-los elementos que entran na lexislación, cómprese a necesaria mobilidade que deberá ter, porque os cambios nas ideas e nos sentimentos deberán expresarse nas leis. Isto sábeno todos, pero non son

moitos os que profundan neste coñecemento, os que sacan del tódalas súas consecuencias e os que as levan sen vacilar á práctica con enerxía de carácter que iguale á forza lóxica.

Circunspección para non xulga-la lei lixeiramente; estudio detido das circunstancias en que se promulgou; análise das opinións que contribuíron a formala; xuízo de cales son erróneas; apreciación do que houbo ou non de inevitable no erro, e de se se esvaeceu en parte ou en todo; coñecemento, en fin, dos motivos xustos ou inxustos que levaron a promulgala, paréceno-lo medio de concilia-lo respecto á lei e o dereito a protestar contra a súa inmovilidade, evitando así as rebeldías que teñen razón ou pretexto nos servilismos, e o converte-lo culto da xustiza en idolatría da lexislación.

Todos respirámo-lo vento tempestuoso das revolucións, e é raro que, sabedores ou non, non sexamos un pouco revolucionarios, senón no sentido de promover trastornos a man armada, no de producir cambios que non están suficientemente preparados. Para escribir un libro non hai que considerar máis cá verdade; para promulgar unha lei hai que atender á xustiza en principio, e despois a aquela parte que é realizable; porque o deber, segundo deixamos indicado, é en parte relativo á situación daquel a quen obriga.

Aquí cómpre facer unha distinción entre os deberes *negativos* e os *positivos*: os primeiros son absolutos, os segundos relativos. Aqueles preceptos que consisten en se abster, en non facer, diríxense ó sabio e ó ignorante, ó magnate e ó mendigo, que están igualmente obrigados a non ataca-la honra, a vida ou a facenda doutro, quen queira que el sexa. Os positivos dependen da posición da cada un, do seu saber, das súas riquezas, do seu estado, etc., etc.

Esta diferenza cómpre tela moi presente ó lexislar, porque segundo a lei mande absterse ou obrar, teña carácter negativo ou positivo, necesita concurso máis eficaz da opinión pública. A lei, para non ser letra morta, precisa un mínimo de apoio na conciencia dos que a teñen que cumprimentar, e este apoio será maior cando teña carácter positivo, cando dispoña que se execute unha acción no canto de a prohibir. Así, *verbi gratia*, é máis doado atopar obediencia cando se prohíbe o uso de armas que cando se manda tomalas.

Como o primeiro deber do individuo é non facer mal, estando despois o de facer ben, as primeiras regras da colectividade teñen carácter negativo e satisfán as primeiras necesidades que sente calquera agrupación de homes, por escasa que sexa a súa cultura. A medida que un pobo se civiliza, promulga máis leis con carácter positivo; xa non abonda con se abster, hai que cooperar activamente na obra social.

Como a lei non é, ou non debe ser, senón a expresión da xustiza, hai que coñecela para realizala, e o deber, antes de ser legal, ten que ser moral; cóm-

pre saber que unha acción é xusta para facela obrigatoria, e recorrer mesmo á coacción material para que se realice.

¿Cando se debe converter en deber *legal* o deber *moral*? Velaquí unha época que ninguén pode fixar, unha medida que desgraciadamente non se ten ou non se usa; o único que se sabe é que cando a infracción dun deber moral parece moi perigosa para a sociedade, pénase, e o deber pasa a ser legal. Como a regra é mala, as consecuencias non poden ser boas; como non se busca o xusto, non se atopa o útil; e con gran dano para a sociedade vense graves infraccións morais non penadas pola lei, que castiga outras máis leves ou feitos en que non hai ningunha inmoralidade.

(La instrucción del pueblo)

Tutela que favoreza a liberdade.

Tocante á inxerencia directa da lei na educación e a participación da patria potestade, e o supri-la cando cae en falta, non hai dúbida que é cousa grave. O pai que ama ó seu fillo, que quere a súa felicidade, que se sacrifica por el, que coñece os seus gustos, as súas necesidades; que cre coñece-lo que mellor lle cadra, ve aparece-la lei que lle di: «*Ti ignóra-lo que lle convén ó teu fillo; eu seiño, e ordénoche que obres, non conforme ó teu parecer, senón conforme ó meu; do contrario, serás penado; ti es un titor que precisa tutela: e eu exérzoa*».

Esta linguaxe estaría en harmonía con institucións e ideas que xa non existen; pero debe parecer dura a homes ós que se lle falou moito de dereitos individuais, de autonomía, de independencia e de liberdade, e é preciso xustificala por consideracións imprescindibles e verdades moi claramente percibidas.

Toda misión tutelar é tan difícil coma elevada; non hai empresa máis ardua que suprir nun home algunha cousa que lle falta, nin hai cousa máis necesaria en certos casos. ¿Cales son estes casos? ¿Como se debe fornecer esta necesidade? Que o lexislador o medite ben. Que se inspire na xustiza, no puro amor á verdade e ós seus semellantes; que desbote todo motivo mesquiño e egoísta; que estudie, que pregunte, que investigue; que chame a si tódolos elementos que poidan contribuír ó acerto; que escoite os pros e os contras do que parece razoable ou absurdo; que, mesmo despois de ter escoitado a todos e reflexionado sobre todo, non resolva inmediatamente; que medite máis, moito máis; e despois, con espírito e corazón elevado, escriba a lei; se se equivoca, nin os homes o poderán acusar nin Deus llo vai demandar, porque terá realizado a xue despois, con espírito e corazón elevado, escriba a lei; se se equivoca, nin os homes o poderán acusar nin Deus llo vai demandar, porque terá realizado a xus-

tiza como a comprendía, despois de ter feito canto estaba na súa man para comprendela ben.

A lei feita en semellantes condicións, teña carácter tutelar ou outro, é xusta na hora presente; e se algún día deixa de selo, o porvir modificaraa absolvéndoa como absolvemos hoxe os erros inevitables do pasado.

Se nos convencemos que o home, o ser racional libre e responsable está no seu espírito; que este espírito é o que hai que elevar e fortalecer; que a ignorancia o degrada e o debilita, o extravía e o corrompe, ¿vacilaremos en instruílo? ¿Vacilaremos en obrigalo a que se instrúa se témo-la seguridade de que lle facemos un ben que non deixa de ser necesario porque o descoñeza? ¿Pode haber dereito á ignorancia? E se non o pode haber, ¿non haberá o de combatela? ¿Pódese chamar respecto á liberdade do home o non destruír todo aquilo que máis o escraviza? Xa sabemos que tódolos que lle fan mal falan do seu ben, e moitos o cren; pero cando a motivos absolutamente desinteresados se una a ilustración e a meditación necesarias para xulgar se se queren fins xustos, e se estes fins se procuran por bos medios, hai a seguridade que pode haber no humano de legislar en xustiza.

¿Que interese se satisfai, que paixón se afaga, que vaidade se gaba dicindo que é preciso aprender ó pobo custe o que custe e gastando moitos cartos para aprendelo? ¿El é obra dalgún cálculo, dalgún fanatismo? ¿Pode ser consecuencia dun erro, cando é a opinión das persoas máis ilustradas? A necesidade e a xustiza de instruír ós homes, ¿non ten ó seu favor cantas probas se poden dar humanamente do xusto e do verdadeiro? E cando hai o convencemento *íntimo, desinteresado e meditado* de que a instrucción é moralmente necesaria, ¿non se pode facer legalmente obrigatoria? A lei esixe dun home que pinte e adorne a fachada da súa casa de certo modo; ¿e non lle poderá esixir que cultive o seu entendemento o indispensable para ser racional? Un cidadán paga sen rosmar unha multa porque a súa muller estendeu un pano no balcón que daba á rúa; ¿e queixarase de ser multado porque non coida de que o seu fillo aprenda a ler e escribir? ¡Estraños escrúpulos e estrañas nocións de xustiza!

Non quixeramos que ninguén nos avantaxase no que di á dignidade do home e á súa independencia, nin en ve-los inconvenientes que ten o que sexa deber legal o que directamente non se ten por deber moral, nin en desexar que o Estado se absteña de facer todo o que outro pode facer mellor ca el ou non é indispensable que faga; pero a pesar dos nosos respectos, das nosas reservas e aínda dos nosos temores de que misións tutelares se poidan converter en tiránicas, dadas tódalas circunstancias do caso concreto que non ocupa, non nos parece que, coñecéndoas ben, poida poñerse en dúbida a xustiza da lei que fai

obligatorio o cultivo da intelixencia, nin a legalidade da misión tutelar do Estado verbo daqueles fillos cuns pais que descoñecen unha parte esencial dos seus deberes.

(*La instrucción del pueblo*)

Instrucción obrigatoria que respecte a liberdade de conciencia.

¿A lei pode en xustiza obrigar ó home a que cultive a súa intelixencia?

Respondemos sen vacilar, resolta, enerxicamente: si.

Como dicíamos, non se nos oculta que é caso grave a imposición dun deber legal que non ten por deber moral aquel a quen se ten que impoñer; o home rudo non sabe, nin ninguén llo dixo, que a instrucción é un elemento indispensable para o seu perfeccionamento, e que á perfección debemos tender con tódalas forzas da nosa alma. «*Sede perfectos*», dixo o Divino Mestre; pero de tódalas súas leccións, non hai ningunha peor aprendida ou máis esquecida. Por regra xeral non se procura a perfección, e precisamente aqueles a quen hai que obrigar legalmente a que se instrúan son os que non poden considerar como deber moral instruírse. ¿En que se apoiará, pois, a xustiza da lei? Parécenos que neste principio: «*As leis obrigan en conciencia cando non mandan cousa contra a conciencia*».

O home ignorante poderá ver na instrucción un *deber*, pero non pode ver unha cousa mala; e como o que manda a lei *debe* facerse, cando non é coñecidamente malo, ten a obriga legal de se instruír, aínda que moralmente non se crea obrigado a facelo. Xa sabemos que a lei formula a xustiza, non a crea; pero como expresión da xustiza, que tal se lle presupón, é cousa sagrada e un deber acatala cando para desobedecer non hai motivos evidentes, porque mande cousa que non se debe facer en conciencia. Este non pode se-lo caso daquel a quen se impón como deber legal o moral de se instruír, que descoñece. O que os seus fillos vaian á escola poderá ser molesto ou inútil, pero non é pecaminoso; poderá ser contra o seu gusto ou contra os seus intereses, pero non contra a súa conciencia, único caso en que estaba autorizado para desobedece-la lei e, xa que logo, debe cumprila; mentres non lle mande faltar ó seu deber, ten o de a acatar.

Mais para que isto sexa así, cómpre que na escola non se ensine nada que ningunha persoa corda poida ter por *mala*; porque daquela, lonxe de obrigar en conciencia a lei, comete un verdadeiro atentado contra o que cohibe para que envíe ó seu fillo onde se aprenden cousas que, no seu concepto, o desmoralizan ou extravían. Na escola *obligatoria* non se debe, por exemplo, falar de relixión non sendo no sentido máis lato, e sen particularizar ningún determi-

nado culto; e nada de política militante, dando só ideas xerais sobre a organización do Estado. Os pais terían dereito a rexeita-la lei que amosara ós seus fillos un camiño por onde eles cren que non se debe ir. A escola *obligatoria* ten que ser *neutral* en materias graves e controvertidas.

(*La instrucción del pueblo*)

Perfectibilidade e progreso.

Canto menor sexa o número de malos e menos maldade haxa neles, o mal da sociedade será menor. ¿Ata onde se poderá diminuír? ¡Quen sabe! Eu creo que moito, porque creo no progreso coma nunha lei de Deus. Eu vexo esta lei no universo todo, e síntoa na miña conciencia, onde ecoa aquela voz divina que nos dixo: «*Sede perfectos*». Non creas, Xoán, que este século é peor cós outros séculos, nin ti máis perverso cós homes das xeracións que te precederon. Esta idea desconsoladora, tan propia para contribuír ó mal que afirma, é errónea; á luz da razón páreceme absurda, e case impía perante os resplandores da fe.

(*Cartas a un obrero*)

Mellor é a virulencia na procura do ben ca descansar no mal.

¿E tantos crimes? ¿E tantos horrores? ¿E tantas abominacións? Non esquezo nin diminúo un só, Xoán. Todos chegan en forma de dores ó meu corazón, que sente a súa magnitude, máis disposto a esaxerala cá diminuíla, porque amo á humanidade, porque con ela sinto e con ela sufro, e porque tódalas súas imperfeccións, que son as miñas, tremen na miña alma coma tantas desventuras. Os tempos son de loita: tripulamos un baxel onde se dá rexo combate. O fume da pólvora non deixa ve-lo ceo; os berros de guerra e as blasfemias non deixan oí-las pregarias; o compás e o temón son inútiles; piloto e temonel empuñaron as armas e confúndense cos combatentes. ¿Quen é capaz de saber naquel momento se o barco marcha nin a onde vai? Cando o rexo do combate remate, cando cada un volva ó seu posto e o piloto se oriente, verá que, anque pouco, algo marchou na dirección do porto. O mal diminúe; nótase por moitos sinais; pero é difícil ver que baixa a marea durante a tempestade. No medio do combate estamos, con desencadeada tempestade temos que loitar; pero nos breves instantes que nos deixan para tomarmos alento, virémo-los ollos á luz da verdade, que ningunha nube pode escurecer completamente, e escoitémo-la súa voz, que ningún berro pode afogar. A voz da verdade é severa, pero non aterradora; acúsanos, pero non nos calumnia; sinalano-lo perigo, pero non nos acovarda; infúndenos temor, pero non nos quita a esperanza, que, coma ela, vén

de Deus. Nin o noso século é o máis perverso dos séculos, nin a nosa xeración a máis perversa das xeracións; as futuras hanlle facer xustiza, e dirán: «*A época máis perversa non é a que se axita e se extravía na procura do ben, senón a que repousa no mal*». Os brados das ondas embravecidas aterran máis, pero non son tan fatais coma as emanacións invisibles, silenciosas e mortíferas das augas estancadas.

(*Cartas a un obrero*)

Máis doado é perforar montañas ca desacastelar egoísmos.

Seguramente os progresos morais non corresponden ós materiais; é menos dificultoso fura-las montañas, que desacastela-los egoísmos; as costas iluminanse mellor do que se esvaen os erros; a palabra chega máis facilmente ós antípodas, cá verdade ós obcecados, e os mares ofrecen menos resistencia cás paixóns. Un descubrimento feito en calquera país, aplícase de contado a tódolos outros. O mesmo marcha a locomotora e funciona o telégrafo en España ca en Inglaterra, en América ca en Asia. Pero unha forma política, unha institución social, unha idea benéfica, realizada nun país, ¡cantas dificultades, cantas imposibilidades ás veces, para se realizar noutro, e como o que é bo para un pobo fai mal ó que quere imitalo imprudentemente! A materia é en tódalas partes a mesma; o home varía, e non se poden importa-las virtudes coma o material para as vías férreas. O progreso das cousas comunícase inmediatamente, pódese dicir que voa sen tardanza por toda a Terra; o progreso das persoas camiña vagaroso, e cada pobo asimílaos con máis ou menos traballo, segundo as súas disposicións, pero sempre con gran dificultade. Temos que nos convencer das moitas que ten que vence-lo progreso na orde moral, para non nos estrañarmos nin nos desanimarmos porque sexa lento. Para un pobo, o mesmo que para un individuo, é máis doado facerse rico ca empregar ben as riquezas; ser sabio ca ser santo.

(*Cartas a un obrero*)

A fraternidade baremo do progreso.

Para saber se a humanidade progresa, faranche delongadas relacións do aumento de riqueza, e fabulosos relatos dos istmos abertos á navegación, das montañas perforadas, da terra que abre as súas entrañas, e dos mares que din ó abismo: «*Deixa que pase a palabra do home*». Todo isto é grande e fermoso, certamente, pero con todos estes adiantos ben podería non haber progreso. Eu

teño outra medida para aprecialo; eu pregunto ós homes: «¿Amádesvos máis do que se amaban os vosos devanceiros?» Se me responden que non, retrógrados son ou estacionarios; se me responden que si, progresaron. A obediencia á lei do amor, velaquí a medida do progreso; as demais cousas non teñen máis ca unha importancia secundaria.

(*Cartas a un obrero*)

Sinais de progreso incluso na guerra.

Partindo desta verdade, que é para min evidente, leo a historia, vexo que os homes se aman máis cada vez, e conclúo de aquí que a humanidade progresa. «¿E a guerra? —din os que o negan— ¿Cando se viu unha mortandade tan horrible coma na guerra franco-prusiana? ¿El non é retroceder á barbarie? ¿Onde está o progreso?».

Podería responder que a guerra é un feito social, que ten o seu valor, pero non único nin absoluto; que unha sociedade, coma un home, non se pode xulgar por unha acción, senón polo conxunto de tódalas da vida; e que para pesa-los merecementos do mundo moderno, se nun lado da balanza se pon o crime da guerra, do outro débense poñe-las virtudes da paz. Pero non quero usar do meu dereito; prescindindo dos poderosos argumentos que me ofrecen tantas institucións humanitarias, tantos establecementos benéficos, tantas lexións de criaturas consagradas a consola-la dor baixo tódalas súas formas, como presentan os pobos modernos e de que non tiñan idea os antigos. Podería preguntar a esa Idade Media qué facía dos seus nenos expósitos, dos seus enfermos, dos seus miserables, dos seus presos, dos seus débiles todos e guinda-la verdade da súa resposta, coma un argumento sen réplica, ó rostro dos que faltan dúas veces á xustiza, calumniando ó seu século, e supoñendo noutros unha perfección imaxinaria.

Non quero facer uso de ningunha destas lexítimas armas; acepto a guerra como se fose o único feito co que se pode medi-la moralidade e o progreso dos pobos; e en fronte desas máquinas poderosas de destrucción, desas nubes de lume e deses campos estrados en minutos de mortos, feridos e moribundos, afirmo o progreso.

Ante todo, Xoán, cómpre non confundi-la *guerra* co *combate*. É de lei natural que dous pobos, o mesmo ca dous homes, desde o momento que chegan ás mans, fagan ó seu inimigo todo o dano preciso para impedir que el os dane, que no máis duro da refrega adoita ser todo o posible. A moralidade de dous combatentes, os seus bos sentimentos, hanse xulgar polo que fixeron para evita-la loita; polos móbiles e propósitos que a ela os conducen; polo uso que fan da victoria, e como tratan ó inimigo vencido: porque pretender que duran-

te a contenda non batan tan duro e tan forte como poidan, é intentar unha cousa insensata, que non se poderá realizar mentres o home teña o instinto da propia conservación. Tendo isto moi presente, prosigamos.

A guerra nas sociedades antigas, e na Idade Media, era un estado permanente; no mundo moderno, é un estado excepcional.

A guerra nas sociedades antigas era un recurso; nos pobos modernos é unha calamidade.

A guerra nas sociedades antigas era case o único medio de comunicación, a única maneira de influír e modificarse mutuamente; nos pobos modernos interrompe as comunicacións, illaos, estorba a influencia que uns exercen sobre outros.

A guerra nas sociedades antigas era de exterminio, arrasaba as cidades, inmolaba os habitantes, destruía os imperios; a guerra nos pobos modernos é destrucción, pero non exterminio, deixa en pé as cidades e os reinos, e terminado o combate, respecta a vida dos inimigos.

A guerra nas sociedades antigas non tiña lei moral nin freo, seguía as inspiracións da ira e da vinganza; a guerra nos pobos modernos ten leis, e a honra e a humanidade non erguen a súa voz en van.

Hoxe os combates son máis sanguentos; pero como as campañas son máis curtas, a guerra fai menos vítimas e produce menos estragos materiais.

Isto na orde material; na moral, o progreso é tal que serve de consolo ó ánimo, aflixido polo espectáculo de tantos horrores. O berro do mundo antigo era: «¡Pobriños vencidos!» O do mundo moderno é: «¡Os inimigos feridos son irmáns!» A morte do vencido era un dereito, o cativerio unha gracia, o rescate un privilexio. Hoxe cúrase no mesmo hospital ó vencedor e ó vencido; a vida do prisioneiro é sagrada; cóidaselle e aténdeselle con humanidade; e se na última guerra sufriron cruelmente, foi por imposibilidade material, a causa do seu extraordinario número, non por falta de bo desexo.

(*Cartas a un obrero*)

En torno á xustiza.

Lembrems que a xustiza é unha, pero o modo de a comprender e a posibilidade de a realizar varían en función da situación moral, intelectual e material dos homes. Leis que hoxe consideramos horribles ou ridículas, pareceron necesarias ou convenientes, tiveron a súa razón de ser e probablemente serían sancionadas daquela polos mesmos que hoxe as condenan.

Para que a xustiza sexa práctica ha de ser comprendida, e deberá contar ademais cos medios necesarios para vence-los obstáculos que se opoñan á súa

práctica. Xa se sabe que toda lei non se pode promulgar nin facer cumprir en todo tempo, e que os homes poden ser inxustos sen culpa, por ignorancia da xustiza ou por careceren dos medios para a realizaren.

(La instrucción del pueblo)

De novo a xustiza.

O que erroneamente se cualificaba de socialismo vaise chamando xustiza; e chámanllo, non os obreiros anarquistas influídos por odios seculares e agudas dores, senón as persoas principais que acoden de tódalas nacións convocadas polos reis para Congresos nos que están representados os Gobernos. O que hai anos chamabamos A Internacional de *arriba* e A Internacional de *abaixo*, quer dicir, as asembleas internacionais para discutir na esfera serena da razón os grandes problemas da humanidade, e as que, ó trataren estes problemas, estaban perturbadas por xenreiras, fillas da dor, por erros, consecuencia da ignorancia, estas Internacionais, que parecían separadas por un abismo, vanse achegando: a unha depuxo moitos odios e coutou moitas aspiracións; a outra concede máis e non escoita os oráculos do egoísmo.

(Congreso penitenciario de Amberes)

VI
PENSAMENTOS

Non fun quen de resisti-la tentación de rematar esta escolma de textos cunhas frases breves a xeito de máximas, que representen, ó meu ver, as liñas máis salientables do legado humanista de Concepción Arenal. ¿Por que?

Porque a consabida frase verbo do delicto e do delincuente, non foi unha invención súa, nin sequera unha referencia para ela, nin expresa —ó meu ver— en absoluto o sentido do seu humanismo. Veu sendo, pola contra, unha formulación baixo a que —salvando excepcións persoais—, se acubillaron moitas actitudes falaces de mentida compaixón, encubridoras dunha burguesía non disposta a exercer-la autocrítica, nin a comprende-los condicionantes familiares e sociais que alician o delicto, nin a asumi-la propia parte de responsabilidade social no crime, nin a educar ós delinquentes e facilitár-lle-la reinserción, cando precisamente Concepción Arenal mirou tanto por corrixi-las devanditas actitudes que, para ela, eran desviacións tanto do sentido cristián coma do cívico.

O do delicto e o delincuente, resulta ser ademais unha fórmula expresada en termos imperativos. Os mandatos de conducta: «evita isto - fai aquilo», son propios de educacións morais autoritarias e non do racionalismo organicista e método activo do coñecemento e a vida moral que intentaron desenvolver tanto Concepción Arenal coma os seus amigos da Institución Libre de Enseñanza. Abonda observar que ela non escribe neses termos, senón, pola contra, trata de suscita-la dúbida, a reflexión, a autocrítica. Outras veces chega a formular frases moi curtas e rotundas que encerran niveis de sabedoría dunha validez universal.

Son alternativas a aquela que, malia lle dar tanta fama, se converteu nunha trampa mortal pois serviu para encubrir, manipular e adoazar unha mentalidade que, como veño sostendo, está trazada en clave ilustrado liberal, organicista, progresista e cristián reformista. A continuación o lector poderá atopar algunhas delas.

Perfectibilidade.

Só a verdade, a virtude e a beleza, teñen horizontes infindos. O que a eles non se dirixe, rico ou pobre, arrástrase polas miserias do mundo moral.

A beatitude que proporciona o erro é coma a do opio: mata ó que se lle entrega, e a verdade é a lanza fabulosa: sanda as feridas que ela mesma abre.

Deplórase, e con motivo, que haxa masas que non teñan a plenitude dos dereitos; pero hai outra cousa moito máis deplorable, e é que haxa milleiros de homes que, sen estaren tolos, non teñan a plenitude dos seus deberes.

O día que non haxa miseria mental poderá haber pobres, pero non haberá pauperismo.

Hai moito descoñecemento do corazón humano e da sabedoría divina, na soberbia pretensión de perfecciona-la natureza saíndo dela.

Non é obra illada a que leva a cabo o sabio ou o xusto, e a perfección dun home contribúe á do xénero humano.

Non cremos que se poida acouta-la aptitude da muller, nin excluía de antemán de ningunha profesión non sendo a das armas, que a súa natureza anoxa, e ogallá anoxase a do home.

A natureza fixo á muller e ó home diferentes pero harmónicos; a sociedade desfigúraos, de xeito que, en moitos casos, dan en opostos.

A perfección da nai, coma a do pai, non pode consistir na aplicación parcial de certos elementos humanos, senón na total de canto constitúe a muller e mailo home, como ser intelixente e afectivo.

Non nutre o que se come, senón o que se dixiere.

«Que es difícil te lo juro,
Ser como el arroyo puro
Y ser grande como el río»

Educación.

A educación non se dirixe exclusivamente á intelixencia, anque non debe prescindir dela, senón a tódalas facultades que constitúen o home moral e social.

A ignorancia abandonada a si mesma é invencible.

Andouse moito camiño, pero aínda queda unha boa andaina nesta cuestión do respecto á dignidade humana, cuestión gravísima, porque non hai cousa máis inxusta e cruel có desprezo.

Ó noso ver, a única forma de combater eficazmente a inmoralidade brutal de abaixo, e sensual e refinada de arriba, é oporse á preponderancia dos sentidos cultivando as facultades máis elevadas.

Cómpre ensinar ós de abaixo, ós do medio e ós de arriba; cómpre ensinar moito ós homes todos, para que sexan morais, relixiosos e tan perfectos e felices como é posible dentro da natureza humana.

¿Abonda con que a presa rece? ¿Abonda con que ame? Non tal: rezando e amando delinquiú, probablemente porque discorreu pouco ou porque discorreu mal, e para que non volva delinquir cómpre procurar, non a mutilación, senón a plenitude de tódalas facultades que poden termar do seu equilibrio moral.

É un erro dos máis prexudiciais, inculcar á muller que a súa misión é a de esposa e nai; equivale a aniquila-lo seu eu moral e intelectual.

O primeiro que necesita a muller é afirma-la súa personalidade, independente do seu estado, e persuadirse de que, solteira, casada ou viúva, ten diferentes deberes que cumprir, dereitos que reclamar, dignidade que non depende de ninguén, un traballo que realizar, e idea de que é unha cousa seria e grave a vida e que se a toma coma un xogo, ela será indefectiblemente xoguete.

Na escola obrigatoria non se debe, por exemplo, falar de relixión senón no sentido máis amplo, e sen particularizar ningún determinado culto; e nada de política militante, dando só ideas xerais sobre a organización do Estado.

A escola obrigatoria ten que ser neutral en materias graves e controvertidas.

Moral.

Deus te ampare, irmán é unha bendita frase cando o que a pronuncia, compadecendo a pena do desamparado, non pode dar amparo a quen o implora; pero adoita ser unha fórmula hipócrita que se apón cos beizos e se desmente co corazón.

Moral é o coñecemento e a práctica do deber, realizado polo puro amor ó ben.

O necesario moral é o cumprimento do deber na súa plenitude.

O necesario intelectual é o coñecemento do deber e do dereito, e dos medios de cumpri-lo primeiro e esixi-lo cumprimento do segundo.

A moralidade dunha persoa depende de que coñeza máis o seu deber e o practique mellor.

Os perigos sociais veñen dos malvados que non infrinxen as leis ou saben como infrinxilas impunemente; dos que cando se apoderan do alleo, teñen do seu lado á forza pública en vez de a teren en fronte; dos que trasfegan coas ideas e cos principios; dos que mercan conciencia despois de vende-la propia.

O ben é unha harmonía, o mal unha discordancia. O home, conxunto harmónico de facultades, é bo mentres non destrúe o equilibrio que debe haber nelas.

Reforma moral dos poderosos.

(...) un gran poder deprava o seu sentido moral. Así que pode todo o que quere, quere máis do que debe; os omnipotentes endexamais tiveron conciencia.

Non sendo algúns centos de bandidos ¿quen gaña con ve-la violencia ergueita en lei, e a patria convertida nunha morea de ensanguentadas ruínas?

Só os ignorantes e os perversos poden lanzarse ás loitas homicidas e encomendar á forza as solucións do dereito...

Sen dúbida, peor sería se as nacións en decadencia vencesen no campo de batalla pero tamén sería mellor se os pobos prósperos manifestasen o seu poder sen vomitaren chumbo.

Reforma moral dos ricos.

Podíamos facer unha lista ben cumprida de inxustizas que non lles parecen tal ós señores porque son pobres os prexudicados con elas...

O rico, a persoa regularmente acomodada, non ten mérito nas máis das accións que constitúen a virtude do pobre.

Se en tódolos países a cuestión social é cuestión moral en gran parte, no noso moito máis porque a inmoralidade ten proporcións que en poucos acada, e porque se os señores se moralizasen, resolveríase, ó meu ver, o problema social no tocante ós pobres.

Os máis deles (dos pobres) son, entre nós e habendo quen os leve, resignados, submisos e dispostos a se deixar guiar polo bo camiño

Certas especulacións pódense distinguir do roubo en que non hai violencia; pero do furto, soamente en que as autoriza a lei.

Escribiuse dabondo contra as mans mortas; resta escribir moito máis contra as mans podres.

O home só pode ter dereitos como ser moral e racional, e se actúa legalmente cando gasta sen razón e sen moralidade, é por erro ou impotencia da lei.

Liberdade.

A fama depende dos demais; a virtude de nós mesmos. ¿Quen se fai escravo dun ídolo podendo ser libre no templo da Divindade?

Todo o que traballa para facer ó pobo relixioso sen superstición; todo o que o moraliza e procura suaviza-los seus costumes e extingui-los seus odios; todo o que o ilustra, contribúe eficazmente ó triunfo da liberdade; porque é ilusión estraña, erro desventurado, crer que un pobo inmoral e irrelixioso pode ser libre.

Unha multitude pobre, ignorante e abatida, non se pode emancipar de ningunha tutela, e menos aínda da económica.

Mentres os pobos sexan rabaños, os seus pastores serán lobos con pel de ovella ou coa súa propia.

Deixando ó home en condicións que necesariamente o han levar á escravitude, endexamais se poderá dicir que se respecta a súa liberdade.

A maior cultura e liberdade dun pobo, xa o dixemos, cómpre maior cooperación voluntaria da súa parte para a orde verdadeira.

A sociedade máis perfecta é aquela en que máis homes libremente se harmonizan para o ben, e harmonicamente marchan.

A sociedade máis defectuosa é aquela en que máis homes marchan en diferente sentido, impoñendo a súa individualidade egoísta e indiferente discrepando cos demais, estorbando e atopando estorbos en tódalas partes.

A diferenza do home emancipado ó que non o está, consiste en que, no canto de se suxeitar á vontade doutro, réxese pola súa; en que no canto de obedecer á razón allea, obedece á propia; en que ten a responsabilidade das súas accións e non a deborca sobre ninguén; en que recibe eloxio ou censura, premio ou castigo, prexuízo ou avantaxe polo que fai.

Cidadanía.

A ignorancia e a falta de virtudes cívicas dan por resultado, no canto das combinacións harmónicas do interese ben entendido, os cálculos erróneos do egoísmo.

Só cando o pobo comprenda certas verdades, poderanse converter en feitos.

E non é que pidamos motíns nin apelacións á forza; non queremos outra sublevación cá da conciencia pública, que ¡ai! non se subleva.

Os xefes supremos das nacións, chámense como se queira, non son os seus guías, os seus inspiradores, senón o seu reflexo; non dan o impulso, recíbeno... Os reis non son ó cabo máis cós representantes dos pobos, que botan homes ás bestas con Nerón, e á fogueira con Felipe II.

O pobo non sabe o que é República, pero sabe o que é dor e enxerga o que é xustiza. Como non a atopa, quere marchar na dirección en que lle din que a atopará. ¿Por que aclamaba antes a liberdade e hoxe a república? Porque sofre, e dálle un nome calquera á esperanza.

¿De que lle serve á multitude que se rocoñeza nela unha vontade, se non ten para a dirixir un entendemento?

Se a multitude empeza a moverse, cómpre que saiba cara onde se encarreira; se é forza, que sexa intelixencia; porque os pobres cegos, veñan de onde veñan, van ó abismo.

Non hai que equivocalo triunfo dun partido co dos principios que proclama, o primeiro pódese conseguir por un golpe de man, debido á apatía ou cansazo dos uns e á cólera ou ilusións dos outros; o segundo non se logra se as ideas non encarnaron o suficiente na sociedade para que poidan morar nela realmente.

Os gobernos poden mante-la orde material, e iso a penas.

Pero os gobernos non poden mante-la orde moral que, cando está moi perturbada, fai imposible toda clase de orde, porque se volven contra ela os mesmos encargados de conserva-la, como vemos adoito.

Igualdade.

A igualdade é unha quimera; a desigualdade excesiva, un mal grave.

A historia ofrece moitos exemplos da mutua fatal influencia da desigualdade excesiva das masas de abaixo, mal aconselladas pola fame, e as de arriba, trastornadas pola fartura.

Mentres haxa quen careza do estrictamente necesario, ninguén ten dereito ó superfluo.

A miseria, no seu período áxido non fai rebeldes senón vítimas.

A desigualdade extrema que priva a unha clase de dereitos, e case non impón a outra deberes, deprávaas a entrámbalas dúas.

Eu concibo as desigualdades sociais coma os accidentes do terreo; bo e necesario é que haxa montes, outeiros e vales, pero non quixer abismos dos que non se dá saída, nin montañas onde o aire non é respirable.

Capital.

Os que atacan o capital, o verdadeiro capital, non son os que pretenden que os ricos paguen nunha proporción maior, senón os que abafan con impostos ós pobres contribuíntes ata deixalos miserables, e ós miserables na última miseria.

O que chamades emancipación do traballo, non está en lle face-la guerra ó capital, senón en ter capital.

O capitalista, no sitio do obreiro, faría o mesmo ca el, e este conduciríase coma o millonario, de estar na súa posición. As virtudes e os vicios do home mudan en función da súa posición: na esencia son os mesmos.

Que a competencia non se poida suprimir non implica que non se poida modificar.

No canto de madici-lo capital e o traballo, o que cómpre facer é moralizar e ilustrar ó capitalista e ó traballador para que non abusen da forza respectiva cando a teñan ou crean que a teñen.

Nin odio, nin idolatría do capital, senón recoñecemento da súa utilidade e freo dos seus abusos.

Resignación.

Eu amo a resignación, aquela santa conformidade coa vontade de Deus, fronte ós males que non teñen remedio.

Pero esta conformidade cos infortunios que son obra dos homes; este salvoconduto que se dá ás iniquidades, tolerando pacientes as súas consecuencias; esta tácita declaración que se fai de irremediabes a tódolos males, é camiño de non poñer remedio a ningún

A resignación non é fatalismo nin quietismo; a resignación é paciencia, que economiza forza; calma, que deixa ve-los medios para remedia-lo mal ou minoralo; dignidade, que se somete por convencemento.

Absterse e sosterse, quer dicir sacrificio e loita, era o resume da sabedoría antiga; a conclusión dos estoicos, que non eran de seguro fanáticos nin devotos, senón bos coñecedores do corazón humano.

Caridade.

Hai noites de moda para ir ó teatro, ¿non sería posible que houbera noites de caridade para vestir ó espido?

Os desventurados son criaturas que sofren, non armas de ataque nin defensa.

Para ser caritativo hai que saír moito fóra de si; para ser xusto hai que entrar moito en si mesmo; porque a primeira, a indispensable condición para xulgar ben ós outros, é non xulgarse mal a si propio.

Cando o individuo soergue o seu nivel moral; cando educa exercitándose, as súas boas disposicións, a caridade de impulso convértese en sentimento, quer dicir, que a súa acción non é instantánea, senón continua, que non precisa ve-la desventura para compadecer e dar amparo; que lembra, que prevé, que practica e é quen de se sacrificar.

Subimos un grao máis, e atopámola pousada na razón e ergueita pola intelixencia. Non perdeu a forza do instinto nin a fermosura do sentimento; pero ademais de impulso é un hábito, é un sistema.

O filósofo ve na caridade un elemento de ben-estar, o político un elemento de orde, o artista un tipo de beleza, o crente a sublime expresión da vontade de Deus. É coma a aurora, cada ser vivo saúdaa na súa linguaxe, pero non hai ningún que a deixe de saudar.

A tendencia ó ben encárnase cada día máis no home civilizado, pasa do corazón á cabeza, e estamos tocando a época na que as leis do mundo cristián derivarán deste principio. A caridade é a xustiza.

Fraternidade.

Rara vez deixa de se notar nas nosas palabras e accións certo desdén cara a aqueles ós que valemos...

... Ben inxustos debemos parecer ós ollos de Deus, ben ridículos ós da razón, cando presumimos de xigantes, contando por estatura propia o pedestal en que nos pousou a fortuna.

Os nosos deberes están en razón dos nosos medios; o que pode máis debe máis; e se cada cal cumpre como debe a Deus e á súa conciencia, os tempos calamitosos son bos para que os poderosos se fagan perdoa-lo seu poder, os ricos a súa riqueza, os venturosos a súa prosperidade.

Beneficencia.

Non temos sobre beneficencia opinión pública verdadeiramente dita, temos instinto público.

Cómpre facer primeiro a distinción do hospital como debería ser e como é.

Mentres (os marxinados) non se harmonicen coa sociedade, mentres non sexan unha parte súa activa e intelixente, que non precise tutela nin especial protección, nin ela cumpriu tódolos seus deberes, nin realizou os posibles e necesarios progresos.

Ó dar á beneficencia a organización conveniente, a razón debe estar representada polo Estado, o sentimento polas asociacións filantrópicas, o instinto pola caridade individual: velaquí os tres elementos que combinados deben produci-la harmonía.

Repetímolo, unha lei de beneficencia que cumpra o seu obxecto, non pode saír das comisións do congreso, nin das secretarías do ministerio. As persoas especiais neste ramo viven moi lonxe da política e do poder.

Equidade.

Se o obreiro perde o tempo carrexando vagaroso un seirón case badeiro, o estudante non lle gaña xogando ó billar ou tomando o sol; nin o empregado indo tarde á oficina, onde ás veces fai pouco e mal.

Toda culpa é un composto de moitas culpas.

Disque as cousas van moi mal en tódalas épocas. E el, ¿como irían mellor? Se en vez de lle bota-la culpa a outro, cada quen examinase a parte que lle toca nela e a suprimise.

Mentres a sociedade non trate a tódolos seus membros como fillos, pode estar ben certa de que haberá moitos que non a miren como nai.

Somos un pobo enfermo; eu non quero que se desespere e que berre, nin aínda que se queixe, pero si que saiba onde lle doe, que o diga, e que non respire a dor, filla da iniquidade, como o aire, sen se decatarse.

Son milleiros, moitos milleiros en cada país, os que por delictos leves sofren a corrupción e a infamia do cárcere, e os que ó saíren dela atopan a dificultade ou a imposibilidade de viviren honradamente aliciándoos á reincidencia; eles son o criadeiro de onde por unha especie de fatalidade social, sae as máis das veces o delincuente que se presenta como proba de fatalidade orgánica.

Penélope destecía pola noite o que tecía polo día; a sociedade adoita desfacer cunha man o que fixo coa outra, e despreza grandes recursos e esforzos para erguer ós mesmos que guinda ó chan.

Se non houbese máis ladróns cóos que rouban ós particulares, con ser moitos, aínda se concibe orde e moralidade, que fan imposible por completo os que rouban ó Estado.

O delicto que se reprobaba e se pena, non ataca nos seus fundamentos á sociedade, senón o que queda impune e se honra.

Xustiza.

A xustiza é sagrada, e tan santa é invocada tanto polo último obreiro coma reclamada por Watt.

A soberanía nacional esixe que a nación tome parte activa, espontánea, perseverante e intelixente no cumprimento das leis que promulga.

Cando a opinión é compracente para o mal, este queda impune.

É imposible que sexa boa a administración de xustiza, se a xustiza non é comprendida, sentida, practicada pola xeralidade.

O xuíz e a Garda Civil non son máis có instrumento da conciencia pública formulada na lei, que é letra morta, cando non existen nas almas os sentimentos que lle poden dar vida.

«Pues qué, no sabéis señores
Que al juzgar un personaje
La justicia y el talento
Olvidan su nacimiento
Y su fortuna y su traje»

A índole da xustiza é moi diversa: coma aquel heroe da fábula, que esgotaba as súas forzas na loita e recuperábaas tocando a terra, a xustiza necesita tocar moi a miúdo no íntimo do noso ser moral.

«Cuando el Juez Infalible, Soberano,
Los reos de opresión airado llame
Y los coloque a la siniestra mano,
Y les diga: Opresores de la tierra,
¡Gemid en el infierno eternamente!»

Debe o home realiza-la xustiza como a comprende, e face-lo que estea na súa man para comprendela ben.

¡Pobriño do pobo en que a última das súas necesidades é a xustiza! Ela cobrará en bágoas e sangue, o terrible rédito da suma que se lle negou.

Relixiosidade.

O estudio é unha oración, a ciencia é relixiosa, non temanos que o saber faga ateos, inspírenos temor si, o ateísmo da ignorancia e da brutalidade.

O apostolado de hoxe non se pode exercer magnetizando ás masas para convertelas; é preciso convencer ós individuos. Remataron os tempos da fe cega.

Tratándose de relixión, adoitan se-los pobres un pouco mellores, e os ricos bastante peores do que parecen.

A conversión dos pobres ten que ser asemade unha obra de reparación, e cómpre facerlle un pouco máis de xustiza na terra se ten que escoitar ó que lle fale do ceo.

A relixión non consiste en fórmulas exteriores, en prácticas case mecánicas, en palabras das que se ignora ou se esquece o sentido, en preceitos que verbalmente se respectan, pero que practicamente se quebrantan.

A relixión non debe dexenerar en fanatismo supersticioso, carraxento, falseador da moral que, por amor de Deus, odia ós que o invocan doutro xeito.

A relixión é unha cousa íntima, que arrinca do máis fondo do noso corazón e do máis elevado da nosa intelixencia.

(A relixión) é a aspiración a perfeccionarse, é a xustiza, é o amor, é a unión íntima do espírito con Deus, que o soergue e o sostén na desgracia e na prosperidade.

Culto.

A relixión non consiste só en confesar artigos de fe, e practicar cerimoniais de culto, infrinxindo a lei de Deus.

Os que traducen liberdade de cultos por ausencia de cultos, ¿cavilaron no que sería unha casa de beneficencia sen ningún, e o desenfreo de costumes onde o amoreamento de persoas estrañas e a falta de familia abre ós vicios tan amplo campo, e fai tanto máis difícil a virtude?

¿Cal debe se-la relixión nas penitencierías? A dos penados. Os prácticos na materia coñecen, e reflexionándoo compréndense, os graves inconvenientes de facer unha prisión teatro de propaganda relixiosa e, dos presos, conversos.

A muller española é devota, beata, supersticiosa; o culto ó rito superficial, á forma, veñen sendo case todo para ela, deixando moi pouco lugar para o fondo, para o profundo, para o elevado, para o íntimo, que constitúe verdadeiramente a relixión.

Deus.

Os fascinados pola fortuna poden esquecerse de Deus; os probados pola desgracia precisan volver a El a cada pouco.

«Dios traza a las naciones su camino,
Dios por guía les da la inteligencia,
Presente inestimable, don divino,
Que revela su amparo y su presencia»

Ser misterioso que todos invocan, en quen todos esperan, que ninguén coñece.

Dereito.

Repárese en que non se pode chamar dereito aquel do que se exclúe ós débiles, nin lei a que se dá polos que teñen forza, sen escoitar ós que teñen razón ou poden tela.

O dereito das xentes non foi, non é, non pode ser coacción, senón harmonía; existe na medida en que concorren a el os sentimentos elevados, as ideas exactas, os intereses ben entendidos.

Dereito político internacional, non existe; non canto del, ponse a vontade das grandes potencias.

As leis obrigan en conciencia cando non mandan cousas contra a conciencia.

Non só o dereito non se pode separar da moral senón que o progreso consiste en que se unan cada vez máis intimamente.

Se os homes visen sempre con claridade o verdadeiro e practicasen o xusto, os movementos espontáneos serían harmónicos para o ben; o dereito realizárase sen lei.

Progreso.

Creo no progreso como unha lei de Deus. Eu vexo esta lei no universo todo, e síntoa na miña conciencia, onde ecoa aquela voz divina que nos dixo: sede perfectos.

(Como medida do progreso) eu pregunto ós homes: ¿Amádesvos máis do que se amaban os vosos devanceiros?

Nos homes, conforme son mellores e procuran achegarse á perfección do Pai Celestial, sepáranse menos a caridade e maila xustiza; e mesmo as sociedades, conforme progresan, teñen por xustas legalmente e son esixibles pola lei cousas que en tempos máis rigorosos pertencían ó ámbito interno, á esfera moral e á xurisdicción da conciencia.

Os progresos materiais esixen outros análogos na moral; senón, dáse no desequilibrio, na inxustiza e na dor.

A cada adianto nas ciencias e na industria, debe corresponder un grao máis de perfección moral; senón os instrumentos de traballo convértense en armas homicidas, e a civilización devora ós seus propios fillos.

BIBLIOGRAFÍA

A presente escolma de textos está recollida das seguintes obras de Concepción Arenal.

- ARENAL, C., *La beneficencia, la filantropía, la caridad*, Madrid, Imp. Colegio de sordomudos y de ciegos, 1861.
- ARENAL, C., *El visitador del pobre*, Madrid, Public. Conferencias S. Vicente de Paul, 1862.
- ARENAL, C., *Cartas a los delincuentes*, La Coruña, Maiano M. y Sancho, 1865.
- ARENAL, C., *La voz que clama en el desierto*, La Coruña, Tip. Casa de Misericordia, 1868.
- ARENAL, C., *A todos*, Madrid, Imp. de la Revista de Legislación, 1869.
- ARENAL, C., *A los vencedores y a los vencidos*, Madrid, Las Novedades, 1869.
- ARENAL, C., *La mujer del porvenir*, Madrid, Eduardo Perie, Félix Perie, 1869.
- ARENAL, C., «Juicio crítico de las obras de Feijoo», *Revista de España*, nº 217, 218, 219, 223 e 226, 1877.
- ARENAL, C., *Estudios Penitenciarios*, Madrid, 1877.
- ARENAL, C., *Ensayo sobre el derecho de gentes*, Madrid, Imp. de la Revista de Legislación, 1879.
- ARENAL, C., *Cuadros de la guerra*, Ávila, La Propaganda Literaria, 1880.
- ARENAL, C., *La cuestión social*, Ávila, La Propaganda Literaria, 1880.
- ARENAL, C., *La instrucción del pueblo*, [Premiada en 1878 por la R.A. de Ciencias Morales y Políticas], Madrid, Tip. Guttemberg, 1881.
- ARENAL, C., *La mujer de su casa*, Madrid, E. Rubinos, 1883.
- ARENAL, C., «Estado actual de la mujer en España», en Stanton, T., *The woman question in Europe*, New York, 1884. Ed. française, París, Fisbacher. Publicado en español en el Boletín de la Institución Libre de Enseñanza, T. XIX, 1895.
- ARENAL, C., «La cuestión social y la paz armada», en *La España Moderna*, T. XX, agosto, 1890; T. XXI, septiembre, 1890 y T. XXII, octubre, 1890.

- ARENAL, C., *Algunas observaciones sobre el delito colectivo*, Madrid, Agustín Avrial, (S/F).
- ARENAL, C., *El visitador del preso*, Madrid, La España Moderna, (S/F).
- ARENAL, C., *Informes penitenciarios*. Estocolmo. Roma. San Petersburgo. Amberes, Obras Completas, Madrid, Victoriano Suárez, T. XIV, 1896.
- ARENAL, C., *El pauperismo*, Obras Completas, Madrid, Victoriano Suárez, T. XV y T. XVI, 1897.
- ARENAL, C., *Memoria sobre la igualdad*, Obras Completas, Madrid, Victoriano Suárez, T. XVII, 1898.
- ARENAL, C., *Artículos sobre beneficencia y prisiones* (Refundición de los aparecidos en *La Voz de la Caridad* entre 1870 y 1883), Obras Completas, Madrid, Victoriano Suárez, T. XVIII, T. XIX, T. XX y T. XXI, 1900-1902.

CRONOLOGÍA

DATA	IMPACTOS AFECTIVOS E RELACIÓNS PERSOAIS	OBRAS ESCRITAS	ACTIVIDADES PRÁCTICAS	FASES NA IMPLANTACIÓN DO LIBERALISMO E ACONTECEMENTOS QUE SE RELACIONAN CON CONCEPCIÓN ARENAL (NACIONAL)	FEITOS E PERSOAS QUE TEÑEN RELACIÓN CON CONCEPCIÓN ARENAL (INTERNACIONAL)
•1820 31 xaneiro	Nace en Ferrol Concepción Arenal.				
•1820-23 •1823-33 •1827 21 xaneiro	Retómanse os cargos militares contra D. Ángel del Arenal.			Trienio liberal. Restablécese a monarquía absoluta de Fernando VII.	
•1829 •1829-34	Morre D. Ángel del Arenal. Vive con Dna Jesusa de la Cuesta avoa paterna (e súa nai e irmás).				
•1830					Monarquía de Luis Felipe de Orleans en Francia.
•1833				Morre Fernando VII.	Primeiras reunións de Frederic Ozanam cos universitarios de Paris, para formar círculos de axuda ós pobres.
•1834	Instalada en Madrid.	Poesías de mocidade e corte romántico que deixa inéditas.	Moi interesada pola filosofía.	Estatuto Real. Primeiros pasos para instauralo liberalismo e os carlistas levántanse en armas.	
•1839				Abrazo Espartero-Maroto. Remata a guerra civil.	Villeneuve Bargemont publica <i>Histoire de l'economie politique</i> .
•1839-40	Volve a Armaño a coidar a Dna Jesusa de la Cuesta. Correspondencia epistolar con Manuel de la Cuesta.				
•1840-43 •1841	Morre a súa nai Dna Concepción Ponte y Tenreiro.		<i>El Corresponsal</i> , 25 setembro 1843, conta como Concepción Arenal, na súa casa de Armaño, enfrontase a uns ladróns en plena noite.	Rexencia de Espartero.	

• 1842						
• 1845						
• 1846						
16 setembro	Casan en Tudenca Manuel de la Cuesta e Antonia del Arenal.					Fundación de <i>Les Annales de la Charité</i> .
• 1847						
• 1848						
2 abril	Casan en Madrid Fernando Garcia Carrasco e Concepción Arenal. Boa amizade con Salustiano de Olózaga.		Asistencia os ateneos, academias e faladoiros no café El Iris vestida con pantalón.			Congreso penitenciario de Bruxelas.
• 1849						
marzo	Nace Concepción García Arenal.				Lei de Beneficencia.	
• 1850						
29 outubro	Nace Fernando García Arenal.	Obríñas de teatro.				
• 1851						
7 xuño	Morre Concepción García Arenal.	<i>Fábulas Morales</i> , Madrid, Tomás Fortanet, 1851.			Ministerio Bravo Murillo.	Concordato de España e a Santa Sé.
• 1852						
19 xuño	Nace Ramón García Arenal.					
• 1854	Primeiras cartas documentadas a Pilar de Tornos.					
• 1854-56						
• 1857						
10 xaneiro	Morre Fernando García Carrasco. Amizade co cura de Colloto.				Bienio Progresista. Primeiros pasos en España das Conferencias de San Vicente de Paúl con apoio en sectores progresistas ademais de católicos. Constitúese a Academia de Ciencias Morales y Políticas Lei Moyano de Instrucción Pública.	Congreso de Beneficencia de Bruxelas.
• 1859	Estreita a relación con Jesús de Monasterio a quen escribe car-	Escribe o manuscrito <i>Dios y Libertad</i> .	Intenta promover en Potes unha rama feminina das Conferencias			

<ul style="list-style-type: none"> •1859-60 	<p>tas, notas e poemas. Coñece a Santiago Masarnau.</p>		<p>de San Vicente de Paul.</p>		
<ul style="list-style-type: none"> •1860 	<p>Volve á actividade pública unha vez superada a súa crise persoal pola morte de Fernando. Comeza unha estreita amizade coa Condesa de Mina.</p>	<p><i>La beneficencia, la filantropía, la caridad</i>, Madrid, Imp. Colectivo Sordomudos y Ciegos, 1861. <i>Apelación al público de un fallo</i>. Madrid, Imp. Anoz, 1861. <i>El Visitador del pobre</i>. Madrid, 1862.</p>		<p>O Donnel e a Unión Liberal prestixianse con campañas militares por Marrocos.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> •1860-68 			<p>Asistencia ás reunións que teñen lugar nos salóns da condesa de Mina na Coruña. Tradución de libros franceses. Suscita opinión desde <i>La Iberia e Las Novedades</i>. Olózaga, Condesa de Mina e C. Arenal tratan de promover unha rede de Beneficencia liberal.</p>		
<ul style="list-style-type: none"> •1862 •1863 			<p>A condesa de Mina e Concepción Arenal crean a Asociación de la Magdalena para a visita de prisións. Primeiros intentos de promover asociacións para "Los que mueren de trabajo". Cargo de Visitadora de Prisións.</p>		<p>Syllabus.</p>
<ul style="list-style-type: none"> •1863-65 	<p>Escribe cartas de confianza e con desenfado a Jesús de Monasterio.</p>	<p><i>Cartas a los delincuentes</i>.</p>		<p>Anos de esperanza para o triunfo da opción política de Salustiano de Olózaga.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> •1864 •1864-65 				<p>Julio Vizcarrondo funda a Sociedad Abolicionista Española.</p>	<p>Firma do Convenio de Xenebra. <i>Le visiteur du pauvre</i>, Paris, A. Brov, 1864.</p>

•1865	Supresión do cargo como Visitadora de Prisións.				
•1866-68	Crise de fame en Castela. Amizade con Fermín Caballero.	<i>La esclavitud de los negros.</i> Madrid, Soc. Abolicionista española, 1866.			
•1868	Coñece a Francisco Giner de los Ríos co que vai manter unha fonda harmonía espiritual. Idem con Gumersindo de Azcárate.	<i>El reo, el pueblo, y el verdugo.</i> Madrid, 1867. <i>La voz que clama en el desierto.</i> La Coruña, Tip. Casa de Misericordia, 1868. <i>A los vencedores y a los vencidos.</i> Madrid, Imp. Las Novedades, 1869. <i>La mujer del porvenir.</i> Sevilla, Madrid, 1869.			
•1868 28 setembro 30 setembro				Pronunciamento en Alcolea. Isabel II sae do país. R.D. 11 outubro: Disolución das Conferencias de San Vicente de Paúl. R.D. 24 outubro: Liberdade de ensino.	Mme. Grandpre funda unha asociación para a visita das presas en París, orixe de <i>les libérées de Saint-Lazare.</i>
•1868-73			Inspectora da Casa de Corrección de Mulleres de Madrid.		Conferencias do P. Félix (S.J) en Notre Dame de París, sobre o progreso do cristianismo.
•1869			Comentarios ás Conferencias dominicais para instrución das mulleres, promovidas entre outros por Fernando de Castro.	Fundación do Ateneo Artístico-literario de Señoras en Madrid.	
•1869-74	Alto nivel de compenetración con Fernando de Castro. Correspondencia con Nicasio Landa.				
•1870			Fundación de <i>La Voz de la Caridad.</i> Campañas para introducir a Cruz Vermella. Apoio á escola de mestras e á asociación para o ensino da muller.		
•1871		«Cartas a un obrero» publicadas en <i>La Voz de la Caridad</i> e en <i>La defensa de la sociedad.</i>	Organiza as Decenas.		Comuna de París. Coa unificación italiana os estados pontificios quedan reducidos á Vaticano.

• 1872
2 maio

• 1873
xullo

• 1874
3 xaneiro
• 1875
5 maio

• 1877

• 1878

• 1879
• 1880

Morre a Condessa de Mina.
outubro: Morre Salustiano de
Olózaga.

Morre Fernando de Castro.
Vai desesperando de influir na
Espanña do seu tempo e pón a súa
confianza na do futuro, e nas rela-
cións internacionais.
Boas relacións coa familia de D.
Anselmo Cifuentes en Xixón.

(Quedan inéditas as *Cartas a un
señor*.)

*Las colonias penales en
Australasia y la pena de deporta-
ción*, Madrid, Imp. Eduardo
Martínez, 1877.

Estudios Penitenciarios, Madrid,
1877.

«Juicio crítico de las obras de
Feijoo» en *La Revista de España*,
1877.

Ensayo sobre el derecho de gentes,
Madrid, Biblioteca Jurídica de
Autores Españoles, 1879.

La cuestión social, (ed. conxunta
de *Cartas a un obrero* e *Cartas a
un Señor*). Ávila. La propaganda
Literaria, 1880.

Cuadernos de la Guerra, Ávila,
La Propaganda Literaria, 1880.

Faise cargo de hospitais da
Cruz Vermella en Miranda de
Ebro (Burgos) e Fueamayor
(Logroño)
Na Junta para la Reforma de
Prisiones, con Francisco Giner e
Gumersindo de Azcárate.

Consigue instala-la Constructora
Benéfica.

Intentos fallidos por establecer
unha asociación protectora do
traballo da muller que se ha
federar coa Britanique
Continental.

Intentos fallidos de fundar unha
asociación para alivia-la prisión
preventiva.

Guerra Carlistas-Liberais.
11 de febreiro de 1873 proclamación da 1ª
República.

Golpe de Estado de Pavia.
Restauración da Monarquía con Alfonso
XII.
2 xuño: Decreto Orovio recrudence a
Cuestión Universitaria.

Fundación do Partido Socialista Obreiro.

Josephine Butler funda a Federación
Británique Continentale.

Fúndase a Société Generale des Prisons
francesa e Concepción Arenal é membro
e publica nos seus boletins nos próximos
anos.

Congreso Penitenciario de Estocolmo.
Moi boas relacións con Isabelle de
Bogelot e Caroline de Barrau.

Carta a Josephine Butler.

•1881

•1882

14 decembro

•1883

•1884

•1885

•1887

•1889

•1890

•1892

•1893

Morre Santiago Masarnau.
Desaparece *La Voz de la Caridad*
no medio da indiferencia.

Morre Ramón García Arenal.

Mantén unha fonda confianza e
amizade con Francisco Giner e
con Gumersindo de Azcárate.

La Instrucción del pueblo,
Madrid, Tip. Gutemberg, 1881
(Premiada en 1878 pola
Academia de Ciencias Morales
y Políticas).
La mujer de su casa, Madrid, E.
Rubinos 1883.

Publica "La cuestión social y la
paz armada" en *La España
Moderna*.

*El Boletín de la Institución Libre
de Enseñanza* avanza como arti-
gos algúns capítulos de *El pau-
perismo*.

Galicia Revista Regional avanza
artigos da súa *Memoria sobre la
Libertad en sus relaciones con la
igualdad*.

*Algunas observaciones sobre el
delito colectivo*, Madrid, Agustín
Aurial, s/f.

El Visitador del Preso, Madrid,
La España Moderna. s/f.

Entra en polémica con Castelar,
defendendo a via reformista do
liberalismo.

Vai corrixindo e revisando as
súas obras completas.

Négase a que petrifiquen a súa
memoria levantándolle unha
estatua.

Apertura na Lei de Asociacións.

R.D. 23 febreiro: Favorece a iniciativa libre
da sociedade civil.

R.D. 5 decembro: Constitución da
Comisión de Reformas Sociais.

Pacto do Pardo.

Congreso Católico.

Comezan as celebracións do 1º de maio.

Vai tomando forza o movemento anar-
quista

Stanton edita *The Woman question in
Europe*, New York, 1884, coa participación
de Concepción Arenal.

Congreso Penitenciario de Roma.

Revista di Discipline Carcerari publica
unha biografía de Concepción Arenal.

Congreso penitenciario de San
Petersburgo.


Congreso penitenciario de Amberes.

M. Bogelot traduce ó francés, *Le visiteur
du prisonnier*, Paris, Au Secretariat de
l'Œuvre des liberées de Saint Lazare,
1893.

Asistencia na mesa de honra do Congreso
Pedagógico Hispano-portugués.

ÍNDICE

PRESENTACIÓN	5
LIMIAR	13
ESCOLMA DE ESCRITOS	29
I.- A persoa humana	31
II.- A sociedade, un organismo	83
III.- Producción e distribución da riqueza	155
IV.- As relacións co estado	211
V.- As relacións internacionais	275
VI.- Pensamentos	301
Bibliografía	317
Cronoloxía	321





Consello
da Cultura
Galega